



Anxo Quintana

**A túa forza
move este País.**



queremos máis !

Programa Electoral

Eleccións ao Parlamento de Galiza 2009

ÍNDICE

I. A FORZA QUE GALIZA PRECISA	4
I.1. O BNG NO GOBERNO: LOGROS E RETOS	4
I.2. A FORZA PARA VENCER A CRISE	6
II. AVANZANDO NO AUTOGOBERNO E NO IMPULSO A UN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA	7
II.1. O COMPROMISO DO BNG DUN ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA	7
II.2. O AVANCE NO AUTOGOBERNO NO MARCO VIXENTE	8
III. AVANZANDO NO BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE	10
III.1. O SISTEMA GALEGO DE BENESTAR	10
III.2. DESENVOLVEMENTO DO SISTEMA GALEGO DE BENESTAR.....	12
III.3. ÁREAS DE ACCIÓN SOCIAL	13
III.4. SANIDADE	22
III.5. IGUALDADE	34
III.6. MOCIDADE	42
III.7. EMIGRACIÓN	50
III.8. INMIGRACIÓN	53
IV. AVANZANDO NO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E O EMPREGO	54
IV.1. AVANZANDO CARA A UNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO	54
IV.2. APOIO FINANCEIRO ESTRATÉXICO AO TECIDO PRODUTIVO	67
IV.3. POLÍTICA AGRARIA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL	71
IV.4. POLÍTICA PESQUEIRA	87
IV.5. POLÍTICA ENERXÉTICA E MINEIRA	102
IV.6. COMERCIO E ARTESANÍA	105
IV.7. TURISMO	111
IV.8. POLÍTICA EN MATERIA DE PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES	113
IV.9. UNHA FACENDA ADAPTADA Á REALIDADE DO PAÍS	115
IV.10. CREAR EMPREGO ESTÁBEL EN GALIZA	119
V. AVANZANDO NO ENSINO, A LINGUA E A CULTURA	126
V.1. ENSINO NON UNIVERSITARIO	126
V.2. UNIVERSIDADE	138
V.3. LINGUA	145
V.4. CULTURA	149
V.5. DEPORTE	162
VI. AVANZANDO CARA A UN TERRITORIO MÁIS ORDENADO	167
VI.1. ORDENACIÓN DO TERRITORIO	167
VI.2. INFRAESTRUTURAS	170
VI.3. TRANSPORTE	174
VII. AVANZANDO NO ACCESO Á VIVENDA E NO SOLO PRODUTIVO	177
VII.1. VIVENDA	177
VII.2. SOLO PRODUTIVO	181

VIII. AVANZANDO NA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE	181
VIII.1. OBOECTIVOS DE CARÁCTER XERAL	182
VIII.2. PARTICIPACIÓN PÚBLICA	183
VIII.3. RESIDUOS.....	183
VIII.4. ENERXÍA	184
VIII.5. A ATMOSFERA	185
VIII.6. SANEAMENTO INTEGRAL E XESTIÓN DA AUGA	186
VIII.7. PROTECCIÓN DO NOSO MAR	187
VIII.8. ESPAZOS NATURAIS E BIODIVERSIDADE	188
VIII.9. TRANSPORTE SUSTENTÁBEL	189
VIII.10. EDUCACIÓN AMBIENTAL	190
IX. XUSTIZA, SEGURANZA E ADMINISTRACIÓN	191
IX.1. UNHA XUSTIZA GALEGA ÁXIL E CON GARANTÍAS	191
IX.2. SEGURANZA	193
IX.3. ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS: A NECESARIA MODERNIZACIÓN DOS NOSOS SERVIZOS PÚBLICOS	195
X. MEDIOS DE COMUNICACIÓN E POLÍTICA INFORMATIVA	201
X.1. A CRTVG	201
X.2. TVE E RNE EN GALIZA	203
X.3. CONCESIÓNS DE RADIO E TELEVISIÓN EN GALIZA	203
X.4. AXUDAS E SUBVENCÍONS AOS MEDIOS PRIVADOS	204
XI. GALIZA NA ESFERA INTERNACIONAL	204
XI.1. GALIZA NA UNIÓN EUROPEA	204
XI.2. RELACIÓNS EXTERIORES	205
XI.3. COOPERACIÓN EXTERIOR AO DESENVOLVEMENTO	207

I. A Forza que Galiza precisa

I.1. O BNG no Goberno: Logros e retos

En 2005 o BNG comprometeuse a traballar por un país novo. Un país consciente da súa capacidade, con máis autogoberno e con máis benestar. Un país máis xusto, máis próspero e máis harmónico. Un país orgulloso da súa identidade, sabedor de que só con ela, Galiza poderá ocupar un papel relevante no Estado, en Europa e no mundo. Un país capaz de crear riqueza e distribuíla equitativamente, partindo das nosas potencialidades. Un país no que se poida producir, traballar e vivir con dignidade.

O pobo galego confiou no BNG e por iso, tras as eleccións de 2005, o nacionalismo fixo parte da Xunta desenvolvendo unha acción de goberno transformadora e guiada polos intereses da maioría social de Galiza. Coa perspectiva que dan case catro anos de goberno, pódese afirmar que o acceso do BNG á Xunta de Galiza supuxo un cambio positivo que abriu unha nova etapa política no noso país. Nesta lexislatura pasada o BNG conseguiu:

- Articular e desenvolver o sistema galego de benestar social e apostar polas políticas de igualdade.
- Estabelecer os cambios estruturais precisos para que o medio rural teña futuro económico e social.
- Deseñar unha política enerxética galega que redunde en beneficio do país.
- Impulsar unha política social de vivenda centrada en facer efectivo o acceso a unha vivenda digna.
- Desenvolver unha política cultural destinada a vitalizar a tradición popular, a memoria histórica e a mellora das infraestruturas culturais do país.

É moito, porén, o traballo pendente para facer irreversible o camiño que temos iniciado:

- No desenvolvemento de sectores básicos da nosa economía como a industria, a enerxía, o comercio e a I+D+i e na súa defensa fronte ás políticas do Estado e a UE, nomeadamente a respecto da volta de ASTANO á construción naval civil.
- Na posta en marcha dunha nova política agrícola, gandeira e forestal no camiño de lograr un medio rural próspero e un país equilibrado, impulsando activamente a creación dun grupo lácteo galego.
- Na extensión do Sistema Galego de Benestar, satisfacendo con servizos públicos as necesidades educativas e asistenciais de crianzas, mocidade, familias, maiores e persoas dependentes así como con políticas dirixidas ao logro dunha igualdade real entre homes e mulleres.
- Na normalización e difusión da nosa cultura nacional e a creación de infraestruturas ao seu servizo así como na extensión da práctica deportiva ao conxunto da poboación.
- Na promoción dunha política social de vivenda e dunha política activa de dotación de solo industrial que responda ás necesidades do país.

Unha maior presenza do BNG no Goberno galego, cun Presidente nacionalista, será decisiva para contamos con máis determinación e capacidade para elaborar e aplicar alternativas programáticas pendentes, de gran calado, como:

- A melloría asistencial nos servizos sanitarios, garantindo plenamente o seu carácter público.
- A aposta por unha rede educativa pública e de calidade.
- Unha nova lei que asegure unha coordinación efectiva entre as Caixas de Aforro e o Goberno galego co fin de contar cunha auténtica política financeira ao servizo da economía produtiva e da creación de emprego no país.
- A creación dun Instituto Público de Crédito como instrumento eficaz de investimento estratéxico e promoción económica e empresarial.
- Consolidación do sector da construción naval galega, recuperando o estaleiro de Fene para a construción naval civil.

- Novas políticas laborais, enfiadas á consecución dun verdadeiro marco galego de relacións laborais.
- Unha política pesqueira e marisqueira sustentábel e comprometida co futuro dun sector estratéxico para o país.
- Novas políticas de ordenamento territorial que, desde unha perspectiva integral, conxuguen a preservación do medio e o desenvolvemento urbanístico.
- A articulación dunha política galega de transporte público, incluída a creación dunha Empresa Galega de Camiños de Ferro para a prestación de servizos de proximidade.
- Unha nova política ambiental que garanta a protección dos recursos naturais de Galiza e que atenda, en particular, á calidade das nosas augas.
- A consolidación dun espazo informativo e audiovisual galego arredor de medios públicos obxectivos e comprometidos coa normalización da nosa lingua.
- A intensificación e formalización das relacións de toda caste entre Galiza e Portugal no marco dunha política exterior activa.
- A reforma da Administración para diminuír a súa burocratización e a converter nun instrumento máis áxil e eficaz de servizo á cidadanía e ao país.
- Unha nova organización administrativa de Galiza que supere a división provincial.
- A creación dunha policía galega integral como instrumento ao servizo dunha política de seguranza propia.
- E, por suposto, un novo impulso aos procesos de normalización do noso idioma en todos os ámbitos.

A conquista do Estatuto de Nación que Galiza necesita é un obxectivo pendente. Só o nacionalismo garante a súa defensa, como puidemos comprobar nesta lexislatura. Fixémolo con empeño e concreción, a mesma que demostramos coa reclamación de competencias desde o Goberno e o Parlamento Galego. A nosa política consistiu en reivindicar avances, dentro da clara perspectiva de que o Estado español debe converterse nun Estado plurinacional e de que queremos exercer un auténtico autogoberno. Por iso defendemos un modelo de financiamento que se fundamente nos criterios de suficiencia, autonomía, responsabilidade e lealdade, coa certeza de que Galiza ten capacidade fiscal e de que vive do seu esforzo e traballo. Un goberno presidido polo nacionalismo é sinónimo de máis autogoberno e de mellor financiamento para Galiza. O país necesita nesta hora un BNG máis forte no Goberno e un Presidente Nacionalista.

I.2. A forza para vencer a crise

A crise que estamos a atravesar contradí abertamente as teses do fundamentalismo de mercado: son os poderes públicos os garantes fundamentais da estabilidade económica. Cómpre, xa que logo, recobrar a misión reguladora e estabilizadora do sector público na actividade económica para sentar as bases dun modelo de desenvolvemento máis xusto, máis democrático e máis sustentábel.

En Galiza coñecemos de vello as consecuencias das políticas neoliberais: a desigualdade, a precariedade, a reconversión e o sometemento dos nosos sectores produtivos –a pesca, o agro ou a construción naval– a deseños foráneos contrarios aos nosos intereses. Por iso, o nacionalismo galego sempre cuestionou a viabilidade de modelos económicos baseados na especulación e na depredación dos recursos naturais, na precariedade laboral e nos baixos salarios defendendo, fronte aos partidos estatais, o dereito de Galiza a formular e executar as súas propias estratexias de desenvolvemento. A nosa alternativa é unha economía produtiva baseada no aproveitamento dos recursos e capacidades do país, a innovación, a cualificación profesional e a protección social.

Para o BNG a crise actual reclama respostas decididas que, ao tempo que solventan as urxencias do curto prazo –a atención ás persoas desempregadas, a reactivación económica, o financiamento das actividades produtivas– senten as bases dun cambio estrutural, dun novo modelo de desenvolvemento e organización da economía.

Cumpren, con carácter inmediato, medidas anticíclicas de incremento da capacidade do sector público para investir e intervir na economía. Os orzamentos públicos deben recobrar a súa función anticíclica para atender o obxectivo do crecemento estábel e do pleno emprego. Para iso faise necesario reforzar a capacidade investidora do sector público, liberándoo do corsé do déficit cero e orientándoo cara á creación de emprego e o crecemento sustentábel con planos ambiciosos que persigan o aforro enerxético e a aposta polas enerxías renovábeis como base dun novo modelo económico máis xusto e viábel en termos sociais e ambientais.

Do mesmo xeito debe apostarse polo fortalecemento do Estado de Benestar e do poder adquisitivo de salarios e pensións, para soste a capacidade de consumo das economías privadas e evitar que os efectos da crise recaian sobre a maioría social.

Todo o anterior debe facerse apostando por unha administración pública menos burocratizada, máis áxil e eficiente e por un sistema tributario progresivo que, alén das funcións redistributivas, forneza dos recursos suficientes para o desenvolvemento de políticas económicas e sociais expansivas.

Mais alén destas medidas anticíclicas, débense emprender tamén accións de carácter estrutural que vaian sentando as bases dun novo modelo.

No ámbito financeiro, o BNG ten como obxectivo prioritario dotar de apoio financeiro estratéxico ao sector produtivo, para tal fin, impulsaremos a creación do Instituto Galego de Crédito e Investimento. Así mesmo, reformaremos a lei reguladora das caixas de aforro, co fin de intensificar o seu compromiso coa economía produtiva e a creación de emprego no país, confluindo cos instrumentos financeiros públicos no financiamento de actividades e sectores estratéxicos.

Apostamos pola economía real facendo unha aposta decidida pola innovación e a dotación de infraestruturas produtivas co fin de incrementar a competitividade das nosas empresas e o aproveitamento das nosas vantaxes comparativas apoiando sectores estratéxicos como o agrogandeiro e forestal, a construción e reparación navais e o fomento das industrias culturais.

É preciso camiñar cara a un novo modelo enerxético que reduza a nosa dependencia dos combustíbeis fósiles. Por iso apostamos polo investimento en enerxías limpas pondo ao servizo do país o uso sustentábel dos nosos recursos naturais. Eis a adxudicación de 2.400 MW eólicos con investimentos industriais asociados de máis de 5.000 M€.

Consideramos que os servizos públicos son garantía de xustiza social e eficiencia económica que, precisamente por estarmos en crise, cómpre fortalecer. Para o BNG a sanidade, a educación, o benestar e a vivenda son dereitos da cidadanía ao tempo que instrumentos de reactivación económica e creación de emprego. Por iso construímos o Sistema Galego de Benestar e a Rede Galega de Escolas infantís e impulsamos o Plano Sectorial de Solo Residencial que suporá a construción de 50.000 vivendas protexidas nos próximos 10 anos.

O nacionalismo traballa a prol da construción dun marco galego de relacións laborais baseado na estabilidade e a seguranza no emprego, a conciliación da vida laboral coa persoal e familiar, o mantemento do poder adquisitivo dos salarios e a garantía de cobertura económica e formación axeitada en caso de desemprego.

E cómpre que o Estado colabore. Que se incremente o ritmo de investimento co fin de saldar a débeda histórica e que non se poñan pexas ao pleno desenvolvemento das nosas capacidades produtivas no ámbito da construción naval, da enerxía ou da produción agrogandeira.

Somos conscientes de que non son momentos doados. Mais é nestes momentos cando se precisa de persoas e organizacións firmes na defensa das súas ideas e comprometidas cos intereses do país. Que non cedan ante as dificultades e que non se enruguen fronte ás presións. Os homes e as mulleres do BNG pedimos a túa confianza para xuntos sermos capaces, máis outra vez, de estarmos á altura do que Galiza espera de nós.

II. Avanzando no autogoberno e no impulso a un Estatuto de Nación para Galiza

II.1 O compromiso do BNG cun estatuto de nación para Galiza

Grazas ao BNG, o logro dun Estatuto de Nación para Galiza foi recollido no pacto de goberno de 2005 como un dos obxectivos fundamentais da lexislatura. E foi tamén grazas á teimosía e á firmeza do BNG que o proceso de elaboración puido finalmente iniciarse no PARLAMENTO de Galiza. Tamén foi o BNG a única forza política que en paralelo aos traballos parlamentares desenvolveu unha intensa campaña de presentación e debate da proposta de Novo Estatuto de Nación para Galiza que axudou, sen dúbida, a que unha maioría da sociedade galega partillase a necesidade de contarmos cun novo marco estatutario.

Porén, como xa é sabido, a indefinición do PSOE e o veto do PP impediron que Galiza, ao mesmo tempo que Cataluña, poida hoxe contar cun Novo Estatuto. E ben que o estamos a pagar: no proceso de revisión do sistema de financiamento autonómico o propio goberno español considera as disposicións financeiras dos novos estatutos como un dos “referentes básicos da reforma”.

Por iso na vindeira lexislatura o BNG seguirá a traballar para que Galiza conte, canto antes, cun Estatuto de Nación que nos forneza dos instrumentos políticos e financeiros acaídos para exercer de xeito eficaz o noso autogoberno nacional en beneficio dos galegos e das galegas.

II.1.1. Os contidos do Novo Estatuto

O Novo Estatuto debe ser concibido e elaborado como un pacto. A nivel interno, como un novo pacto social baseado nunha democracia de calidade, nun estándar elevado de dereitos e liberdades, na xustiza social e o equilibrio territorial. A nivel externo, como un novo pacto entre Galiza e o Estado en virtude do cal este recoñece o carácter nacional de Galiza, e, por conseguinte, os espazos e poderes necesarios para a existencia dun pobo e dunha cultura diferenciados.

Pacto que se debe estender tamén á proxección europea e exterior de Galiza –a posibilidade de participar directamente nas institucións europeas e a se relacionar con outros pobos e Estados, ben a través da celebración de acordos, ben por medio de representacións propias integradas, no seu caso, nas do Estado español ou da UE– e ao establecemento dun marco bilateral de relación entre Galiza e o Estado fundado na igualdade e na lealdade mutuas por medio do que se articule a participación directa de Galiza nos órganos estatais comúns de carácter xurisdiccional ou regulador.

Como norma fundamental de organización dunha sociedade, o Novo Estatuto debería definir os elementos constitutivos e os sinais de identidade básicos da Nación galega como comunidade política. Comezando pola lingua, o novo Estatuto debe consagrar para o galego a mesma protección xurídica que a Constitución brinda ao castelán, establecendo ademais que o galego, como lingua propia do país, sexa a lingua de uso preferente na Administración, na Xustiza, no Ensino, nos medios de comunicación e, en xeral, en cantos servizos se presten ao público.

A inexistencia dunha carta de dereitos e deberes definidora do estatus político e xurídico da cidadanía de Galiza é unha das máis evidentes carencias do actual Estatuto. Resulta pois inescusábel incluír no Novo Estatuto un completo catálogo de dereitos e deberes que veña a corrixir as insuficiencias da Constitución no que atinxe, principalmente, á eficacia dos dereitos sociais e ao recoñecemento dos dereitos políticos imprescindibles para construír unha democracia de calidade como, por exemplo, o dereito a recibir pensións dignas, o dereito á conciliación da vida laboral e familiar coa obriga conseguinte dos poderes públicos pro-

porcionaren escolas infantís adaptadas ao horario laboral, o dereito a ter uns ingresos mínimos garantidos en caso de desemprego ou enfermidade camiño da implantación dun rendemento social básico, o dereito da cidadanía con algunha minusvalía a que os poderes públicos promovan activamente a súa integración educativa, laboral e social ou, en definitiva, o dereito a uns servizos públicos universais, gratuítos e de calidade. E tamén, cando asistimos a unha regresión democrática en todo o mundo, a elaboración dun novo Estatuto debe servir para pór valados que nos protexan do autoritarismo e camiñar cara a unha democracia participativa, a través, por exemplo, do establecemento de consultas populares vinculantes e da garantía do dereito dos/as cidadáns/ás a seren informados verazmente.

Xunto coa organización dos poderes públicos galegos –lexislativo, executivo e xudicial–, a elaboración dun novo Estatuto debe dar resposta á cuestión pendente da organización territorial de Galiza, formulando alternativas que, superando o marco provincial e reordenando a planta municipal, dean resposta a formas de vida e a necesidades que só se poden ordenar dun xeito eficaz desde ámbitos, comarcais e metropolitanos, hoxe inexistentes.

Isto exige que os poderes públicos galegos teñan os poderes suficientes para deseñar un réxime local de nova planta do mesmo modo que deben ser tamén os poderes públicos galegos os titulares e xestores do dominio costeiro, marítimo, hidráulico, viario ou radioeléctrico. Só deste xeito se poderá abordar unha ordenación racional e sustentábel do noso territorio, dando resposta á degradación urbana e ambiental e ao desequilibrio territorial que hoxe pexan o noso desenvolvemento.

O novo Estatuto non só debe fornecer os poderes públicos galegos instrumentos de intervención na vida social e económica que hoxe segue a posuír o Estado para podermos formular un modelo e unha estratexia propios de desenvolvemento e de situación na economía europea e mundial, especialmente necesarios nestes tempos de crise.

En definitiva, o novo Estatuto proporalle á sociedade galega un modelo de país, e este constrúese con políticas públicas e con recursos para as financiar. Neste sentido, un novo Estatuto debe deseñar un marco competencial garantido fronte ás extralimitacións estatais e, sobre todo, debe ser capaz de dar cobertura á formulación de políticas propias coherentes –no sentido de non-fragmentarias– nos principais ámbitos da vida económica, social e cultural.

No deseño estatutario da facenda galega débese regular o sistema de financiamento dos poderes públicos galegos e o sistema de relacións financeiras de Galiza co Estado e a UE. É capital partir da idea –racionalmente sustentada– de que Galiza conta con recursos suficientes para afrontar políticas públicas ambiciosas; asumir a recadación e regulación plena de todos os tributos, incluídos o IVE e os impostos especiais, e a xestión dos fondos europeos, sen renunciar a que o novo sistema de financiamento integre un mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que supere a incapacidade dos instrumentos actuais. Así mesmo, e para evitar que no futuro se poidan producir novas situacións de insuficiencia financeira, o novo Estatuto debe prever expresamente prazos e condicións precisas para o traspaso e a valoración das novas competencias asumidas.

II.2 O avance no autogoberno no marco vixente

O veto dos partidos estatais ao Novo Estatuto non paralizou o traballo do BNG a prol dun maior autogoberno. Apenas mudaron as vías para acadar os obxectivos de alargamento do marco competencial, de impulso efectivo á normalización da nosa lingua nacional ou de establecemento de marcos bilaterais de relación co Estado.

O traballo do nacionalismo no Goberno galego, en coordinación coa representación do BNG nas Cortes Xerais permitiu desbloquear a transferencia de competencias incluídas no Estatuto vixente tales como: a potestade para recoñecer títulos estranxeiros non-universitarios; a xestión das bolsas e axudas aos estudos; o Hospital Naval de Ferrol e o Parque Natural das Illas Atlánticas; a cesión do Castelo de Monterrei e das torres de Sandiás, A Porqueira e Xinzo; o traspaso dos museos até o de agora estatais como os de Belas Artes da Coruña e o do Castro de Viladonga; a transferencia do Arquivo do Reino de Galiza da Coruña e dos Arquivos Históricos Provinciais de Lugo, Pontevedra e Ourense; das bibliotecas públicas da Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra; así como o incremento das competencias, funcións e participación da Xunta de Galiza na xestión da Inspección de Traballo ou a autorización á Xunta para usar o 065 para o servizo de transporte de persoas dependentes.

O balanço dos avances en materia de transferencias de competencias na última lexislatura é revelador deste empeño do BNG. Se na última lexislatura do PP se fixeron efectivos apenas 8 traspasos por un importe de 10,7 millóns de euros entre 2005 e 2008 realizáronse 14 transferencias por importe de 56,9 millóns de euros.

E, con todo, non é suficiente. Cómpre dotar os poderes públicos galegos de máis capacidade política a través da diminución drástica da Administración do Estado en Galiza, o establecemento dun novo marco de relacións bilaterais co Estado así como a introdución no catálogo de competencias estatais exclusivas a través da súa transferencia ou delegación. O BNG traballará desde o Goberno de Galiza para:

- Reducir drasticamente a Administración periférica do Estado en Galiza impulsando a transferencia á Xunta de Galiza dos medios e dos correspondentes servizos persoais, materiais e financeiros.
- Conformar a actual Comisión Bilateral Galiza-Estado nun órgano político do máis alto nivel de diálogo e adopción consensuada de acordos entre a Administración do Estado e a Xunta de Galiza, á que se someterán previamente todas as propostas normativas e orzamentarias do Goberno do Estado que atinxan ao ámbito galego de competencias.
- A progresiva asignación á Xunta de Galiza de todos os fondos estatais de xeito que sexa a Xunta de Galiza a que os distribúa territorializadamente segundo os criterios que conxuntamente se determinaren no seo da Comisión Bilateral.
- A transferencia das competencias lexislativas de fixación de circunscricións electorais nas eleccións locais e das executivas de organización de todos os procesos electorais que se desenvolveren en Galiza.
- A aprobación e a autorización por parte das institucións galegas da instalación de redes básicas de gas e oleodutos que transcorran por Galiza; e a asunción das funcións administrativas de autorización, supervisión e control que desempeña o Estado de refinarias e almacéns de hidrocarburos radicados en Galiza.
- A autorización polos órganos competentes de Galiza das liñas de transporte de enerxía eléctrica que transcorran no noso territorio, así como a aprobación de todos os proxectos de centrais eléctricas que se sitúen no noso país.
- A transferencia dos portos e aeroportos de interese xeral.
- A delegación nas institucións galegas das funcións de inspección das embarcacións marítimas e de seguranza marítima en Galiza.
- A transferencia da xestión do dominio público marítimo-terrestre e o traspaso dos medios da Demarcación de Costas do Estado en Galiza á Xunta.
- A transferencia das funcións que desempeña o Estado relativas á execución de obras hidráulicas de interese xeral.
- A delegación da execución da regulación sobre seguranza privada, de tal maneira que se realicen desde Galiza as funcións administrativas de autorización, inspección, sanción e formación das empresas de seguranza privada.

- A transferencia de todas as competencias relacionadas co tráfico e coa seguraza viaria. Alén das funcións de vixilancia e prevención que asumirá a policía galega, tamén debe completarse a asunción integral da materia co traspaso de todos os servizos estatais relativos á documentación e á matriculación de vehículos, á sinalización e á seguraza viaria, á realización de exames, á autorización e expedición de licenzas, recursos e sancións administrativas, taxas administrativas etc.
- A transferencia das competencias en materia laboral, incluíndo a capacidade para ditar normas sobre as relacións de traballo, e todas as funcións que exercen o Instituto Nacional de Emprego, a Inspección de Traballo, o Fondo de Garantía Salarial (co oportuno traspaso deses organismos), así como a transferencia de toda a formación ocupacional, para xestionar integramente desde Galiza os recursos destinados á promoción do emprego procedentes do Fondo Social Europeo.
- O traspaso de todos os centros educativos ou formativos situados en Galiza que aínda dependen da Administración central.
- O traspaso a Galiza da xestión dos fondos públicos e das subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, de tal maneira que fiquen distribuídas territorialmente as dotacións orzamentarias do Consello Superior de Deportes.
- O traspaso da xestión do servizo de Correos e Telecomunicacións.

III. Avanzando no benestar social e a igualdade

III.1. O Sistema Galego de Benestar

A construción do Sistema Galego de Benestar é un proxecto central da acción de goberno do Bloque Nacionalista Galego. O noso obxectivo estratéxico é crear un marco galego de políticas de benestar como parte substancial do noso autogoberno nacional. En mans do BNG, o autogoberno converteuse nun instrumento fundamental para garantir o benestar e a mellora na calidade de vida de toda a sociedade galega. Os nosos esforzos van dirixidos a crear un sistema público e nacional de benestar, equiparábel no seu grao de cobertura territorial e na universalización dos seus programas e prestacións aos actuais servizos públicos sanitarios ou educativos para facer efectiva unha verdadeira cidadanía social.

O Sistema Galego de Benestar baséase nos principios de universalidade, de igualdade de oportunidades, eficiencia, calidade e equidade. O sistema é universal porque garante o acceso de todos os galegos e as galegas aos servizos e prestacións do sistema, con independencia da súa condición e do seu lugar de residencia. É un sistema público porque son a Administración galega ou as entidades públicas as que planifican, deseñan e prestan os servizos. É un sistema nacional, pois non se limita a traspasar a normativa estatal senón que no exercicio do noso autogoberno para deseñar de xeito innovador servizos adaptados á nosa realidade nacional tendo en conta as necesidades da poboación galega e as peculiaridades do noso territorio.

Tres son os aspectos esenciais sobre os que se sustenta o Sistema Galego de Benestar:

- Delimitar o alcance e contido dos servizos sociais en Galiza configurándoos como dereitos subxectivos e universais.
- Configurar normativamente a relación entre o espazo público e o privado, creando como espazo alternativo o pluralismo do benestar; trátase de reestruturar o Estado de Benestar e chegar a unha xestión compartida entre a Administración e as iniciativas sociais.
- Dotar as políticas sociais dunha xestión eficaz facendo da calidade, da prevención e da planificación as ferramentas prioritarias do seu deseño.

III.1.2. Principios da acción política en materia de servizos sociais

O BNG sustenta a política de servizos sociais nos principios de universalidade, igualdade de oportunidades, non-discriminación, normalización social, cohesión e reequilibrio territorial, diálogo institucional e suficiencia financeira. Un novo conxunto de políticas sociais que teñen como alicerces uns servizos áxiles e modernos, planificados, e sostíbeis, xestionados en rede, que parten da diagnose das necesidades sociais recollidas no Mapa Galego de Servizos Sociais para actuar con parámetros de calidade en todo o territorio de Galiza. Uns servizos transparentes e eficientes, regulando a achega dos medios humanos, técnicos e financeiros suficientes, que sexan quen de prever os problemas sociocomunitarios e palíen e corríxan, de xeito anticipado, as súas manifestacións. Un modelo que afirma o seu carácter gratuíto no acceso e na prestación de servizos para todas aquelas persoas que non dispoñan de recursos económicos suficientes. A nova Lei de Servizos Sociais de Galiza de 2008, impulsada polo BNG, senta as bases normativas do desenvolvemento dos servizos do benestar en Galiza atendendo a estes criterios reitores.

III.1.2.1. Diálogo e cooperación institucional e social

O BNG no goberno da Xunta de Galiza promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios. Deste xeito alcanzará non soamente recursos, senón que tamén terá unha función facilitadora de servizos converténdose no principal apoio para a construción dun sistema nacional que procura o reequilibrio territorial.

Por vez primeira, logo de catro anos do BNG no goberno, é unha realidade o novo modelo de colaboración e cooperación interinstitucional que ten o seu referente no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

É obxectivo noso promover a integración e participación de todos os concellos galegos no Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar para afianzalo como o instrumento público de xestión para o desenvolvemento de servizos sociais de calidade. Para consolidar a intervención territorial crearemos unha oficina do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar en cada área social co fin de achegar a toda a poboación galega programas de servizos sociais comunitarios específicos, desenvolvidos por equipos interdisciplinares, e orientados a facilitar a superación de situacións con problemáticas singulares procurando a súa normalización, complementando os servizos sociais comunitarios básicos dos concellos.

No desenvolvemento das políticas do benestar procuramos un diálogo permanente e o consenso coas entidades e organizacións sociais, conscientes da importancia que as súas iniciativas teñen para o desenvolvemento do Sistema Galego de Benestar. Diálogo e consenso que fixemos efectiva na elaboración do Plan de Discapacidade, o Plan de Inclusión Social, o Plan de Infancia e Adolescencia, o programa de sensibilización e participación das persoas maiores na sociedade e a propia Lei de servizos sociais que se viu amplamente participada e amparada polas organizacións sociais do país.

III.1.2.2. Servizos sociais e cohesión territorial

Os servizos sociais son como un instrumento de cohesión territorial e de achegamento dos recursos ás persoas para que, en igualdade de oportunidades, poidan facer efectivos os seus dereitos cidadáns. Para acadar este obxectivo cómpre facer un esforzo orzamentario na dotación de medios para que os concellos poidan dispor de profesionais de atención suficientes.

Con estas novas dotacións, desenvolveranse:

- Plans especiais de dinamización do medio rural para promover a incorporación de persoas en desemprego ao mundo laboral a través do coidado de persoas dependentes.
- A potenciación da rede de transporte social para reducir o desequilibrio no acceso aos servizos sociais das persoas residentes no rural galego.
- A provisión de axudas de emerxencia para reducir situacións de infravivenda rural e para dignificar a vida da poboación que habita os territorios en declive sociodemográfico.

III.1.2.3. Financiamento suficiente

Para facer efectivos os dereitos da cidadanía en materia social, a través do Sistema Galego de Benestar, traballamos para que Galiza dispoña de recursos suficientes que nos permitan situar as políticas sociais en primeira liña, achegando novas infraestruturas, programas e medios humanos, para o que o BNG se compromete a destinar o 7% do orzamento propio da Xunta ao desenvolvemento dos servizos sociais en Galiza. Así mesmo o BNG intentará facer efectivo que os concellos de máis de 20.000 habitantes se comprometan a consignar nos seus orzamentos unha porcentaxe mínima do 7% para o financiamento dos servizos de benestar, e que nos concellos de menor poboación esta porcentaxe se fixe entre o catro e o seis por cento. O BNG impulsará as seguintes medidas:

- Exixir ao Estado español un novo modelo de financiamento en materia de servizos sociais en consonancia cos criterios de avellentamento e dispersión poboacional, índice de dependencia, persoas con discapacidade e emigración de retorno para superar o trastempado financiamento establecido no Plan Concertado de Servizos Sociais.
- Presentar, no primeiro ano da nova lexislatura, un novo sistema de financiamento das corporacións locais para o desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia, contemplando criterios obxectivos sociodemográficos, económicos e sociais, o que lle dará sustentabilidade financeira para atender as súas funcións de xeito planificado.
- Concertar coa Administración do Estado un novo modelo de financiamento para a atención das prestacións dirixidas ás persoas dependentes, baseado nos principios de estabilidade (garantía de compromisos financeiros de carácter plurianual), suficiencia (dotar os recursos precisos para garantir o estrito cumprimento da Lei de Dependencia dando prioridade ao investimento en servizos), respecto das competencias autonómicas (transferencia dos recursos incondicionada), globalidade (incluíndo a Lei de Dependencia no financiamento dos Servizos Sociais) e determinación dos recursos a distribuír en función da realidade demográfica, social, económica e territorial de cada comunidade.
- Continuar na liña de crear alianzas estratéxicas e compromisos coas iniciativas sociais para avanzar conxuntamente no desenvolvemento social de Galiza, articulando proxectos de carácter sociosanitario que benefician ao conxunto da cidadanía galega.

III.2. Desenvolvemento do Sistema Galego de Benestar

A Lei de Servizos Sociais de Galiza, aprobada por iniciativa do BNG en 2008, inaugura un novo escenario normativo imprescindible para construír un sistema de benestar sólido dirixido a satisfacer as necesidades e expectativas de dereitos sociais dos galegos e galegas. O desenvolvemento da Lei permitirá afrontar importantes eivas para o impulso de novas políticas e servizos sociais de benestar.

A Lei crea os instrumentos que nos van permitir actuar sobre as causas que provocan as situacións de discriminación e exclusión social. Ademais, permite superar a tradicional visión asistencial dos servizos sociais –substituíndoa por un enfoque proactivo e anticipador– e impulsar os servizos sociais estruturados en rede.

A Lei crea a tarxeta social galega, de carácter universal, que acreditará as persoas como titulares no dereito de acceso ao servizo. Esta tarxeta ten como obxecto garantir a continuidade e coherencia do itinerario de intervención social habilitando un expediente único que viaxa coa persoa onde precise atención.

Ao abeiro da nova Lei fíxase un catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións determinándose o seu carácter esencial ou normalizador, as primeiras como dereito exixíbel e que estarán garantidas para todas as persoas que o precisen.

O desenvolvemento da Lei permitirá unha maior profesionalización e unha maior estabilidade laboral e a calidade do emprego dos/as profesionais de servizos sociais e terá o seu reflexo no fomento da formación permanente e na I+D+i aplicada ao benestar coa colaboración das universidades galegas e centros de investigación e de capacitación profesional.

A Lei crea a Axencia Galega de Servizos Sociais como unha entidade instrumental de dereito público, dotada de personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía. A Axencia permitiranos un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación destes; e, ao tempo, terá como funcións: velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais, xestionar equipamentos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica e coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional dos recursos.

No ámbito da participación regúlase o Consello Galego de Benestar Social e a creación no seu seo do Observatorio Galego de Servizos Sociais, así como a constitución dunha Mesa Galega de Servizos Sociais como espazo de diálogo institucional cos axentes sociais. Estes órganos constitúen unha ampla representación da sociedade galega, entre as que se encontran as asociacións de persoas usuarias, as administracións públicas, centrais sindicais e organizacións empresariais, universidades, colexios profesionais e entidades prestadoras de servizos.

Elaborarase cada seis anos un Plan estratéxico de servizos sociais, que poderá ser completado e desenvolvido en forma de plans e programas sectoriais. Nesta planificación incorpórase tamén a existencia de unidades territoriais de referencia para a planificación dos servizos sociais.

III.3. Áreas de Acción Social

O modelo que avanza o BNG en materia de servizos sociais supera a sectorización por colectivos de problemáticas específicas como base do traballo social, que divide e compartimenta á sociedade o que dificulta unha perspectiva global e o exercicio do principio de universalidade. Pretende actuar sobre as situacións que provocan desvantaxe social con independencia dos colectivos de pertenza. Isto dá lugar a que se establezan dúas grandes áreas de acción sobre as que constituír o Sistema Galego de Benestar: a autonomía persoal e a inclusión social. Doutra banda, o BNG tamén impulsará accións encamiñadas a fortalecer a participación social organizada a través do voluntariado.

III.3.1. Políticas sociais para a autonomía persoal

Estímase que en Galiza hai máis de 100.000 persoas en situación de dependencia, o que supón o 7,8% das persoas dependentes do Estado español. O Servizo Galego de Atención ás Persoas Dependentes pretende dar resposta efectiva ás súas necesidades e incidir positivamente sobre as situacións que produzan perda de autonomía persoal nas persoas, polo que se fomentará un enfoque preventivo e de participación social das persoas maiores así como na visibilización das problemática das persoas con discapacidade, ademais

de potenciar as accións de atención directa.

Entre outras iniciativas inmediatas, consideramos necesario mellorar a contía das prestacións de coidadores no contorno, equiparándoas ao Salario Mínimo Interprofesional (SMI), e ampliar as contías da prestación de asistente persoal para grandes dependentes, fixándoa en 1.300 euros/ mes.

Alén disto, o BNG comprométese a potenciar o desenvolvemento e financiamento da figura do/a acolledor/a familiar, substituto do/a coidador/a no contorno habitual, así como 1.000 novas prazas de apoio ademais da axuda no fogar de respiro para que o desafogo familiar resulte doado sen ter que mover a persoa dependente do seu contorno habitual.

III. 3.1.1. Maiores

O noso país sitúase como a terceira comunidade no Estado en número de persoas maiores, arredor de 600.000 persoas, das cales son xa máis de 170.000 as que superan os 80 anos. Cómpre destacar que o 30 % destas persoas residen en núcleos de poboación de menos de 500 habitantes, e que a metade, é dicir, arredor de 300.000 persoas maiores, viven soas ou con outras persoas maiores de 65 anos.

As nosas políticas de benestar queren atender as necesidades prioritarias das persoas maiores: superar as dificultades que se lle presentan para vivir no seu domicilio, mellorar a situación de soidade, posibilitar a súa participación social, achegar recursos e servizos de proximidade e recuperar para a sociedade o valor da experiencia e do potencial que atesouran as persoas maiores. Por isto traballarase en catro grandes liñas estratéxicas:

- Avanzar na participación das persoas maiores na sociedade e na democratización dos centros.
 - a. Desenvolvemento dos programas de avellentamento activo e participación das persoas maiores en programas de lecer, aumentar a 12.000 as prazas de termalismo social, potenciar os programas de ocio que supoñan pór en valor o patrimonio natural e cultural do noso país, a promoción da lectura e a recuperación de xogos tradicionais.
 - b. Desenvolvemento do Plan de mellora de centros sociocomunitarios. Crearase un plan de adecuación e adaptación física dos centros para que dispoñan dos servizos e instalacións apropiadas para que as persoas maiores poidan participar en óptimas condicións, e dotaranse de persoal e de servizos axeitados ás súas necesidades: información e xestión de programas sociais, revisións auditivas, tomas de presión arterial, podoloxía, campañas de promoción de hábitos de vida saudábeis, entre outras.
 - c. Consolidación e ampliación da Rede de Centros Sociocomunitarios de Benestar garantindo o seu funcionamento democrático e a participación na toma de decisións das persoas maiores.
 - d. Desenvolvemento do Plan de achegamento da cultura ás persoas maiores.
 - e. Continuación na construción de redes interxeracionais que permitan a interacción das persoas maiores con outros grupos de idade como forma de promover valores e de fomentar a convivencia social.
- Prever as situacións de dependencia en maiores, estimulando o mantemento das capacidades cognitivas e motoras que manteñan as persoas maiores nunhas condicións de vida autónoma o maior tempo posíbel:
 - a. Estabelecemento de Aulas de prevención de dependencia en todos os centros de maiores, desenvolvendo programas de estimulación cognitiva, actividade física controlada e accións de mantemento de redes de apoio informal e de relación social.
 - b. Potenciación do acceso á formación dos maiores ampliando os programas universitarios, as aulas e os espazos de intercambio de coñecementos.
 - c. Creación dun departamento de voluntariado específico para que os maiores dispoñan de recursos e posibilidades reais de achegamento á sociedade alí onde se require da súa presenza e incuestionábel achega: hospitais, centros de maiores, centros penitenciarios, programas de infancia etc.
 - d. Impulso ao acceso ás novas tecnoloxías coa posta en marcha dunha rede de 30 novas ciberaulas para persoas maiores.

- e. Creación dun programa de adaptación funcional dos fogares e de mantemento do contorno de convivencia, arranxos a domicilio.
- f. Creación dunha liña de axudas económicas para o acceso á vivenda en aluguer específica para persoas maiores.
- Impulsar os programas de mantemento das persoas maiores no seu contorno social, para acadar este obxectivo ampliarase a cobertura de servizos de proximidade até chegar ás ratios idóneas:
 - a. Atención diúrna: ampliar a cobertura de centros de día para dispor dunha ratio de 2 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos, chegando a 12.000 prazas.
 - b. Atención diúrna especializada: continuarase na liña xa iniciada polo BNG de consolidar e ampliar a Rede de Centros de Alzheimer e outras demencias chegando a 20 centros especializados en todo o país.
 - c. Axuda no Fogar: traballarase para chegar a un nivel de atención que supere as 30.000 persoas maiores en situación de dependencia.
 - d. Teleasistencia e localizadores externos: chegar a unha cobertura de 35.000 persoas maiores dependentes e a todas as persoas de máis de 80 anos que vivan soas.
 - e. Ampliación do programa de xantar na casa e lavandaría a domicilio que atenda a 10.000 persoas maiores dependentes
 - f. Transporte adaptado para garantir máis de 8 millóns de desprazamentos anuais con cobertura en todos os concellos galegos.
 - g. Farmacia domiciliaria: atención farmacéutica personalizada no seu contorno. Entre as prestacións garantirase a farmacovixilancia, a educación sanitaria e a nutrición axeitada.
- Desenvolver servizos especializados, establecendo o número de prazas residenciais no nivel e tipoloxía de atención acaídos.

A realidade social das persoas maiores en Galiza, a dispersión poboacional e a configuración sociodemográfica fai especialmente necesario garantir que as persoas maiores poidan contar con recursos que os manteñan o maior tempo posíbel na súa casa e que cando isto non sexa posíbel que na súa contorna se faciliten os espazos para a mellor atención das persoas maiores dependentes. Por isto, entendemos que non só nas áreas urbanas, semiurbanas e metropolitanas teñen sentido os grandes centros residenciais e que son os pequenos centros, en réxime familiar os que contemplan varias modalidades de atención, as mellores opcións cando xa non hai máis alternativa que o internamento. Por iso apostamos pola creación de centros antena desde onde se acheguen servizos ao contorno e que dispoñan de atención diúrna, máximo de 30 prazas residenciais, e de servizos e programas de mantemento no fogar; é dicir, centros polivalentes para facilitar a vida normalizada dos maiores. Deste xeito:

- Crearase en cada área social un centro de día residencial, o que suporá a construción de 60 centros comarcais para cubrir as necesidades de atención das persoas maiores.
 - Avanzarase na construción de centros residenciais interxeracionais, centros de convivencia entre maiores e mozos para dispor de servizos comúns.
 - Potenciarase o programa de acollemento familiar para persoas maiores dependentes.
- O BNG abrirá os centros residenciais á comunidade e ofertará neles servizos de comedor, actividades e prestacións de coidado no contorno que permitan a socialización das persoas maiores que viven soas para manter un nivel óptimo de relación social.

III.3.1.2. Discapacidade

Galiza disporá dun ambicioso Plan de Atención ás Persoas con Discapacidade promovido polo BNG desde o goberno. Este Plan naceu do consenso e a colaboración coas entidades de iniciativa social, e supón un importante paso adiante en materia de prevención e atención ás persoas con discapacidade e un avance

significativo na visibilización e sensibilización da sociedade para que se chegue a producir a verdadeira integración social das persoas discapacitadas e a traballar para a súa normalización social, derrubando, non soamente as barreiras físicas, senón tamén as emocionais, que moitas veces impiden a efectivización plena dos dereitos das persoas con discapacidade para acadar a igualdade de oportunidades e a súa autonomía persoal.

O Plan define unha actuación integral dirixida a materializar os dereitos recoñecidos ás persoas discapacitadas e, entre outras, contempla as seguintes actuacións:

- Iniciar un proceso de sensibilización sobre os dereitos das persoas con discapacidade que presente a imaxe positiva destas; e promover a conciencia cidadá en relación ás potencialidades e achegas das persoas discapacitadas, loitar contra os estereotipos e a tomar medidas legais para evitar que se produzan discriminacións.
- Ampliar e unificar os Equipos de Valoración de Minusvalías e da Dependencia para acadar unha maior axilidade na xestión do seu recoñecemento.
- Mellorar as situacións das persoas con discapacidade ante procesos xudiciais, ampliando a formación dos/as profesionais da xustiza e da policía, incorporando intérpretes e resolvendo os atrancos que poidan atopar as persoas con discapacidade.
- Elaborar un protocolo de actuación específico en situacións de maltrato a persoas con discapacidade para difundir entre o persoal sanitario, educativo, policial e de servizos sociais.
- Promover a dotación das unidades e servizos de atención temperá existentes no país de equipos multidisciplinares (psicomotricidade, logopedia, fisioterapia, traballo social, psicoloxía e terapia ocupacional) así como incrementar estas unidades especialmente no medio rural, ademais de iniciar o servizo de atención temperá a domicilio.
- Estabelecer programas psicosociais en todas as áreas sociais para facilitar o apoio e o acompañamento ás familias con nenos e nenas con discapacidade e para desenvolver o seguimento e estimulación necesaria para medrar nas mellores condicións e aliviar a presión que sofren as nais e pais.
- Reforzar orzamentariamente o programa de intérpretes de lingua de signos así como abrir unha liña de apoio á comunicación oral.
- Facilitar a accesibilidade das persoas con discapacidade a todos os niveis da vida diaria. Ampliar a liña de financiamento aos concellos para facer accesíbeis todos os espazos públicos e o transporte urbano e metropolitano.
- O BNG na Xunta fixo unha aposta de apoio financeiro que reforzou nun 30% as contías das prazas residenciais para persoas con discapacidade, política que se continuará até acadar a converxencia coa media estatal.
- Para paliar o déficit de prazas de atención especializada a persoas con discapacidade intelectual abórdase un aumento de prazas desta tipoloxía até chegar a 15 prazas de tipo ocupacional e 15 prazas asistenciais por cada 10.000 habitantes.
- Creación de 4 novos Centros de Atención á Discapacidade (CAP) cun máximo de 60 prazas cada un.
- Ampliar a cobertura de centros de día polivalentes para persoas con autismo, parálise cerebral e cerebral.
- Ampliación do programa de asistente persoal.
- Comprometémonos a desenvolver en cada área social territorial unha unidade de integración social para persoas con enfermidade mental que desenvolva programas de mantemento no contorno, axuda no fogar, acompañamento social e integración sociocomunitaria.
- Desenvolvemento dun programa especial de integración para persoas con síndrome de Down, que facilite a integración laboral e o proceso de normalización social.
- Para a discapacidade física en cada área social un centro día e un centro de recursos e integración social.
- Fomento da actividade deportiva entre as persoas con discapacidade.
- Reforzar a FUNGA como fundación tutelar de persoas adultas e impulsora de programas de promoción e

estimulo da autonomía persoal; e crear o primeiro centro para o respiro familiar e a actuación en situación de emerxencia das persoas tuteladas.

- Prestar especial atención ás persoas afectadas por doenzas crónicas, e ás súas familias, que alteran gravemente o desenvolvemento dun xeito de vida normalizado, facilitando o desenvolvemento da súa actividade asociativa e facilitando medidas e programas de apoio psicosocial.
- Para o desenvolvemento de programas e para facer accesíbeis os servizos ás persoas en situación de dependencia seguiremos a potenciar o uso das novas tecnoloxías a través das accións e programas desenvolvidos no Portal Coidanet. Neste sentido, promoveremos o aumento dos recursos do servizo de préstamo de axudas técnicas, teleformación e biblioteca virtual.

III.3.2. Área de Inclusión Social

O BNG, desde o goberno da Xunta de Galiza, impulsou o II Plan Galego de Inclusión Social como un instrumento decisivo de loita contra a pobreza e a exclusión social, baseado nos principios de solidariedade e protección das persoas máis vulnerábeis. Consonte ás súas directrices, quérese facilitar a participación no mercado de traballo das persoas con maiores dificultades de inserción laboral; abordar as desvantaxes educativas; erradicar a pobreza infantil; garantir unha vivenda digna aos grupos máis vulnerábeis; incidir sobre o “senfogarismo”; aumentar a integración das persoas con discapacidade, persoas inmigrantes e retornadas, e das minorías étnicas; así como promover a dinamización dos territorios vulnerábeis.

O BNG impulsará o desenvolvemento do II Plan Galego de Inclusión Social, que ten as seguintes prioridades estratéxicas:

- Traballar para que o desenvolvemento económico asegure unha mellora da cohesión social e territorial.
- Reducir o número de persoas en situación de pobreza e exclusión social, especialmente as que se encontran nas formas máis extremas de pobreza.
- Minimizar a transmisión da pobreza e a exclusión social entre xeracións.
- Mellorar os sistemas de protección social e o acceso aos servizos e equipamentos sociais de calidade para todos e todas.
- Apostar pola transversalidade das políticas de inclusión: vivenda, educación, sanidade, emprego etc., entendendo a exclusión social como un fenómeno multidimensional.

Para a consecución destes obxectivos propóñense, entre outras, as seguintes accións:

- Ampliar a rede de equipos de inclusión social até chegar aos 60 equipos, un por cada unha das áreas sociais territoriais de Galiza.
- Reformar a Renda de Integración Social de Galiza de maneira que se configure como un dobre dereito: por unha banda, asegurando unha cobertura de ingresos e, por outra, facilitando a activación e incentivación cara á mellora da empregabilidade. Deste xeito, as familias en situación de pobreza disporán de ingresos suficientes e estábeis para iniciar con garantía un proceso de inserción sociolaboral.
- Mellorar as PNCs. Desde o BNG no goberno farase unha achega compensatoria ás pensións non-contributivas por importe dunha mensualidade ao ano.
- Crear Centros de Inclusión Social nas sete grandes cidades que contemplan unidades de rúa, lavandaría, comedor e aloxamento temporal e onde se localizarán equipos profesionais de intervención social.
- Crear 16 unidades de emerxencia social para persoas en situación de exclusión social nas vilas intermedias.
- Desenvolver un programa especial para persoas sen fogar con enfermidade mental.
- Crear módulos para a mocidade en todos os centros penitenciarios de Galiza (Módulo Xove) como preparación á liberdade que favoreza a inserción cívica familiar e sociolaboral das persoas mozas internas.
- Xerar o espazo de confianza e apoio institucional para o desenvolvemento das empresas de inserción e

de transición, promover a súa creación e impulso de maneira coordinada cos axentes públicos e privados que traballan na inserción sociolaboral de persoas con dificultades de acceso ao mercado laboral. Para isto crearase un Fondo de apoio empresarial.

- Fomentar a corresponsabilidade social corporativa.
- Facilitar axudas económicas ás empresas para formar “a medida” persoas con dificultades de integración laboral, establecendo compromisos de contratación posterior.
- Implantar unha rede de profesionais orientadores que se ocupen de colaborar nos procesos de selección de persoal das empresas colaboradoras.
- Adaptar a formación para o emprego ás características das persoas en situación ou risco de exclusión, flexibilizando o acceso e o mantemento nos programas.
- Promover a cláusula social nas contratacións públicas e garantir o cumprimento da contratación de persoas con discapacidade.
- Apoiar a creación e o desenvolvemento da Rede Galega de Inclusión Social e Erradicación da Pobreza, como espazo de propostas que melloren a condición de vida das persoas máis vulnerábeis.
- Promover que as persoas que perciben pensións non-contributivas poidan compatibilizar o cobro desas pensións co desenvolvemento dun itinerario de inserción sociolaboral adaptado ás súas capacidades e que facilite a súa inclusión social.

III.3.2.1. Inclusión e protección da infancia

En Galiza hai 400.000 nenos e nenas menores de 16 anos. Cando o BNG chegou ao goberno da Xunta no ano 2005, Galiza era a comunidade que máis nenos/as tiña tutelados, a que máis nenos/as tiña en centros de internamento e na que máis tempo permanecían neses centros. Actualmente esta situación mudou e dispomos dun Plan de Infancia e Adolescencia que vén traballando para mellorar a situación da infancia en Galiza e para dotar as familias de máis mecanismos de apoio para facer posíbel o coidado e atención da infancia.

Desde o BNG enténdese a atención á infancia en situación ou risco de exclusión, como un proceso facilitador ás familias para ser quen de educar e coidar os/as seus/súas fillos/as. Por iso as áreas de actuación prioritarias son a prevención e a sensibilización, a protección e a reeducación de menores. Neste sentido o BNG no desenvolvemento do Plan de Infancia e Adolescencia pretende promover o bo trato á infancia, dotar de recursos de prevención aos concellos, reducir o internamento de menores en Centros de Protección posibilitando o acollemento familiar e a normalización das situacións de vida dos/as nenos/as, evitar a xudicialización dos/as menores e potenciar recursos e equipamentos específicos que posibiliten unha atención axeitada aos/ás menores con necesidades educativas especiais.

Neste sentido o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Manter e ampliar os equipos de prevención de problemáticas da infancia en todos os concellos de Galiza a través do Consorcio de servizos de Igualdade e Benestar.
- Implantar plenamente o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil no ámbito educativo, sanitario, policial e servizos sociais, como forma de prevención e alerta da comunidade ante situacións de maltrato á infancia.
- Desenvolver e consolidar Observatorio Galego da Infancia, promovendo a análise das problemáticas emergentes, os estudos e investigacións en materia de infancia, así como a participación de todos os axentes que desenvolven as políticas de infancia en Galiza.
- Reforzar a escolarización e reducir o abandono escolar prematuro de nenos/as de familias en risco de exclusión.
- Desenvolver un programa para a eliminación do absentismo escolar.

- Reducir o internamento de menores nun 30 % até o ano 2010.
- Aumentar un 30% o acollemento familiar e continuar no aumento das contías as familias para o mellor coidado dos/as nenos/as, pasando a 500 euros/menor/mes ao longo da seguinte lexislatura.
- Aumentar nun 30% as prazas de atención diúrna.
- Continuar na mellora dos centros e casas da familia para unha mellor redistribución das prazas e unha atención de calidade á infancia.
- Reforzar a Inspección de centros e programas educativos.
- Axilizar o programa de adopción como programa de protección de menores. Potenciarase a consolidación da quenda de intervención profesional cos colexios profesionais de psicólogos e traballadores sociais para a avaliación da adopción internacional.
- Crear equipos específicos de seguimento postadoptivo.
- Facilitar a posta en marcha dos programas de mediación xudicial como forma de evitar a xudicialización e a conciliación dos conflitos xerados por menores.
- Pór en marcha programas ambulatorios de apoio ás familias con menores especialmente conflictivos.
- Pór en marcha en toda Galiza o programa de “menores tiranos”. Pautas educativas para a familia e pautas condutuais para os/as nenos/as.
- Crear unidades de acollida e valoración nas catro provincias coa finalidade de dispor de espazos para que a primeira acollida e a asignación dos recursos idóneos, así como o establecemento do programa de actuación co menor e que a súa familia se faga desde os equipamentos axeitados.
- Crear centros de atención integral.
- Crear centros terapéuticos de protección para menores con problemas de saúde mental e adiccións a substancias.
- Desenvolver centros para menores con problemas de conduta difícil.
- Promover a substitución do actual centro de reeducación de menores “Avelino Montero”, para buscar na cidade de Pontevedra unha localización axeitada.
- Desenvolver as infraestruturas e pór en marcha Centros (CIENMAS) para a coordinación da intervención e execución de medidas en medio aberto nas grandes cidades de Galiza.
- Crear talleres produtivos nos centros de reeducación, así como pisos “convive” para a reeducación de menores en grupos de convivencia.
- Crear un centro de reforma na provincia de Lugo por ser a única que non conta cun centro para atender esta problemática.
- Xestionar publicamente os centros de internamento de reeducación de menores.

Debido aos cambios nas estruturas sociofamiliares e a outros factores relacionados co número de menores que necesitan coidado, protección e reeducación é necesario desenvolver infraestruturas e impulsar programas de modo que se aseguren certos niveis de calidade dos servizos para todas as actividades relacionadas co benestar dos menores.

III.3.2.2. Pobo xitano

En relación á colectividade xitana cómpre salientar que aínda hoxe presenta déficits obxectivos en indicadores básicos de benestar como é a vivenda, a saúde, a educación, o emprego, o que unido a factores étnico-culturais converten este colectivo nun dos destinatarios ineludíbeis dunha acción positiva en favor da inclusión social en Galiza. Por isto, o BNG no goberno deseñou un Plan Específico de Actuación coa Comunidade Xitana que dá prioridade aos principios de normalización, á promoción da interculturalidade, ao protagonismo das persoas de etnia xitana, á cooperación coa iniciativa social e á prevención e promoción

da colectividade xitana a nivel comunitario.

As nosas actuacións de goberno centraranse en:

- Desenvolver, en colaboración coa Consellaría de Vivenda, programas de inclusión social que permitan a erradicación do chabolismo e promovan o acceso á vivenda normalizada da colectividade xitana. Cando sexa preciso estableceranse, con carácter transitorio e con obxectivos socioeducativos, os barrios de transición. Nestes barrios haberá equipos específicos de inclusión e itinerarios individualizados de integración social e laboral.
- Manter unha liña de cooperación continua coas entidades sociais que traballan nesta área, para que elas mesmas se constitúan como motor do cambio necesario para a súa inclusión social, respectando e mantendo a súa cultura, os seus valores e tradicións.
- Iniciar campañas de sensibilización á cidadanía que permita transmitir o coñecemento sobre esta comunidade, a súa visibilización e imaxe positiva.
- Promover o acceso á saúde e a incorporación ao mercado de traballo. Por isto os equipos de Inclusión traballarán con todas aquelas persoas xitanas na procura de preparación para o emprego, formación, consecución de habilidades sociais e competencias persoais que llelo faciliten.

III.3.2.3. Liberdade de opción e identidade sexual

O BNG considera a liberdade de opción sexual e a non-discriminación por este motivo, dereitos fundamentais que deben ser amparados e defendidos polas institucións públicas. Congruentemente, non só tivemos unha posición activa e positiva nos avances legais que se deron nos últimos anos, apoiando e promovendo o recoñecemento do matrimonio homosexual, senón que desenvolvemos desde o Goberno galego medidas que tenden a atacar a discriminación social que aínda persiste. Os colectivos de persoas que pertencen a orientacións sexuais minoritarias ou transexuais tiveron por primeira vez un aliado no BNG na Xunta de Galiza, pondo en marcha medidas que tenden a potenciar o exercicio da liberdade de opción sexual e a normalización da realidade homosexual.

Co fin de seguir avanzando na igualdade real para todas as persoas e o respecto polas diferentes opcións sexuais, o BNG levará adiante as seguintes medidas:

- Organizar, promover e desenvolver campañas que desmonten os prexuízos sociais a respecto da homosexualidade, difundindo unha cultura non-homófoba.
- Potenciar o servizo de asesoramento xurídico gratuíto para casos de discriminación por razón de opción sexual.
- Perseguir os delitos de violencia homófoba con todos os medios posibles, facendo campañas de concienciación social que tenden a traballar a responsabilidade colectiva destes.
- Estabelecer servizos específicos para atender as persoas vítimas de incompreensión ou discriminación social, laboral ou de calquera ámbito.
- Desenvolver políticas activas contra a discriminación no emprego a causa da orientación sexual.
- Incluír cláusulas nas ordes de axudas e subvencións que impliquen que é posible retirala ou denegala para aquelas entidades, públicas ou privadas, que pola súa actividade ou ideoloxía incorran ou promovan a homofobia e/ou actos de discriminación contra as persoas por razón da súa condición sexual.
- Reforzar no ámbito da educación afectivo sexual a inclusión de contidos que contribúan a desmontar os prexuízos existentes sobre a homosexualidade, transexualidade e bisexualidade, fomentando a súa autoestima.
- Reclamar do Goberno Central que no Catálogo de Prestacións Sanitarias da Seguridade Social se inclúa todo o tratamento preciso para a reasignación de sexo.
- Crear unha unidade interdisciplinar no sistema sanitario público galego que inclúa tratamento psicolóxico,

endócrino, cirúrxico e psicoterapéutico, coa finalidade de que no SERGAS se realice todo o proceso para a reasignación de sexo.

III.3.3. Inmigración e emigración de retorno

O BNG entende como un espazo propio de acción das políticas sociais a atención ás persoas inmigrantes no seu proceso de acollida, integración e participación na vida da comunidade, así como a atención e facilitación do proceso de retorno ás persoas emigrantes galegas que saíron do país e que por diferentes motivos pretenden volver á nosa Terra.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que Galiza deseñe unha política propia de inmigración, así, desde o Goberno galego, fixaranse os seguintes obxectivos:

- Garantir os dereitos e liberdades das persoas inmigrantes asentadas en Galiza, equiparándoos aos dos galegos e galegas.
- Impulsar o coñecemento e a integración na lingua e cultura galegas por parte da colectividade inmigrante.
- Favorecer a inserción socio-laboral das persoas inmigrantes.
- Combater o racismo e a xenofobia.
- Manter un diálogo fluído cos representantes dos colectivos de inmigrantes e cos axentes sociais en calquera materia que atinxa á súa integración social na sociedade de acollida.

Para atinxir eses obxectivos, o BNG despregará as seguintes medidas de goberno:

- Avanzarase cara ao exercicio polas institucións galegas dunha política propia e exclusiva en materia de inmigración, solicitarase inicialmente a transferencia a Galiza das competencias sobre a xestión dos continxentes de estranxeiros e inmigrantes.
- Artellarase un Plano Galego de Integración Social dos/as Inmigrantes que leve consigo:
 - a. A prestación de servizos de información e asesoramento específico a todas as persoas inmigrantes que residan en Galiza, organizando nas cidades galegas, así como nas principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira en Galiza, Puntos de Atención para Inmigrantes dentro da Atención primaria.
 - b. A creación dun Servizo Galego de Mediación Social Intercultural, concibido dentro dun espazo interdisciplinar dedicado á investigación, formación e á intervención social no ámbito das migracións, das relacións interétnicas e do desenvolvemento social.
 - c. Canles de intercambio de información, asesoramento, cooperación e coordinación con todas aquelas institucións, asociacións ou profesionais que traballen con inmigrantes.
 - Redefinirse e potenciarase o Observatorio Galego sobre as Migracións, para ofrecer unha visión actualizada de todos os movementos de poboación en termos cuantitativos e cualitativos.
 - Estabeleceranse espazos de encontro entre o tecido asociativo, os sindicatos, os partidos políticos e as administracións local e autonómica para a abordaxe consensuada e coordinada dos criterios básicos e as liñas de actuación en materia de inmigración.
- Impulsarase, en colaboración co Goberno central, a creación de oficinas das Comunidades Autónomas nas embaixadas e consulados do Estado para interceder na realización da contratación en orixe.

No tocante á emigración de retorno, o goberno do BNG impulsará as seguintes medidas:
- Facilitar a percepción da prestación da RISGA a todas as persoas retornadas maiores de 65 anos que non cumpran o requisito de tempo de residencia para percibir unha pensión non-contributiva.
- Desenvolver un programa de atención á dependencia ás comunidades galegas no exterior, e o seu contorno a través do fomento das ferramentas da Sociedade da Información mediante o impulso da Rede de Apoio á Autonomía Persoal Coidanet (Coidados na Rede). Estabelecendo, para iso, unha rede de profesio-

nais que funcionen como promotores/facilitadores do acceso á Rede Coidanet para os/as usuarios/as de todos os equipamentos e recursos sociais públicos e concertados.

- Estabelecer puntos informáticos de acceso preferente á Rede de Apoio á Autonomía Persoal Coidanet en todos os equipamentos e recursos sociais públicos e concertados.

III.3.4. Voluntariado

O desenvolvemento democrático com-prende a participación social organizada dos/as cidadáns/ás como un aspecto fundamental na toma de decisións. A sociedade e as súas organizacións deben tomar parte na formulación, execución e avaliación das políticas públicas, así como nas tarefas de control social sobre o desempeño destas tarefas. A acción voluntaria ten mudado substancialmente en Galiza, cun gran incremento tanto nas entidades como nas mesmas accións. A ninguén se lle escapa que o voluntariado participou activamente en algúns feitos determinantes que axudaron a transformar a conciencia social do noso País; a acción do BNG no ámbito do voluntariado centrouse en impulsar unha nova Lei Galega de Acción Voluntaria que actualizase a norma e realizase tamén unha planificación integral do traballo e obxectivos a cumprir cun Plan de actuación que denominamos II Plan Galego do Voluntariado, o cal tivo un alto grado de cumprimento.

Por tanto, o goberno do BNG levará a cabo as seguintes liñas de actuación:

- Impulsar a promoción do voluntariado no ámbito educativo en particular e entre a sociedade en xeral para incrementar o seu coñecemento entre a sociedade e a calidade das accións que se van desenvolver.
- Intensificar o traballo no ámbito da formación continua dos/as voluntarios/as, con programas ben planificados e consensuados coas propias Entidades de Acción Voluntaria.
- Incrementar o apoio ás Entidades, facilitándolles elementos de comunicación, efectivas que fortalezan a súa posición como xestoras de solidariedade, así como o seu coñecemento entre a sociedade.
- Consolidar a existencia de plataformas de participación social que faciliten a interacción entre os individuos e o achegamento ás problemáticas que sofre a nosa sociedade.

III.4. Sanidade

A participación no último Goberno galego, aínda que a sanidade fose responsabilidade directa do PSOE, obríganos a facer unha reflexión sobre os compromisos de goberno e o seu cumprimento. Primeiro é necesario volver a situarnos no 2005, e lembrar a herdanza recibida dos quince anos de xestión PP, desde as transferencias sanitarias do ano 1991.

A intensidade destes últimos catro anos, tanto en expectativas, desexos e frustracións, como en propostas e feitos e mesmo en conflitos, fainos esquecer a situación sanitaria no momento de chegar ao goberno, caracterizada por:

- Fragmentación do sistema.
- Descapitalización: financeira, tecnolóxica, rede hospitalaria antiga, persoal desmotivado e fuxindo cara a Portugal e a outros países pola inestabilidade e precarización das condicións de traballo desde que o PP instaurou o contrato lixo.
- Inaccesibilidade, cunhas listas de espera exaxeradas e ocultas.
- Desorganización: ineficiencia, falta de dirección, ausencia de planificación, falta de cooperación entre centros e profesionais e ausencia na coordinación primaria-hospital.

A sanidade galega que deixou o PP está chea de buratos e, sobre todo, un sistema sanitario fragmentado, ao introducir as chamadas “novas formas de xestión”, como fundacións hospitalarias, MEDTEC, etc., sen

límites claros entre sanidade pública e privada, e cunha lei, a LOSGA, que equipara os centros privados cos públicos na Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública (RGASUP), confiando a eficiencia do sistema á existencia –ficticia– dun mercado regulado, onde a Consellaría financia e compra servizos ao Sergas ou aos centros privados da RGASUP, como provedores do sistema.

Entre os compromisos do acordo de goberno contemplouse a integración progresiva das fundacións e demais entes instrumentais, o fomento da dedicación exclusiva dos profesionais sanitarios ao sistema público, o aumento da accesibilidade coa redución das listas de espera, o aumento da capacidade resolutoria e extensión do novo modelo de atención primaria, a humanización da asistencia sanitaria, a extensión dos servizos de cuidados paliativos, o desenvolvemento dun plan de saúde mental, o acceso á anestesia epidural no parto e un sistema de compras eficiente e transparente. Para a vindeira lexislatura, as ameazas e necesidades continúan sendo as mesmas enumeradas no 2005:

- A necesidade de racionalizar o gasto sanitario e mellorar a eficiencia do sistema sanitario.
- A necesidade de mellorar a accesibilidade, desde a petición dunha cita até a redución da lista de espera.
- A necesidade de que a organización sanitaria responda dun xeito flexíbel á demanda sanitaria e sexa respectuosa cos dereitos dos pacientes e as súas familias.

O balance destes anos reflicte unha adecuada macroxestión no aspecto económico, normativo, de recapitalización do sistema e de mellora da accesibilidade, máis tímidos ou inexistentes avances nos aspectos que abranguen á microxestión como son a xestión clínica, a coordinación de centros e profesionais, o desenvolvemento da xestión por procesos, a implantación operativa dun sistema de xestión da calidade, a participación dos/as profesionais na toma de decisións e o desenvolvemento profesional persoal dos/as traballadores/as do sector. Segue habendo falta de organización nos servizos, múltiples accións ineficientes, e acentuouse o individualismo e a falta de ilusión do persoal, aspectos imprescindibles para un cambio e para a percepción dese cambio. No lado positivo destes anos sinalamos, con algunha matización:

- A anulación da débeda da Consellaría no 2006 e o aumento do financiamento.
- A redución da fragmentación do sistema ao integrar as fundacións sanitarias, aínda que falta a integración do resto das denominadas “novas formas de xestión”.
- A substitución da LOSGA por unha nova Lei de Saúde de Galiza, con maior compromiso coa sanidade pública, aínda que mantén a separación da compra e provisión de servizos, aspecto que o BNG non acepta e desexa cambiar.
- O aumento da estabilidade laboral, coa convocatoria bianual de oposicións.
- O reinicio de plans directores, o remate do hospital de Lugo, a transferencia do Hospital Naval de Ferrol, a elaboración dun plan de infraestruturas e os avances, por outra banda excesivamente lentos, no deseño e concreción do Hospital de Vigo e de Pontevedra.
- A elaboración dun Plan de Mellora da Atención Primaria 2007-2011 está producindo un aumento significativo de prazas de todo o persoal e unha redución da taxa de poboación por médico/a, aínda que se fai despois das mobilizacións da “plataforma dez minutos”, e non por iniciativa do goberno.
- O crecemento nalgunhas Unidades como as de Cuidados Paliativos aínda que falta por desenvolver o Plan e a elaboración do Plan de Atención á Muller, pendente de concreción nas estruturas asistenciais.
- A potenciación da investigación mediante o impulso ás redes cooperativas de investigación, o aumento da estrutura e o financiamento de proxectos.
- A potenciación das Tecnoloxías da Información con acceso a sistemas informáticos na maioría das zonas do país, coa posta en marcha da historia clínica electrónica, a prescrición electrónica, e outros instrumentos informáticos de axuda aos/ás profesionais para a realización do seu traballo.

A macroxestión é favorecedora do cambio, mais son as últimas variábeis sinaladas arriba, as características da microxestión, coa implicación dos/as profesionais, as que determinan a eficiencia do sistema, así como as que producen a percepción de cambios e melloras, tanto para a cidadanía como para os/as propios/as profesionais do sector. Os datos da serie de barómetros sanitarios, publicados polo Ministerio de Sanidade, confirman esta apreciación: no 2004 consideraban que o sistema funcionaba ben, en xeral, o 15,7% e no 2007 baixou ao 13,7%, os terceiros pola cola, cos murcianos e canarios por debaixo. Tamén se incrementou a porcentaxe de poboación que considera que é necesario facer cambios na sanidade galega. A puntuación, de 0 a 10, que os galegos lle dan ao sistema público era de 5,4 no 2004, subindo no 2007 ao 5,8 mais segue sendo a comunidade peor valorada.

Podemos dicir que se iniciou a urbanización do deserto sanitario herdado do PP, mais precisa aínda un grande avance no funcionamento, cooperación e implicación dos centros e profesionais para lograr unha confortabilidade adecuada para a cidadanía e profesionais.

III.4.1. Obxectivos

O BNG considera a protección da Saúde un dereito fundamental dos seres humanos e a Administración galega debe garantir, mediante os mecanismos de organización, planeamento e xestión que considere pertinentes, o desenvolvemento dese dereito e conseguir que todas as persoas acaden de xeito pleno o seu potencial de saúde. Polo tanto, o goberno do BNG guiará a súa actuación polos seguintes obxectivos:

- Alcanzar un pacto político coas outras forzas políticas en materia sanitaria. A complexidade, o tamaño e as dificultades organizativas do sistema sanitario público precisan do consenso de todos e do pacto continuo. É necesario pactar coas outras forzas as políticas estratéxicas e afastar do debate sanitario a demagogia e os debates oportunistas.
- Universalizar as prestacións, a superación das desigualdades territoriais, de xénero e de acceso ao sistema, a calidade dos procesos e a eficiencia na organización serán os principios fundamentais da acción de goberno.
- Avanzar no deseño de políticas transversais de todo o goberno no deseño coordinado de actuacións comunitarias que permitan incidir noutros determinantes da saúde, como os nutricionais, estilos de vida, ambientais etc., ademais dos xenéticos, e que permitan facer unha verdadeira prevención e promoción da saúde.
- Cambiar o modelo de xestión, potenciando a xestión sanitaria pública, eficiente, transparente e participativa, así como reformar o sistema de asignación de recursos aos centros sanitarios, baseándose máis na estrutura poboacional e nos indicadores de Saúde.
- Incrementar a motivación dos/as profesionais como forma de mellorar a organización e a eficiencia do sistema.
- Mellorar a accesibilidade, desde os sistemas de citación até os tempos de espera para as probas diagnósticas, as consultas en especialidades ou a esperas para cirurxía.
- Estabelecer mecanismos de coordinación sociosanitaria entre todos os dispositivos asistenciais, tanto sanitarios como sociais.
- Coidar a comunicación entre os/as pacientes e as súas familias, os protagonistas do sistema sanitario, e os/as profesionais do sistema.
- Estender as Tecnoloxías da Información e Comunicación a todo o sistema sanitario.
- Potenciar a utilización do galego como lingua de uso cotián en todos os centros dependentes da Consellería de Sanidade.

III.4.2. Medidas de Goberno

III.4.2.1. Liñas básicas de xestión

- Simplificar o organigrama da Consellaría e do Sergas, eliminando a ficción neoliberal de que a Consellaría financia e compra, e o Sergas é a institución provedora de servizos asistenciais.
- Potenciar a xestión sanitaria pública eficiente e transparente, integrando no Servizo Galego de Saúde todas as denominadas “novas formas de xestión” actualmente en vigor: Galaria, 061, Centro de Transfusións de Galiza (CTG), Instituto Oftalmolóxico de Galiza (INGO), Fundación Galega de Medicina Xenómica (FGMX).
- O BNG traballará na creación dun novo modelo de asignación de recursos aos centros xestores baseado na capitación, a complexidade da súa atención, a dispersión e os indicadores de saúde da poboación da súa área.
- Introducíranse medidas de racionalización do gasto mediante un sistema centralizado de compra de materiais e un plan de redución do gasto farmacéutico, consensuado con todos os sectores implicados.
- A unidade territorial de xestión será a Área Sanitaria. O director ou directora de Área coordinará a actividade do Consello de Dirección de Área, do que formarán parte os xerentes de atención especializada, atención primaria e saúde pública da área. A posta en funcionamento desta estrutura suporá a desaparición das actuais Direccións Provinciais do SERGAS e das Delegacións Provinciais da Consellaría de Sanidade. O director ou directora de Área será a autoridade sanitaria da área.
- O BNG considera totalmente necesario que as estruturas de participación cidadán en saúde funcionen realmente, alén da súa existencia nos papeis. O director ou directora de Área será o/a responsable de garantir que o Consello de Participación Cidadán da Área debata e contribúa a definir os obxectivos de saúde da área. A representación cidadá neste Consello deberá recibir toda a información que precise para que a súa presenza neses organismos sexa realmente activa e participativa.
- As estruturas de xefaturas dos servizos médicos dos hospitais precisan dunha importante renovación e redefinición de funcións. É preciso que os/as profesionais que acceden ás xefaturas de servizo e sección teñan os seus intereses profesionais situados en liña cos intereses do sistema sanitario público. Para acadar ese obxectivo deberán ter dedicación exclusiva, asumir plenamente o seu papel de xestores clínicos, e ser avaliados con base nos resultados que acaden na xestión dos seus servizos. O BNG procederá a cubrir canto antes tanto os postos de xefaturas existentes e vacantes na actualidade, como os postos de xefatura que na actualidade teñen un nomeamento provisorio, que foron realizados polo sistema de libre designación entre os anos 1988 e 2006.
- Potenciarase dun xeito decidido a participación dos/as profesionais na xestión e na toma de decisións nos centros e nos servizos sanitarios. As direccións dos centros deben delegar responsabilidades nos/as xefes/as de servizo e, por outra banda, as estruturas de participación dos/as profesionais deben ser potenciadas. A opinión dos/as profesionais do servizo sobre a capacidade de xestión e de liderado do/a seu/súa xefe/a deberá ter un peso importante na avaliación do seu desempeño con vista a que continúe ou non na xefatura aos catro anos do nomeamento.
- Elaborarase unha carreira profesional diferente á actual, que mida o esforzo na actualización e adquisición de competencias para realizar un traballo de calidade, como medio de incentivación individual, cun programa de desenvolvemento profesional individual e unha avaliación dos servizos baseada en indicadores de saúde. Para isto desenvolverá unha Axencia Galega de Desenvolvemento Profesional.
- Dar prioridade á coordinación entre atención primaria e hospital, inexistente na actualidade, básica para lograr un sistema eficaz e eficiente, onde cada profesional coñeza a súa función e os problemas dos/as pacientes sexan tratados por igual nos diferentes espazos asistenciais, cos prazos adecuados, sen repetición de probas nin desprazamentos innecesarios e repetidos dos/as pacientes. A xestión por procesos dos problemas máis prevalentes será o instrumento de coordinación e de organización funcional.

- Asegurar a coordinación sociosanitaria mediante o establecemento de dispositivos e protocolos de transferencia de pacientes do hospital ao seu domicilio, da continuidade de cuidados e da coordinación entre a rede de servizos sociais formais e informais e a sanitaria.
- Coidar a comunicación entre os/as pacientes e as súas familias, os protagonistas do sistema sanitario e os/as profesionais do sistema, con especial preocupación pola información (contido, formas, tempos, espazos físicos empáticos, linguaxe comprensíbel), a extensión e desenvolvemento respectuoso dos procedementos de consentimento informado.
- A medición da calidade, segundo estándares de acreditación internacional, formará parte de todo o proceso de atención, en todos os ámbitos e con todos/as os/as profesionais do sistema.

III.4.2.2. Atención primaria

- O BNG considera a Atención Primaria o eixo do sistema, é a porta de entrada e debe ser o lugar de resolución da maioría dos problemas. Debe dirixir o proceso asistencial prestando unha atención integral, personalizada, permanente, continuada, participativa e programada ao individuo, á familia e á comunidade. Con este obxectivo, os orzamentos sanitarios medrarán porcentualmente, máis en atención primaria, sen ter en conta o gasto farmacéutico de receitas.
- Incorporaranse as novas tecnoloxías da información e comunicación a todo o sistema de maneira que se facilite a desburocratización das consultas, aumente a coordinación e comunicación entre profesionais e pacientes, se dote de fiabilidade aos rexistros e se facilite a xestión clínica. Todo isto implica a utilización da historia clínica única informatizada, aplicacións de apoio ás decisións clínicas e terapéuticas, prescrición electrónica, uso da telemedicina e calquera técnica que permita achegar á cabeceira do/a paciente os adiantos técnicos por moi lonxe que estea dun centro sanitario.
- Aumentar a capacidade resolutiva dos/as profesionais de atención primaria, para o que será necesario:
 - a. Facilitar o acceso a probas, tanto en atención primaria como no hospital, de acordo cos protocolos establecidos, no marco da Xestión por Procesos.
 - b. Reducir a poboación por cota, tal como sinala o Plan Mellora de Atención Primaria.
 - c. Incluír as probas diagnósticas e tecnoloxía posíbel e necesaria (espirometría, ecografía, cirurxía, retinografía, tonometría,...) na carteira de servizos.
 - d. Programar axendas de citación intelixentes que garantan o tempo necesario de consulta por paciente.
 - e. Contar con especialistas consultores de referencia con quen axilizar a solución de problemas dos/as doentes.
 - f. Formar no manexo experto das técnicas de comunicación co doente así como desenvolver unha formación profesional individualizada.
- Na liña de dirección horizontal exposta anteriormente, os servizos de atención primaria incrementarán progresivamente a autonomía de xestión, por delegación da Xerencia de atención primaria e reforzarán o traballo en equipo multidisciplinar.
- Potenciarase a coordinación co Hospital por medio da Xestión por Procesos Clínicos.
- Crearanse equipos técnicos, por Área sanitaria, de apoio para mellorar a xestión de equipo, o proceso de comunicación dentro do equipo e para facilitar a autonomía de xestión.
- Impulsar e estender o novo papel da enfermaría a todos aqueles problemas de saúde para os que está capacitada tanto legal como profesionalmente, a prescrición por enfermeiro/a e o seguimento de procesos crónicos así como a atención domiciliaria ao/á dependente e a coordinación sociosanitaria tanto cos dispositivos de coordinación sociosanitaria hospitalarios como cos servizos sociais.
- Fortalecemento das Áreas administrativas de atención ao/á usuario, dotándoas dun espazo físico confortábel e con intimidade suficiente, de medios técnicos e do persoal necesario para facerse cargo de todas as tarefas administrativas do centro e de atención personalizada tanto aos/ás doentes como aos/ás profesionais clínicos do servizo.

- Zonificación dos Servizos de Atención Primaria con libre elección de médico/a e enfermeiro/a nese ámbito territorial.
- Desenvolvemento dun dispositivo de atención ás urxencias e emerxencias durante 24 horas, en colaboración co O61, con Puntos de Atención Continuada potentes e resolutivos (con analítica, radioloxía, telemedicina) que sexan capaces de dar cobertura a zonas territoriais amplas e en coordinación cos Servizos de Urxencias Hospitalarios. Incrementaranse as ambulancias medicalizadas.
- Coordinación co servizo de transporte adaptado de servizos sociais e co transporte utilizado polos centros educativos para traer o/a paciente ao centro sanitario en zonas rurais dispersas, tanto en xornada ordinaria como en horario de urxencias.

III.4.2.3. Atención Especializada

Durante os últimos anos producíronse grandes cambios no contorno hospitalario, obrigando os hospitais a modificar as súas funcións como provedores de servizos sanitarios. As innovacións e cambios tecnolóxicos en técnicas diagnósticas, cirúrxicas e novos medicamentos, as demandas da sociedade de novas solucións e o perfil de enfermo/a crónico/a que é posíbel atender doutros xeitos, condicionan e permiten cambios organizativos que adapten o clásico modelo hospitalario.

- O BNG avanzará na transformación do modelo hospitalario cara a unha estrutura dinámica, multilocal, resolutive, multidisciplinar e centrado no proceso e no doente. A actividade asistencial organizarase en unidades ou áreas funcionais autónomas nas que estarán integrados diferentes servizos e especialidades.
- A Xestión por Procesos guiará as funcións, competencias e actividades dos diferentes profesionais, servizos, centros e niveis asistenciais, sempre centrado na atención ao/á paciente e actuando con respecto á vontade do/a doente.
- A figura do especialista consultor para un grupo de centros de atención primaria favorecerá a coordinación entre primaria e hospital, axilizará as interconsultas así como participará na formación continua mediante sesións clínicas conxuntas.
- Un hospital máis humano con especial atención ao proceso de comunicación e de información co/a doente e a súa familia, facilitando a accesibilidade aos/ás profesionais, coidando os tempos e os espazos físicos para a información. Cada paciente que entre nun hospital terá asignado un/ha médico/a e un/ha enfermeiro/a accesíbeis como responsábeis da súa atención a quen se poderán dirixir acotío.
- Defíniranse Áreas de Actuación Preferente nas que cada Hospital poida ofrecer unha atención específica e ser referente para outros centros especializados, facilitando a cooperación e complementariedade e evitando deste xeito a competencia polos mesmos servizos entre diferentes hospitais.
- Potenciaremos todas as alternativas á hospitalización tradicional:
 - a. Unidades de Cirurxía sen hospitalización, co obxectivo de chegar a realizar até un 70% das intervencións nesta modalidade asistencial de Cirurxía Maior Ambulatoria.
 - b. Unidades de Curta Estadía Médica ou Cirúrxica.
 - c. Unidades de Dor aguda e crónica.
 - d. Unidades de hospitalización domiciliaria.
 - e. Hospitais de Día polivalentes.
 - f. Hotel de Doentes
- Impulsaranse as Consultas de Alta Resolución con tendencia a ser de acto único, nas que ao/á doente se lle practican as probas diagnósticas necesarias e sae do hospital co seu problema estudado e cunha orientación terapéutica.
- A rede hospitalaria tenderá á redución de camas de agudos e procurará nos sucesivos plans directores a maior intimidade para o/a paciente cunha cama por habitación.
 - a. O BNG impulsará que a construción e a xestión do novo Hospital de Vigo, e a ampliación do de Pon-

tevedra, se fagan no marco da sanidade pública. O novo Hospital de Vigo debe ser o centro de referencia para toda a área sanitaria do sur de Galiza, no cal se centralicen todos os recursos actualmente dispersos e dispoña dun número de camas públicas suficientes para atender a demanda asistencial da totalidade da poboación da área de Vigo, e da súa área de referencia, con todas as especialidades, e dotado de Unidades de Alta Tecnoloxía.

- b. O BNG potenciará os Hospitais Comarcais existentes, aumentando o número de camas e a súa carteira de servizos. Adscribiranse aos/ás centros hospitalarios de referencia, facilitando dese modo o fluxo de profesionais.
 - c. Crearanse Hospitais de Media-Longa Estadía para a atención de enfermos con problemas crónicos e sociosanitarios.
- O hospital funcionará en horario de mañá e tarde tanto en actividade ordinaria cirúrxica como de consultas e probas diagnósticas, en función das posibilidades de organización funcional do persoal e da actividade e dos espazos físicos existentes.
 - Crearase en cada hospital un dispositivo de coordinación sociosanitaria con profesionais de enfermaría, traballo social e terapia ocupacional coa función de organizar as altas hospitalarias temperás e a coordinación sociosanitaria con atención primaria e servizos sociais.
 - Organizaranse as consultas de enfermaría, aumentando deste modo o traballo en equipo no hospital, favorecendo unha organización funcional máis eficiente e pondo en marcha en todos os hospitais a figura do/a enfermeiro/a xestor/a de casos.

III.4.2.4. A redución das listas de espera

Nesta lexislatura melloraron algunhas cifras nas listas de espera cirúrxicas, pasando dos 137 días de tempo medio de espera cirúrxica en setembro de 2005 a 92 en setembro de 2008, mais seguen a ser inaceptábeis, tanto técnica como socialmente. Non houbo melloría no acceso a probas diagnósticas ou consultas. O BNG propón as seguintes medidas de goberno:

- Impulsar un pacto político sobre o sistema de información de listas de espera, evitando así o debate sobre o procedemento de medición das listas, situación que confunde a poboación e prexudica a sanidade pública.
- Estabelecer un novo Sistema de Información que incorpore, ademais das listas cirúrxicas, de consultas externas e de probas complementarias, o Tempo de Espera de Proceso; isto é, desde que un paciente chega á atención primaria demandando unha solución até que a recibe.
- Aplicar tempos de atención garantida. Os doentes figurarán ordenados en función da necesidade de ser atendidos con base nos indicadores válidos e fiábeis.
- Posibilitar que o/a usuario/a cambie de lista de espera dentro da rede asistencial pública galega.
- Dar prioridade en función de criterios clínicos –maior gravidade, urxencia ou maiores probabilidades de beneficio–, de criterios sociais e finalmente de criterios de chegada.
- Incorporar á xestión das listas de espera programas de segunda opinión, utilizar estratexias educativas para reducir a variabilidade entre profesionais e incorporar as mellores probas científicas na definición das indicacións médicas.
- Potenciar a Cirurxía Maior Ambulatoria e outras alternativas á hospitalización convencional: Hospitais de día, Hotel de doentes, Unidades de Hospitalización a domicilio, Consultas de Alta Resolución.
- Evitar consultas e desprazamentos innecesarios aos pacientes mediante unha adecuada coordinación atención primaria-hospital.

III.4.2.5. Hospitais Privados

No concerto correspondente –que se someterá a un control periódico preciso e rigoroso– deberá constar:

- A relación da sanidade pública cos centros privados que se regulará mediante concerto entre a Dirección de Área e o centro privado.
- A asistencia prestada nos hospitais privada debe ser transparente ao control público para garantir o dereito da cidadanía a unha atención cuns criterios de calidade similares ao do hospital público de referencia.
- As complicacións derivadas da asistencia privada concertada deberán ser asumidas polo centro que presta a atención. No caso de non ser factíbel esta prestación, atenderanse ás complicacións no centro público asumindo o seu custo o centro privado.

III.4.2.6. Saúde Mental e Condutas Aditivas

A política en saúde mental do BNG no Goberno galego terá como obxectivo a promoción da saúde mental, as estratexias de prevención, e a garantía de atención as doenzas mentais, desde un enfoque bio-psico-social. As asociacións de familiares e doentes terán garantida a súa participación nas decisións en política de saúde mental.

O BNG asume o pleno compromiso de considerar a atención en saúde mental, área de acción prioritaria na súa política sanitaria e por iso levará a cabo:

- Execución plena e nos tempos previstos do actual Plano Estratéxico de Saúde Mental (PESM), así como á súa modificación para o cumprimento dos obxectivos que se sinalan neste programa de goberno.
- Programas prioritarios en saúde mental:
 - a. Programas de detección temperá e atención das patoloxías en nenos/as e adolescentes: trastorno por déficit de atención ou hiperactividade e dos trastornos condutuais; drogodependencia; psicose e autismo.
 - b. Programa de prevención do suicidio a desenvolver nas Unidades de Saúde Mental, e en colaboración coa Atención Primaria e co Instituto Galego de Medicina Legal.
 - c. Programa de detección, tratamento e prevención de recaídas dos trastornos mentais graves no adulto (trastornos do estado de ánimo –depresivos e bipolares–; esquizofrenia; trastorno límite de personalidade; alcoholismo e outras adiccións). Elaboración do PTI (Programa de Tratamento Individualizado).
 - d. Potenciación e reforma dos programas de rehabilitación e de inserción socio-laboral para pacientes con trastorno mental grave.
 - e. Programas específicos para os Trastornos da Conduta Alimentar (anorexia-bulimia).
 - f. Desenvolvemento dos programas de psiquiatría e psicoloxía de enlace nos hospitais xerais (oncoloxía, cardiopatías, transplantes e pacientes traumáticos).
 - g. Programa de coordinación entre Saúde Mental e Atención Primaria en todas as áreas sanitarias.
- Dispositivos asistenciais:
 - a. Atención á poboación infantil e adolescente até os 18 anos nas Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil. Un Hospital de Día de Adolescentes por Área de Saúde e Unha Unidade de Hospitalización Infantil e de Adolescentes de agudos. Así, o BNG creará catro nesta lexislatura. Crearase un Centro Educativo-Sanitario para alumnado con Trastorno Graves de Conduta por provincia.
 - b. Unha Unidade de Psicodiagnóstico para as demencias por cada 250.000 habitantes. Unha Unidade de Saúde Mental de adultos por cada 50.000 habitantes, cunha dotación mínima de un psiquiatra por 25.000 habitantes e un psicólogo clínico por 50.000 habitantes, así como persoal de enfermaría e de traballo social.
 - c. Unidades Hospitalarias de Rehabilitación para enfermos crónicos –con Programas de Continuidade de Coidados– en cada área sanitaria.
 - d. Pisos protexidos e tutelados en todas as áreas sanitarias e residencias específicas.
 - e. Crearase Unidades de Dano Cerebral para pacientes con secuelas neuropsiquiátricas xeradas por traumatismo cranial e outras patoloxías

- Con respecto ao alcoholismo e outras condutas aditivas, o BNG considera que as respostas ao problema das drogodependencias e as condutas aditivas deben ter un carácter integral e transversal, abrangendo estratexias de tipo preventivo, de asistencia sanitaria e incidindo na incorporación socio-laboral dos afectados. O goberno do BNG impulsará as seguintes medidas:
 - a. Integrarase a actual rede de drogodependencias na rede asistencial xeral de saúde mental.
 - b. Impulsaranse programas educativos transversais (desde o ensino) e plans comunitarios de prevención do alcoholismo e outras condutas aditivas, reforzando a actual Rede de Prevención das Drogodependencias.
 - c. Desenvolveranse de xeito eficaz os programas comunitarios de inserción laboral para estes doentes.
 - d. Desenvolverase a rede de Atención Primaria de programas específicos, coordinados cos dispositivos de saúde mental.
 - e. Mellorarase a capacidade dos programas de desintoxicación hospitalarias e de atención á patoloxía dual.
 - f. Dedicarase unha intensa loita institucional para afrontar o problema do narcotráfico.
 - g. Favorecerase a colaboración coas organizacións sociais contra a drogadicción.

III.4.2.7. Saúde Bucodental

- Ampliar e estender a toda Galiza da rede de Unidades de Saúde Bucodental en atención primaria, con odontólogo e hixienista dental.
- Universalizar a asistencia dental básica: revisións periódicas, instrucións en hixiene e saúde oral, selado de fisuras, exodoncias de dentes deciduos e aquelas permanentes que non se poden conservar sen tratamento conservador, radiografías, diagnóstico de maloclusións, tartrectomías, limpeza e obturacións. Gratuíta desde os 6 aos 16 anos e ampliar progresivamente a cobertura até os 18 anos no final da lexislatura.
- Pór en marcha tratamentos polpares (endodoncias) en nenos/as de 7-8 anos, incrementando a idade de cobertura de modo progresivo.
- Aumentar a cobertura do programa de saúde bucodental da embarazada, con revisións periódicas, consello e educación en hixiene dental e saúde oral do fillo, limpeza dental, exodoncias e durante o segundo trimestre obturacións.
- Procurar a detección precoz do cancro oral con posibilidade de realización de biopsias nas Unidades.
- Ampliar o catálogo de prestacións nos/as pacientes medicamente comprometidos/as: asistencia dental básica máis tartrectomías e obturacións.
- Atender as persoas maiores cun programa específico:
 - a. Con educación sanitaria sobre saúde oral e hixiene bucodental, coidado de próteses, realización de revisións periódicas e axuste oclusal.
 - b. Incorporación das USBD como axentes participantes no proceso de prescrición, adaptación e entrega de próteses dentais removíbeis ao paciente, previa revisión, exodoncias e limpeza dos restos radiculares precisos. Sendo logo o produto sanitario a medida subministrado polos establecementos debidamente autorizados para a súa fabricación e comercialización.
- Realizar promoción da saúde bucodental mediante campañas publicitarias de promoción da saúde bucodental, elaboración de protocolos claros e sinxelos de hixiene bucodental e programas de inicio ao Cepillado Dental Supervisado nos centros de educación infantil, coa participación do profesorado.

III.4.2.8. Saúde Pública

- Na actualidade a saúde pública debe ser concibida como unha prestación do Sistema Sanitario Público, dirixida a mellorar a saúde da poboación a través de accións dirixidas a evitar a aparición de enfermidades,

actuando sobre os determinantes de saúde, mediante a identificación e modificación, cando sexa preciso, dos factores protectores e de risco que condicionan a aparición das enfermidades.

- As estruturas organizativas da saúde pública de Galiza non sufriron modificacións desde hai máis de medio século, e precisan ser renovadas, para que poidan dar resposta a un presente caracterizado pola globalización, o incremento do tránsito de persoas e alimentos, a reemerxencia de enfermidades que coidabamos xa superadas, como a tuberculose, a difusión transnacional de enfermidades como a síndrome respiratoria aguda, a gripe aviar, a encefalopatía bobina esponxiforme ou o ébola.
- Desde o BNG defendemos que entre as modificacións que é preciso introducir nas estruturas da saúde pública de Galiza, se inclúan os seguintes aspectos:
 - a. Deben desaparecer as actuais Delegacións e Direccións Provinciais de Saúde Pública e ser substituídas por Xerencias de Área de Saúde Pública. O Xerente de Área de Saúde Pública, dependerá orgánica e funcionalmente do Director Xeral de Saúde Pública e, xunto cos xerentes de atención especializada e de atención primaria da área, constituirán o Consello de Dirección de Área, que estará coordinado polo Director de Área.
 - b. A relevancia orgánica dentro da estrutura da consellaría de sanidade, así como o financiamento dispoñíbel pola Dirección Xeral de Saúde Pública deben ser incrementados.
 - c. O marco legal que regula a xestión que se vén realizando desde a Dirección Xeral de Saúde Pública é claramente inadecuado para facer fronte ás necesidades actuais da saúde pública galega. Cómpre establecer un novo marco legal capaz de dar unha resposta acaída á necesidade de contar cun sistema de resposta permanente ante alertas epidemiolóxicas e de seguridade alimentaria ou ambiental ao longo de todo o día e todos os días do ano. Para isto, estudarase a posibilidade de horarios de traballo especiais para cubrir inspeccións de saúde pública de establecementos que desenvolven a súa actividade en horarios nocturnos, a dispoñibilidade de persoal para atender o procesamento das mostras nas fins de semana que se recollen durante a semana etc.
- Os programas que na actualidade se están desenvolvendo desde a Dirección Xeral de Saúde Pública, como sistemas de vixilancia epidemiolóxica, vida saudábel e exercicio, dieta saudábel, inspeccións relacionadas coa saúde alimentaria etc., deben ser mantidos e potenciados. Ademais, o goberno do BNG promoverá:
 - a. Programas de prevención das Enfermidades de Transmisión Sexual, que na actualidade están tendo un importante incremento de incidencia.
 - b. Programas de colaboración coa consellaría de Educación para promover a educación afectivo-sexual nas escolas, e cos concellos para a promoción das estratexias de “Concellos Saudábeis”.
 - c. Programas de preparación para posíbeis emerxencias internacionais de saúde pública (gripe aviar...).
 - d. O programa de seguridade alimentaria será coordinado coas Consellarías de Medio Rural, Pesca e Medio Ambiente, para o que se creará unha estrutura de coordinación.
- Os programas de prevención e atención ao tabaquismo, primeira causa de enfermidade e mortalidade evitábel na nosa sociedade, deben ter unha alta prioridade:
 - a. Procurar a capacitación suficiente para a atención deste problema tanto pregrao como na Formación Continuada a profesionais sanitarios e nos programas de formación de residentes.
 - b. Inclusión na carteira de servizos obrigatoria dos servizos de atención primaria e que forme parte da avaliación individual e como servizo.
 - c. O dispositivo asistencial estará formado por:
 - Creación de unidades hospitalarias de atención a profesionais sanitarios e a enfermos ingresados fumadores.
 - Creación de consultas específicas de tabaquismo en atención primaria, que serían de referencia e contarían con profesionais expertos nesta materia (médico/a, enfermeiro/a, psicólogo/a clínico/a).
 - Creación de unidades de apoio para pacientes que tamén sofren patoloxía psiquiátrica.

d. Abordaxe progresiva nesta lexislatura do financiamento público dos fármacos efectivos na loita contra o tabaquismo.

III.4.2.9. Docencia e Investigación

- No BNG somos conscientes da importancia que ten o sistema de formación por residencia para manter a calidade de atención hospitalaria e da atención primaria. Polo tanto, consideramos esta como a única vía para a formación dos facultativos/as especialistas e de enfermaría.
- Convocaranse todas as prazas de formación posgraduada necesarias para cubrir a falta de profesionais especialistas.
- É necesario incorporar a docencia e a investigación á actividade normal dos centros e servizos, polo que creará a figura dos/as titores/as ou coordinadores/as de docencia e investigación, con tempo e recursos suficientes.
- En todas as áreas sanitarias existirán unidades de investigación de área dotadas dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para facilitar o traballo investigador dos/das profesionais. Cada Unidade de Investigación deberá contar con, cando menos, un/ha experto/a en metodoloxía da investigación a tempo completo.
- Elaborar e posibilitar o acceso a un plan de desenvolvemento profesional atractivo e adaptado ás necesidades formativas de cada profesional.

III.4.2.10. Prestación Farmacéutica

O goberno do BNG implantará un Plan de Racionalización do Gasto en Medicamentos, consensado en todo o sector, que comprenda:

- Crear Programas Específicos sobre o uso racional do medicamento, dirixidos aos profesionais sanitarios que teñan en conta información veraz, imparcial e actualizada sobre os medicamentos; guías farmacoterapéuticas actualizadas periodicamente; protocolos actualizados de manexo dos diferentes problemas de saúde e acceso inmediato ás bases de datos da medicina baseada en probas.
- Elaborar Programas Educativos destinados aos pacientes e familiares, encamiñados á formación nas patoloxías de maior prevalencia e ao uso racional do medicamento nestas.
- Modular a publicidade e das novas que saen do propio sistema sanitario nos medios de comunicación anunciando novos medicamentos que, tal como se presentan, poden crear falsas expectativas aos/ás usuarios/as.
- Negociar coa Administración do Estado e co sector a adecuación das presentacións das distintas especialidades farmacéuticas ás pautas posolóxicas aceptadas cientificamente para as diferentes patoloxías en que están indicadas, así como a presentación secuencial e progresiva das doses unitarias cos seus prospectos en envases clínicos por parte da industria para algúns medicamentos.
- Organizar un sistema de compras de medicamentos centralizado de modo que se poidan aplicar economías de escala.
- Estabelecer un maior control para aqueles laboratorios farmacéuticos, que directa ou indirectamente ofrezan calquera tipo de incentivo, prima ou agasallo aos profesionais sanitarios implicados no ciclo da prescrición, dispensación e administración de medicamentos.
- Limitar o importante peso da industria farmacéutica no financiamento da formación continuada, especialmente a relacionada coa prescrición farmacolóxica, fortalecendo os principios da racionalidade e da ética na prescrición, regulando de modo normativo estas actividades e ofertando a propia Consellaría un plan de desenvolvemento profesional atractivo.
- Impulsar o uso racional das Especialidades Farmacéuticas Publicitarias para patoloxías menores.

- Propiciar a prescrición por principio activo en atención primaria e hospitalaria.
- Potenciar a política de Especialidades Farmacéuticas Xenéricas.
- Desenvolver e estender a todo o sistema a prescrición electrónica facendo responsábel do gasto ao/á facultativo/a que a orixina.
- Pular por unha maior capacidade de xestión das comunidades autónomas no ámbito farmacéutico: decisións sobre financiamento, fixación de prezos e condicións de uso dos medicamentos; participación directa na negociación coa industria farmacéutica sobre límites de gasto; fomento da investigación farmacéutica; retorno para Galiza das plusvalías derivadas da comercialización de medicamentos no noso país.

III.4.2.11. A falta de profesionais e a actividade asistencial

A mala planificación de necesidades de formación, sobre todo nalgunhas especialidades médicas, está producindo problemas asistenciais que é preciso solucionar. O BNG é consciente desta situación e conta coas seguintes medidas de goberno:

- Realizar un estudo rigoroso das necesidades de profesionais no sistema sanitario galego, segundo os indicadores de saúde e a carteira de servizos que se oferta á poboación, e promover, coas autoridades educativas, a formación do número adecuado de profesionais das especialidades máis deficitarias de medicina e enfermaría.
- Aumentar o rendemento dos servizos hospitalarios e de atención primaria e a súa coordinación, optimizando a utilización do persoal en xornada de traballo ordinaria.
- Dar cobertura a todas as necesidades estruturais de persoal mediante a oferta de prazas interinas e, posteriormente, a convocatoria periódica de oposicións.
- Mellorar as condicións profesionais e laborais para favorecer a retención e regreso de especialistas hospitalarios e médico/as de familia, así como a continuidade de enfermeiros/as no hospital: retribución, carreira profesional atractiva, desenvolvemento profesional estimulante, participación na toma de decisións do seu servizo, no caso de enfermaría hospitalaria organizar a xornada laboral cun novo modelo que supoña unha distribución das quendas menos gravosa para os profesionais, con extensión das rotacións antiestrés, oferta de voluntariedade a partir de certa idade para facer quendas complexas etc.
- Recorrer á xornada deslizante e á prolongación da xornada, de xeito voluntario, ofertándose preferentemente aos/ás facultativos/as con maior compromiso co sistema público, para aqueles procesos nos que as medidas anteriores fosen insuficientes e continúe a falta de profesionais.
- Coordinar as Escolas Universitarias de Enfermaría coa Administración Sanitaria e os Servizos Sociais para axeitar a súa oferta, tanto no número de prazas como nos contidos curriculares, para evitar que no futuro inmediato se produza unha falta de profesionais da enfermaría. Esta situación debe anticiparse con urxencia pois, dada a nosa realidade demográfica e de morbilidade, os indicadores amosan ben ás claras que as necesidades de profesionais de enfermaría nos próximos anos vai supor unha importante demanda.

III.4.2.12. O galego no sector sanitario

- Impulsarase de xeito activo o emprego do galego nos diferentes ámbitos de actuación sanitaria velando polo fiel cumprimento da normativa existente.
- Porase a disposición dos profesionais sanitarios que non empregan o galego con frecuencia as ferramentas informáticas tales como os correctores ortográficos ou tradutores para facilitar o seu labor na nosa lingua.
- Impartiranse cursos de galego con regularidade periódica nas institucións sanitarias, incidindo de xeito especial no estudantado e nos/as profesionais en formación.

- Estabelecerase unha normativa para que todos/as os/as pacientes reciban en galego, como mínimo, a información médica escrita: informes, receitas, consentimentos informados, e calquera outra documentación que deba ser recibida polo usuario. Elaboraranse indicadores que permitan medir a utilización do galego no sistema –informes, receitas...– e incluírase o cumprimento dos mesmos na avaliación individual e do servizo.
- Realizaranse en galego as presentacións orais dos diferentes cargos da Consellaría de Sanidade, agás nos casos de reunións con representantes doutros países ou comunidades autónomas.
- Realizarase unha campaña co obxectivo de aumentar a concienciación da cidadanía do seu dereito a ser informada sobre a súa saúde.
- Revisarase a sinalética en galego dos diferentes centros e corríxirase en caso necesario.
- Incentivarase a produción e a edición en galego de traballos científicos.

III.5. Igualdade

O BNG desde a Xunta de Galiza situou nun primeiro plano da axenda política, e da súa acción de goberno, os temas referidos á igualdade e á atención das necesidades das mulleres galegas. Así, as políticas de igualdade acadaron por vez primeira en Galiza o rango de Secretaría Xeral e dependeron da Vicepresidencia, superando esquemas do pasado que reducían as políticas de igualdade a un compartimento estanco, sen a capacidade real dunha acción transversal.

Ao longo da pasada lexislatura leváronse adiante un conxunto de medidas que tiveron como obxectivo remover os elementos que perpetuadores do papel subordinado das mulleres en todos os ámbitos. Déuselle prioridade a todas aquelas medidas con repercusión no acceso das mulleres en igualdade ao ámbito do emprego; creouse unha rede de servizos públicos que permiten “liberar” o tempo que dedican ao coidado dos/as fillos/as e dos maiores, fomentando a corresponsabilidade; fomentando unha participación igualitaria en todos os ámbitos da vida política, social e económica; ou loitando contra a violencia de xénero.

Nestes catro anos aprobáronse leis pioneiras, como a Lei de Igualdade no Traballo, ou a Lei para a Prevención e Atención Integral da Violencia de Xénero, que crea un marco de referencia único no Estado, desvinculando o acceso aos recursos sociais da vía penal; creando recursos innovadores como son o salario da liberdade, o programa Rodela ou o Fondo de Garantía de Indemnizacións.

O BNG deu prioridade á dignificación do traballo das mulleres, apostando polo recoñecemento da cotitularidade das nosas labregas, polo acceso das mozas ás actividades agrarias, pola profesionalización de actividades feminizadas non-recoñecidas ou desvalorizadas como pode ser o caso das redeiras, a través do programa Arlinga, que persegue unha mellora da formación e un impulso do cooperativismo neste ámbito. Mais tamén, por superar as dificultades das nosas investigadoras no ámbito da I+D+i, con medidas pioneiras de apoio ao emprendemento feminino como pode ser o Centro de Iniciativas Empresariais e Innovadoras Femininas.

O BNG no goberno deu un paso decisivo na creación dunha rede de servizos públicos, fundamentais para “liberar” as mulleres. No ámbito das escolas infantís creáronse 6.000 novas prazas públicas (tantas como nos 16 anos de Goberno do PP), puxéronse en marcha 55 centros de día, así como outros centros de atención a persoas dependentes. Mais tamén incidiu no necesario reparto equitativo de responsabilidades das tarefas do coidado entre mulleres e homes, con iniciativas como as axudas para pais que reducen a súa xornada para o coidado de menores ou o Plan Galego de Corresponsabilidade.

A recuperación da memoria das mulleres, a potenciación da igualdade no ámbito cultural e deportivo, o fomento do acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación ou o impulso do asociacionismo, ocuparon un lugar privilexiado na acción que durante estes anos desenvolvemos desde a Xunta de Galiza.

Mais é necesario consolidar estas liñas de actuación, dándolle continuidade ao labor iniciado, así como estender novas liñas de traballo a outros terreos.

No BNG coñecemos os efectos que os ciclos económicos teñen tido ao longo da historia para as mulleres, producindo a súa mobilización ou desmobilización como activos socioeconómicos. O BNG velará por un compromiso coas mulleres como suxeitas e non como obxecto exclusivamente das medidas económicas que se deseñen. A acción de goberno terá que ir dirixida a evitar a saída das mulleres do mercado laboral, frear o retroceso nos dereitos sociais, e impedir a feminización da pobreza.

En momentos de crise, os indicadores de xénero fanse imprescindíbeis pois poden alertar da posíbel desmobilización laboral e social das mulleres e do retorno ao eido privado, ao ámbito doméstico. O retroceso da igualdade terá de frearse co impulso da Rede Galega para a Igualdade, e a través do Sistema Galego do Benestar, articulado en clave de país e baseado no principio da corresponsabilidade, xunto con políticas económicas fundamentadas no impulso dos nosos sectores produtivos e cun compromiso activo entre a sociedade civil, o tecido empresarial e o resto do conxunto de actores do desenvolvemento.

O BNG renova o seu compromiso coa igualdade, conscientes de que non é posíbel avanzar en xustiza social e benestar, se os avances non benefician equitativamente á metade da poboación galega. Nesta dirección o BNG define os seguintes obxectivos:

- Promover un novo marco normativo que desenvolva o principio de igualdade e que cree novas ferramentas que avancen nas garantías do exercicio real dos dereitos das mulleres.
- Garantir o acceso e permanencia das mulleres no emprego remunerado, incrementando a taxa de emprego, reducindo os índices de precariedade laboral e aumentando o tempo de permanencia no mercado de traballo das mulleres galegas, a través da mellora da súa capacitación e orientación profesional e de medidas de conciliación.
- Promover a participación das mulleres en todas as esferas da vida política, social e económica, fortalecendo o papel do asociacionismo.
- Mellorar a atención sanitaria das galegas dentro da rede pública, incrementando os servizos e a calidade destes e incorporando a perspectiva de xénero de maneira efectiva.
- Impulsar medidas que cuestionen os estereotipos sexistas e que avancen cara a unha sociedade que valore por igual os traballos realizados por homes e mulleres, apostando por un sistema educativo realmente coeducativo.
- Dotar dunha rede de servizos públicos que atenda o traballo gratuíto das mulleres no ámbito das tarefas do coidado e da reprodución, favorecendo un exercicio pleno dos varóns das súas responsabilidades.
- Incrementar a sensibilización social contra a violencia de xénero, avanzando na garantía de seguridade e atención integral das mulleres que sofren violencia machista, a través dunha atención integral desde os servizos públicos co fin de que recuperen a súa autonomía persoal, económica e emocional.

III.5.1. A defensa dos dereitos das mulleres e a súa plena cidadanía

III.5.1.2. As mulleres galegas no novo Estatuto de Nación

Os dereitos de plena cidadanía das mulleres galegas estarán recollidos no novo Estatuto de Nación, que incorporará as competencias exclusivas en materia de igualdade, desenvolverá a aplicación do principio de

igualdade de trato, garantirá o acceso aos dereitos sociais básicos das mulleres –particularmente os dereitos sexuais e reprodutivos– así como a seguridade e atención ás vítimas da violencia de xénero. Con máis poder político, o Goberno galego terá máis ferramentas para erradicar a discriminación de xénero.

Mentres siga vixente o impedimento por parte das outras forzas políticas para avanzar nun Novo Estatuto, é necesario seguir traballando para acadar as seguintes competencias:

- Traspaso da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dotándoa de máis medios e liñas de actuación para inspeccionar a situación laboral nos segmentos de ocupación fortemente feminizados, así como dos mecanismos administrativos necesarios.
- Asunción en exclusiva de todas as funcións e servizos relacionados coa agricultura, co fin de poder intervir directamente no deseño futuro da PAC e na xestión de cotas, dereitos de produción, ou xestión íntegra de axudas e fondos estruturais que nos permitan articular unha política que elimine as discriminacións que aínda hoxe persisten para as labregas galegas.
- Asunción das competencias en materia de demarcación xudicial para permitir ao Goberno galego a creación de novos xulgados exclusivos en materia de violencia de xénero, co obxectivo de contar, cando menos, cun xulgado en cada unha das sete grandes cidades.
- Traspaso dos medios, servizos e efectivos que actualmente desenvolven os corpos e forzas de seguridade do Estado no marco de creación da Policía Galega, dotándoa dos medios oportunos que permitan o desenvolvemento de funcións relacionadas coa seguridade das mulleres en situación de violencia de xénero.

III.5.1.3. Desenvolver un novo marco normativo para garantir a igualdade de oportunidades e de trato.

É preciso camiñar na dirección do deseño e execución dun novo marco normativo, que regule e impulse a creación dunha Rede Galega para a Igualdade a través da elaboración dunha nova Lei de Igualdade que contemple os seguintes obxectivos e medidas:

- Estabelecemento dos principios da actuación dos poderes públicos galegos en materia de igualdade de mulleres e homes.
- Promoción e garantía da igualdade en todos os ámbitos da vida e, en particular, fomento da independencia das mulleres e do exercicio dos dereitos sociais, económicos e políticos.
- Creación de unidades administrativas de igualdade en todos os departamentos da Xunta de Galiza, dependentes do organismo con competencias en materia de igualdade, co fin de aplicar de maneira máis eficaz e coordinada a transversalidade de xénero.
- Creación dunha Comisión Interadministrativa de Igualdade, onde participen o Goberno galego e as entidades locais para potenciar unha maior coordinación.
- Estabelecemento da obrigatoriedade de paridade nas listas electorais que concorran nas eleccións ao Parlamento de Galiza.
- Creación dunha Defensoría da igualdade para garantir a plena cidadanía das mulleres e vixiar o cumprimento dos seus dereitos. A defensoría terá como funcións básicas: practicar investigacións sobre posíbeis situacións de discriminación directa ou indirecta, facilitar vías de negociación e recomendación e prestar asesoramento e asistencia ante posíbeis situacións de discriminación por razón de xénero.
- Creación do Consello Galego das Mulleres, co obxectivo de fomentar e canalizar a participación das asociacións de mulleres na toma de decisións sobre asuntos que lles atinxan directamente.

III.5.2. As Políticas de Igualdade nos ámbitos laboral, da saúde, da cultura, do deporte, da ciencia e do fomento da participación social

III.5.2.1. A incorporación das mulleres ao traballo remunerado é un dos aspectos básicos para unha igualdade real entre homes e mulleres.

A análise sobre a posición das mulleres no ámbito do emprego remunerado amosa a persistencia de discriminacións estruturais sobre as que é imprescindible actuar. Para corrixir estas tendencias, e equilibrar a presenza e permanencia das mulleres no mercado de traballo, é necesario incrementar a taxa de emprego das mulleres, reducir os índices de precariedade laboral e aumentar o tempo de permanencia no mercado de traballo das mulleres galegas a través da mellora da súa capacitación e orientación profesional e de medidas de conciliación. Medidas que se propoñen:

- Reformular as políticas activas de emprego destinadas a fomentar a contratación de mulleres.
- Primar a contratación de mulleres egresadas das universidades galegas dentro dun programa de fomento do emprego posuniversitario.
- Promover a incorporación de cotas do sexo menos representado nos programas de investigación e nos viveiros públicos de creación de empresas.
- Crear un corpo específico de inspección de traballo cun calendario de intervencións para garantir a non-discriminación nas condicións de traballo e a igualdade laboral nas empresas entre mulleres e homes en cumprimento da normativa estatal existente.
- Promover a participación efectiva das mulleres no ámbito da negociación colectiva, así como a formación en igualdade nos axentes sociais participantes nesta.
- Crear novas ramas de formación profesional/ocupacional que melloren a cualificación de acceso e permanencia e poñan en valor actividades aínda non-recoñecidas no CNO como profesións.
- Realizar un seguimento da elaboración e implementación de plans de igualdade nas empresas, singularmente nas pequenas e medianas empresas.
- Impulsar iniciativas públicas e privadas que teñan por obxecto a creación de novos empregos a través do traslado ao mercado laboral de actividades realizadas, maioritariamente, por mulleres de xeito gratuito.
- Mellorar a atención e a saúde das mulleres no ámbito laboral a través das seguintes medidas:
 - a. Promover a investigación dos aspectos relacionados coa seguridade e saúde laboral das mulleres, especialmente daqueles sectores e categorías profesionais cunha forte presenza feminina.
 - b. Sistematizar, na recollida de datos estatísticos, o uso das variábeis de xénero e idade.
 - c. Promover o coñecemento na formación para a prevención de riscos laborais necesario para dar resposta ás demandas nesta materia que poidan ter as mulleres, divulgando os avances e actualizacións que poidan existir a este respecto, e facendo especial fincapé na prevención durante a preñez e no período de lactancia.
 - d. Promover unha representación equilibrada entre homes e mulleres nos diferentes organismos implicados na seguridade e saúde no traballo.

III.5.2.2. A erradicación do acoso sexual e o acoso por razón de sexo como un principio básico na igualdade no traballo.

Co fin de garantir o cumprimento dos dereitos das mulleres no eido laboral adoptaranse as seguintes medidas referidas ao acoso sexual:

- Creación dunha unidade específica para o tratamento e prevención do acoso sexual e do acoso por razón de sexo, entendendo que afectan á saúde laboral.

Actuación de oficio por parte das administracións públicas galegas ante denuncias de acoso sexual e por razón de sexo.

- Asistencia xurídica e psicolóxica, especializada e descentralizada.

III.5.2.3. As mulleres como axentes do desenvolvemento e creación de emprego e riqueza.

Nunha concepción ampla do desenvolvemento, no que se contribúe a redefinir e materializar novos modelos sociais, o papel das mulleres galegas é determinante. O BNG comprométese a darlle visibilidade e participación a través das seguintes medidas:

- Promover o recoñecemento das mulleres galegas como axentes de desenvolvemento, impulsando a súa visibilidade nos espazos de participación e de decisión nos diferentes consellos, grupos, comités e organismos, particularmente no Consello Económico e Social, nos grupos de accións local e nos Grupos de desenvolvemento rural.
- Potenciar e incrementar a participación das mulleres en cargos directivos de organizacións empresariais, agrarias, sindicais, cooperativas, concellos...
- Intensificar as actuacións encamiñadas á toma de conciencia dos dereitos das mulleres do rural, as discriminacións por razón de xénero ou os programas de concienciación da corresponsabilidade.
- Continuar apoiando o fortalecemento do asociacionismo das mulleres no medio rural, favorecendo a súa conexión e a creación de foros de intercambio de experiencias.
- Apoiar a dignificación e profesionalización do emprego non-remunerado realizado polas mulleres, cuantificando a contribución deste no ámbito rural á economía do país.
- Apoiar a creación de empresas e consolidar as xa existentes, así como a creación de redes, e potenciar a comercialización de produtos elaborados por mulleres rurais.
- Orientar a formación profesional de maneira que permita a incorporación das mulleres novas ás estruturas económicas, favorecendo a diversificación de actividades e a potenciación dos novos xacementos de emprego.
- Fomentar as cooperativas de servizos e de comercialización de produtos vinculados co desenvolvemento dos sectores produtivos do ámbito primario.
- Desenvolver programas formativos específicos dirixidos aos colectivos de mulleres que traballan en actividades relacionadas co sector pesqueiro e marisqueiro, co fin de favorecer unha maior cualificación e recoñecemento legal de moitas destas actividades.
- Elaborar un censo que recolla os casos de mariscadoras en idade de xubilación que non teñan cotizado o mínimo necesario para acceder a unha pensión contributiva, para así conseguir o recoñecemento dun complemento retributivo.
- Levar adiante as accións oportunas ante a Administración Xeral do Estado para o recoñecemento das doenzas derivadas das profesións fortemente feminizadas, como pode ser no sector do marisqueo, conserva, ou agrario.

III.5.2.4. As mulleres no ámbito científico e de investigación.

Un dos grandes retos de futuro é incorporar as mulleres á xestión da I+D+i. Neste ámbito o labor do nacionalismo do goberno foi pioneira polo compromiso do BNG. A ampliación e fortalecemento do traballo desenvolvido require as seguintes medidas:

- Continuar co traballo iniciado na Unidade de Mulleres e Ciencia de Galiza, incrementando os recursos destinados a esta.
- Desenvolver un Plan Estratéxico do Programa Galego de Muller e Ciencia.
- Potenciar o Centro de Iniciativas Empresariais e Innovadoras Femininas, posto en marcha a finais de 2008.
- Crear un programa de axudas destinadas a favorecer a contratación feminina en empresas de base tecnolóxica e institutos tecnolóxicos e de innovación que desenvolvan a súa actividade en sectores onde as mulleres se atopan infrarrepresentadas.

III.5.2.5 Fomentar a participación social das mulleres.

O BNG acredita na importancia da participación das mulleres en todos os eidos. Este obxectivo estivo presente no apoio do movemento asociativo, no desenvolvemento de programas innovadores como foi o caso de Tempos de Mulleres e na dotación de novos recursos como o Centro para Mulleres de Panxón. As seguintes medidas permitirán a continuidade do traballo realizado nesta dirección:

- Promover actuacións de fortalecemento do asociacionismo de mulleres, resaltando o seu valor social en beneficio das mulleres e do conxunto da sociedade.
- Impulsar medidas que incentiven unha maior participación e organización das mulleres novas.
- Levar adiante accións positivas que incrementen a presenza activa de mulleres, tanto na base como nas direccións, naqueles ámbitos ou sectores onde se teñen índices de participación desiguais.
- Promover o desenvolvemento de redes de interrelación entre as asociacións de mulleres de diversas categorías: profesionais, rurais, feministas, deportivas...

III.5.2.6. A intervención social con mulleres para a igualdade

O BNG fortaleceu os recursos de Igualdade desde unha visión de país e en rede, creando equipos de Igualdade que desenvolveron programas como Igludadeinforma ou Tecendo Redes. Co fin de dinamizar e estender a rede apostaremos desde o goberno polas seguintes medidas:

- Potenciar a rede comarcal de dinamización da igualdade, promovendo unha intervención comunitaria –profesionalizada e con perspectiva feminista– que forme e sensibilice a todos os axentes do territorio, ao tempo que fomenta a creación dun maior asociacionismo e vigoriza o tecido existente.
- Garantir o dereito das mulleres a ter uns servizos de información e asesoramento en todo o territorio, que actúen baixo criterios de profesionalidade e con carácter multidisciplinar.

III.5.2.7. As mulleres e a saúde

As mulleres veñen sendo interlocutoras entre as familias e o sistema de saúde por seren as usuarias maioritarias e por exercer tamén maioritariamente de coidadoras; isto fai que a incorporación da perspectiva de xénero na atención sanitaria sexa imprescindible para mellorar os servizos sanitarios.

Neste ámbito o BNG adoptará as seguintes medidas:

- Implantar, ao longo da lexislatura, o Programa de Atención ás Mulleres en todos os centros de atención primaria, garantindo as seguintes prestacións básicas: control e planificación da fecundidade, control de doenzas de transmisión sexual, control do embarazo, atención á menopausa e detección precoz do cancro xenital e de mama.
- Subsidiar os métodos anticonceptivos a cargo dos fondos propios do Goberno galego, mentres non se consiga a súa inclusión nas prestacións do Sistema Estatal de Saúde.
- Garantir o acceso á pílula poscoital nos servizos de atención primaria e de urxencia.
- Garantir o dereito ao aborto na rede sanitaria pública galega, establecendo un centro público de referencia en cada área sanitaria ligado a un COF no que se realicen funcións de apoio e asesoramento sobre anticoncepción.
- Humanizar e mellorar a atención ao parto e puerperio, garantindo a aplicación das recomendacións da OMS, e particularmente o acceso á epidural en toda a rede de hospitais, extensión de preparación ao parto a todo o territorio, dotación en toda a rede hospitalaria pública da oferta de parto natural.
- Programa específico para diminuír as listas de espera en xinecoloxía.
 - a. Creación dun programa de detección precoz e prevención do cancro de cervix.

- b. Ampliación progresiva da idade de cobertura dos programas de detección precoz do cancro de mama, e introdución de melloras que permitan axilizar o diagnóstico.
- c. Creación dun programa de atención para o período da menopausa e do climaterio.
- d. Formación do persoal sanitario en relación coas cuestións da saúde que afectan especificamente ás mulleres.
- e. Incorporar liñas de traballo e incentivos para afondar na investigación sobre a saúde das mulleres.
- f. Potenciación de prácticas de vida saudábeis, fomentando as prácticas deportivas e unha alimentación sa.

III.5.2.8. Cultura e deporte desde e para as mulleres

A columna vertebral de Galiza é a nosa cultura. Polo tanto a presenza das mulleres como suxeitos creadores é un aspecto básico da nosa acción de goberno. As medidas que se adoptarán neste sentido son as seguintes:

- Crear o Centro de Documentación das mulleres galegas.
- Potenciar o papel das mulleres como creadoras, establecendo nas diferentes axudas públicas medidas de acción positiva que teñan como obxectivo incrementar a visibilidade do seu traballo.
- Crear programas específicos que divulguen o papel das mulleres en xeral, e das galegas en particular, nos diferentes períodos históricos e en diferentes disciplinas.
- Promover medidas que incrementen o acceso das mulleres á cultura en xeral.
- Elaborar un Plan Galego para a práctica Feminina do Deporte que teña por liñas estratéxicas a investigación sobre a práctica do deporte feminino en Galiza, a formación en igualdade de adestradoras/es e persoal deportivo, o fomento de medios e recursos para as mulleres deportistas, o incentivo da presenza das mulleres en funcións de dirección, ou a promoción dun trato igualitario por parte dos medios de comunicación do deporte feminino.

III.5.3. Un novo pacto social en materia de xénero

Para poder establecer un novo pacto social que valore por igual os traballos realizados por homes e mulleres e camiñe cara a unha sociedade sen estereotipos sexistas, necesitamos mudar a orde simbólica que asigna papeis tan diferenciados a homes e mulleres. Para impulsar este novo pacto social débense deseñar accións que incidan na educación, na atención a todas as formas de familia e no apoio aos homes que avogan pola creación dunha nova masculinidade.

- Elaboración dun Plan Xeral de Coeducación fundamentado no principio de igualdade entre mulleres e homes en todas as etapas educativas, nos currículos, nos contidos dos libros e materiais, nos cursos de formación do profesorado, establecendo medidas para recoñecer o papel das mulleres na Historia, no Pensamento e na Ciencia, e fomentar a participación equitativa de mulleres e homes en todas as ramas do saber e itinerarios formativos, sobre todo nas áreas científico-tecnolóxicas.
- Deseño e impulso dun Plan galego para a educación afectivo-sexual que se aplique coordinadamente nos centros de ensino, nos centros Quérote, no programa Tecendo Redes de educación familiar e nos centros de atención primaria.
- Incorporación da perspectiva de xénero a todas as políticas de familias.
- Desenvolvemento de programas para favorecer a mediación familiar extraxudicial e intraxudicial nos casos de ruptura da unidade de convivencia. Garantíranse así mesmo os dereitos dos cónxuxes á custodia compartida.
- Recoñecemento de novos modelos familiares.
- Posta en marcha de axudas dirixidas a todos os fogares galegos, dotadas en función dos recursos económicos, dando prioridade ás familias monoparentais.

- Creación do Observatorio galego para as novas masculinidades que terá entre outras funcións o impulso de novos papeis sociais e a redefinición da masculinidade.
- Apoio ao asociacionismo e ás accións dirixidas ao fomento da corresponsabilidade e contra a violencia machista. Para isto fomentárase a creación dun Programa Galego de Homes polo rexeitamento social á violencia machista.

III.5.4. Un paso adiante na corresponsabilidade

Un dos aspectos básicos para conseguir a igualdade é a redistribución dos usos dos tempos. O BNG no goberno levou adiante medidas innovadoras que serán complementadas coas seguintes:

- Elaboración dunha Lei Galega do Uso dos Tempos na que se recollan medidas como a flexibilización dos horarios na administración pública galega, nos servizos de atención ao público ou a adopción de medidas que favorezan o gozo de permisos familiares.
- Fomento e gozo do permiso de paternidade e a redución de xornada como estratexia de corresponsabilidade, así como a elaboración de plans de corresponsabilidade coas empresas.
- Se unha das aposta claves na área de Igualdade foi a Rede de Galescolas, poranse en funcionamento 10.000 prazas públicas de educación 0-3, estendendo e consolidando deste xeito a Rede de Galescolas.
- Deseño dun Plan xeral de Servizos para a Infancia no que se creen novos servizos que dean saída ás novas necesidades das crianzas e das familias, tales como a extensión progresiva da rede de Kanguras a todo o territorio galego ou a creación dunha Rede de Centros de Xogo.
- Garantir un servizo completo de comedores en todas as etapas educativas.

III.5.5. Violencia de xénero

A Lei Galega para a Prevención e o Tratamento da Violencia de Xénero, promovida desde a Vicepresidencia da Xunta e aprobada no parlamento galego por unanimidade, marca a dirección das políticas contra a violencia de xénero que se deben desenvolver. O traballo iniciado polo BNG no goberno precisa ser completado con actuacións decididas nos eidos educativo e sanitario. A reclamación de competencias estatais neste ámbito de actuación é fundamental para garantir intervencións rigorosas e eficaces.

- Avanzar na garantía de seguridade e atención integral desde servizos públicos ás vítimas directas e indirectas da violencia de xénero, co obxectivo de que recuperen a súa autonomía persoal, económica e emocional, nomeadamente na atención médica e psicolóxica, e acompañamento legal e de inserción laboral e recursos de conciliación.
- Dotar de maiores recursos a Rede Galega de Acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero. Completarase o modelo do Centro de Recuperación Integral e do Centro de Emerxencia a todo o territorio.
- Incorporar a programación educativa en infantil, primaria e secundaria da prevención da violencia de xénero, a promoción dos bos tratos e a resolución pacífica de conflitos.
- Capacitar para a intervención en violencia de xénero na formación nas especialidades máis directamente vinculadas como medicina, dereito, educación social, traballo social, psicoloxía...
- Promover o rexeitamento e a acción cidadá contra a violencia de xénero establecendo dispositivos de participación.
- Diversificar as axudas económicas ás vítimas de violencia de xénero para adecualas ás diferentes situacións co fin último de promover a súa autonomía económica.
- Incorporar a atención psicolóxica clínica a vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na atención primaria en coordinación coa especializada tal como marca a lei 11/2007 para o que se establecerán as incorporacións precisas de especialistas nos centros de saúde.
- Pór en marcha un protocolo de información, detección e prevención da violencia de xénero na atención primaria sanitaria e nos servizos sociais.

- Adaptar, difundir e cumprimentar protocolos de detección precoz da violencia de xénero na sanidade pública.
- Unificar os dispositivos de alarma e crear un sistema galego de alarma con cobertura GPS que estea conectado á policía galega.
- Dotar de estabilidade temporal ao programa de asistencia xurídica gratuíta, con publicidade e difusión da súa existencia.
- Crear unidades específicas, dentro dos Corpos e Forzas de Seguridade, no marco organizativo dunha verdadeira Policía Autonómica.
- Realizar un programa oficial galego de promoción dos 'bos tratos' e prevención da violencia de xénero, co obxectivo de desnaturalizar a violencia como forma de relación entre nenos e nenas e proporcionar recursos afectivos e emocionais para unhas relacións de igualdade entre os sexos.

III.6. Mocidade

A mocidade galega foi un dos sectores máis desprotexidos e desfavorecidos durante moitos anos de Goberno do PP. Coa entrada do BNG no Goberno da Xunta de Galiza, a mocidade comezou a ter un espazo propio e ben definido, atendendo as súas necesidades específicas e esforzándose en dar respostas a esas necesidades.

A Xunta de Galiza impulsou nesta última lexislatura, medidas que viñan sendo demandadas desde hai tempo pola poboación xuvenil. Os Centros Quérote ou a Rede Galega de Locais de Ensaio son só dous exemplos deste compromiso. A chegada do BNG á Xunta de Galiza supuxo tamén desterrar vellas formas de entender a política, superáronse os discursos paternalistas e os prexuízos que criminalizaban as formas de expresión da mocidade. En troques, agora son os mozos e mozas o centro do debate e o núcleo de acción da creatividade aplicada a todos os campos: cultura e creación, ciencia e innovación, voluntariado...

Durante anos, a carencia de medidas deseñadas e pensadas desde a propia realidade da mocidade galega, tiña provocado que o acceso a un traballo estábel ou a unha vivenda propia se convertesen en artigos de luxo ao alcance dunha minoría. Tanto a vivenda como o traballo son agora eixos fulcrais de actuacións políticas que procuran un cambio estrutural que se plasme en novos escenarios, de vivenda e laborais, acordos coas situacións e demandas da mocidade deste país. Mais a acción do BNG tamén se preocupou por abrir a Administración á participación directa e ao fomento do asociacionismo xuvenil, por enmarcar a política galega nos parámetros de normalización nacional e de progreso, e por impulsar o marco legal que permita un novo estatus político para a mocidade galega. En resumo, a actuación do BNG partiu do compromiso por sentar as bases para que a mocidade galega teña voz e participación directa na política xuvenil, e conseguir que esta sexa unha política prioritaria para o Goberno galego en todas as súas ordes.

A alternativa para Galiza que plasma o BNG non pode ser entendida sen a participación e a achega da mocidade galega. Unha contribución que, ademais da mellora das condicións de vida materiais dos mozos e mozas deste país, procura tamén construír unha Galiza de seu, cos piares postos na xustiza, na liberdade e na igualdade. E a mocidade galega non pode ter garantido un futuro digno, como tampouco un presente, á marxe das propostas e das alternativas que encarna o nacionalismo galego, verdadeiro motor e impulsor da transformación de Galiza.

Desde o BNG acreditamos en que a presenza do nacionalismo no Goberno galego serve non só para garantir actuacións e políticas en beneficio da mocidade e da maioría da sociedade galega senón tamén para que Galiza sexa un suxeito político con dinámica propia e centrada no propio país. Cuestións ambas que están na cerna do proxecto e do compromiso de traballo que o BNG encarna.

III.6.1. Medidas de carácter institucional

- Creación dunha Secretaría Xeral da Mocidade, que conxugue a capacidade para desenvolver directamente políticas xuvenís, coa coordinación interdepartamental das diferentes áreas do Goberno galego.
- Aprobación e desenvolvemento da Lei Galega da Mocidade, como instrumento que permita elevar o rango das políticas xuvenís, favoreza o exercicio pleno dos dereitos da mocidade galega e garanta unha actuación transversal por parte dos poderes públicos galegos. No marco desta lei, procederase a unha revisión da Lei do Consello da Xuventude de Galiza, co fin de favorecer unha real dinamización deste órgano consultivo, abrindo esta institución ao conxunto das asociacións xuvenís para favorecer a súa democratización e potenciar a creación de consellos locais de mocidade.
- Promoción das funcións e medios do Observatorio Galego da Xuventude, potenciando o seu papel como organismo de estudo e análise da situación da mocidade galega e como laboratorio de ideas á hora innovar e deseñar as políticas xuvenís.

III.6.2. Traballo digno para a mocidade Galega

O BNG impulsará a elaboración dun Plano Plurianual de Emprego Xuvenil, que conte coa participación dos axentes sociais e entidades representativas da mocidade e que teña como obxectivo básico materializar o dereito da mocidade galega a ter un posto de traballo digno no país.

O Plano de Emprego Xuvenil abranguerá un conxunto de medidas e programas que permitan a consecución dos obxectivos enunciados e que se asentará sobre as seguintes medidas:

- Reformular as políticas de emprego e formación, articulando programas específicos de mellora de formación e empregabilidade da mocidade.
- Crear un servizo de información sobre os dereitos laborais da xente moza, así como dun servizo mínimo de asesoramento xurídico.
- Garantir orientación laboral e seguimento a todos os mozos e mozas desempregados a través dos servizos públicos de emprego.
- Crear un salario social, destinado a todas as persoas desempregadas, dando prioridade a aquelas que, após un período de formación, buscan o seu primeiro emprego e que na actualidade non perciben ningún tipo de protección social. Esta medida xeraría un chanzo mínimo por debaixo do cal ningún/ha mozo/a estaría disposto a aceptar un traballo, evitándose as contratacións en precario.
- Impulsar os novos sectores de ocupación ligados á satisfacción de necesidades sociais e medioambientais, potenciando a oferta e demanda neses sectores no contexto dunha política integral que permita favorecer as condicións necesarias para un crecemento sostido da ocupación que favoreza un modelo social cohesionado e sustentábel.
- Potenciar actividades intensivas en coñecemento, en especial aquelas relacionada coas novas tecnoloxías –fomentando a utilización do software libre– impulsando a incorporación destas na Administración, empresas e o impulso do autoemprego da mocidade neste ámbito.
- Intensificar as medidas adoptadas na pasada lexislatura destinadas a apoiar a incorporación da mocidade ás actividades primarias mediante o apoio á primeira instalación, á formación, o aproveitamento social das medidas de cese anticipado para promover o rexuvenecemento laboral neses sectores, medidas destinadas á modernización e industrialización dos sectores produtivos básicos e promover a creación de cooperativas e sociedades agrarias de transformación por parte de xente nova que permitan desenvolver e consolidar proxectos viábeis economicamente.
- Estabelecer convenios coas administracións laborais doutras Comunidades Autónomas ou países especialmente receptores de emigración galega, para facilitar a difusión entre a poboación emigrada de información sobre oportunidades de emprego en Galiza e sobre medidas favorecedoras do retorno de emigrantes.

- Reformular o papel das Escolas Obradoiro e Casas de Oficio, mellorando as condicións económicas e laborais e vinculando a súa oferta á realidade socioeconómica galega.
- Promover a estabilidade laboral a través dun programa dirixido a aquelas empresas que utilicen a modalidade de contratación indefinida con traballadores menores de 30 anos, eliminando os incentivos á contratación temporal da mocidade.
- Estabelecer liñas específicas na inspección de traballo para o control efectivo das condicións de traballo da mocidade.
- Estabelecer taxas mínimas de estabilidade nas empresas que accedan a concursos públicos, adxudicacións ou reciban subvencións públicas.
- Potenciar as liñas de apoio á contratación e de fomento do autoemprego para as mulleres novas.
- Apoiar as iniciativas empresariais xuvenís e o cooperativismo, impulsando acordos coas entidades bancarias para a concesión de créditos brandos e avais bancarios para o financiamento destas iniciativas.
- Incorporar ao sistema galego da I+D+I a 5.000 investigadores/as e tecnólogas/os novos/as, creando unha modalidade específica para as persoas con titulación da Formación Profesional.
- Promover o emprendemento de base tecnolóxica para a mocidade, a través da creación de puntos de captación e asesoramento para o desenvolvemento de proxectos empresariais de base tecnolóxica ou intensivos en innovación para os mozos e mozas galegos.
- Promover a incorporación de persoas novas desempregadas como sociais nas empresas de economía social, mediante a cofinanciamento da súa achega obrigatoria ao capital social desta.
- Reservar, nos desenvolvementos de solo produtivo impulsados pola Administración, espazos destinados a promover as iniciativas de autoemprego da mocidade, a través da creación de naves modulares para a implantación de empresas impulsadas pola mocidade, e reservando parcelas a prezos accesíbeis para o seu aluguer por parte de mozos e mozas.

III.6.3. Garantir o dereito da mocidade á vivenda

- Incrementar a oferta pública de vivendas protexidas tanto en réxime de alugueiro como de compra, reservando unha porcentaxe do 35% con adxudicación preferente á mocidade. No caso de vivendas en réxime de alugueiro facilitarase o arrendamento compartido.
- Impulsar, a través de acordos coas universidades e os concellos, a construción de vivendas para o seu aluguer nos campus universitarios sen residencia pública ou cunha oferta menor ao 10% do alumnado, primando as rendas máis baixas na súa adxudicación.
- Manter axudas para a vivenda dos/as estudantes que se despracen a outras comarcas para cursaren os estudos secundarios.
- Impulsar a rehabilitación de vivendas antigas en cascos urbanos. Esta rehabilitación iría asociada á permuta de vivendas coa pretensión de que vivendas rehabilitadas sexan utilizadas en réxime de alugueiro pola mocidade mentres as persoas maiores que vivían nesas casas acceden a vivendas adaptadas ás súas necesidades.
- Promover vivendas protexidas por cooperativas de mozos/as, a través dun programa de información, concienciar e capacitar as asociacións dunha localidade para formar cooperativas que promovan vivendas para xente nova.

III.6.4. Ensino público

III.6.4.1. Ensino obrigatorio e secundario

- Mellora da dotación de equipamento e infraestruturas no ensino medio e nos ciclos formativos.
- Racionalización, extensión e gratuidade dunha rede de comedores públicos nos centros.

- Reestruturación dos horarios contemplando os grupos nocturnos, co fin de favorecer a mozos e mozas que non remataron estudos ou queren compatibilizar a súa formación co desenvolvemento dunha actividade laboral.
- Redacción dunha carta de dereitos e deberes do estudantado en que se recollan o dereito á asemblea, á folga e á liberdade de estudo.
- Incrementar a representación do estudantado nos Consellos Escolares de cada centro e no Consello Escolar de Galiza.
- Eliminación da materia de relixión do currículo escolar.
- Aumento do financiamento dos centros públicos e eliminación dos concertos educativos co ensino privado.
- Cumprimento do Decreto 124/2007 que regula o uso do galego no ensino.
- Elaboración dun plan de coeducación para o sistema educativo galego, apostando por desenvolver unha educación realmente igualitaria e coeducativa e apostando por eliminar o sexismo das aulas.
- Cumprimento da lexislación para a eliminación de nomes e simboloxía franquista nos centros de ensino.
- Reorganización da oferta de formación profesional e bacharelatos co fin de adaptala ás necesidades de Galiza.
- Realización de estudos sobre a situación do mercado laboral, que permitan asesorar nos centros de ensino aos/as estudantes para a súa formación.

III.6.4.2. Ensino universitario

- Elaboración dun novo Plan de financiamento pluriannual das universidades galegas, que dea maior estabilidade ao sistema universitario e que permita reformular o actual sistema de taxas, apostando por reducir o peso das taxas e por conxelar estas nos vindeiros cursos.
- Consecución da transferencia da competencia plena en materia de bolsas para a Xunta de Galiza, redefinindo os criterios de concesión co fin de darlle máis peso aos criterios económicos que os/as académicos/as e axilizando a súa concesión.
- Reclamación do pagamento da débeda histórica contraída con Galiza en materia educativa.
- Implantación das novas titulacións tendo en conta a realidade galega e adecuación das existentes á realidade socioeconómica de Galiza.
- Estabelecemento de prezos públicos para os estudos de posgrao así como a creación dunha política de bolsas públicas para os cursar.
- Creación dunha rede de residencias públicas e oferta pública de vivenda en alugueiro, co obxectivo de cubrir, como mínimo, o 10 % do estudantado matriculado en cada campus.
- Modificación do CAP, incluíndo a posibilidade de que esta formación pedagóxica se imparta dentro das titulacións universitarias, ben como materias optativas ou como créditos de libre configuración.
- Reforzamento das liñas de axudas públicas para promover o asociacionismo universitario.

III.6.5. En Galego temos dereito

- Creación dunha comisión ou organismo entre a Xunta de Galiza e as tres universidades, tal e como establece o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, encargado da planificación, desenvolvemento e seguimento dunha política lingüística universitaria en Galiza merecente de tal nome.
- Incremento substancial da edición de todo tipo de materiais bibliográficos, en todo tipo de soportes, feitos en galego, nomeadamente para aquelas áreas de coñecemento en que este teña unha menor presenza.
- Acordo entre a Xunta de Galiza e as universidades de cara a potenciar e aumentar todo tipo de vocabularios terminolóxicos, dicionarios, glosarios e outras ferramentas no noso idioma válidos para os máis diversos campos de coñecemento e ámbitos profesionais.

- Apoio decidido á produción investigadora universitaria realizada en galego.
- Promoción da edición de libros científicos en galego, tanto en versións orixinais como en traducións desde outras linguas.
- Favorecemento do uso do galego na docencia naquelas titulacións especialmente dirixidas ao ensino non-universitario.
- Garantir que as actividades especialmente dirixidas á mocidade, como campamentos, obradoiros, contacontos, xogos colectivos ou actividades extraescolares, teñan o galego como lingua vehicular e sirvan como ferramentas activas para a dinamización lingüística.
- Desenvolvemento dunha política activa de creación e adaptación para o galego de todo tipo de xogos, libros, audios e outros materiais destinados á mocidade.
- Apoio decidido, tanto na creación/realización como na difusión, a todas as expresións creativas en galego especialmente dirixidas ou pensadas para a mocidade, tales como producións audiovisuais, banda deseñada, grupos musicais, literatura, concursos, certames, festivais etc. Concesión de subvencións e axudas económicas da Xunta condicionadas ao uso do galego.
- Negociación coas distintas empresas de distribución de cinema, audiovisual, banda deseñada, videoxogos, literatura xuvenil máis comercial etc., para que se garanta a presenza normal da nosa lingua, cando menos en igualdade de condicións a outros idiomas oficiais no Estado español. Canto ao cinema, garantirase o cumprimento do disposto no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) de 2004: dobraxe para o galego de, cando menos, 10 filmes ao ano de entre os que presenten maiores expectativas comerciais.
- Creación, no seo da TVG, dun servizo público galego de dobraxe e lexendaxe de cintas de cine e audiovisual que permita aumentar progresivamente o número de títulos que podemos atopar no mercado con opción de audio e/ou lexendaxe en galego.
- Desenvolvemento dunha política activa para a introdución do galego no ámbito do lecer nocturno, tentando incorporar establecementos (bares de copas, discotecas, pubs, salas de concertos etc.) a un uso normalizado da nosa lingua, sinaladamente naquelas zonas de habitual “movida” nocturna en que este continúa a ser o idioma de relación da maioría de mozos/as que as frecuentan. Desenvolver, de acordo con este sector empresarial, programas e campañas específicas de colaboración que leven consigo o uso da lingua e tamén a promoción da música feita en galego.
- Realización periódica de campañas publicitarias e outro tipo de actuacións empregando a imaxe de personaxes galegos de relevo que poidan contribuír a crear referentes sociais positivos na mocidade vinculados co idioma.

III.6.6. Atender as necesidades de transporte

- Estender a gratuidade do transporte ao estudiantado de Bacharelato.
- Incrementar o número de liñas e as frecuencias, atendendo ás necesidades de fomento da intermodalidade, establecendo liñas que permitan unha mellor conexión entre as diferentes modalidades de transporte colectivo: tren, autobús, barco etc.
- Mellorar o servizo de transporte nocturno para mocidade, creando unha oferta estábel durante todo o ano, ampliando as liñas e potenciando, no marco do desenvolvemento de transporte metropolitano a inclusión deste servizo con carácter xeral.
- Impulsar medidas destinadas a adaptar a flota de autobuses ás persoas con problemas de mobilidade.
- Estabelecer medidas que favorezan rebaixas no custo do billete a estudantes e persoas desempregadas.
- Realizar campañas para fomentar o uso do transporte colectivo entre a mocidade.
- Asinar convenios entre a Administración e as compañías aseguradoras co fin de abaratar os prezos dos seguros para a mocidade.

- Incluir a educación viaria de maneira efectiva no ensino medio.
- Impulsar medidas de sensibilización e formación de seguridade viaria.
- Favorecer e potenciar a utilización da bicicleta entre a mocidade, estendendo a creación de carrís-bici naqueles lugares onde sexa posíbel.
- Pór en marcha un programa de promoción do condutor/a alternativa.

III.6.7. Información xuvenil e participación da mocidade galega

- Reformular a Rede de Información Xuvenil existente co fin de impulsar un modelo máis eficaz e que teña maior incidencia á hora de dar solución ás necesidades actuais da mocidade galega en materia de información e asesoramento:
 - a. Superar a súa implantación local, converténdose nun servizo xestionado integramente desde a Xunta de Galiza –en colaboración cos concellos– e de carácter supramunicipal e reorganizando o seu funcionamento a través da acción de campo e ampliación dos seus horarios con aqueles que coinciden co tempo de lecer da mocidade.
 - b. Manter unha rede física de oficinas, ampliando as funcións do persoal non só á información, senón tamén de asesoramento e acompañamento do tecido asociativo xuvenil, impulsando accións nos lugares de reunión e encontro da mocidade.
 - c. Redefinir o concepto de Punto de Información Xuvenil, incorporando á rede puntos físicos nos centros de ensino, ás Casas da Xuventude, Centros Socioculturais e demais instalacións que se visen de interese.
 - d. Crear un novo modelo de dispositivo permanente de información nos Campus Universitarios.
 - e. Potenciar a utilización das TIC como un elemento clave para achegar a información á mocidade.
 - f. Promover no marco da CRTVG a creación de espazos informativos e formativos destinados á mocidade.
 - g. Impulsar accións para trasladar a información con rapidez a través dos diferentes mecanismos dos que se dotará a Rede de Información e Asesoramento Xuvenil, marcándonos como obxectivo que ao remate da lexislatura máis de 100.000 mozos/as do noso país reciban información puntual e periódica da S.X. de Xuventude sobre temas do seu interese.
- Impulsar un Plan de impulso do asociacionismo xuvenil en Galiza de carácter cuadri anual que sirva para recuperar e fortalecer o tecido asociativo xuvenil en Galiza, que cando menos inclúa:
 - a. Melloras no asesoramento e acompañamento na creación de asociacións, peticións de subvencións, realización de actividades, solicitude de instalacións ou infraestruturas etc.
 - b. Creación dun sistema centralizado de consultas de tipo xurídico, económico ou administrativo para as entidades, así como a edición dun catálogo de servizos da Xunta de Galiza ás entidades xuvenís.
 - c. Impulso de campañas específicas de fomento do asociacionismo xuvenil e difusión das boas prácticas das entidades.
 - d. Incremento das subvencións medias destinadas ás asociacións xuvenís, así como a un control exhaustivo do uso destas.
 - e. Creación de “hoteles de entidades” nas sete grandes cidades de Galiza. Esta infraestrutura facilitará o desenvolvemento das actividades das asociacións así como un mellor asesoramento a través de persoal especializado que estará á disposición das entidades que se rexistren nestes viveiros de asociacións.
 - f. Impulso de encontros anuais co tecido asociativo xuvenil.
 - g. Reformulación do Censo de entidades Xuvenís de Galiza.
- Reformulación do Consello da Xuventude de Galiza (CXG) de cara a se converter nun verdadeiro punto de encontro do asociacionismo xuvenil galego e un interlocutor válido deste coa Administración.
- Creación da Rede Galega de Casas da Xuventude, apostando polas seguintes liñas de actuación:
 - a. Realización dunha programación conxunta para todas as casas do país de competencia municipal.

- b. Uniformización dos sistemas de información e servizos de todas elas.
- c. Elaboración dun Código de boas prácticas e formación continua das e dos traballadores destas.
- d. Transferencia ou convenio de colaboración das Casas da Xuventude de competencia autonómica aos concellos onde están instaladas.

III.6.8. Ocio e tempo de lecer alternativo

- Promoción do uso formativo do ocio e o tempo libre. Desde o BNG concibimos que o lecer debe ser tamén a ocasión para a proxección das capacidades e os talentos. Isto supón ofrecer actividades de interese para o colectivo xuvenil que supoñan unha alternativa ás existentes, desde o punto de vista do contido como de metodoloxía participativa e democrática.
- Promoción da normalización da lingua galega nas actividades de ocio e lecer da mocidade.
- Optimización das infraestruturas. Apostar por fortalecer a utilización de instalacións educativas, deportivas, culturais etc., por parte da mocidade, ampliando os horarios e favorecendo a realización de todo tipo de actividades.
- Plan integral de mellora e posta en valor das instalacións xuvenís dependentes da Xunta de Galiza, favorecendo unha maior apertura destas e potenciando a súa modernización e equipamento.
- Creación da Rede Galega de Albergues Xuvenís e promoción do carné de alberguista.
- Creación dunha empresa pública de xestión integral das instalacións xuvenís e o turismo xuvenil.
- Reforzo do programa de transporte nocturno. Incremento de liñas e ampliación da cobertura ao conxunto do territorio galego non centrándoo exclusivamente en período vacacional.
- Diversificación do gozo do lecer nocturno. O BNG aposta por promover actividades que estean fóra dos circuitos comerciais habituais. Actividades gratuítas entendidas como complementarias e non-substitutivas, do que veñen sendo as fórmulas de ocio practicadas habitualmente pola xente nova. Nesta liña, cabe apostar por unha saída consensuada aos problemas do consumo de alcohol na vía pública, entendendo que a prohibición e a persecución non son unha solución real e aumentan a conflictividade e a crispación social. Por iso entendemos que a solución está no acordo entre todos os sectores afectados: mocidade, veciñanza, hostalaría etc.
- Potenciación da Escola de Xuventude e Voluntariado, como centro de recursos e formación.

III.6.9. Promoción de novos/as creadores/as e acceso da mocidade á cultura

- Apoio á creatividade dos/as mozos/as, conformadora tamén da cultura galega contemporánea e futura, potenciando a expresión cultural da mocidade nos diversos eidos, fuxindo da súa exclusivización e pulando polo diálogo en pé de igualdade cos discursos artísticos predominantes.
- Consolidación da Rede Galega de Locais de Ensaio creada na pasada lexislatura, ampliando o número de locais abertos, para o que nos comprometemos a dotar dun local de ensaio a todos os concellos de máis de 15.000 habitantes.
- Incremento e mellora da oferta complementaria aos grupos noveis da rede: formación, asesoramento xurídico, axudas á exhibición e produción musical, introdución e contactos co mundo profesional etc.
- Convocatoria de bolsas formativas e para o fomento da creación para mozos/as.
- Fomento do coñecemento da historia de Galiza a través de diferentes iniciativas sociopedagóxicas novidas como: xogos de mesa, xogos de rol, historia en banda deseñada, campamentos de verán específicos etc.
- Impulso da dobraxe de filmes e promoción de material audiovisual en galego.
- Facilitación do acceso da mocidade ás novas tecnoloxías, nomeadamente ao coñecemento do software libre, prestando unha atención especial á posta en valor de novas fórmulas e espazos de creación a través

da Internet (webs de deseño gráfico, blogues de creación literaria...)

- Promoción da autoorganización da mocidade arredor de asociacións socioculturais, así como o funcionamento dunha Rede Sociocultural Galega como elemento aglutinador que fortaleza a actividade cultural no país.
- Edición de campañas institucionais de espallamento da cultura especificamente dirixidas á mocidade.
- A lingua galega será sempre lingua vehicular en toda a actividade sociocultural de responsabilidade ou con apoio das institucións públicas galegas.
- Realización de campañas institucionais de animación á lectura, pondo especial interese na valorización da nosa tradición literaria mediante campañas específicas sobre autoras e autores clásicos e contemporáneos da cultura literaria galega.
- Revitalización da cultura tradicional, como herdanza do modo de vida e de relacións interpersoais das xeracións precedentes e presentes.
- Recuperación e difusión das nosas tradicións populares, como o entroido, os maios ou magosto, dirixidas especificamente cara á xente nova e potenciando a súa participación.

III.6.10. Comportamentos saudábeis e Calidade de Vida

III.6.10.1 Asesoramento afectivo-sexual

- Remate e consolidación da Rede de Centros Quérote como espazos públicos que garantan o dereito de toda moza ou mozo a acceder de xeito gratuíto a un sistema de información e asesoramento en materia afectivo-sexual, rigorosa, científica e confidencial. Garantirase como mínimo a existencia dun Centro Quérote en todos os concellos de máis de 35.000 habitantes.
- Elaboración dun “Plan estratéxico de promoción e actuación en materia afectivo-sexual para a mocidade galega”, que inclúa como mínimo:
- Intervencións naquelas áreas ou fenómenos nos que mozos e mozas están presentes: obradoiros e charlas en centros educativos, internet, exposicións, audiovisuais, xogos, postos itinerantes, produtos promocionais, radio e televisión, paneis informativos etc.
- Impulsar o debate e creación de pensamento desde Galiza arredor do binomio “mocidade-sexualidade” mediante: estudos periódicos, congresos internacionais, edición de audiovisuais, libros temáticos, unidades didácticas para profesionais e profesorado, impulso de posgraos sobre sexualidade en Galiza etc.
- Actuacións específicas dirixidas á normalización social e asesoramento específico ao colectivo de gais, lesbianas, bisexuais e transexuais.
- Afondar nas actuacións específicas con colectivos de especiais características como foron as persoas con algún tipo de discapacidade ou as que se atopan privadas da súa liberdade.
- Axudas na contracepción e na prevención de enfermidades de transmisión sexual mediante o reparto gratuíto de preservativos, incluíndo dispensadores en centros educativos e puntos de referencia para a mocidade. Campañas de sensibilización e garantir o acceso en todos os puntos sanitarios de emerxencia a pílula postcoital.
- Inclusión dunha materia de educación afectivo-sexual no ensino secundario.

III.6.10.2. Alimentación e Calidade de Vida

O obxectivo é educar a mocidade para que sexa consciente da necesidade de levar uns hábitos de vida saudábeis, polo que se impulsarán estas medidas:

- Campañas periódicas nos centros de ensino.
- Edición de material didáctico para o profesorado.

- Control das comidas nos comedores escolares.
- Cursos orientados a pais e nais para unha educación alimentaria axeitada.
- Fomento das actividades deportivas.

III.6.10.3. Anorexia e Bulimia

- Realización de campañas periódicas de información e sensibilización sobre a anorexia e a bulimia, enfocadas prioritariamente cara ás mozas.
- Mellora dos sistemas de detección destes trastornos e da información sobre estes.
- Ampliación do número de unidades especializadas para o tratamento de trastornos alimenticios dentro do SERGAS, proporcionando unha cobertura adecuada a todo o territorio galego.

III.6.10.4. Drogas

- Programa de información e análise de estupefacientes en lugares de ocio, mediante unha autocaravana acondicionada como laboratorio móbil. Así mesmo habilitaríase tamén unha zona de información e reparto de material “consumíbel” para fomentar pautas de uso seguro.
- Realización de cursos gratuítos para a formación de profesorado de ensino medio e persoal sanitario na prevención da drogodependencia entre a mocidade.
- Programa de prevención de drogas nos centros de ensino medio a través de obradoiros específicos para informar a xente nova sobre os efectos do consumo e abuso de drogas.
- Elaboración dunha “Lei de Drogas” que aborde a cuestión desde unha perspectiva non-criminalizadora e represiva que afonde en criterios de información, prevención e rehabilitación.
- Integración na rede pública sanitaria da rehabilitación física das persoas con drogodependencia.

III.6.10.5. Medidas para o colectivo GLBT

- Elaboraranse campañas que fomenten a autoestima e o coñecemento da problemática das mozas e dos mozos homosexuais e das súas familias.
- Desenvolverase un labor específico na concienciación dos servizos sociais de menores para adaptalos ás situacións de desprotección (violencia homofóbica, suicidio etc.) de moita mocidade homosexual.
- Potenciarase o papel da Rede de Centros Quérote como referencial á hora de abordar a intervención con adolescentes, favorecendo unhas relacións igualitarias e que fomenten o respecto polas diferentes opcións sexuais.
- Potenciarase e iniciárase unha liña de asesoramento gratuíto a nivel legal.

III.7. Emigración

Galiza sufriu intensas e continuas migracións ao longo dos dous últimos séculos, por razóns socioeconómicas e políticas. A emigración galega foi un fenómeno que provocou un impacto demográfico, socioeconómico, cultural e político na nosa sociedade. Consecuencia destes intensos e continuos movementos migratorios, a poboación galega está dispersa polo mundo, existindo polo tanto unha diáspora que forma parte da nosa identidade nacional e que debemos de considerar como parte do noso país.

Este fenómeno demográfico que hoxe, nun mundo globalizado en todos os eidos, tamén está interrelacionado cos procesos inmigratorios cara a Galiza, continúa aínda a afectar a xente nova, formada e cualificada

en Galiza, que procuran un traballo e un futuro dignos lonxe da nosa terra, pois non atopan suficientes posibilidades de desenvolvemento profesional no país acorde co seu nivel formativo ou cun nivel mínimo de dignidade laboral e salarial.

A realidade actual da diáspora galega presenta unha complexa heteroxeneidade, produto dos diferentes tipos de migración do pasado e do presente. Esta heteroxeneidade, ademais da disparidade territorial, implica que malia as diferentes situacións e circunstancias espaciais e vitais, debe promoverse unha política integral cara a diáspora baseada na dignificación desta realidade e no xusto tratamento institucional. Esta política estará ademais estreitamente ligada coa política de acción exterior do Goberno galego, na que terán un eixo fundamental as relacións coas galegas e galegos no mundo, fomentando maior comunicación e unha nova política de proxección internacional para Galiza.

A relación coa poboación galega no exterior debe fuxir da aplicación de criterios paternalistas e partidistas, e basearse na igualdade real e da equidade no tratamento, partindo da aplicación das políticas concretas, adaptando o nivel de relación ás diferentes necesidades e oportunidades e, en especial, partindo da consideración das galegas e galegos residentes no exterior como cidadáns e cidadás suxeitos a dereitos e deberes sociais, culturais e económicos.

O BNG vén afirmando o seu compromiso a prol da igualdade entre os galegos e galegas, con independencia do seu lugar de residencia e polo tanto, legislará para o conxunto da cidadanía galega, cunha política dirixida a unha Galiza global que inclúa a que reside no país como a que reside no exterior. Como plasmación deste, a acción de Goberno do BNG en materia de emigración nuclearase arredor da plena equiparación dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior, que se concreta tanto en facilitar o acceso a un nivel de servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, como en garantir unha participación política de xeito libre e democrático, así como no acceso á nosa cultura e lingua.

III.7.1. Obxectivos

Co fin de atinxir esa igualdade real, o BNG fíxase os seguintes obxectivos:

- Garantir o acceso á información dos dereitos e deberes das galegas e galegos no exterior, obxectivo que non foi aínda cumprido.
- Promover a mellora do nivel de protección e cobertura social dos galegos e galegas emigrados que se atopan en situacións de necesidade e pobreza, partindo da inclusión social como base de relación para garantir a igualdade real e efectiva.
- Garantir uns niveis de cobertura e asistencia social básicos a todas as persoas emigrantes orixinarias de Galiza por medio do establecemento dunha rede asistencial estábel, en colaboración coa Administración central do Estado e cos poderes públicos dos lugares de residencia da poboación galega, en especial onde exista poboación maior con escaseza de recursos.
- Asegurar o financiamento público suficiente para estender e mellorar a rede asistencial e sanitaria á emigración, reclamando ao Estado español, as competencias e orzamento que debería recibir Galiza pola súa poboación no exterior.
- Elaborar unha Lei dirixida ás persoas e entidades galegas no exterior –colectividades galegas e tecido asociativo–, coa implantación dun novo sistema de interlocución e participación, que permita un maior contacto e unha adecuación á realidade, baseada na información mutua entre as institucións galegas e a cidadanía e entidades, con requirimentos en condicións de concorrencia competitiva baseada na igualdade e na información.

- Articular un reparto das axudas públicas ás Comunidades galegas no exterior e tecido asociativo, que erradique o clientelismo e promova accións conxuntas de tipo social e cultural e non-illadas, instando a partillar proxectos e servizos entre colectivos.
- Manter vivos os vínculos lingüísticos e culturais coas persoas de orixe galega e os seus descendentes que residen fóra de Galiza, así como coas colectividades galegas e entidades asociativas organizadas no exterior.
- Favorecer o retorno como opción, e a inclusión social, cultural e económica dos e das emigrantes que retornan, promovendo a información en orixe e á chegada a Galiza a nivel local e autonómico.
- Fomentar as relacións empresariais e comerciais que poidan abrirse cos grupos de empresarios galegos no exterior, así como do fomento das relacións internacionais que abren a existencia de contactos a través da nosa cidadanía, en moitos lugares do mundo.

III.7.2. Medidas de goberno

O Goberno do BNG aplicará as medidas de goberno dirixidas á poboación galega residente na diáspora:

- Realización do Censo Socioeconómico da Emigración Galega no exterior, en colaboración cos poderes públicos dos Estados de residencia das galegas e galegos, en especial de América Latina, co fin de detectar os casos de maior necesidade dun xeito real e non sobre datos aleatorios ou en función de que posúa maior acceso a información das axudas sociais.
- Deseño dun Plano de asistencia sanitaria e servizos asistenciais, con base no Censo Socioeconómico da Emigración Galega, que permita cubrir as deficiencias dos sistemas sociosanitarios de protección social dos países de acollida dos emigrantes galegos que non contan cun sistema sanitario e asistencial con cobertura suficiente e que permita asistir a persoas en estado de necesidade ou pobreza, ou dependencia grave, cun sistema de concorrencia competitiva e publicidade e co estudo de extensión do abano subxectivo destas.
- Eliminación da opacidade e minifundismo das axudas e subvencións existentes dirixidas ás colectividades galegas, así como facilitación da información e supresión das trabas burocráticas existentes; e implantación dun plan xenérico e integral que atenda a obxectivos sociais e culturais, á participación democrática e no seu funcionamento, á normalización lingüística e á igualdade en materia de xénero e de participación e acceso aos e ás descendentes na vida societaria, así como á planificación conxunta de actividades entre varias sociedades.
- Estabelecemento dun plano de retorno para os galegos e galegas emigrados que teña en conta a heteroxeneidade das situacións, que implemente medidas de información, asesoramento, formación, orientación e reorientación profesional, así como igualdade na concesión de prestacións sociais e económicas ás percibidas polas persoas residentes en Galiza.
- Cooperación cos poderes públicos do Estado na consecución de convenios de atención social e sanitaria no exterior e reclamación das transferencias das competencias e orzamento para Galiza que corresponden en función da súa poboación no exterior; negociación da validación dos dereitos recoñecidos noutros Estados e exixencia do cumprimento dos convenios en vigor.
- Política de información e difusión dos dereitos dos galegos e galegas no exterior a través dos medios de comunicación públicos.
- Acceso ao coñecemento da nosa historia, lingua e cultura, coa posta en marcha dun Plano de Acción Cultural Exterior, cun programa de acción internacional de promoción, información e difusión da Lingua e Cultura Galega coa creación do Instituto Castelao de Lingua e Cultura Galega. Promoción dunha maior difusión informativa que posibilite unha relación en igualdade e un maior fomento da realidade do fenómeno migratorio, a través dos medios de comunicación públicos, coa implantación de programas dirixidos

aos galegos e descendentes e implantación dun curso de galego a través da canle da televisión pública e da súa paxina web. Apoio ás escolas de América Latina (Arxentina e Venezuela) onde xa se imparten aulas oficiais de cultura e literatura galega e fomento de convenios coas escolas do Estado español e entidades diplomáticas culturais estatais no exterior, como Consulados e Instituto Cervantes, para a implantación de cursos de lingua e cultura galega a descendentes, así como posibilidade de convenios con escolas públicas en lugares con numerosa poboación galega, e igualmente, posibilidade de impartir en maior número e con recoñecemento oficial, os cursos de galego nos centros galegos.

- Fomento dos intercambios universitarios, e reorganización territorial e funcional do establecemento de lectorados de Lingua e Cultura Galegas, fomentando a instalación en lugares onde exista numerosa poboación galega e descendentes.
- Relación das Delegacións Exteriores da Xunta coa poboación galega no exterior e fomento da cooperación en todos os eidos.
- Fomento das relacións empresariais e dos proxectos emprendedores da diáspora en relación con Galiza.
- Exixencia da reforma da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral co fin de garantir a participación política das galegas e galegos en condicións de igualdade e garantías democráticas, sendo urxente e prioritaria a implantación do voto en urna, e a depuración do CERA, así como a aplicación dun regulamento que evite o masivo falseamento do voto por correo.

III.8. Inmigración

En Galiza o fenómeno inmigratorio comeza a ser obxecto de atención, pois, pouco a pouco, detéctase a presenza de persoas procedentes doutros países, en moitos casos sumidos nunha profunda crise económica e social, que procuran un traballo e unha mellora na súas condicións de vida. Por outra banda, tamén se detecta o retorno de descendentes de emigrantes galegos aos que, en tanto non regularizan a súa nacionalidade, outorgáselles tamén o tratamento legal de persoas “estranxeiras” en Galiza.

A inicios do 2008, os estranxeiros empadroados en Galiza eran 95.122; arredor do 3,4% da poboación total que habita en Galiza. De entre elas hai 79.471 persoas con permiso de residencia: 44.240 comunitarios e 35.231 extracomunitarios. Estímase que o número de estranxeiros en situación administrativa irregular pode chegar ás 15.000 persoas (empadroadas nos concellos e sen permiso de residencia). Delas, unhas 5.000 son extracomunitarias e poden ter situacións xuridicamente complexas.

Se atendemos a poboación inmigrante en Galiza (estranxeiros e retornados) esta increméntase até case as 200.000 persoas constituíndo o 6% da poboación galega. Moitos destes inmigrantes xa teñen a nacionalidade española e son maioritariamente latinoamericanos e europeos.

O asentamento da maioría dos cidadáns/ás estranxeiros/as concéntrase nunha décima parte dos concellos de Galiza, que coinciden coas áreas urbanas, os corredores de conexión entre cidades e a zona da Mariña lucense, reforzando nalgúns casos os desequilibrios territoriais do asentamento de poboación galega nestes últimos anos. Por nacionalidades, os estranxeiros son maioritariamente de Portugal (18%), Colombia (13%), Arxentina (8%) e Marrocos (7%).

O BNG concibe Galiza como unha nova terra de acollida onde a inmigración sexa concibida como unha oportunidade de enriquecemento cultural e social para inmigrantes e para galegos e galegas; como simbiose entre pobos e persoas que se complementan. Polo tanto, o BNG impulsará unha política global

que promova a integración social e a convivencia intercultural. O BNG desde o Goberno galego, aínda coas súas limitadas competencias, deberá analizar a realidade social e abordar a problemática de inmigración, aínda coas súas limitadísimas competencias, desde unha perspectiva comprensiva e integral desta.

O Bloque Nacionalista Galego aspira a que Galiza deseñe unha política propia de inmigración, e desde o Goberno galego fixaranse os seguintes obxectivos en materia de inmigración:

- Garantir os dereitos e liberdades das persoas inmigrantes asentadas en Galiza, equiparándoos aos dos galegos e galegas.
- Impulsar o coñecemento e a integración na lingua e cultura galegas por parte dos inmigrantes.
- Favorecer a inserción socio-laboral das persoas inmigrantes.
- Combater o racismo e a xenofobia.
- Manter un diálogo fluído cos representantes dos colectivos de inmigrantes e cos axentes sociais en calquera materia que atinxa á integración social dos inmigrantes na sociedade de acollida.

Para acadar eses obxectivos, o BNG despregará as seguintes medidas de goberno:

- No avance cara ao exercicio polas institucións galegas dunha política propia e exclusiva en materia de inmigración, solicitarase inicialmente a transferencia a Galiza das competencias sobre a xestión dos continxentes de estranxeiros e inmigrantes.
- Artellarase un Plano Galego de Integración Social dos Inmigrantes que leve consigo:
 - a. A prestación de servizos de información e asesoramento específico a todas as persoas inmigrantes que residan en Galiza, organizando nas cidades galegas, así como nas principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira en Galiza, Puntos de Atención para Inmigrantes dentro da Atención primaria.
 - b. A creación dun Servizo Galego de Mediación Social Intercultural, concibido dentro dun espazo interdisciplinar dedicado á investigación, formación e intervención social no ámbito das migracións, as relacións interétnicas e o desenvolvemento social.
 - c. Canles de intercambio de información, asesoramento, cooperación e coordinación con todas aquelas institucións, asociacións ou profesionais que traballen con inmigrantes.
- Redefinirse e potenciarase o Observatorio Galego sobre as Migracións, para ofrecer unha visión actualizada de todos os movementos de poboación en termos cuantitativos e cualitativos.
- Estabeleceranse espazos de encontro entre o tecido asociativo, os sindicatos, os partidos políticos e as administracións local e autonómica para a abordaxe consensuada e coordinada dos criterios básicos e as liñas de actuación en materia de inmigración.
- Impulsarase, en colaboración co Goberno central, a creación de oficinas das Comunidades Autónomas nas embaixadas e consulados do Estado para interceder na realización da contratación en orixe.

IV. Avanzando no desenvolvemento económico e o emprego

IV.1. Avanzando cara a unha economía baseada no coñecemento

A crise actual pon de manifesto os límites dun modelo produtivo guiado por criterios de investimento virados para o curto prazo, de carácter máis ou menos especulativo. Entre outras consecuencias, a profunda crise económica que estamos a vivir é unha oportunidade para redefinir o noso modelo produtivo e o tipo de especializacións predominantes na dirección dunha economía baseada no coñecemento, máis produtiva e sustentábel. Unha reorientación nesa dirección implica a todas as políticas do goberno, desde a educación

á política de solo, desde a política fiscal á política medioambiental, desde as políticas laborais ás políticas sectoriais, mais entre todas elas ocupa un lugar central e clave as políticas de I+D e innovación e a política industrial en xeral. Todas elas conxuntamente, coas accións que poñen en marcha e coa súa incidencia sobre o resto dos axentes que conforman o sistema galego de innovación, determinan a dinámica económica do noso país.

O BNG aposta polo reforzamento do contido en coñecemento de todas as actividades produtivas, sexan novas ou maduras, e por reforzar a especialización cara a aquelas actividades máis intensivas en coñecemento. Iso require un esforzo público para a creación dos recursos e da contorna necesarios: persoas altamente cualificadas, estruturas de investigación e tecnolóxicas acaídas, recursos financeiros e sistema de incentivos, regulación e estratexia de longo prazo etc.

IV.1.1. Visión estratéxica da política científica e de Innovación

Existe un consenso crecente sobre o papel chave que desempeñan os sistemas de I+D+i no desenvolvemento socioeconómico dun territorio. Existe unha correlación positiva entre o nivel de renda per cápita dos países e a porcentaxe de gasto en I+D+i sobre o PIB. Fronte ás visións simples que consideran a existencia dunha relación directa entre gasto en I+D e crecemento económico, os estudos máis recentes mostran que o seu impacto máis importante verificase a través vínculos máis complexos como a elevación da cualificación do persoal que asimila os resultados da investigación nas aulas universitarias. Por iso o BNG defende a vinculación forte entre as actividades de investigación e a docencia de alto nivel como a vía máis certa de transferencia do coñecemento desde o sistema de investigación, en especial o universitario, ao sistema produtivo. A efectividade desa transferencia require que o sistema produtivo sexa quen de incorporar os licenciados e doutores que se forman nas universidades, en postos de traballo co perfil apropiado para a valorización do potencial deses recursos humanos altamente formados e especializados. Por iso, o BNG considera de grande importancia vincular a política de investigación e formación de titulados coa política de inserción laboral, tanto na empresa como na administración e nos servizos públicos.

Na realidade, máis alá da visión estreitamente produtiva, a ciencia constitúe o elemento clave da configuración dunha sociedade avanzada, tanto pola vinculación co desenvolvemento tecnolóxico como pola contribución ao coñecemento humano en xeral. A creación e difusión deben ser obxectivos esenciais da acción dos poderes públicos porque contribúen a elevar o nivel material e cultural da sociedade, enriquecendo os individuos que o posúen. Máis alá das visións produtivistas miopes, a elevación do nivel científico dunha sociedade é un ben en si mesmo, maior canto máis elevada sexa a súa socialización e o número de persoas que participan e se benefician dela. Nese sentido, todas as ramas da ciencia deben ser promovidas e non só aquelas que teñan unha aplicabilidade produtiva máis inmediata.

A utilidade da ciencia reside no aumento da cantidade de coñecemento posto a disposición da sociedade no seu conxunto; por iso o BNG é defensor dun modelo de ciencia aberta, pública e con vocación de utilidade para o conxunto da sociedade. Fronte ás visións reduccionistas que se fixan exclusivamente nos resultados da ciencia directamente aplicados á produción industrial, cremos que a principal contribución da ciencia reside na ampliación do coñecemento das persoas que interveñen nas diferentes áreas e funcións da actividade produtiva. Nese sentido, son as persoas educadas e formadas nas diferentes ramas da educación universitaria as que constitúen o principal activo, o vector clave para o cambio e a innovación. Por iso, o BNG reforzará e mellorará o sistema universitario público como panca esencial de ampliación da capacidade de creación de novo coñecemento e como instrumento privilexiado para aumentar o número de cidadáns/ás que acadan os niveis superiores de ensino.

Tamén é importante o papel directo da I+D na realización de innovacións. Conseguir esa aplicación práctica da investigación e o coñecemento é o obxectivo da política de innovación, como forma de contribuír ao crecemento económico e ao benestar da poboación. Esta transferencia ou aplicación directa da investigación en innovacións pode realizarse a través de empresas mais tamén a través de servizos públicos, como a sanidade ou a Administración. O BNG considera moi importante a valorización dos resultados da investigación pública a través dos servizos públicos, aspecto normalmente descoidado nas políticas neoliberais dos últimos tempos. Así mesmo, consideramos de grande importancia o establecemento de mecanismos que faciliten que as empresas poidan utilizar directamente resultados da investigación pública, así como a existencia de relacións de colaboración investigación pública-sector privado, sempre e cando non impliquen unha monopolización permanente do seu uso por parte dun axente privado singular nin a submisión do coñecemento científico aos intereses dunha empresa particular, sobre todo cando poidan chocar cos do conxunto da sociedade. A gran virtude do sistema público de investigación é producir coñecemento libre, público, non-privativo nin monopolizado.

Cómpre ter presente que as relacións entre todos estes axentes –investigadores/as, persoal formado, empresas e servizos públicos– son complexas e diferentes segundo os campos. Por iso, é necesario que non exista unha subordinación a priori duns elementos sobre outros. Da diversidade de lóxicas e da súa cooperación xorden os efectos máis beneficiosos. Nese sentido, consideramos superadas as ideas dunha separación completa entre a investigación pública e o mundo da empresa mais tamén consideramos empobrecedoras a longo prazo certas ideas de moda nos últimos anos que preconizan a submisión da investigación pública ás necesidades inmediatas e aos ditados das empresas. A coevolución de ambas as compoñentes é a perspectiva máis exitosa.

Claro está que para que esa coevolución sexa efectiva precisamos un tecido empresarial cunha maior capacidade tecnolóxica propia, que facilite esa interacción. Iso pasa pola incorporación de técnicos e licenciados nas empresas, creación de equipos ou departamentos de enxeñaría ou I+D no seu seo. Isto lévanos a nos enfrontar a limitacións estruturais importantes no noso país como son o tipo de sectores maduros predominantes e o predominio de empresas de reducida dimensión. Cando as empresas individualmente non están en condicións de contar con departamentos de I+D propios a solución pasa pola colaboración, a creación de centros tecnolóxicos etc. Por iso o BNG vén aplicando desde o goberno unha política de reforzamento da rede de centros tecnolóxicos e favorecendo o establecemento de redes de colaboración entre empresas, empresas e centros ou empresas e universidades. Nuns casos de xeito estábel e noutros para a realización de proxectos de I+D concretos.

Outra vía para realizar esa transferencia é a creación de empresas baseadas na I+D. Algúns resultados da investigación poden dar lugar á aparición de novos bens ou servizos, cuxo carácter novidoso pode requirir a posta en marcha dunha nova empresa que os produza e comercialice. Esa é unha vía moi importante para a diversificación do tecido produtivo e, polo tanto, para o crecemento económico a longo prazo.

Todos estes aspectos empezaron a tomarse en consideración na última lexislatura mediante a aprobación e posta en marcha do Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (INCITE) que, a diferenza do acento no capital fixo das políticas dos gobernos do PP, agora reforza as accións dirixidas á incorporación de capital humano, ao reforzamento das estruturas de investigación, ao impulso á I+D empresarial e a creación de estruturas potenciadoras da cooperación tecnolóxica. As medidas adoptadas permitiron elevar en dous anos o esforzo en I+D en Galiza até o 1,03 % do PIB. Tamén se conseguiu aumentar significativamente a proporción representada polo gasto en I+D executado no sector privado, que pasou de pouco máis do 30% no 2005 ao 55,3% de 2007, grazas tanto ao forte incremento do financiamento público como ao aumento do gasto financiado

polas propias empresa. En todo caso, a acción de goberno do BNG impulsou un cambio de cultura empresarial, pasando a considerarse a I+D como estratéxica para o futuro empresarial.

A experiencia deste Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (INCITE) en vigor e as novas ideas conformarán o novo Plan de I+D+i para o período 2011-2015.

O BNG seguirá a impulsar o incremento do gasto en I+D tanto no sistema público como no privado. O apoio á investigación libre, con criterios de ciencia aberta, primando a atención aos problemas de interese xeral para o conxunto da sociedade, será o eixo vertebrador da política impulsada polo BNG. De xeito prioritario, ese apoio á I+D centrarase nun reforzamento daqueles campos científico-técnicos nos que o noso país ten unha forte especialización, experiencia e potencial de aproveitamento; así mesmo, cómpre apostar por determinados campos científicos e tecnolóxicos de futuro, ben seleccionados, nos que exista a posibilidade de abrir novas ventás de actividade. No relativo á I+D con maior grao de aplicabilidade inmediata, a acción governamental liderará o proceso con fortes incrementos no financiamento, nun contexto no que se definan os sectores polos que se pode e se debe apostar. Estes deben medrar en torno á creación de tecnoloxía, polo que a acción do BNG apostará por tecnoloxías transversais, que alimenten a distintos sectores produtivos para facelos menos dependentes tecnoloxicamente mais tamén por aquelas especializacións sectoriais nas que teñamos potencialidades certas ou constitúan apostas estratéxicas de futuro.

A política de I+D+i non asenta exclusivamente na inxección de recursos financeiros senón que é igualmente importante a articulación e organización do sistema, favorecendo a cooperación e a creación de sinerxías entre os axentes que o compoñen. Co actual Plan Galego, o BNG apostou claramente por superar a fragmentación, mediante a cooperación interempresarial (clusters e Plataformas tecnolóxicas) e a externalización das actividades de I+D+i cara a centros especializados (Centros Tecnolóxicos). Esta vía aberta debe consolidarse e avanzar cara a obxectivos aínda máis ambiciosos mediante a conformación dunha nova arquitectura do sistema galego de innovación, obxectivo para o que o BNG propón a creación da Axencia Galega de Innovación.

O Plan Galego de I+D+i (IN.CI.TE 2006-2010) impulsado pola Consellaría de Innovación e Industria na lexislatura que remata foi un paso adiante moi importante para mudar a situación herdada de anos de desleixo dos gobernos do PP e constitúe unha referencia a partir da que pretendemos dar novos pasos con este programa de goberno.

IV.1.2. Políticas para fortalecer e dinamizar o Sistema Galego de Innovación

O sistema galego de innovación está integrado por todo o conxunto de axentes privados e institucións que participan directamente na creación de coñecemento e innovacións e tamén todos aqueles que crean as condicións para o seu financiamento e funcionamento. Polo tanto, engloba as empresas, as universidades e centros de investigación, as administracións públicas, o sistema financeiro, o sistema educativo etc. A política de I+D e de innovación debe contribuír a reforzar as capacidades de cada un deles e a mellorar a articulación entre eles para incrementar a súa eficacia.

Para facer posíbel a construción e funcionamento harmónico do Sistema de Innovación Galego, o goberno do BNG desenvolverá os seguintes programas estratéxicos onde se definen os principais obxectivos a acadar e as actuacións a realizar.

IV.1.2.1. Nova arquitectura do sistema galego de innovación: Axencia Galega de Innovación e desenvolvemento Industrial (AGIDI)

O BNG creará unha Axencia Galega de Innovación e desenvolvemento Industrial (AGIDI), que deseñe unha estratexia de innovación para o noso país e integre e articule todas as actuacións hoxe dispersas, dándolle unha cobertura institucional que garanta esa articulación das diversas liñas de actuación, lles dea coherencia, maximice os recursos obtíbeis e optimice a utilización dos recursos dispoñíbeis, propios e alleos.

A AGIDI permitirá a superación dos problemas de coordinación entre os diferentes departamentos con competencias en materias de I+D e innovación e, sobre todo, creará as condicións para unha xestión coordinada das infraestruturas, centros e recursos dedicados a esas actividades e dependentes da Xunta de Galiza.

A AGIDI irá acompañada da definición dunha carreira profesional para todo o persoal científico-técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e prestación de servizos tecnolóxicos da comunidade autónoma.

Concíbese como unha nova xeración de instrumentos de apoio ao desenvolvemento do económico e transformación do sistema produtivo no contexto dunha economía baseada no coñecemento, na que o crecemento asenta tanto na diversificación e modernización do sector industrial como do sector servizos e particularmente da industria e dos servizos intensivos en coñecemento. Debe crear as condicións para a introdución da innovación como un fluxo continuo nas actividades produtivas xa implantadas no territorio e para a continua diversificación vía spin-offs desde as actividades existentes ou vía atracción de novas actividades desde o exterior, sabendo que o factor clave para esa atracción reside na capacidade de ofertar un contorno innovador, rico en recursos humanos cualificados, servizos avanzados e provedores especializados.

IV.1.2.2. Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación

No marco da configuración da Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial, o BNG continuará desenvolvendo nesta nova lexislatura o programa de articulación do Sistema Galego de Innovación, pondo en marcha unha segunda fase na que os novos instrumentos construídos no últimos anos deberán consolidarse e imbricarse para que funcionen como un auténtico Sistema de Innovación. Este programa ciméntase en tres eixos de actuación: a creación de centros de investigación e innovación; a construción de plataformas tecnolóxicas, auténticos consorcios de todos os axentes representativos dos sectores estratéxicos para Galiza; e a posta en disposición de solo tecnolóxico que permita o desenvolvemento de auténticos parques científicos e tecnolóxicos. Este programa constitúe o centro neurálxico do Plan galego de I+D+I (INCITE) e incide de xeito transversal en todas as demais accións e programas do Plan.

Unha axeitada articulación do sistema galego de innovación baséase en favorecer a colaboración entre os distintos axentes do sistema, de maneira que a posta en común dos seus recursos e as súas necesidades faga posíbel a complementariedade entre eles. Esa colaboración ten que reforzarse tanto entre os diversos axentes de cada un dos subsistemas (científico, tecnolóxico, empresarial) como entre axentes dos diferentes subsistemas. Con este fin, o INCITE creou e consolidou 17 plataformas tecnolóxicas, que se interrelacionan a través dunha rede corporativa chamada NEURONA, que integra e relaciona a case mil empresas, un gran número de grupos de investigación universitarios e centros tecnolóxicos.

Un sistema de I+D+I, ben articulado e fortalecido, permitirá crear un sistema dinámico e interdependente de ciencia, tecnoloxía e empresa, que facilite a transferencia de coñecemento á sociedade. Ese marco permitirá unha relación máis fluída entre a investigación e o sistema produtivo, tanto o constituído por empresas como por servizos públicos.

Por iso, o BNG impulsará a coordinación e xestión dun modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos e a tecnoloxía empresarial. Polo tanto, a combinación do sistema público de I+D e os centros de investigación e innovación serán o gran laboratorio de I+D do tecido empresarial galego.

Obxectivos Específicos:

- Definir unha Estratexia Galega de Innovación e continuar a definir os distintos axentes do sistema de xeito que poida regularse o mapa existente e marcar o camiño para a creación de novos instrumentos.
- Continuar co apoio á creación e desenvolvemento de centros de alto nivel e excelencia científica.
- Crear a AGIDI, que coordine as redes xa creadas como mecanismo para articular o sistema, mellorar o uso dos recursos dispoñíbeis e favorecer o acceso ao coñecemento. Impulsaranse actuacións que propicien a creación de sistemas de colaboración permanentes, isto é, protocolos de actuación conxuntos, intercambio de persoal, formación conxunta, accións e ferramentas de xestión do coñecemento etc.
- Fomentar a difusión dos resultados de investigación do sistema público de I+D para que se poñan ao alcance da sociedade, dos servizos públicos e das empresas.
- Favorecer as relacións de colaboración na investigación e desenvolvemento entre os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos e as empresas.
- Completar a oferta de centros tecnolóxicos e de investigación existente en Galiza e fortalecer a recentemente creada rede de Centros Tecnolóxicos de Galiza.
- Continuar na liña definida de Contratos programa cos axentes de GALIZA-I+D: contratos para financiar os distintos centros recoñecidos dentro do sistema galego de I+D+I, en función de obxectivos previamente establecidos que incidan na mellora da calidade dos resultados e/ou a competitividade do noso tecido empresarial, para o cal serán avaliados a través de indicadores específicos para cada un dos axentes antes descritos.
- Crear e xestionar novos espazos para actividades de I+D a innovación. Este programa cobre a creación de espazos para a innovación que completen a oferta galega de servizos avanzados e de solo para a I+D e a creación de empresas de base tecnolóxica. Rede de incubadoras de empresas. Oferta de espazo regulado en réxime de aluguer na rede de Parques Científicos e Tecnolóxicos.
- Reforzar os centros de articulación dos axentes do sistema de I+D de Galiza mediante axudas para a construción de centros e adquisición de equipamento científico e tecnolóxico.
- Cooperar e coordinar as redes de centros de investigación e a rede de centros de interface. Potenciaranse aquelas actuacións que contribúan ao achegamento de ambas as dúas redes para crear unha rede de oferta científico-tecnolóxica de Galiza, como mecanismo de articulación en posta en valor das capacidades e resultados do sistema.
- Crear, na Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial, un servizo OTRI que atenda todos os centros de investigación da Xunta de Galiza. Esta aproximación entre as OTRI das cinco maiores institucións investigadoras de Galiza é un requisito imprescindible para optimizar o uso dos recursos dispoñíbeis en Galiza.
- Por último, para o axeitado desenvolvemento das funcións dos complexos hospitalarios, o BNG impulsará o traballo en rede, a capacitación dos seus recursos humanos e unha maior relación coas organizacións de soporte da innovación.

IV.1.2.3. Programa de Recursos Humanos

A investigación e a innovación son actividades moi intensivas en recursos humanos de alta cualificación, por iso estes constitúen o elemento chave de calquera estratexia investigadora e de innovación. En Galiza alcanzamos un punto no que temos máis capacidade para educar e formar investigadores/as que para asimilalos e incorporalos ao sistema, particularmente no eido produtivo. No sistema público de I+D temos un problema de renovación xeracional e ampliación dos cadros de persoal, mais no sistema privado o problema é máis grave, debido á carencia de investigadores/as nas empresas. Por iso, este foi o programa estratéxico da política do BNG na lexislatura que rematou. Así, propoñemos un reforzamento deste de cara a vindeiros anos.

As medidas postas en marcha permitiron definir unha carreira científica de integración que posibilita a formación e consolidación dos/as investigadores/as e permítelles a integración estábel dentro do sistema galego de I+D+i. Así, foi recoñecido por diversos estudos oficiais onde se recolle a percepción dos/as novos/as investigadores/as españois, que recoñecen Galiza como a comunidade autónoma que máis e mellor apostou polo persoal investigador. A OCDE fixa un obxectivo de 8 investigadores/as por mil activos. O BNG márcase como obxectivo superar esta porcentaxe na vindeira lexislatura.

O problema máis grave no sistema de investigación, desenvolvemento e innovación é a carencia de investigadores/as nas empresas. Para corrixir esa situación, o BNG propónse actuar reforzando financeiramente os programas de apoio á incorporación de investigadores/as e tecnólogos/as na empresas e nos centros tecnolóxicos. Esa estratexia ten que ir acompañada dunha mudanza da cultura empresarial que cree as condicións para esa incorporación. A política de persoal das empresas debe adaptarse para que as empresas resulten atractivas para o persoal con alta cualificación, tanto en termos de remuneración como de condicións de traballo e carreira profesional.

Como elemento transversal, o BNG impulsará a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Esta premisa é esencial para aproveitar o potencial das investigadoras e promover a participación das mulleres na investigación científica.

Por último, as políticas de mobilidade, cooperación e internacionalización que impulsará o BNG incidirán de xeito transversal no conxunto do programa. Favoreceranse os intercambios, de xeito que se impulse o establecemento de relacións de cooperación. Para lograr estes obxectivos é preciso que os investigadores/as participen plenamente na investigación europea e mundial e que Galiza incorpore ás súas estruturas de investigación persoal científico e tecnolóxico de prestixio recoñecido que contribúa a impulsar o sistema de I+D+I do país, para situalo na senda da mellora da competitividade no ámbito internacional.

A atracción de investigadores/as de talento tamén supón unha mellora da calidade das actividades de investigación desenvoltas en Galiza, polo que resulta positivo que as universidades, empresas e centros de investigación galegos se preparen para acoller investigadores/as foráneos/as.

Obxectivos Específicos:

- Acrecentar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+I, tanto en número como en especialización, nas áreas de maior interese, para a súa incorporación aos axentes do sistema galego de innovación.
- Continuar co fomento da formación de doutores e consolidar a formación posdoutoral, e fomentar a formación de tecnólogos/as e axentes de innovación.
- Continuar a favorecer a mobilidade e a integración do persoal investigador para fomentar a carreira

investigadora en todos os axentes do sistema, así como dos/as tecnólogos/as e do persoal de xestión da innovación.

- Recuperar investigadores/as e tecnólogos/as galegos/as consolidados que realizan a súa actividade fóra da Comunidade Autónoma e que desexen continuar as súas actividades en Galiza.
- Incrementar as estadias de investigadores/as de Galiza no estranxeiro para a súa formación e desenvolvemento da carreira investigadora.
- Promover a formación da comunidade científica en habilidades de xestión.
- Formar técnicos de apoio á investigación, así como incorporar xestores de innovación e técnicos de apoio ao sistema de I+D+i.
- Asegurar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na carreira investigadora, e fomentar a permanencia e promoción das mulleres na carreira científica. Neste sentido, poranse en marcha programas de reincorporación á carreira científica para mulleres que a abandonaran total ou parcialmente por razóns familiares.
- Fortalecer o sistema público de investigación mediante a modificación e o desenvolvemento da Lei 2/2001 de escalas para persoal investigador da Xunta de Galiza. Estabelecer o Estatuto do persoal investigador nos centros de investigación pertencentes á Xunta de Galiza que recolla as súas peculiaridades dentro da Administración pública.
- Elaborar o Estatuto do persoal investigador en formación.
- Incentivar e apoiar a actividade investigadora do persoal docente universitario.
- Absorber mozos/as investigadores/as dentro do sistema galego de I+D, especialmente nas novas redes e centros planeados e deseñados para o efecto.

IV.1.2.4. Programa Investigación e Innovación Empresarial

O tecido empresarial galego está marcado polo predominio das pequenas empresas en sectores tradicionais e de baixo contido tecnolóxico o que constitúe unha limitación esencial para unha estratexia innovadora ambiciosa. Sobre esa realidade vimos traballando nos últimos anos de xeito que as medidas dirixidas ás empresas no marco do Plan INCITE e o Programa de Innovación Empresarial están empezando a dar froitos importantes. A experiencia deste plan e as novas ideas deberán conformar o novo Plan de I+D+i para o período 2011-2015.

A porcentaxe de investigadores/as que traballaron en empresas mellorou radicalmente nos últimos anos: nos anos 2006 e 2007 participaron máis de 8.000 investigadores/as e tecnólogos/as en proxectos de I+D+i dos cales, máis de 5.000, o fixeron desde as empresas. A pesar disto, aínda estamos lonxe da media europea, o que supón un factor sintomático da debilidade das nosas empresas para facer unha aposta decidida pola I+D.

En Galiza a creación de empresas de base tecnolóxica non é unha práctica habitual, malia o seu valor como vía de modernización do tecido empresarial. Nin a cooperación nin a subcontratación son estratexias habituais nos procesos de innovación das empresas galegas, a pesar de que a cooperación, tanto no sistema público de I+D como noutras empresas, pode proporcionar grandes oportunidades de negocio. Neste senso, a creación de clústers empresariais será un instrumento determinante para o impulso da I+D e a posta en marcha de instrumentos como as plataformas tecnolóxicas –que actúan como auténticos Clústers innovadores– claves no desenvolvemento da innovación nos sectores industriais.

As empresas deberían incluír na súa estratexia a xestión de tecnoloxía, baseada na vixilancia tecnolóxica, a xestión da I+D, a protección da tecnoloxía propia e a explotación dos dereitos derivados dela, así como a adquisición de tecnoloxía allea.

Para mudar a situación actual é preciso profundar nas medidas de política de innovación postas en marcha na actual lexislatura e dar pasos tamén no afinamento dos instrumentos da política de I+D para fomentar a aplicación do coñecemento adquirido aos sectores económicos e sociais. Por iso, cobran un peso importante os programas sectoriais, que favorecen a investigación aplicada que poida ser transferíbel aos principais sectores da economía galega, así como as actividades de investigación e innovación tecnolóxica realizadas por empresas galegas.

Estes programas deben satisfacer as demandas procedentes da industria, das empresas e dos novos sectores emerxentes na economía do coñecemento. Mais debe terse en conta que non se trata dunha política de establecemento de prioridades sectoriais, senón dunha política que prima o desenvolvemento de tecnoloxías de calidade, competitivas, que entronquen coa nova política industrial de Galiza.

Como consecuencia de todo isto, o goberno do BNG levará a cabo programas de impulso aos sectores empresariais cunha tripla orientación:

- Estarán centrados no apoio á I+D aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema, coa finalidade de darlles resposta ás necesidades dos sectores económicos e sociais, e contribuír á competitividade, modernización e diversificación da economía produtiva.
- Serán programas priorizados, é dicir, nos que o carácter estratéxico dun proxecto, dunha tecnoloxía ou dun problema tecnolóxico determinan o apoio que van recibir.
- Buscarán a concentración e o impacto do esforzo realizado, o que significa que, lonxe de fragmentar os recursos e as capacidades, o obxectivo é financiar actuacións articuladoras, nas que conflúan diversos axentes, nas que se prime a calidade e que teñan por finalidade acadar resultados máis significativos.

Esta tripla orientación queda plasmada no apoio da investigación aplicada, en continuar co apoio e dinamización do proceso innovador e de I+D nas PEMES, en destinar máis recursos aos proxectos de maior impacto desenvolvidos por diversos axentes do sistema, nos que se prima a estratexia articuladora e o compromiso investigador antes referido.

Obxectivos específicos:

- Incrementar o gasto agregado en investigación das empresas, o número de empresas innovadoras e de base tecnolóxica, o esforzo empresarial en I+D, e o desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas con aplicación sectorial.
- Incrementar a actuación coordinada dos distintos tipos de axentes, isto é, potenciar a cooperación entre axentes do contorno produtivo e dos contornos científico e tecnolóxico, como mecanismo de articulación e de eficiencia do proceso innovador. Continuar coa creación de redes e da política de cooperación empresarial intelixente e potenciar a rede Neurona.
- Desenvolver completamente o potencial da rede existente de parques científicos e tecnolóxicos de Galiza, liderada polo Parque Tecnolóxico de Galiza (Tecnópole), na que se inclúe a Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI), o Parque Tecnolóxico da Universidade da Coruña, o Parque Científico e Tecnolóxico de Santiago de Compostela, o Parque Científico e Tecnolóxico de Lugo e, nunha segunda fase, os de Ferrol e Pontevedra.
- Incrementar o esforzo en accións de tipo estratéxico cun potencial de repercusión alto para o desenvolvemento económico de Galiza.
- Incrementar o número de grupos de I+D públicos implicados en obxectivos de I+D de interese empresarial.

- Incrementar o nivel científico da empresa, a través de equipamento e, sobre todo, da incorporación e formación de doutores/as.
- Crecer empresarialmente, elevando o nivel de aspiracións das empresas emerxentes e consolidadas pola vía de plans de negocio con vocación internacional. Incrementar o nivel de exportacións tecnolóxicas.
- Darlle maior prioridade á transferencia de tecnoloxía cara ás empresas con menor capacidade tecnolóxica, o que supón incluír a “todos” os sectores produtivos nas políticas e programas de apoio á innovación.
- Promover a xeración e aplicación empresarial de nova tecnoloxía para mellorar a competitividade dos sectores máis tradicionais a través da innovación, o que implica tamén contar co sector servizos até o de agora totalmente ignorado.
- Impulsar a modernización do tecido produtivo, dotándoo dunha maior proporción de empresas nos sectores tecnoloxicamente avanzados, para irse achegando á actual estrutura empresarial dos grandes países europeos, dos que aínda estamos moi afastados.
- Incorporar o sistema financeiro privado ao sistema de investigación e innovación.
- Facilitar o acceso aos recursos financeiros oportunos, mediante a creación de novos instrumentos e o establecemento de programas específicos coas entidades financeiras.
- Incrementar a participación dos axentes financeiros no capital risco galego. Potenciar os fondos de capital risco, que cubran a brecha de financiamento que existe nas fases máis arriscadas do proxecto e estimular o investimento dos fondos de pensións en instrumentos de capital risco.
- Impulsar a concesión de préstamos participados aproveitando os instrumentos existentes en Galiza e aumentando os niveis de colaboración cos axentes externos.
- Promover a liquidez nos mercados do capital, a través de mecanismos para o desinvestimento das empresas de capital risco de xeito que actúen en distintas fases do proxecto.
- Crear mecanismos de contragarantías públicas, para promover operacións de sociedades de garantías recíprocas, que cubran con avais de crédito público o risco destas operacións.
- Continuar a apoiar as empresas para que soliciten as exencións fiscais relativas ás actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Impulsar propostas que estimulen a mellora das condicións de incentivos fiscais.
- Multiplicar o número de investidores privados activos en innovación.
- Programa específico destinado ás mulleres emprendedoras.
- Incrementar o grao de colaboración exterior dos axentes do sistema de innovación, así como a súa participación en programas e estruturas de cooperación fóra de Galiza.
- Incrementar a participación de axentes do sistema de innovación na esfera internacional e, en particular, no Programa Marco de I+D da UE.

IV.1.3. O sistema universitario de I+D

O BNG impulsará a investigación pública no sistema galego de I+D+I de xeito que poida desenvolver axeitadamente a súa misión básica: a xeración de coñecemento e a súa difusión a través dunha educación superior de calidade.

O BNG establecerá medidas axeitadas para propiciar un papel activo do sistema público de xeración de novo coñecemento, especialmente nas áreas asociadas aos ámbitos científicos e tecnolóxicos fronteira e máis innovadores, potenciando a súa capacidade de resposta, así como a súa axilidade e eficacia diante das exixencias da nova situación.

Estas actuacións centraranse en:

- A promoción xeral da investigación, que ten como obxecto darlles soporte aos aspectos básicos e xerais

da actividade de I+D e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.

- A consolidación e estruturación do sistema Público de I+D, que deberá promover a consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación. Para iso prestarase especial atención á consolidación e articulación de servizos de apoio, en particular ás infraestruturas e ás unidades de xestión da innovación.
- A posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública, co obxectivo de potenciar o seu impacto e a súa rendibilidade social.

Estas actuacións terán como obxectivos contribuír a:

- Mellorar a calidade do sistema universitario de I+D.
- Aumentar a produción científica de calidade dos grupos de investigación universitarios.
- Aumentar a investigación naqueles campos científicos que teñen un especial interese estratéxico para a sociedade galega, que serán definidos no marco da estratexia galega de investigación e que poden definir eixos de especialización científica do noso país.
- Aumentar a competitividade dos grupos de investigación, incrementando a porcentaxe de éxito dos/as investigadores/as nas convocatorias estatais e europeas.
- Facilitar o labor de investigación dos/as investigadores/as de referencia que poidan contribuír a reforzar o perfil de especialización do sistema de investigación galego no contexto europeo e mundial.
- Incentivar a mobilidade e internacionalización dos/as investigadores/as e dos grupos de investigación.
- Xerar novos grupos de investigación en áreas deficitarias ou en novas liñas non-cultivadas.
- Aumentar o número de grupos de referencia.
- Consolidación de unidades de investigación competitivas e as que desempeñan un rol significativo na creación de coñecemento aplicado á realidade e á sociedade galega.
- Promoción de grupos de investigación emerxentes creados por investigadores/as mozos/as, que posibiliten o inicio de liñas de investigación innovadoras no sistema público de I+D, ao tempo que favorece o máximo retorno da formación recibida polos/as investigadores/as que se incorporan ao sistema de innovación.
- Consolidación de unidades de servizos tecnolóxicos, que prestan servizos específicos e de valor engadido derivados dos resultados de investigación xerados no marco da súa actividade científica. A consolidación destas unidades constitúe unha importante vía de apoio á transferencia de tecnoloxía, así como un xeito para facer rendíbeis as capacidades dos grupos de investigación públicos no desenvolvemento de redes de servizos avanzados.
- Desenvolvemento sostíbel e consolidación dos servizos de apoio á investigación asociados a infraestruturas científicas e tecnolóxicas, co obxectivo de materializar un mapa competitivo de infraestruturas científicas e tecnolóxicas que preste apoio á investigación.
- Consolidación de servizos de apoio á investigación asociados á xestión, coa finalidade de dotar o sistema público de I+D dos medios humanos, técnicos e metodolóxicos que lles permitan desenvolver con eficacia e idoneidade as funcións de xestión e promoción da actividade investigadora.
- Apoio á organización produtiva de grupos de investigación: acción dirixida a darlles apoio aos grupos de investigación máis competitivos para proceder á ordenación da súa actividade investigadora e dos seus recursos de investigación en obxectivos e procesos orientados á valorización das súas capacidades e resultados.
- Reforzar a vinculación entre a actividade investigadora e a docencia de grao e especializada. Co obxecto de valorizar a transferencia de coñecemento a través da educación de persoal de alta cualificación estableceranse mecanismos que recoñezan ese esforzo así como a investigación de “síntese”, especialmente orientada a sistematizar o coñecemento de fronteira para a súa introdución no sistema educativo.

- Corrixir as situacións de discriminación por xénero co fin de facer efectiva a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é unha acción estratéxica fundamental.

Dentro dos obxectivos xerais de articulación do conxunto do sistema de I+D e Innovación cómpre prestar unha especial atención ao reforzamento das relacións de colaboración na investigación entre as universidades, os centros de investigación, os centros tecnolóxicos, os servizos públicos e as empresas.

A colaboración deses axentes co sistema público de I+D é aínda limitada. O desenvolvemento de proxectos conxuntos con outros centros, como os centros tecnolóxicos, encontra aínda obstáculos. É necesario afianzar a complementariedade de ambos os tipos de institucións, xa que participan en distintas fases do proceso de innovación, uns na xeración de coñecemento, os outros no desenvolvemento de innovacións para o mercado. Dado que algúns dos elementos do sistema, como as universidades e os OPI, dispoñen dunha gran capacidade tecnolóxica e científica, fronte ás carencias doutros axentes que están máis próximos ao mercado, o BNG impulsará unha política de colaboración entre os axentes. Para optimizar os recursos dispoñíbeis no sistema é necesario outorgarlles prioridade aos proxectos en colaboración, aos consorcios e ás redes.

Por iso, o Plan INCITE puxo en marcha actuacións onde todos os actores do Sistema Galego de I+D están vertebrados a través de tres eixos de actuación: Centros tecnolóxicos, Plataformas Tecnolóxicas Galegas e Parques Científicos e Tecnolóxicos. O BNG continuará nesa dirección, de xeito que se vaia consolidando un modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos e a tecnoloxía empresarial.

Nesa dirección, o BNG potenciará os viveiros de empresa de base tecnolóxica ou spin-off: creación de novas empresas a partir de ideas xurdidas das actividades de investigación que levan a cabo os centros públicos. O BNG potenciará este tipo de estruturas baixo tutela ou xestión do goberno autónomo, ao abeiro da Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial, como vía máis axeitada de xestión e optimización dos esforzos e recursos.

IV.1.4. A sociedade da Información

Impulsar e pór os medios para que os avances tecnolóxicos se convertan en realidade sociais e económicas, que revertan no tecido produtivo, xerando novos nichos de actividade económica, benestar e emprego de calidade é obriga inescusábel dun goberno que loite pola mellora das condicións de vida dos/as seus/súas cidadáns/ás, que loite por situar Galiza nos niveis de presenza e competitividade que lle corresponden como nación emprendedora, moderna e solidaria.

O BNG ao longo da lexislatura que agora remata, aínda non tendo baixo a súa responsabilidade todas as competencias relativas á Sociedade da Información, actuou de forma decidida neste campo: elaborou o Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información, creou a Rede de Dinamización da Sociedade da Información, o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre de Galiza, desenvolveu planes de formación cos diferentes axentes sociais, impulsou e apoiou a introdución das TIC nas empresas, a cooperación entre as empresas TIC, a colaboración coas universidades nesta materia, o apoio ao desenvolvemento de contidos dixitais, e, mesmo tendo en conta que as competencias en Telecomunicacións son só do Estado, puxo en marcha plans de actuación para levar a Banda Larga a zonas que carecían deste servizo, particularmente aos polígonos industriais que foran construídos en anteriores lexislaturas sen ter en conta infraestruturas que posibiliten dispor destes servizos.

A situación de partida no ano 2005 era a de sermos os últimos dentro do Estado Español nos indicadores

de introdución da Sociedade da Información. O máis salientábel neste momento, froito da política desenvolvida polo BNG, é constatar que as velocidades de crecemento dos indicadores son superiores ás da media do resto do Estado e que en indicadores como mocidade, introdución de Software Libre nas empresas e despregue de cabo estamos por encima da media. Sabendo que outras comunidades autónomas posuían xa no 2005 unha masa crítica de usuarios que lles proporcionaba un alto efecto multiplicador e que esa masa crítica aquí non existía e sabendo ademais que o primeiro período da posta en marcha de políticas novas e decididas emprégase fundamentalmente en construír os alicerces que darán os seus froitos máis adiante, a tarefa desenvolvida até agora polo BNG necesita da súa continuidade, da súa consolidación, da creación de ferramentas que fagan o proceso sostíbel e con capacidade para afrontar proxectos novos nun ámbito no que o avance tecnolóxico se produce con sorprendente rapidez.

A estratexia do BNG en relación coa implantación da Sociedade da Información en Galiza ten como eixos fundamentais apostar polo crecemento económico e o emprego de calidade, vertebrar socialmente Galiza, e aproveitar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación como vehículo que garanta a presenza da nosa lingua e a nosa identidade cultural galega na Sociedade da Información ao obxecto de contribuír activamente ao desenvolvemento sustentábel de Galiza e ao aumento da calidade de vida e cohesión social de toda a poboación galega.

Así, o goberno do BNG implementará as seguintes medidas:

- Executar o plano director de construción de infraestruturas de banda larga que no 2013 fará posíbel a plena cobertura da poboación a respecto do acceso a internet en banda larga comercial.
- Coordinar cos Concellos a elaboración dun Plan de Medidas para impulsar o despregue de redes de acceso a banda larga tanto fixas como móbiles.
- Seguir reclamando a transferencia da xestión e da explotación do espectro radioeléctrico no territorio galego.
- Reclamar competencias de vixilancia de cumprimento dos servizos de Telecomunicacións.
- Conseguir do Estado que a Axencia Estatal de radiotelecomunicacións teña a súa sede en Galiza.
- Crear un consorcio para estabilizar a rede de dinamización. Conseguir que ao final da lexislatura haxa cando menos un centro de dinamización en cada concello.
- Utilizar as TIC como medio para fortalecer o uso da nosa lingua. Potenciar as redes sociais de comunicación a través de Internet e incentivar todas as iniciativas que se desenvolvan no noso idioma.
- Consolidar e ampliar o Centro de Referencia e Servizos de Software Libre: Mancomun.
- Seguir apoiando e potenciando o uso de Software Libre nas empresas e na cidadanía e estender o seu uso aos organismos administrativos da Xunta de Galiza, impulsando con acordos de colaboración e desenvolvemento de ferramentas acaídas ao caso o seu uso nos Concellos.
- Implantar a administración electrónica e proporcionar a formación necesaria, a través dos centros de dinamización da Sociedade da Información, para que sexa viábel a súa utilización.
- Impulsar o desenvolvemento de periféricos e programas que posibiliten a comunicación e a aprendizaxe das persoas con deficiencias, facendo especial fincapé na infancia.
- Continuar e mesmo intensificar o desenvolvemento de ferramentas TIC específicas de Software Libre a nivel sectorial para a súa utilización no ámbito empresarial.
- Diseñar e executar un plan específico de inmersión na Sociedade da Información dos traballadores por conta propia.
- Diseñar e executar un plan específico de inmersión na Sociedade da Información para as micropemes.
- Impulsar a colaboración entre as empresas do sector TIC, apoiando ás asociacións e o clúster.
- Proporcionar oportunidades de formación especializada e apoiar a certificación específica ás empresas galegas do sector TIC. Incentivar no seu seo o desenvolvemento de contidos dixitais.

- Construír o viveiro de empresas TIC e actividades relacionadas que está en proxecto no campus da Coruña.
- Tramitar, nos dous primeiros anos de lexislatura, un decreto de uso dos estándares abertos na Administración.
- Desenvolver unha actuación específica para a recollida e reciclaxe dos residuos electrónicos, acompañada dunha campaña de concienciación e formación.
- Conseguir que ao final da lexislatura todos os fogares galegos que o desexen, teñan acceso á Televisión Dixital.
- Aglutinar, nun único órgano competencial, todos os aspectos de impulso, desenvolvemento e implantación relacionados coas TIC e a Sociedade da Información. Estas competencias, na actualidade fican en tres consellarías diferentes, e esta situación por veces duplica iniciativas, réstalles impulso ás diferentes actuacións e desperdicia as sinerxías.

IV.1.5. Promoción Industrial

A industria é unha das columnas vertebrais da nosa economía, e sector indispensábel para asegurármonos unha fonte de riqueza e un lugar na economía global. Polo tanto a actividade industrial debe ser planificada, regulada, fomentada e apoiada. O BNG aposta por políticas industriais activas como xeito tanto de dimensionar e impulsar os nosos sectores produtivos, como de impulsar un cambio de modelo produtivo máis intenso en actividades de maior valor engadido e coñecemento.

Tanto a industria de obtención de materias primas como a de transformación está composta na súa maioría por PEMES e estas teñen avanzado ao longo desta lexislatura, realizando transformacións importantes. Mais aínda queda moito camiño por percorrer, tanto no que se refire á estruturación dos diferentes sectores e á harmonización entre empresas tractoras e empresas auxiliares provedoras, como á necesaria formación xerencial, pasando pola innovación nos procesos e na xestión, así como polo interese por alcanzar certificacións de calidade, co obxectivo de avanzar até ás culturas de Responsabilidade Social Empresarial (RSE).

Dentro da estratexia de desenvolvemento dos sectores produtivos do país, o BNG impulsará as seguintes medidas de promoción industrial:

- Impulsar a Lei de regulación do fomento da actividade industrial.
- Creación do Centro de formación e Servizos de apoio ás PEMES.
- Consolidar o sector da construción naval galega, recuperando o estaleiro de Fene para a construción naval civil.
- Reclamar para Galiza a sede da Xerencia do Sector Naval.
- Reclamar a participación da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.
- Conseguir e apoiar o aumento das infraestruturas para o sector naval, e seguir impulsando plans de formación.
- Creación e promoción de solo empresarial.
- Aumento do apoio aos procesos de certificación de calidade.
- Impulso ao sector da aeronáutica.
- Creación do clúster marítimo galego.
- Creación de observatorios industriais.

IV.2. Apoio financeiro estratéxico ao tecido produtivo

O actual contexto de profunda crise económica e financeira pon de manifesto a existencia de graves dificultades para acceder ao crédito e ao financiamento por parte das empresas produtivas galegas, dificultades

especialmente acusadas no caso das máis pequenas e medianas. Neste momento, a bancarrota de moitas das máis grandes entidades financeiras americanas e europeas, o colapso dos mercados financeiros e outras dificultades do sistema financeiro internacional están provocando o cortocircuíto de todos os instrumentos de financiamento das entidades e das empresas produtivas. A seca de recursos afecta non só ao crédito destinado á realización de investimentos a longo prazo, senón tamén ao destinado a cubrir operacións de circulante a curto prazo e mesmo o desconto de papel.

Máis alá da gravidade da situación dos últimos meses, cómpre constatar que as dificultades para acceder ao financiamento a medio e longo prazo por parte das empresas produtivas –deixando á parte o caso particular das inmobiliarias– non é algo novo ou conxuntural provocado pola severidade da actual crise. Na realidade, os estudos realizados nos últimos anos revelan que as empresas produtivas, en particular as pequenas e medianas, levan padecendo un notábel racionamento de crédito ao longo dos últimos lustros; racionamento de crédito e de financiamento que afectaba sobre todo aos investimentos a medio e longo prazo, esenciais para o crecemento, modernización e expansión das empresas. Esa é tamén a percepción que teñen os empresarios. Os bancos preferiron centrarse prioritariamente nos mercados financeiros e interbancarios que ofrecían negocios máis fáciles e rendíbeis a curto prazo e, no longo prazo, optaron polo negocio hipotecario que, en principio, parecía de menor risco debido á importancia das garantías reais. Ese divorcio entre a banca e as empresas produtivas fixo que o crecemento destas tivera que basearse case exclusivamente sobre a capacidade de autofinanciamento, o que tivo e ten un efecto sobre as taxas de crecemento e sobre a diversificación do tecido produtivo.

Como consecuencia destas eivas estruturais, a dinámica do ciclo depresivo que se ten instalado, a economía global tende a producir efectos máis graves nas economías periféricas e nas súas PEMES. Nos últimos meses observamos que a desconfianza ten pechado aínda máis o acceso ao financiamento das PEMES, impedíndolles acceder ao financiamento a curto prazo: pólizas de crédito, liñas de cualificación para o desconto de papel etc.

Polo tanto, unha liña estratéxica do goberno do BNG será impulsar o crédito e financiamento suficiente ao tecido produtivo galego, polo que o BNG desenvolverá as actuacións que se enuncian a continuación.

IV.2.1. Instituto galego de crédito e investimento

O BNG impulsará a creación do INSTITUTO GALEGO DE CRÉDITO E INVESTIMENTO (IGACI), ante a perentoria necesidade de reformular os instrumentos financeiros á disposición das nosas empresas produtivas, para crear as condicións que permitan superar a crise e, sobre todo, estar en mellores condicións de medrar no futuro, cunha orientación do crédito cara a actividades innovadoras e cara aos obxectivos estratéxicos dun desenvolvemento sustentábel. Trátase, polo tanto, dunha aposta por crear condicións estruturais que permitan o desenvolvemento económico a longo prazo do noso país.

Co IGACI, o Goberno galego dotarase dun novo instrumento que permitirá financiar o desenvolvemento de novas actividades nos diferentes sectores produtivos do noso país e contribuirá positivamente a reordenar o propio sector financeiro galego na dirección de incrementar o seu compromiso coa economía produtiva. De tal forma que a eficacia e impacto desta proposta verase reforzada pola introdución de mudanzas normativas no sector do aforro e o crédito congruentes cos obxectivos perseguidos. Galiza, o Goberno galego e as empresas produtivas galegas non poden estar sometidas ao albor dunhas entidades financeiras guiadas polo seu exclusivo interese particular nin tampouco dun crédito oficial español cuxas directrices e prioridades se fixan nunhas coordenadas que non teñen por que coincidir coas nosas.

Coa creación do IGACI, o goberno do BNG impulsará o desenvolvemento das institucións contempladas no Estatuto en vigor, incomprensíbel e irresponsabelmente esmoucado. Facer uso efectivo das nosas competencias neste eido é un paso importante que permitirá profundar na autonomía financeira de Galiza e crear mellores condicións para o desenvolvemento económico e social do país.

De feito, non seríamos a primeira comunidade autónoma en dotármonos dun instrumento destas características, senón que outras levan un considerábel adianto, como son os casos de Cataluña, Valencia ou Andalucía, que crearon institutos de finanzas nos anos noventa. Recentemente, tamén o País Vasco puxo en marcha unha iniciativa semellante.

IV.2.1.1. Definición do Instituto Galego de Crédito e Investimento

O Instituto Galego de Crédito e Investimento constituirase como unha entidade pública empresarial, dependente da Xunta de Galiza, con natureza xurídica de entidade de crédito e consideración de Axencia Financeira da Comunidade Autónoma, con personalidade xurídica, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins.

A creación do IGACI realzarase ao amparo das competencias recollidas no Estatuto de Autonomía de Galiza, desenvolvendo as competencias exclusivas establecidas no seu artigo 30, particularmente nos apartados 30.1 de “Fomento e planificación da actividade económica en Galiza”, apartado 30.5 relativo a “Institucións de crédito corporativo, público e territorial e Caixas de Aforros”, así como o artigo 55.2 que establece que “A Comunidade Autónoma poderá constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que sexan da súa competencia, segundo o establecido no presente Estatuto”. A súa creación realízase de acordo coa Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza, Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. O IGACI cubrirá un oco existente no sistema institucional da Comunidade Autónoma e desenvolverá competencias até agora inéditas. En particular, esta natureza de entidade financeira e de crédito constitúe unha diferenza esencial a respecto de institucións como o IGAPE. É xustamente esta natureza a que a habilita para operar directamente nos mercados financeiros para captar novos recursos e facelo en condicións favorábeis na medida en que conte coa garantía da Comunidade Autónoma. Iso mesmo permitiralle ter unha relación financeira directa coas empresas beneficiarias da súa colaboración e dos seus créditos.

IV.2.1.2. Obxectivos

O IGACI ten como principais obxectivos promover aquelas actividades económicas que contribúan ao desenvolvemento e ao aumento da riqueza do país e en especial, aquelas que, pola súa transcendencia social, cultural, innovadora ou ecolóxica, merezan unha atención prioritaria. Polo tanto, a existencia e funcionamento do IGACI contribuirá a imprimir unha nova dinámica ao conxunto do sistema financeiro galego, reforzando a aposta por unha economía produtiva, innovadora, creadora de emprego da calidade e sustentábel.

A súa configuración como entidade financeira permitiralle asumir directamente a participación ou cesións de créditos a unha escala de maior envergadura, sen ser unha mera retallista ou colaboradora subsidiaria de outras.

Ao mesmo tempo, a súa configuración como axencia financeira da Comunidade Autónoma permitirá impulsar o obxectivo de reordenar e reducir custos na xestión dos recursos financeiros e nas operacións de crédito da Comunidade Autónoma, posto que lle permitirá asumir o control directo das operacións financeiras asociadas á xestión do orzamento da Administración autonómica e, en particular, das relativas ao endebedamento, até hoxe realizadas por intermediación de entidades financeiras privadas.

IV.2.1.3. Funcións e instrumentos

O IGACI participará no accionariado de varias sociedades co obxectivo de apoiar as actividades de financiamento das empresas produtivas galegas: sociedade xestora de fondos de capital risco, sociedade de afiuzamento e segundo aval etc.

Os seus instrumentos adecúanse aos obxectivos centrais e funcións do IGACI:

- Mediación:
 - a. Fornecer financiamento crediticio para a expansión no mercado interno e internacional das empresas.
 - b. Fornecer financiamento crediticio para a creación de empresas innovadoras.
 - c. Facilitar, avalar e afiuzar o financiamento de empresas en fases de restricións de crédito.
- Financiamento directo:
 - a. Participación temporal ou estábel no capital de empresas innovadoras e de base tecnolóxica.
 - b. Participación temporal ou estábel no capital de empresas de actividades de carácter estratéxico.
 - c. Participación maioritaria estábel en empresas públicas de carácter estratéxico.
 - d. Participación en sociedades de garantía recíproca, entidades que actúan en mercados financeiros ou semellantes.
- Así mesmo, o IGACI prestará os servizos de tesouraría e de xestión financeira e, en particular, do endebedamento da Administración da Comunidade Autónoma.
- Todos eses labores irán acompañados dunha actividade básica e esencial: o asesoramento e acompañamento desde as primeiras fases de definición e elaboración dos proxectos de investimento.

IV.2.2. Reforma da Lei de Caixas

Para acadar o obxectivo de apoiar financeiramente ao tecido produtivo do país, cómpre modificar a orientación da política crediticia das caixas de aforros galegas, con vistas a un fortalecemento dos lazos coas empresas galegas: compromiso de canalizar os depósitos cara a créditos concedidos en Galiza; reorientación da política de crédito para dar maior importancia aos dirixidos a empresas e favorecer a participación directa no capital de empresas industriais e terciarias. Ademais, cómpre un maior control político das caixas para garantir unha dirección na liña dos intereses do País. Así, na modificación da actual normativa reguladora das caixas de aforros deberían figurar como mínimo estas cuestións:

- A política crediticia das Caixas de Aforro dará cobertura, prioritariamente, ás necesidades de financiamento das persoas físicas ou xurídicas con residencia habitual ou domicilio social en Galiza.
- En calquera caso, os créditos concedidos a persoas físicas ou xurídicas galegas, representarán unha porcentaxe sobre o total de créditos que non será inferior á porcentaxe de depósitos captados en Galiza.
- Dentro da autonomía e necesaria flexibilidade para garantir unha saneada xestión, as Caixas de Aforro tenderán a primar o investimento produtivo fronte a outras formas de colocación de activos.
- Reforma da estrutura, composición e funcionamento dos órganos reitores das Caixas que permitan a presenza de representantes designados polo Parlamento de Galiza –nunha porcentaxe non inferior ao 10% da Asemblea Xeral respectiva– e melloren as fórmulas de elección democrática das persoas integrantes dos organismos de dirección destas entidades.

IV.2.3. Outras medidas

- O goberno do BNG, da man do Instituto Galego de Crédito e Investimento, impulsará o reforzo das entidades de garantía recíproca e afiuzamento como AFIGAL e SOGARPO e a súa expansión con maiores dotacións e presenza no mercado.

- Incorporar o sistema financeiro privado ao sistema de investigación e innovación.
- Incrementar a participación dos axentes financeiros no capital risco galego. Potenciar os fondos de capital risco, que cubran a brecha de financiamento que existe nas fases máis arriscadas do proxecto empresarial, especialmente no caso das empresas de base tecnolóxica.
- Promover a liquidez nos mercados do capital, a través de mecanismos para o desinvestimento das empresas de capital risco de xeito que actúen en distintas fases do proxecto.

IV.3 Política Agraria e de Desenvolvemento Rural

Os últimos catro anos supuxeron un punto de inflexión na política agraria e rural da Xunta de Galiza. Pasamos de 16 anos de goberno do Partido Popular, caracterizados pola incapacidade para pór en marcha políticas de futuro, á posta en marcha por parte do BNG dos alicerces dunha nova política de desenvolvemento endógeno e autocentrado para un medio rural vivo e dinámico. Unha nova política que parte dun principio fundamental: para o BNG non é concibíbel unha Galiza de futuro sen un mundo rural vivo; o medio rural, e a agricultura máis concretamente, son elementos estratéxicos para o desenvolvemento da nosa nación.

As políticas agrarias, e máis en xeral as políticas de desenvolvemento rural, deben ir destinadas a que as persoas que viven no rural, nomeadamente as que traballan no sector agrario, obteñan niveis de renda e se beneficien de servizos que lles permitan vivir dignamente. Ao mesmo tempo a política agraria ten que servir para que se aproveiten todas as potencialidades da nosa agricultura e da produción agroalimentaria, avanzando na procura dunha agricultura sustentábel en termos económicos e medio ambientais, xeradora de riqueza e emprego no noso país.

A creación do Banco de Terras, a posta en valor de superficies infrautilizadas, a incorporación de mozas e mozos, o Contrato de Explotación Sustentábel, a aposta por estabilizar as relacións entre produtores e industria de transformación, o impulso á diversificación forestal e á plantación de frondosas caducifolias, os proxectos dinamizadores para a diversificación produtiva e a mellora da calidade de vida nas zonas rurais, o novo programa Leader coa participación dos principais axentes sociais do rural, a decidida e dilixente actuación da Consellaría nos foros estatais e europeos na defensa dos intereses galegos etc., son algunhas das medidas que marcan un punto de inflexión na política agraria e rural do Goberno galego.

IV.3.1 Medidas de carácter horizontal

IV.3.1.1 Futuro da Política Agraria Común (PAC)

Na recente lexislatura produciuse un cambio fundamental na actuación exterior do Goberno galego, por vez primeira a Consellaría do Medio Rural realizou unha política activa, tanto nos foros europeos como nos estatais, destinada a defender os intereses galegos e a reorientar a Política Agraria Común (PAC).

Na próxima lexislatura producirase o debate a nivel da UE sobre as perspectivas financeiras para despois de 2013, un marco orzamentario que condicionará o futuro da PAC. Nese contexto o BNG defenderá que a PAC teña un orzamento que permita soste o noso modelo de agricultura e responder as demandas da sociedade galega e do conxunto de nacións de UE. Da mesma forma o BNG actuará con decisión para promover:

- Unha PAC que contribúa a corrixir os desequilibrios existentes e que potencie a calidade dos alimentos, a protección do medio ambiente e as funcións sociais e territoriais da agricultura. Neste sentido apoiaremos:
 - a. Unha redistribución das axudas directas á renda que teña en conta o emprego, a dimensión das explotacións e outros criterios (características da zona, sistemas menos dependentes de insumos externos,...)

- b. O mantemento do máximo grao de vinculación posíbel entre a actividade agraria e o cobro de axudas directas da PAC.
- c. Que o incremento de recursos para o desenvolvemento rural non se faga con cargo ás axudas directas aos produtores.
- d. O mantemento de instrumentos de intervención de mercado eficaces financiados con cargo ao orzamento comunitario.
- e. Unha normativa comunitaria que permita unha reformulación máis ambiciosa das relacións interprofesionais: desenvolvemento das relacións contractuais entre organizacións de produtores e industrias agrarias etc.
- f. Unha modificación do cadro normativo a nivel estatal e da UE para que as autoridades subestatais poidan definir o seu propio territorio como zona libre de OXM.
- g. Que no ámbito das negociacións no seo da Organización Mundial do Comercio, apoiando a eliminación das subvencións ás exportacións sempre que se acompañe de medidas que eviten a distorsión no mercado interno que poidan causar, se manteña a protección do mercado interno face ás importacións, especialmente no caso de produtos sensíbeis.
- Dentro das marxes de actuación que o Exame de Saúde da PAC deixa a cada Estado, defenderemos un modelo de aplicación no Estado Español que teña en conta o peso social da agricultura galega, que pottencie a calidade dos alimentos e a protección do medio ambiente e as funcións sociais e territoriais da agricultura. Neste sentido o BNG defenderá:
 - a. Que os incrementos da cota do Estado español se incorporen integramente á reserva estatal, garantindo a súa distribución con criterios sociais entre as explotacións con vocación de permanencia.
 - b. Mantemento do máximo nivel de vinculación entre as axudas e a produción que permita a normativa comunitaria.
 - c. Aproveitamento das posibilidades de retención que ofrece o novo artigo 68 para redistribuír as axudas directas de forma que contribúan á promoción dun modelo de agricultura multifuncional.
 - d. Que o incremento da porcentaxe de modulación se redistribúa entre as comunidades do Estado de acordo a criterios de cohesión.
- No ámbito do Estado español, en canto non se aprrobe o Estatuto de Nación, o Goberno galego fará exercicio efectivo das competencias recoñecidas nesta materia polo actual Estatuto de Autonomía. Neste sentido é fundamental que se limite o recurso á normativa básica estatal de regulación dos diferentes subsectores agrarios, dando paso a unha coordinación interinstitucional de carácter bilateral.

IV.3.1.2. Reforma das estruturas agrarias e reorientación do modelo produtivo

O esforzo realizado polas explotacións galegas ao longo das últimas décadas para mellorar a súa viabilidade non foi acompañado dos cambios necesarios nas estruturas agrarias, consolidando un modelo produtivo caracterizado porque a maioría das explotacións mantiñan fortes deficiencias estruturais.

A partir de 2005, coa creación do Banco de Terras de Galiza, coa reactivación dos procesos de concentración parcelaria estancados, co establecemento da exención do imposto de transmisións patrimoniais entre particulares na reorganización das propiedades mediante permutas, co establecemento na lei de prevención de incendios de criterios para a ordenación do territorio forestal e das unidades de xestión forestal, o factor estrutural da propiedade comezou un cambio de ciclo.

Na próxima lexislatura seguirase actuando en dúas liñas complementarias: a mobilización dos recursos propios, en particular a terra, e a reorientación simultánea do modelo produtivo, avanzando cara a sistemas menos dependentes de inputs externos.

Con este obxectivo aplicaranse as seguintes medidas:

- Após a creación do Banco de Terras de Galiza, como organismo público que ten como funcións esenciais a xestión de arrendamentos de terras agrarias de xeito que permita o incremento da base territorial das

explotacións, cómpre asegurar o seu completo desenvolvemento:

- a. Consolidación do Bantegal como sociedade xestora do Banco de Terras de Galiza para dar un eficaz servizo tanto a titulares das fincas rústicas como ás explotacións agrarias.
 - b. Labor de información do Banco de Terras dirixido a persoas propietarias de terras de aptitude agraria en situación de abandono ou infrautilizadas.
 - c. Declaración de Zonas de Especial Interese Agrario de xeito gradual, no camiño de conseguir a medio prazo, que toda a superficie de vocación agraria se encadre nesta figura.
 - d. Potenciación da incorporación ao Banco de Terras das superficies abandonadas ou manifestamente infrautilizadas, mediante procesos de concienciación social e, no seu caso, coa utilización do réxime sancionador que no caso de grave abandono contempla a Lei de Conservación da Superficie Agraria Útil.
 - e. Estabelecemento das medidas necesarias para conseguir a incorporación ao Banco de Terras de todas as fincas agrarias non utilizadas de titularidade pública, de carácter estatal, autonómico ou local, así como as fincas de descoñecidos.
 - f. Dar prioridade á adxudicación de fincas do Banco de Terras ás explotacións de mozas/os, ás explotacións familiares, ás xestionadas en réxime asociativo, ás orientadas á produción ecolóxica, ás que desenvolvan métodos de produción respectuosos co medio ambiente e ás acollidas ao Contrato de Explotación Sustentábel.
- Medidas de ordenación dos usos da terra e de posta en valor das superficies.
 - a. Profundar na aplicación de medidas iniciadas durante a lexislatura 2005-2009:
 - Impulso da roturación e transformación en pastos das superficies de monte aptas para este uso, tendo en conta as posibilidades de integración dos usos agrícola, gandeiro e forestal.
 - Regulación das novas plantacións forestais, impedindo a forestación de terras de elevado potencial agrario.
 - Fomento da forestación das terras de aptitude forestal actualmente abandonadas ou infrautilizadas, establecendo unha adecuada selección das especies e buscando un equilibrio entre a función produtiva e a protectora do monte.
 - Control rigoroso da dedicación a usos urbanos de terras agrarias
 - b. Regular normativamente os cambios de uso da terra tendo en conta criterios de ordenación e de valoración de superficies infrautilizadas.
 - c. Ordenación dos usos do solo atendendo ás características dos solos e ás condicións socioeconómicas de cada comarca e buscando o máximo consenso social na aplicación.
 - Modificación en profundidade da política de concentración parcelaria, co obxectivo de que esta se converta nun instrumento efectivo de mellora produtiva das explotacións, de ordenación territorial e de conservación da paisaxe.

O modelo de xestión da concentración parcelaria na etapa popular evidenciaron a inexistencia dunha política estratéxica, con decisións erráticas, dispersión de recursos, falta de avaliación da viabilidade das zonas de actuación e, en moitos casos, complexos procesos de concentración en zonas de vocación urbana ou periurbana. A situación derivou en procedementos de concentración moi alongados no tempo e con índices de redución (fincas de reemprazo/parcelas de contribución) moi escasas a pesar do contía dos investimentos.

A partir de 2005 a Consellaría do Medio Rural tivo que xestionar unha complexa situación herdada, realizando importantes modificacións para conseguir que ao final da lexislatura se finalizasen 100.000 hectáreas –a metade das zonas iniciadas–, o que supuxo un importante esforzo técnico para mellorar a eficiencia dos recursos destinados á concentración.

Na lexislatura que se inicia en 2009 impulsárase a aprobación dunha nova Lei de Reforma das Estruturas Agrarias cuxa tramitación xa foi iniciada, que ademais dos procesos clásicos de concentración parcelaria, contemple outros modelos de reestruturación como os polígonos agrarios de asociación ou a poligonación

forestal para a creación de unidades de xestión forestal.

Ademais actuarase de acordo aos seguintes criterios:

- a. Continuar co proceso de remate das zonas de concentración decretadas en aqueles casos en que a súa viabilidade técnica, económica e social así o aconsellen, decretando a caducidade de aquelas en que non exista unha clara vocación agrícola, gandeira ou forestal.
 - b. Afondar na mellora técnica dos procesos, conseguindo un mellor índice de redución.
 - c. Tomar as medidas necesarias para evitar que tras unha concentración haxa fincas abandonadas ou infrautilizadas, promovendo a súa incorporación ao Banco de Terras.
 - d. Determinación de actuación en novas zonas acollidas ao novo marco normativo, elaborando un programa operativo plurianual en que se fixe o volume das actuacións e a súa distribución xeográfica, mediante a realización de estudos previos que evidencien a viabilidade técnica, económica e social, dando prioridade ás zonas de clara vocación e elevado potencial agrario.
- Profundando na política iniciada durante a lexislatura 2005-2009 darase prioridade aos investimentos dirixidos a favorecer a instalación de agricultores mozos, á modernización das explotacións, á ampliación da base territorial das explotacións, á reorientación cara a sistemas produtivos sustentábeis e baseados no uso dos recursos propios e a mellora da calidade os alimentos.
 - Impulso de políticas de fortalecemento e modernización integral do asociacionismo agrario –en especial o cooperativismo– no conxunto dos ámbitos de actuación. Con esta finalidade desenvolveranse medidas de apoio ao:
 - a. Redimensionamento en todas as orientacións produtivas, en especial as vinculadas ao ámbito da transformación e/ou comercialización co fin de pechar os ciclos produtivos e aumentar o valor acrescentado.
 - b. Modernización dos modelos de xestión. Esta medida estará baseada no apoio a dotación de equipos técnicos profesionais e aos equipos reitores e xerenciais.
 - c. Actuacións de planificación estratéxica que permitan visualizar as debilidades e fortalezas, e afrontar con anticipación os cambios.
 - d. Actuacións de diversificación produtiva de actividades ou dirixidas á xestión produtiva do territorio nos ámbitos agrícola, gandeiro e forestal.
 - Continuarase coas medidas de apoio á equiparación de dereitos das mulleres no ámbito agrario, que contemple a titularidade e cotitularidade das explotacións e o seu acceso a unha igualdade real. Fomentarase a incorporación das mulleres aos órganos reitores das cooperativas.

IV.3.1.3. Agricultura e medio ambiente; fomento da agricultura sustentábel

A política agraria, posta en práctica polo BNG desde o Goberno galego, ten como un dos seus principios orientadores a evolución do conxunto do sector cara a sistemas produtivos máis respectuosos co medio ambiente. Este principio de carácter transversal plasmarase tamén en actuacións específicas:

- A creación do Contrato de Explotación Sustentábel (CES) foi un chanzo clave na orientación do apoio ao sector produtivo agrario neste sentido, dirixido a un modelo de agricultura sustentábel en termos non só ambientais senón tamén económicos e sociais.

A próxima lexislatura será a da consolidación do apoio ás explotacións a través do CES. O reforzo orzamentario desta medida permitirá duplicar o número de explotacións que subscriban o CES. A través do CES apoiaranse as prácticas agrarias compatíbeis con modelos sustentábeis, entre outras: os modelos de ganadería extensiva tanto no leite como na carne; o emprego de especies autóctonas en perigo de extinción e de variedades en risco de erosión xenética; o mantemento de pastos permanentes e a utilización de sistemas de pastoreo; a agricultura e ganadería ecolóxica; a redución de insumos químicos.

Estabelecerase no CES unha axuda para as pequenas explotacións. Tendo en conta que as restricións da normativa comunitaria empecen, e que a axuda directa resulte suficientemente remuneradora para as ex-

plotacións de menor dimensión, introducirase unha nova axuda destinadas ás explotacións que asumindo os compromisos do CES non alcancen un limiar mínimo de subsidio.

- Reforzo doutras actuacións destinadas a facilitar a extensión de sistemas de produción sustentábeis:
 - a. Apoio á conservación e multiplicación das razas e castes autóctonas.
 - b. Aplicación de técnica de reprodución nas razas autóctonas que posibiliten a súa recuperación no menor tempo (transplante de embrións).
 - c. Formación dos/as agricultores/as e gandeiros/as en sistema de produción compatíbeis coa protección do contorno.
 - d. Fomento da actividade agro-gandeira nas áreas declaradas de interese natural garantindo a súa conservación.
- Execución do Plan de Desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica (PDAE), deseñado e aprobado na actual legislatura cun investimento previsto até 2013 de case 50 millóns de euros, que ten como principais eixos de actuación:
 - a. Actuacións sobre os produtos e os medios de produción: fomento da produción; apoio á instalación de mozas/os; apoio á mellora produtiva; fomento do usos de recursos xenéticos locais; apoio ao deseño e desenvolvemento de maquinaria específica para a agricultura ecolóxica; apoio á produción de sementes certificadas; identificación e recompilación de prácticas tradicionais etc.
 - b. Actuación sobre a transformación dos produtos: creación e mellora da industria ecolóxica e mellora da calidade dos produtos transformados.
 - c. Mellora da comercialización e articulación sectorial: promoción e fomento do consumo; fomento da concentración da oferta; apoio ás canles curtas de comercialización; fomento do asociacionismo na comercialización; etc.
 - d. Actuacións sobre coñecemento, formación e investigación: plans de formación de técnicos de ecolóxica; fomento dunha rede de explotacións colaboradoras; divulgación; atención á demanda en I+D+i dos centros de investigación da Administración; apoio financeiro á cooperación entre centros de investigación, explotacións e empresas de transformación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías etc.
 - e. Actuacións relativas ás tarefas de control e certificación: apoio á mellora do funcionamento do CRAE-GA; apoio á certificación da produción; adaptación da pequena industria á figura da artesanado alimentario etc.
 - f. Ordenación produtiva: análise das orientacións produtivas máis acaídas para cada territorio; avaliación da viabilidade de desenvolver novas producións; etc.
- A experiencia indica que é posíbel modificar o modelo de xestión actual dos SANDACH (subprodutos animais non destinados ao consumo humano) para diminuír os custos de xestión e os efectos medioambientais sen pór en perigo a seguranza alimentaria e a sanidade animal. A nova política de xestión dos SANDACH, procurará a optimización da xestión da recollida e tratamento, a implantación de tratamentos alternativos, a redución na xeración, e a valorización destes.
Con estes criterios porase en marcha un Plano de Subprodutos Gandeiros (SANDACH) que contemplará polo menos os seguintes aspectos:
 - a. Estabelecemento de planos de xestión de subprodutos (SANDACH) dentro das explotacións que permita utilizar os seus recursos fertilizantes e de mellora das condicións agronómicas do solo agrario.
 - b. Revisión, control e apoio financeiro para a adecuación das fosas de xurros.
 - c. Publicación da normativa sectorial necesaria para o correcto cumprimento dos puntos anteriores.
 - d. Control do estado dos solos e augas en coordinación cos organismos de conca en materia de augas.
- En materia de residuos agrarios avanza na colaboración co organismo competente da Administración galega na xestión adecuada dos residuos que deben ser obxecto de tratamento específico. Nesta colaboración incluírase a redución en orixe, a reutilización dos materiais antes de que se convertan en residuos (p.ex. plásticos de silos) e a valorización, cando for posíbel, dos propios residuos.

IV.3.1.4. Comercialización e industrias agroalimentarias

- Potenciación das marcas públicas de calidade, especialmente as denominacións de orixe e indicacións xeográficas, achegando os recursos necesarios para facilitar o funcionamento dos seus consellos reguladores.
- Posta en funcionamento de novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas que actualmente están en estado de tramitación.
- Culminación do desenvolvemento normativo preciso para regular os produtos artesanais e os produtos caseiros, o que servirá para pór en valor a nosa produción agroalimentaria e facilitará a comercialización en circuitos curtos.
- Apoio aos circuitos curtos de comercialización procurando a cooperación con outras entidades con competencias na materia.
- Apoio á agroindustria galega, dando prioridade aos investimentos realizados nas zonas desfavorecidas e de montaña, as iniciativas de base asociativa, os investimentos que xeren maior valor acrescentado e os realizados por empresas que asinen acordos interprofesionais que garantan unha maior transparencia e estabilidade no sector.
- Promoción desde o Goberno galego que o actual sistema de Lonxas pecuarias, aínda mantendo a súa independencia de funcionamento, estea regulado e amparado pola estrutura administrativa da Consellaría do Medio Rural.
- Aproveitamento das potencialidades das TIC na loxística de distribución e nos procesos de comercialización así como na difusión e valoración de marcas e denominacións de calidade.

IV.3.1.5 Calidade e seguraza alimentaria

A garantía da sanidade e da calidade dos produtos agrogandeiros postos no mercado polas explotacións agropecuarias galegas é a base da seguraza alimentaria dos consumidores. O desenvolvemento do rural galego, atopa na produción de alimentos de calidade unha das bases máis sólidas de futuro, polo que debe ser unha prioridade da acción de goberno o establecemento de sistemas de control oficial capaces de garantir a seguraza alimentaria en todos os elos da cadea.

- Adecuación dos medios materiais e humanos representados polos servizos oficiais de inspección, nomeadamente polos servizos veterinarios oficiais e polos servizos de inspección fitosanitaria, que contarán cun novo Plan de Controis Oficiais.
- É necesario dispor de mecanismos de control destinados a garantir a seguraza alimentar, permitindo dar novos pasos na mellora da eficacia na xestión baseándose na avaliación do risco e no coñecemento científico. Ademais é imprescindible avanzar na coordinación, continuidade e coherencia dos sistemas de control oficial, con independencia da adscrición a un ou a outro departamento do persoal inspector con funcións de control oficial en cada una das fases da cadea alimentaria, para isto será tarefa prioritaria de goberno a creación dun órgano que asuma esas tarefas no ámbito da seguraza alimentaria.

No ámbito da sanidade animal:

- Apoio á creación e desenvolvemento das Agrupacións de Defensa Sanitaria.
- Declaración de Galiza como territorio oficialmente indemne á Brucelose bovina, ovina e cabrúa no horizonte de 2012. Extensión dos programas de control da paratuberculose no gando ovino e bovino, así como do IBR e BVD.
- Reestruturación dos servizos veterinarios oficiais racionalizando os recursos a través dunha nova distribución e asignación de funcións, promovendo a formación e información en sanidade animal ás/aos gandeiras/os.
- Aposta decidida pola calidade real das producións gandeiras, a través da aplicación do Plan Galego de

Controis da Cadea Alimentaria.

- Apoio ao desenvolvemento de infraestruturas sanitarias que favorezan o control de enfermidades, especificamente ao desenvolvemento dunha rede de centros de limpeza e desinfección que dea cobertura a todo o territorio galego, así como a adecuación das infraestruturas dos mercados pecuarios ás exigencias sanitarias e de benestar dos animais.
- Adecuación da presión do control oficial ao risco que realmente represente cada tipo de explotación e produción.

No ámbito da sanidade vexetal:

- Elaboración do Plano Galego de Sanidade Vexetal que contemple:
 - a. Desenvolvemento das medidas contempladas no Plano Galego de Controis da Cadea Alimentaria para este ámbito.
 - b. Programa de control da comercialización de produtos fitosanitarios e programa de uso destes produtos. Programa de controis de residuos de fitosanitarios.
 - c. Programa de pragas de corentena con risco de introdución en Galiza para evitar a súa entrada.
 - d. Mapa de riscos fitosanitarios.
 - e. Protocolos de actuación en cada caso.
- Mellora da Rede de Avisos Fitosanitarios.
- Elaboración de fichas de cultivo, por estado fenolóxico co fin de abaratar inputs e eliminar ao máximo os residuos de fertilizantes e fitosanitarios.
- Fomento do uso de fitosanitarios naturais e/ou ecoloxicamente compatibles.
- Axudas ao subministro ás explotacións de fauna útil para o control biolóxico das pragas.
- Mellora das inspeccións de maquinaria de aplicación de fitosanitarios.
- Promoción da adhesión de Galiza á rede europea de territorios libres de organismos xeneticamente (OXM). Defender unha modificación do cadro normativo a nivel estatal e da UE para que Galiza poida definir o seu propio territorio como zona libre de OXM.

IV.3.1.6 Apoio á innovación e coñecemento no sector agroforestal galego

Ao longo da lexislatura 2005-2009 puxéronse en marcha unha serie de medidas de fortalecemento dos instrumentos de investigación aplicada, transferencia de tecnoloxía e formación agroforestal, que no próximo cuatrienio serán complementadas con novas actuacións co obxectivo de dotar ao complexo agroindustrial galego do soporte científico e tecnolóxico necesario para o seu desenvolvemento. Neste eido, cómpre ter presente que a investigación e a formación son elementos esenciais da innovación tecnolóxica e constitúen un investimento de futuro para a sociedade galega.

Esta actuación, que contempla os requirimentos dos consumidores en materia de calidade e seguridade alimentaria, os cambios debidos ás novas demandas medioambientais da sociedade, e as exigencias de procurar un desenvolvemento do medio rural que permita a valorización deste espazo e a fixación da poboación, realizarase baixo a óptica da mellora na eficiencia e eficacia do gasto dos recursos públicos en formación, investigación, transferencia de tecnoloxía ao sector, así como do fomento da participación empresarial nas actividades de I+D+i.

- Crearase unha Axencia Galega de Tecnoloxía Agroforestal e Calidade Alimentaria, a partir da potenciación do actual Instituto Galego de Calidade Alimentaria, que incorporará competencias en materia de formación e capacitación dos/as profesionais do sector, así como do seguimento, coordinación e avaliación das entidades de aconsellamento e xestión ás explotacións. Estas actuacións complementarán as actividades de investigación aplicada e de prestación de servizos aos consellos reguladores de produtos de calidade diferenciada que actualmente realiza o Instituto, con especial atención á cualificación do persoal que realiza funcións especializadas dentro da súa estrutura.

- Completarase o mapa de centros tecnolóxicos agroforestais creados na anterior lexislatura en áreas estratéxicas. Ao Centro Tecnolóxico da Carne e da Calidade Alimentaria e ao Centro Tecnolóxico Lácteo unirase un centro de nova creación: o Centro Tecnolóxico do Viño e Horta, concibido ao igual que os anteriores como unha plataforma de integración da actuación en materia de I+D+i das consellarías do Medio Rural e Innovación coa das universidades galegas, o sector empresarial e os axentes sociais que configuran o complexo agroindustrial galego.
- Potenciaranse as axudas a proxectos de desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías dirixidos a empresas, cooperativas e consellos reguladores, dando prioridade ás actuacións en materia de fomento das producións de calidade diferenciada, incluída a produción ecolóxica, a seguridade alimentaria e a mellora ambiental. Ao final da lexislatura completaranse máis de 150 iniciativas.
- Consolidarase o enclave tecnolóxico agroforestal de Mabegondo (Abegondo), posto en marcha na presente lexislatura, que integra o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite xunto co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, o Laboratorio Fitopatolóxico de Galiza e o Laboratorio de Sanidade Animal. A estas dependencias unirase a creación dun Banco de Xermoplasma Agroforestal que permitirá mellorar e potenciar as actividades de conservación, caracterización e posta en valor de recursos fitoxenéticos agrícolas e forestais autóctonos.
- Prestarase especial atención á mellora dos programas de formación continua dirixidos a profesionais do sector, en particular á capacitación da mocidade que se incorpora. Desde os centros de formación agroforestal realizarase un programa de seguimento e titoría individualizada das novas incorporacións.
- Consolidarase o programa de capacitación do persoal que integra o dispositivo de prevención e extinción de incendios da consellaría do Medio Rural continuando o proceso iniciado na presente lexislatura.
- Reforzarase a formación en materia de agricultura ecolóxica, e para isto, o centro de formación Pedro Murias de Ribadeo converterase en escola especializada nesta materia.
- Aproveitaranse as potencialidades das TIC para o intercambio e transferencia de coñecemento, así como para a difusión e aproveitamento das innovacións.

IV.3.1.7 Política de infraestruturas

Infraestruturas no Medio Rural:

A política de infraestruturas das últimas lexislaturas con goberno do partido popular caracterizárase pola total ausencia de planificación, e porque a distribución orzamentaria obedecía máis a criterios clientelares que a elementos obxectivos e cuantificábeis. Como mostra está o Plan de Infraestruturas Rurais posto en marcha polo derradeiro goberno Popular, estando xa en funcións, no que ficaban excluídos 67 concellos, que tivo de ser parcialmente suspendido polo novo goberno.

Pola contra, elaborouse un novo Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, con carácter plurianual, e cunha asignación de recursos a nivel municipal, con inclusión de todos os concellos, con criterios universais e públicos. Tamén se tivo en conta o investimento na lexislatura anterior, aplicando coeficientes correctores que permitisen certo nivel de reequilibrio.

Co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, realizaranse planos de investimentos plurianuais que contemplan as obras a executar nos distintos concellos de Galiza, que terán en conta os seguintes criterios básicos:

- Inclusión da totalidade dos concellos galegos tendo en conta as necesidades de cada un deles. A distribución dos recursos económicos entre concellos será realizada con base en criterios obxectivos, buscando a equidade e o equilibrio dos investimentos no medio rural galego. O esforzo económico debe ter especial incidencia naquelas zonas máis deprimidas, e ter presente o carácter agrícola, gandeiro ou forestal dos distintos concellos.
- Poderá incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga

domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, infraestruturas e servizos baseados nas TIC así como aqueles proxectos singulares que poidan contribuír a mellorar a calidade de vida, á dinamización da base produtiva do medio rural e a fixar poboación.

- Na selección de proxectos a Consellaría establecerá, cando menos, as seguintes prioridades: proxectos de especial interese agrícola, gandeiro ou forestal; obras de infraestrutura básica para abastecemento de auga; obras de infraestruturas de saneamento e depuración de augas residuais; creación e mellora da rede viaria agraria e rural; aproveitamento ou mellora das infraestruturas de telecomunicacións; e outros servizos básicos necesarios para o desenvolvemento rural e a súa base produtiva.
- Os procesos de contratación permitirán a entrada na licitación de empresas locais que, tanto pola adquisición de materiais como pola man de obra local, supoñen un importante impulso ás economías e ao emprego territorial.

Regadíos:

É necesaria unha correcta planificación nas áreas de regadío, non só para conseguir un mellor aproveitamento dos recursos hídricos na agricultura, impulsar o potencial agrícola e gandeiro e potenciar o desenvolvemento das comarcas, senón tamén como un instrumento para a xestión ambientalmente sustentábel da auga e para compatibilizar os usos da auga no eido social, económico e ambiental.

Produciuse nesta lexislatura unha importante reactivación de actuacións en materia de regadío de vital importancia para determinadas comarcas agrarias, non só desde o esforzo económico da propia Consellaría senón tamén froito da interlocución con outras institucións. Estas actuacións completaranse coas seguintes medidas:

- Culminaranse os proxectos iniciados, e poranse en marcha novas iniciativas nas comarcas da Limia, Terra Cha e Val de Lemos.
- Impulsaranse accións de conservación e mantemento de pequenas infraestruturas de rega como , levadas, presas, balsas e depósitos.

IV.3.1.8 Vertebración social e interlocución

- Consolidación do Consello Agrario Galego, como órgano de consulta e interlocución da Administración coas organizacións representativas do sector, dotándoo dos medios necesarios para o adecuado exercicio das súas funcións.
- Durante a lexislatura 2005-2009 impulsouse a creación de foros sectoriais nos que están presentes os axentes da cadea de produción e transformación dos produtos agrarios e representantes da propia Consellaría (mesa do leite, mesas do viño, da carne de vacún, da pataca, castaña ou do sector forestal). Na lexislatura 2009-2103 deben asentarse como un foro estábel de diálogo e negociación contribuíndo a darlle transparencia e a equilibrar as relacións interprofesionais.
- Neste sentido apoiaremos o establecemento de contratos homologados entre produtores agrarios e compradores da súa produción, permitindo introducir transparencia e estabilidade nas relacións comerciais, evitando que os compradores modifiquen unilateralmente as condicións de compravenda.
- Desde o Goberno galego o BNG impulsará que a nivel de Estado se aborden as reformas normativas necesarias para permitir a consecución de acordos interprofesionais máis ambiciosos e para contemplar mecanismos que permitan que a formación dos prezos dos alimentos sexa transparente.
- Impulsar a modificación dos regulamentos de todos os consellos reguladores para culminar a súa adaptación ao actual marco legal e a súa conversión en corporacións de dereito público, alcanzando así a súa plena autonomía.
- Medidas de fomento da participación social na política forestal
 - a. Continuarase a reforzar o papel de interlocución da Cadea monte-industria galega no deseño das estratexias e dos planos que se poñan en marcha.
 - b. Reforma do Consello Forestal de Galiza: creación de grupos de traballo no CFG
 - c. Regulamento para a Mesa Galega da Madeira

IV.3.1.9 Política de desenvolvemento rural

Durante a recente lexislatura a Consellaría do Medio Rural puxo en marcha por primeira vez un programa de apoio financeiro ás iniciativas que xeren novas actividades económicas no medio rural e/ou contribúan á mellora dos servizos e da calidade de vida dos seus habitantes. Na lexislatura 2009-2013, dada a boa acollida do programa e a súa repercusión socioeconómica, reforzase esta liña de actuación coñecida como proxectos dinamizadores das áreas rurais, tendo como obxectivo alcanzar os 1.500 proxectos aprobados e a creación de 1.600 empregos directos, cunha priorización para a xeración de novos empregos dirixidos aos mozos e mozas.

En 2008 concretoouse a posta en marcha do novo Programa Leader Galiza 2007-2013, que supón unha reorientación profunda na composición e funcionamento dos Grupos de Desenvolvemento Rural, marcada pola apertura real á participación de todas as entidades públicas e privadas de cada territorio, e tamén no destino dos fondos, primando os proxectos de dinamización económica, cun lugar destacado para os relacionados coas actividades agroalimentares e forestais innovadoras. A partir de 2009 os esforzos desde a Consellaría do Medio Rural centraranse en asegurar a aplicación efectiva dos novos principios que presiden o Programa Leader, de tal modo que os Grupos de Desenvolvemento Rural, que van contar cuns fondos públicos de 150 millóns de euros até 2013, se convertan nun instrumento eficaz de dinamización socioeconómica e vertebración do noso medio rural desde a perspectiva comarcal.

Na lexislatura 2009-2013 poranse en marcha ademais plans específicos, de carácter sectorial ou territorial, en ámbitos estratéxicos para o reforzamento da base económica e a mellora da calidade de vida no medio rural, como os seguintes:

- Plan de desenvolvemento das TIC nas áreas rurais, que incluírá: a dotación de infraestruturas de acceso a banda larga, a creación de contidos adaptados ás necesidades das empresas e habitantes do medio rural e o achegamento do uso das TIC aos diversos colectivos.
- Plan de desenvolvemento das Rutas do Viño de Galiza.
- Posta en marcha de rutas gastronómicas, que axuden a fomentar o consumo de produtos galegos de calidade á vez que poñen en valor os recursos do territorio no plano turístico.
- Plan de valorización do patrimonio cultural construído vinculado ás actividades agrarias.

Culminado o proceso de racionalización da estrutura e os instrumentos da Xunta de Galiza no ámbito do desenvolvemento rural, coa disolución da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal e a desvinculación das Fundacións Comarcais, desde a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os seus Centros de Desenvolvemento Comarcal ofrecerase un apoio integral a todas as iniciativas que contribúan á xeración de emprego e á mellora da calidade de vida nas áreas rurais. Con este fin porase en marcha o Servizo de Apoio a Emprendedores no Rural.

Tendo en conta que no fomento de actividades económicas no medio rural e na mellora dos servizos e da calidade de vida dos seus habitantes teñen competencias diversos departamentos da Administración galega, afondarase no proceso, iniciado na lexislatura 2005-2009, de coordinación das diferentes políticas sectoriais do Goberno galego con incidencia no medio rural, coa finalidade de consolidar unha política integral de desenvolvemento rural.

IV.3.1.10 Modernización administrativa

Continuando coas medidas de simplificación administrativa adoptadas durante a lexislatura 2005-2009, afondarase no achegamento da Administración aos/ás cidadáns/ás e na incorporación de avances tecnolóxicos para unha xestión máis transparente e eficaz. En concreto, impulsaranse as seguintes medidas:

- Mellora da estrutura periférica comarcal, oficinas agrarias comarcais e distritos forestais, perfeccionando o dispositivo de atención ao público. Conversión dos centros comarcais en auténticos centros dinamizadores que completen a rede periférica.

- Posta en funcionamento de xeito xeneralizado da tramitación electrónica nas axudas dirixidas ao sector agroforestal, e colaboración entre administracións para eliminar duplicidades na documentación requirida.
- Extensión dos procedementos en soporte telemático de autorizacións ou permisos administrativos. Reforzo da atención telefónica e da xestión de trámites de índole menor por esa vía.
- Aplicación das novas tecnoloxías á xestión das explotacións gandeiras e ao cumprimento das obrigas de declaración de movementos de entrada e saída de animais e de achega de información á cadea alimentaria.
- Aplicación das novas tecnoloxías da información para a comunicación de interese: sms para notificacións, rede de avisos agrícolas etc.
- Implantación de formación específica nas novas ferramentas e tecnoloxías da información destinada ao persoal ao servizo da Administración.

IV.3.2 Producións agrícolas

IV.3.2.1. Sector vitivinícola

- Elaboración dunha Lei do Viño de Galiza que, contemplando as peculiaridades da nosa vitivinicultura, permita afrontar os retos dun futuro inmediato marcado pola recente reforma da OCM do viño.
- Despois da renovación dos Consellos Reguladores, dotándoos de maior profesionalidade e estabilidade, impulsarase a reforma dos regulamentos pendentes das distintas DO para adaptalos á nova normativa, dotando aos Consellos Reguladores de regulamentos que permitan acometer os retos nos diferentes mercados.
- Desenvolvemento da Organización Común de Mercado do Viño. O recentemente aprobado regulamento comunitario, cuestionado no seu momento polo BNG, está a ser desenvolvido polo EE a través do Programa de Apoio. Neste sentido o BNG, en colaboración co conxunto do sector, actuará con firmeza para conseguir a mellora dos seguintes aspectos do Programa de Apoio: garantía dun financiamento adecuado; reconversión e reestruturación do viñedo; apoio aos investimentos nos procesos de industrialización, especialmente nas pequenas adegas; salvagarda das nosas variedades na etiquetaxe; e reforzamento das actividades de difusión e promoción dos viños galegos.
- Impulso, dentro do Banco de Terras de Galiza, de medidas específicas para fomentar o arrendamento a longo prazo de superficies de cultivo de vide, co fin de facilitar o redimensionamento das explotacións.
- Remate dos Plans Especiais de Infraestruturas nas cinco denominacións de orixe postos en marcha na presente lexislatura.
- Medidas referidas á augardente:
 - a. Réxime especial para Galiza que contemple unha redución considerábel do imposto para aquela augardente destinada á venda directa no noso país.
 - b. Mantemento e potenciación das medidas de control para que baixo a denominación (Oruxo) Augardente de Galiza só se ampare o produto elaborado con bagazo galego.

IV.3.2.2 Sector hortofrutícola

- Implementación dunha marca de calidade que ampare e identifique os produtos da horta galega que acaden os requirimentos de calidade que se definan en consenso co sector.
- Mellora dos sistemas produtivos a través da formación con especial atención á protección e mellora dos solos, e ao control e racionalización do uso de agroquímicos.
- Creación da Rede Galega de Sementes, Plantas e Gaios

- Axuda ao incremento da horticoltura ao aire libre nomeadamente con castes que están a acadar a categoría IXP como o grelo.
- Posta en valor das castes autóctonas de horta e froita. Fomento do cultivo de froita de pebida con castes autóctonas. Recuperación e fomento do cultivo das castes de froita de carabuña.
- Incremento e mellora do Banco de Xermoplasma Galego como base da investigación e mellora dos cultivos.
- Investigación, divulgación e promoción de medidas de loita sanitaria non-agresiva.

IV.3.2.3 Pataca

- Continuación da política de mellora de infraestruturas que permitan reducir custos: regadío integral e mellora do seu uso.
- Impulso á política de fomento e apoio decidido ás estruturas de produción de pataca de semente propia.
- Mantemento das axudas para a mellora do almacenamento e conservación das patacas: construción de almacéns e dotación de maquinaria.
- Apoio á instalación de empresas transformadoras dando prioridade a aquelas iniciativas de capital galego e cooperativo.
- Intensificación das actuacións da Administración para evitar a venda de pataca foránea como galega.
- Impulso das medidas de estruturación do sector, nomeadamente a través do impulso da contratación homologada iniciada durante a lexislatura 2005-2009.

IV.3.2.4 Cereais e leguminosas

- Reforzamento da política de apoio á cooperación entre produtores e industrias para o desenvolvemento de novos produtos e procesos.
- Consolidación da política de investigación e conservación dos recursos fitoxenéticos galegos.
- Promoción do consumo e calidade dos cereais e leguminosas producidas en Galiza, polo seu interese como alimentos para unha dieta sa.

IV.3.3. Producións gandeiras

IV.3.3.1. Sector lácteo

Mellora das explotacións lácteas:

O BNG promoverá a mellora da viabilidade das explotacións lácteas mediante as seguintes liñas esenciais:

- Consolidación das axudas a través do Contrato de Explotación Sustentábel tanto para mellorar a sustentabilidade medioambiental como para reforzar a súa viabilidade económica.
- Impulso da ampliación da superficie forraxeira para permitir unha menor dependencia da compra de alimentos.
- Apoio a investimentos e cambios nos sistemas de manexo que faciliten a produción sobre a base do correcto aproveitamento da superficie forraxeira, promovendo sistemas máis respectuosos ambientalmente ao tempo que máis eficientes no uso dos recursos.
- Impulsar a formación dos produtores de cara a conseguir un eficiente aproveitamento dos recursos das explotacións.
- Impulso á recría de xovencas por parte das entidades asociativas co obxectivo de garantir a renovación da cabana con todas as garantías sanitarias, a un custo razoábel e mantendo este elo da cadea produtiva no propio país.

- Promoción dos proxectos asociativos que redunden na mellora da viabilidade económica e social das explotacións lácteas.
- Consolidación do sistema de certificación do leite producido en Galiza cuxos primeiros pasos se deron na recente lexislatura. Reforzo do plan de calidade para que as nosas explotacións cumpran os máximos requirimentos para acadar unha produción de alta calidade.
- Esforzo continuado na mellora da calidade xenética da cabana frisona que nos converta a medio prazo nun país exportador de xenética: apoio á instauración de centros de recría e implicación do sector na xestión do programa de mellora xenética dirixido pola Administración galega.
- Manter as políticas de apoio ao control leiteiro.

Sistema de cotas e prima láctea:

No que se refire ao debate sobre o futuro do sistema de cotas lácteas e, máis en xeral, sobre os mecanismos de regulación do mercado de leite e lacticinios o BNG:

- Tendo en conta o compromiso da Comisión de realizar avaliacións da situación do mercado lácteo en 2010 e 2012 o BNG defenderá unha redefinición do sistema de cotas que, mantendo a continxentación da produción a nivel da UE, realice unha redistribución dos dereitos de produción entre Estados, tendo en conta o balanço produción/consumo dos diferentes Estados e criterios de carácter social.
- Defenderá que no Estado Español se crea un Fondo Lácteo, con recursos procedentes da aplicación do artigo 68 ou da modulación adicional e con fondos estatais, destinado a mellorar a viabilidade das explotacións con perspectivas de continuidade mais que poden ver lastradas no futuro escenario as súas posibilidades de competir en función das limitacións que tiveron que superar pola continxentación da produción, especialmente no caso dos territorios cun maior grao de dependencia do sector lácteo.

Nos debates sobre a PAC despois de 2013, o BNG sosterrá que nos mercados lácteos se manteñan mecanismos de intervención públicos financiados co orzamento comunitario e eficaces para suavizar as oscilacións de mercado e evitar situacións de crise.

No que se refire á xestión da cota láctea no Estado español defenderemos os seguintes criterios: transferencias controladas pola Administración, non-rexionalización da cota, distribución de acordo a criterios sociais (dimensión das explotacións, apoio á instalación de mozas/os, apoio a sistemas extensivos,...), reparto gratuíto para os perceptores de cota.

Medidas referidas á transformación e comercialización:

- Aplicación selectiva das axudas públicas aos investimentos na industria láctea, dando prioridade aos investimentos en produtos de alto valor acrecentado e liñas novas, e os promovidos por empresas que asinen acordos interprofesionais destinados a darlle unha maior estabilidade ás relacións entre produtores e industria.
- Tendo en conta as dificultades que a actual estrutura industrial e comercial impón, impulso á constitución dun Grupo Lácteo Galego con capacidade de liderado a nivel estatal.
- Consolidación da Mesa do Leite e do Observatorio do Sector Lácteo de Galiza como instrumentos básicos de vertebración da fileira láctea. Apoio ao establecemento de contratos homologados.
- Apoio ao LIGAL para que poida desenvolver a súa función con solvencia e independencia. Posta en funcionamento das súas novas instalacións.
- Reforzar a actuación de control para evitar a venda de leite foráneo como leite galego. Promover que o goberno central realice un control rigoroso dos produtos lácteos importados.

IV.3.3.2. Vacún de carne

- Impulso ao Contrato de Explotación Sustentábel como mecanismo de concesión de axudas destinadas tanto a mellorar a sustentabilidade medioambiental como a reforzar a súa viabilidade económica.
- Apoio á recría na propia explotación tendo como base a conservación dos pastos existentes e a recuperación de terras a matagueira.
- Fomento da extensificación dos sistemas produtivos, principalmente a través do apoio económico e

técnico á implantación de pradarías de calidade en terras infrautilizadas e da divulgación de sistemas de manexo extensivos.

- Apoio financeiro aos proxectos de cebo de becerros para frear a saída de animais para o seu engorde noutros territorios e que o valor acrecentado fique en Galiza.
- Apoio financeiro a estes proxectos de cebo irá da man do desenvolvemento do label de calidade do frisón galego, cuxos primeiros pasos se deron de forma consensuada ao longo da lexislatura 2005-2009 coa creación da etiquetaxe facultativa VAC1.
- Mantemento da política de apoio decidido á IXP Ternera Gallega.
- Impulso ás actuacións destinadas a mellorar o posicionamento competitivo da industria de transformación.
- Impulso e establecemento de criterios para o reparto das primas procedentes das Reservas Estatais que primen as explotacións que cumpren unha finalidade social e territorial. Con estes obxectivos, así como para evitar a especulación, debe prohibirse a compravenda de dereitos ao cobro de axudas entre particulares naqueles casos nos que permanecen parcial ou totalmente vinculados á produción.
- Defensa da utilización a nivel estatal das posibilidades que abra a reforma da PAC para apoiar aos gandeiros de zonas de montaña e/ou sistemas de produción extensivos.

IV.3.3.3.Ovino-cabrún

- Continuar a política de impulso aos proxectos silvopastorais que impliquen a explotación comunitaria de montes veciñais para o pastoreo.
- Apoiar as estruturas asociativas, co fin de que estas xoguen un papel dinamizador na transferencia tecnolóxica, a dotación de persoal técnico especializado, a comercialización, e a mellora e tipificación dos produtos. Impulsar a agrupación de produtores de ovino-cabrún con fins de defensa sanitaria.
- Impulsar o establecemento de criterios para o reparto das primas procedentes das Reservas Estatais que primen as explotacións que cumpren unha finalidade social e territorial. Da mesma forma defenderase a prohibición da compravenda de dereitos ao cobro de axudas entre particulares naqueles casos nos que permanecen parcial ou totalmente vinculados á produción.
- Manter as liñas de actuación destinadas á potenciación das razas galegas.
- Impulsar o desenvolvemento do ovino-cabrún de leite en Galiza, tanto na produción primaria como na transformación industrial para a elaboración de queixos e na comercialización.

IV.3.3.4 Sector Equino

O apoio ao desenvolvemento do sector equino como actividade fixadora de poboación no medio rural que representa ademais una alternativa de diversificación das actividades gandeiras, centrarase en tres liñas:

- Apoio á ordenación da produción equina en extensivo nos pastos de uso común, mantendo a prevención de lumes, e orientándoa cara á produción de carne diferenciada.
- Apoio ás explotacións destinadas a cría, adestramento e mantemento de animais para uso de ocio e deportivo.
- Apoio á cría en pureza de cabalos de Pura Raza Galega.

IV.3.3.5 Gandaría sen terra

- Implantación dunha normativa galega sobre elaboración e comercialización de pensos, que garanta que estes son elaborados con materias primas aptas e de calidade.
- Mantemento das axudas aos investimentos nas explotacións, co fin de que estas contribúan a financiar as melloras sanitarias e de produción e a adecuación ás normas ambientais.

- Impulso de novos modelos de produción, potenciando a cría en extensivo de cara á obtención de producións cun maior valor acrescentado.
- Extensión das axudas ás explotacións para o benestar dos animais contempladas no Programa de Desenvolvemento Rural elaborado pola Consellaría do Medio Rural.
- Control da sanidade e hixiene da produción: declaración de Galiza no horizonte de 2010 como territorio indemne fronte á enfermidade de Aujeszky no porcino; continuar coa redución da prevalencia de salmonella nas producións avícolas até a súa completa desaparición.

IV.3.4. Montes e sector forestal

Para o BNG a política forestal debe artellar, entre outros aspectos, as accións necesarias para facer do monte galego un activo económico que xere de forma continuada e periódica rendas para os propietarios e que profesionalice a actividade forestal. Galiza como primeira potencia forestal do estado debe establecer medidas específicas para o desenvolvemento pleno do sector, e garantir a existencia da materia prima en diversidade, cantidade e calidade no horizonte dos próximos 50 anos para a industria galega, particularmente a de moble e a de serra.

Promoverase a xestión forestal sustentábel co fin de acadar máis e mellores produtos madeireiros de calidade. Así mesmo, fomentaranse outros produtos e servizos, recoñecendo a multifuncionalidade dos montes.

Ademais é necesario avanzar, en colaboración con outras administracións públicas e cos axentes sociais representativos, na concienciación social da importancia da existencia dos montes e da súa xestión sustentábel.

Aprobación e desenvolvemento da Lei de Montes de Galiza

Esta lei, entre outras cousas, daralle soporte legal á ordenación do monte con criterios estratéxicos; servirá tamén para revisar a Lei de Montes Veciñais en Mancomún co obxectivo de fortalecer o papel da Administración naqueles casos nos que comunidades non teñen vida; permitindo desta forma a posta en valor desas superficies. Permitirá a actualización da figura xurídica da Comunidade dotándoa dunha maior capacidade de obrar para responder os obxectivos sociais, sen perder as características orixinais que a identifican. Ademais o desenvolvemento da Lei permitirá a creación dun Fondo de Melloras do Monte destinado a mellorar a conservación dos montes.

Medidas de ordenación e planificación

De forma transversal a planificación e a xestión forestal sustentábel serán elementos centrais da política forestal galega nos vindeiros anos.

- Elaboración da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.
- Estabelecemento dun modelo integral de planificación forestal a niveis estratéxicos, tácticos e operativos, a través da elaboración do Plano Forestal de Galiza.
- Elaboración dos Planos de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF) ou dos diferentes instrumentos de xestión operativa dos recursos e usos forestais que respectivamente comporán as pezas básicas dese modelo integral de planificación.
- Mellora da información e estatística forestal para o que se abordará a creación dun Rexistro Forestal de Galiza único, no que se inscribirán o conxunto de datos pertencentes ao monte galego, e a elaboración do Inventario Forestal de Galiza cada 5 anos.
- Afondarase na política de ordenación das infraestruturas forestais, de cara a optimizar os investimentos e promover a realización das infraestruturas forestais necesarias para unha axeitada xestión de recursos.
- Agrupación de propiedades (UXFOR) e fomento da explotación forestal rendíbel:
 - a. O especial esforzo de cara á reorganización da propiedade forestal, particularmente mediante as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) que permiten a xestión en común de superficies moi parceladas de

propietario distintos, será o eixo central sobre o que xirarán os esforzos nos vindeiros anos. Estableceranse medidas e incentivos específicos que axuden a pór en marcha estas unidades de xestión forestal. Fomentarase a posta en marcha durante a próxima lexislatura de 400 UXFOR cunha extensión de 50.000 habitantes (100 UXFOR/ano, 125 has/UXFOR, 12.500 has/ano).

b. Non se permitirá a segregación de parcelas de menos de 15 has.

- Creación e diversificación das masas forestais; impulso ás frondosas caducifolias e ás madeiras de calidade. Reforzarase a política de impulso á plantación de frondosas caducifolias co obxectivo de alcanzar a plantación de 50.000 has. durante a próxima lexislatura.
- Incremento dos procedementos de certificación forestal o que permitirá pasar a finais da próxima lexislatura das 130.000 has. actuais a preto de 200.000 has.
- Apoiar as liñas de silvicultura co obxecto de mellorar a calidade das masas arbóreas con destino a madeira de calidade.

Medidas en relación cos Montes Veciñais en Man Común

As Comunidades de montes veciñais en man común (MVMC) teñen que ser un dos grandes piares da política forestal dos vindeiros anos, así, impulsaranse as seguintes medidas:

- Creación dun único Xurado de Montes Veciñais en Man Común de Galiza en substitución dos xurados provinciais de acordo coa nova Lei de Montes de Galiza.
- Elaboración dun plan de demarcación dos lindeiros dos MVMC. Fomentarase o deslinde destes, as avinzas así como formulas áxiles e moi necesarias como a revisión da planimetría destes montes.
- Continuarase a traballar de cara á ordenación dos aproveitamentos e usos destes montes sempre baixo un criterio de multifuncionalidade. Fomento das actuacións silvícolas, acompañándoo dun maior seguimento dos reinvestimentos que os propietarios deben facer no monte.
- Impulso ás actuacións de apoio técnico ás CMVMC de cara a facilitar unha xestión socioeconómica e ambientalmente sustentábel.
- Aplicación de medidas contempladas na nova Lei de Montes de Galiza para evitar o abandono dos MVMC no caso de extinción ou desaparición da comunidade ou de grave abandono. Estas medidas terán como único obxectivo evitar a degradación do monte, mediante a tutela temporal na súa xestión, aplicando o estipulado nos instrumentos de ordenación forestal até que novamente se constitúa a comunidade.

Novos contratos de xestión forestal

Impulsarase o establecemento de novos contratos de xestión forestal que paulatinamente vaian substituíndo a fórmulas xa superadas como os convenios ou consorcios. Estes contratos centraranse no cumprimento dos instrumentos de xestión, sobre aquelas superficies que sexa necesario capitalizar ou que polas súas condicións especiais (especial protección) así o requiran; abrindo, no seu caso, a porta á entrada de xestores forestais sempre baixo a supervisión da administración forestal e co total acordo dos propietarios.

Medidas para unha política de xestión sustentábel e eficiente nos bosques que aumente a contribución á redución de gases invernadoiros

Continuarase a regular o fomento e aproveitamento sustentábel da biomasa forestal para a produción de enerxía como base para axudar a mitigar o cambio climático, mellorar a autosuficiencia enerxética e a seguranza na subministración e crear emprego no rural.

Polo papel das masas forestais como verdadeiras reservas de CO₂, seguirase aprofundado en políticas de forestación e repoboación forestal articuladas con base na biodiversidade e respectando a Lei de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Medidas de sanidade vexetal en materia forestal

Elaboración dun Plan Galego de loita integrada fronte a pragas e doenzas forestais no que se deseñen obxectivos e medidas dirixidas á avaliación do estado fitosanitario dos nosos montes, á detección e pronta resposta, e a minimizar e preservar os ecosistemas forestais danados mediante tratamentos que compoñan unha loita integrada.

Medidas de mellora xenética, control do material de base e selección de sementes

Impulsarase un plan específico de mellora xenética das especies forestais co fin de asegurar que os materiais forestais de reprodución das especies e híbridos que se usen en silvicultura sexan fenotípica e xeneticamente de alta calidade, e axeitados ás condicións do medio. Estabeleceranse actuacións destinadas á mellora e aumento da produción de semente e plantas de alta calidade, coa creación dunha Rede de Áreas Forestais Xenéticas, así como á preservación e conservación ex-situ dos nosos recursos fitoxenéticos coa creación dun banco de material forestal de reprodución de especies forestais de interese.

Tamén se levarán a cabo as seguintes medidas:

- Posta en marcha do Banco de Sementes Forestais de Galiza (SEMFOR) en Mabegondo.
- Apoio á implantación dos seguros forestais como garantía de repoboación fronte aos lumes.

Impulso ao sector industrial galego da madeira

Posta en marcha dun plan integral de accións dirixidas ao sector industrial baseado na reestruturación e modernización das empresas e industrias existentes; no fomento de I + D + I; na busca e consolidación de mercados; na mellora continuada da seguridade e saúde laboral; na formación e divulgación.

Desenvolvemento do novo modelo de prevención e defensa contra incendios forestais

Profundarase no camiño iniciado na mellora da profesionalización e modernización do servizo:

- Elaboración dun plan de formación plurianual e consolidación da escola de Monforte como centro de referencia na formación en incendios.
- Completar o plan xa iniciado de mellora das equipas e instalacións para o persoal até completar a rede de puntos de encontro do SPDCIF e creación de 10 novos Centros de Coordinación de Distrito.
- Implantación dun novo sistema de Detección Temprá de incendios mediante un sistema de termografía e alarma automática para reducir os tempos de reacción. Mellora do XEOCODE como ferramenta multitarefa de control e información de lumes.
- Reforma da Gardaría Forestal co obxecto de convertela nunha auténtica policía administrativa e xudicial.
- Desenvolvemento dun sistema eficaz de transmisión de imaxes aéreas de incendios forestais para o seu manexo en grandes lumes e posta en marcha dun dispositivo fiable de radiocomunicacións dixitais.
- Aplicación plena da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais mediante o desenvolvemento do PLADIGA e dos Planos de Distrito.
- Darase continuidade á colaboración con gandeiros, cazadores e propietarios forestais á hora de planificar os labores de prevención. Neste senso elaborárase un Plan Xeral de Rozas e Queimas Controladas para dar resposta ás necesidades dos sectores relacionados. Do mesmo xeito, as actividades preventivas ligaranse coas iniciativas de xestión forestal conxunta (UXFOR), abrindo unha nova liña de axudas para a protección dos núcleos rurais, segundo o previsto nos plans de prevención de distrito.
- Na vixilancia preventiva, continuarase coa política de apoio ás agrupacións veciñais de vixilancia forestal, en colaboración cando for posible coas cooperativas agrarias, formadas por propietarios forestais voluntarios coordinados polo SPDCIF.
- Afondarase na coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e na colaboración cos xestores de grandes infraestruturas na aplicación da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais.

IV.4. Política pesqueira

Galiza conta cunha frota de máis de 6.000 buques pesqueiros e auxiliares da acuicultura e xera emprego directo para 45.000 persoas incluíndo a produción mexilloeira. Ademais destes indicadores da relevancia do sector na economía galega, podemos utilizar as medidas que as táboas input-output nos proporcionan para dármonos idea das relacións intersectoriais en que a pesca se involucra, de forma que algo máis da metade dos inputs intermedios que necesita a pesca son subministrados por outros sectores produtivos galegos.

Así mesmo, o sector téxtil, os servizos anexos ao transporte, as entidades auxiliares de seguros, industrias alimentarias, refino de petróleo, produtos metálicos, comercio por xunto, construción naval, realizan unha parte importante das súas vendas ao sector pesqueiro. Deste xeito, Galiza é a única nación europea na que 150.000 persoas viven de xeito directo ou inducido da pesca, sendo ademais por volume de negocio a primeira das actividades do sector primario e a segunda, despois da automoción, do conxunto total de actividades da economía galega, e representando o 10% das exportacións totais de Galiza.

Na UE a pesca galega vén sufrindo importantes tensións froito dos diversos intereses en litixio, tensións que poden identificarse tanto no plano socioeconómico como no plano político. En concreto, as distintas frotas galegas veñen sufrindo unha reestruturación permanente, ao se reducir o número de unidades en máis da metade, como consecuencia da aplicación de criterios abertamente discriminatorios con Galiza desde o ingreso do Estado español na UE (1986), e mesmo antes, no proceso previo de “adaptación”.

É dicir, vimos só sufrindo reestruturación e non gozamos das posíbeis vantaxes dun amplo mercado único: parte do noso sector extractivo sofre as consecuencias dun apartheid comunitario (hai caladoiros prohibidos só aos buques de bandeira española que son os galegos), cumprimos sobradamente a redución da frota, e constatamos como a recuperación de especies como a pescada no Gran Sol non se corresponde logo co incremento de cotas de captura á nosa frota.

O novo Fondo Europeo da Pesca (FEP) mantén esta situación: elimina as axudas á renovación da frota pesqueira, e subvenciona o seu desmantelamento, con independencia da situación dos recursos mariños obxecto de explotación. Mesmo impide, na frota de baixura, marisqueo a frote ou extracción de percebe, unha modernización de unidades que posibilite o incremento da potencia instalada nos motores como elemento esencial de seguranza no mar, non de incremento do esforzo pesqueiro.

O programa pesqueiro do BNG oríentase a rematar con esta situación de reestruturación permanente, que conduce ao desmantelamento deste sector produtivo, mantendo e recuperando, quer a capacidade pesqueira, quer os postos de traballo no sector. Para acadar este obxectivo, son precisas unha serie de medidas políticas urxentes de curto e medio prazo. Moitas delas veñen sendo reclamadas desde o sector.

IV.4.1. Obxectivos

- Manter e recuperar a capacidade produtiva pesqueira actual expresada en desembarcos, valor dos meses, tamaño da frota e número de empregos directos.
- Manter e recuperar a capacidade pesqueira exterior expresada en empresas, frota e número de empregos directos.
- Acadar a representación política galega nas deliberacións e na tomada de decisións comunitarias a respecto de:
 - a. Política Pesqueira Común: acceso recursos, estruturas, mercados.
 - b. Normas Sanitarias.
- Acadar a competencia exclusiva sobre o dominio público marítimo en todas aquelas materias relacionadas coa ordenación do sector pesqueiro e a actividade pesqueira que se desenvolva en ditas augas.
- Mellorar a seguridade do traballo no mar.
- Crear as condicións legais necesarias que regulen, melloren e dignifiquen as condicións laborais dos traballadores do mar.
- Lograr o control galego dos nosos recursos costeiros, da súa explotación económica e das condicións de mercado.
- Lograr que as condicións de venda do produto pesqueiro galego non se vexan limitadas pola competencia

exterior, quer no mercado español, quer no estranxeiro. Manter e acrecentar, a ser posíbel, a diversidade dos recursos explotados, sempre que non provocaren desequilibrios no medio.

- Acadar a valoración económica de especies agora non aproveitadas e susceptíbeis de se converteren en recurso económico.
- Valorizar no mercado exterior unha parte do noso capital pesqueiro non utilizado, en forma de venda exterior de tecnoloxía, saber facer (know how), investigación, ensino superior etc. Impulsar a participación dos axentes representativos do sector na definición das políticas pesqueiras a través do Consello Galego de Pesca.

IV.4.2. Reformas institucionais

- Impulsaremos a reforma da rede institucional actualmente corporativo do sector pesqueiro, na dirección da democratización das institucións hoxe existentes, e da súa representatividade e congruencia coa composición social e os diversos estatus económicos e laborais da poboación traballadora mariñeira.
- Promoveremos, dentro das confrarías, o desenvolvemento das seccións de Organización da Produción para racionalizar a explotación dos recursos e mellorar a xestión económica e comercial. Así mesmo, promoverase a organización das confrarías como entidades fundamentalmente prestadoras de servizos, dotándoas das infraestruturas precisas para a prestación de servizos, promovendo as condicións para conseguiren o seu autofinanciamento.
- Impulsaremos a fusión de confrarías para a prestación de determinados servizos.
- Impulsaremos a constitución de cooperativas de produtores nas confrarías así como a agrupación destas en cooperativas de segunda orde, para mellorar a comercialización dos seus produtos.
- Reclamaremos a transferencia do dominio público marítimo-terrestre en todas aquelas materias relacionadas coa ordenación do sector pesqueiro, así como a competencia exclusiva nas augas da plataforma litoral e mar territorial (12 millas).
- Propiciaremos a unificación dos servizos de inspección pesqueira coa finalidade de evitar a dispersión das funcións de control, tanto das actividades pesqueira e marisqueira como de despacho e inspección de embarcacións, entre distintas administracións, incluíndo a realización de inspeccións no sector comercializador, transformador e de restauración. Con esta finalidade, reivindicaremos perante o Goberno español o exercicio íntegro da capacidade de inspección e vixilancia pesqueira para a Comunidade Autónoma de Galiza e, subsecuentemente, a substitución progresiva dos efectivos da Garda Civil do Mar por unidades dependentes da Xunta de Galiza, con medios e capacidade para evitar o furtivismo.
- Impulsaremos a racionalización da Administración pesqueira galega, adecuando a súa estrutura e o volume de recursos humanos ás necesidades do sector, dotando a Administración dun sistema administrativo máis áxil e sinxelo, reforzando o servizo de extensión pesqueira e mellorando a dotación material da protección de recursos.
- Exixiremos a adopción de medidas legais para o emprego da forma orixinal galega na toponimia de provincias marítimas e capitanías. Suporá a modificación das actuais siglas de matriculación das embarcacións pertencentes á Provincia Marítima de Vilagarcía de Arousa polas siglas "VIL".
- Defenderemos garantías de acceso a recursos e axudas, en igualdade de condicións, para a frota boniteira e a que realiza a campaña do bocareo, así como relacións con criterios de reciprocidade para os buques galegos que faenen noutras comunidades do Estado.

IV.4.3. Pesca de baixura e litoral

O BNG considera que a pesca de baixura e litoral é un sector cun gran potencial de futuro, que pode remontar a actual situación de crise se recibe a cooperación e o apoio decidido da Administración para levar adiante as seguintes medidas:

IV.4.3.1. Recuperación dos caladoiros

- Avaliación do estado dos recursos coa participación do sector, incluíndo o estudo da migración das especies, mediante a realización de estudos científicos rigorosos, sistematizados temporal e territorialmente, que fundamentarán o eventual establecemento de medidas de protección de recursos e de control do esforzo pesqueiro, incluíndo o establecemento de novas reservas mariñas nos lugares máis acaídos, ou a instalación de arrecifes artificiais, entre outras medidas.
- Establecemento de paros negociados e con alternativas que permitan a recuperación dos caladoiros.
- Elaboración de Planos de Pesca zonais e sectoriais, en colaboración co sector pesqueiro, que contemple o conxunto de especies e artes, e que partindo dun Plano Base de Capturas permita a súa flexibilización.
- Erradicación do uso de artes e elementos prohibidos na pesca –dinamita e outros– e incorporación de medidas técnicas para a rexeneración dos recursos.
- Elaboración e posta en marcha urxente dun Plano de Repoboación das costas galegas con especies de interese pesqueiro e marisqueiro.
- Instalación de medios que permitan a evisceración de vieira e peneira.
- Libre elección de artes, previa realización de estudos técnicos sobre o estado dos recursos.
- Oposición á instalación de Parques Eólicos Mariños no noso litoral.

Todas estas medidas, así como a posición de negociación con outras Comunidades e coa Administración estatal, levarán aparelladas a realización dun Plano Galego de Pesca de Baixura e Litoral.

Contemplará, entre outras medidas, a renegociación do actual acordo con Portugal para que a frota galega estea en igualdade de condicións que a portuguesa e non se produza a competencia desleal que se deriva do acordo en vigor, permitindo que a nosa frota poida faenar en Portugal sen renunciar á licenza para o caladoiro Cantábrico Noroeste, así como garantindo que as condicións que regulan a actividade da frota galega (días de descanso, cotas etc.) sexan aplicábeis á frota portuguesa que faene en augas do caladoiro Cantábrico-Noroeste. Ao tempo, solicitarase a presenza de Galiza na Comisión Mixta Hispano-Portuguesa.

IV.4.3.2. Mantemento do emprego e mellora das condicións de traballo

Impulsaremos unha política de mellora das condicións de seguridade e de vida a bordo que implica a renovación da frota, mais tamén unha política que impulse a concertación e que orixine a extinción progresiva do salario á parte na baixura, proporcionando maior información para o establecemento de paros retribuídos e regulados, e que garanta prestacións sociais aos traballadores afectados. Promovendo a sinatura de convenios colectivos; humanizando, por tanto, a actividade pesqueira, e impulsando o relevo xeracional no mar. Entre as medidas prioritarias figuran:

- Posta en marcha dun banco de GT aos efectos de facilitar a modernización e renovación da frota.
- Creación ou adecuación dunha lista especial para o marisqueo e os recursos específicos.
- Instar a igualación do trato fiscal que reciben a gasolina e o gasóleo utilizados como combustible para embarcacións pesqueiras, liberando a gasolina de cargas impositivas. Dotación de surtidores de combustible ás zonas portuarias.
- Demandar do Goberno español o incremento da potencia instalada nos motores das embarcacións de baixura e marisqueo a flote.
- Adecuación do mínimo de GT ás necesidades e á realidade da frota de baixura e marisqueo a flote.
- Garantías de que o proceso de regularización de embarcacións non implicará redución de frota.

IV.4.3.3. Mellora da comercialización dos produtos da pesca fresca

- Estabelecemento dun sistema de lonxas de referencia que facilite a implantación definitiva do sistema de poxa centralizado.
- Implantación da poxa automatizada de peixe nas lonxas de referencia de Galiza. Na procura da mellora das poxas buscando sistemas que garantan os mellores prezos para os produtores.
- Promoción e apoio a incorporación de novos sistemas de envasado e estiba da pesca fresca en todas as embarcacións.
- Información adecuada para a implantación dos prezos de retirada e normas de extensión nas especies afectadas, en especial no cerco e no arrastre litoral.
- Toma en consideración das condicións de mercado para a definición da política de vedas.
- Promoción de sistemas de regulación de mercados dentro do sector extractivo para conseguir unha mellora dos prezos e da eficiencia da actividade pesqueira.

IV.4.3.4. Mellora das infraestruturas portuarias

- Os portos base deberán contar cos servizos adecuados para a reparación e mantemento da frota e para a realización dunha comercialización axeitada. Con tal finalidade, establecerase unha nova clasificación dos portos de Galiza.
- Transferencia a Galiza dos portos de interese xeral do Estado radicados no noso litoral, incluíndo a súa parte pesqueira, que pasará a homologar a súa regulación ás condicións dos portos dependentes da Administración galega.
- Reclamaremos o traspaso á Galiza dos edificios pertencentes ás antigas Comandancias Militares e Axudantías de Mariña.

IV.4.3.5. Promoción formativa

- Promoción de concertos coas confrarías, cooperativas e outras entidades do sector, para levar adiante todas as medidas apuntadas, incluíndo ás asociacións e entidades representativas do sector.
- Realización dun Plano Integral de mellora das explotacións familiares, con un deseño axeitado para os distintos subsectores.

IV.4.3.6. Mellora a información e a participación do sector

- Reforzo da presenza da Administración na costa e establecemento de concertos coas organizacións existentes, confrarías e cooperativas, para mellorar a difusión da información das administracións públicas no sector.
- Promoción da participación do sector na tomada de decisións, dotando o Consello Galego de Pesca de maior capacidade de decisión, podendo incluso emitir informes vinculantes nalgunhas cuestións.

IV.4.4. Marisqueo

No BNG estamos convencidos de que o marisqueo pode constituír unha importante fonte de emprego para algunhas vilas mariñeiras a curto e medio prazo, sempre que se solucionen algunhas das eivas que o caracterizan na actualidade, tales como: a insuficiencia da oferta de semente, a ausencia de criterios económicos na explotación, o escaso grao de tecnificación ou un proceso de comercialización deficiente. É por iso que o BNG, no Goberno galego, impulsará a aplicación das seguintes medidas:

- Promoción da profesionalización do marisqueo e o cooperativismo de produción e comercialización.
- Apoio económico e técnico para a creación de unidades de xestión que faciliten a incorporación de criterios económicos na explotación e cultivo dos bancos marisqueiros.
- Dotación ás confrarías e agrupacións marisqueiras, e outras entidades do sector, de persoal técnico, tanto nos labores biolóxicos como organizativos, tecnolóxicos, económicos e comerciais.
- Elaboración dun mapa de recursos que recolla a situación dos recursos na actualidade, focos problemáticos, limitacións das áreas ante posibles futuras actuacións e compatibilidade de usos. Estudo de particularidades por zonas.
- Realización do inventario de concesións e autorizacións marisqueiras.
- En conxunción coa nosa política de recursos interiores, someteranse a control zonas novas de grandes praias para un cultivo extensivo destas.
- Promoción de granxas de produción de semente públicas ou mixtas para o fornecemento de semente propia, eliminando así a dependencia exterior nos cultivos extensivos, e garantindo a oferta necesaria de semente das distintas especies.
- Estudo das causas que inciden nos problemas de medre da ameixa babosa en amplas zonas do litoral galego, e revisión normativa do tamaño mínimo de extracción.
- Creación dun seguro público de produción marisqueira que supla os efectos de eventuais perdas da produción.
- Promoción do reciclado de refugallos procedentes doutras actividades pesqueiras ou acuícolas, evitando a súa reversión ao mar.
- Explotación de novas especies que, como a anémona ou o “carallote de mar”, poidan converterse en recurso económico.
- Recuperación dos substratos degradados durante moitos anos de verteduras sen control, con operacións de dragaxe dos fondos mariños alí onde sexa preciso e viábel.
- Revisión do actual mapa de Zonas A, B e C a efectos de produción marisqueira, incrementando as mostraxes para mellorar as zonas que se encontran en mellor situación, na perspectiva de que con accións de saneamento integral o noso litoral poida converterse en Zona A.
- Control na introdución de especies mariñas foráneas e potenciación de especies autóctonas.
- Regulación de exames médicos e recoñecementos específicos e gratuítos para os/as mariscadores/as, de xeito que se definan todos e cada un dos aspectos médico-laborais sobre os que intervir, elaborando ao tempo o cadro de doenzas profesionais deste sector.
- Control efectivo dos recursos marisqueiros a través de axentes públicos, non delegando as funcións de vixilancia nas entidades do sector.
- Promoción da construción de depuradoras propias xestionadas polos produtores.
- Dotación de maquinaria axeitada para o desenvolvemento dos traballos de marisqueo, como limpeza, sementadeiras, movemento de substrato, retirada de algas e estrelas de mar etc., con fin de permitir a mellora das condicións de traballo deste colectivo, maior eficacia no desenvolvemento dos traballos, e incrementar o rendemento económico na explotación dos bancos marisqueiros.

IV.4.5. Acuicultura

- Creación das condicións legais necesarias para viabilizar a explotación comercial de novos cultivos.
- Recuperación e impulso do cultivo de ostra, con semente e especies autóctonas.
- Apoio á diversificación do cultivo de peixes en terra, con especial atención ás empresas galegas, conforme a criterios de localización dos emprazamentos que respecten os intereses sociais, ambientais, paisaxísticos, e de non-incompatibilidade con outras actividades produtivas.
- Revisión dos actuais criterios de determinación da toxicidade de moluscos a través do método de bioensaio.

- Aproveitamento dos refugалlos do mexillón.
- Impulso ao cultivo e comercialización de macroalgas.
- Apoio á mellora dos procesos de comercialización: impulso de marcas e denominacións de orixe galega.
- Promoción da imaxe de calidade do mexillón galego, a través da Denominación de Orixe Protexida (DOP) con campañas de mercado nos medios de comunicación de titularidade pública, mais tamén establecendo políticas de fomento e control real da calidade. Obrigatoriedade da identificación da orixe da vianda, non-confusa, nas conservas de mexillón.
- Apoio á comercialización exterior do mexillón galego, coa finalidade de acadar cotas de mercado relevantes naqueles mercados europeos nos que aínda temos unha presenza escasa.
- Impulso á colaboración entre as universidades galegas e o Consello Regulador do Mexillón de Galiza, para o desenvolvemento de liñas de investigación dirixidas á creación de novos produtos que usen mexillón ou subprodutos do cultivo de mexillón como materia prima.
- Incentivación das iniciativas industriais que aproveiten os subprodutos do sector mexilloeiro.
- Recuperación efectiva da condición de concesión administrativa das bateas, terminando co comercio ilegal de concesións e anulando as concesións a bateas que non se explotan, mais que se manteñen por criterios especulativos.
- Promoción de seguros que permitan diminuír os riscos asociados aos factores climáticos, medioambientais ou de mercado dos cultivos mariños.
- Recoñecemento oficial, a todos os efectos, da singularidade da frota (máis de 1.000 embarcacións) de buques auxiliares da acuicultura no sector bateeiro, incluíndo as súas auxiliares para a extracción de mexillón.
- Eliminación do canon por ocupación de lámina de auga, derivado da dependencia estatal dos portos de interese xeral.

IV.4.6. Comercialización

- Creación dun Órgano comercial do produto Peixe/Marisco Galego incluíndo nel peixe fresco, marisco fresco, pescado capturado ou preparado en Galiza. Este órgano tutelador debería ser mixto público-privado, e as súas obrigas consistirían en levar a cabo a designación, control e vixilancia da calidade, procesos e realización no mercado dos pescados, moluscos e crustáceos que se comercialicen coa marca galega elaborada aos efectos.
- Designación. Elaboración en mercadotecnia da marca, a súa posta en funcionamento e o seu sostemento no mercado.
- Control. Os controis refírense tanto aos sanitarios como aos do mercado para impedir as mesturas dun produto de orixe e características coñecidas con outros de procedencia descoñecida.
- Vixilancia. A vixilancia consiste no seguimento efectivo dos elos da cadea comercializadora, así como na busca de acordos profesionais. Os distribuidores e/ou grandes compradores, nomeadamente conserva, transformadores, supermercados, hipermercados, mercas e horecas para lograr vía acordo e colaboración o que por vía impositiva non se poida.
- Homologación dos índices de toxicidade e das especificacións técnicas para a comercialización dos mariscos cos vixentes nos principais mercados da UE, de xeito que o subsector marisqueiro galego non se vexa discriminado.
- Xunto coas transferencias dos portos estatais, transferir as lonxas dos portos estatais ao sistema galego de lonxas e sometelas ás mesmas normas de venda que as restantes.
- Elaborar un Plano Galego de Comercio do Peixe e Marisco con rango de lei, que terá os seguintes fíos condutores:
 - a. Redución do nº actual de puntos de venda.

- b. Especialización progresiva das lonxas.
- c. Profesionalización dos compradores en primeira venda que forman o complexo tecido da cadea comercializadora: normas de acceso á compra, transporte, solvencia etc.
- d. Dotar as lonxas de medios frigoríficos e demais técnicas para as faceren compatíbeis coa existencia do Produto de Calidade.
- e. Estabelecemento dun prezo mínimo por mercadoría, atendendo ao grao de frescura, cor, especie, calibre, procedencia, arte de pesca, días de navegación, tratamento a bordo etc.
- f. Normas de etiquetado, envasado, embalaxe e caducidade e procedencia para todo o produto pesqueiro que saíra dunha lonxa galega.
- g. Normas de procedencia e identificación de orixe, sanitarias, envasado, embalaxe e caducidade para todo o produto pesqueiro vendido desde Galiza.
- h. Promover a creación de entes comercializadores coa participación da base produtiva, para o marisqueo, a acuicultura e a pesca de baixura e litoral.
- i. Impulso á realización de feiras e certames para a proxección internacional dos produtos pesqueiros galegos.
- Control das importacións para que os produtos presentes no mercado galego cumpran as mesmas normas que emanan da Administración galega en defensa da saúde pública e da calidade do produto que se ofrece ao consumidor, identificando claramente a procedencia de cada produto e a súa frescura.
- Promoción polo goberno de acordos entre conserveiros e produtores no marco dun contrato de provisión de materia prima. En consecuencia, o Goberno galego adoptará perante a Unión Europea medidas que impidan a entrada no mercado conserveiro de produtos pesqueiros procedentes de terceiros países de similares características aos nosos, que poidan inducir á confusión no consumo.

IV.4.7 Melloras sociais

- Reforma do sistema de retribucións, tentando superar o sistema de retribucións “á parte” e procurar acordos entre armadores e mariñeiros que contemplan un salario mínimo.
- Modificación do marco legal vixente en materia de cotizacións para permitir que os autónomos incluídos no Réxime Especial de Traballadores do Mar teñan o mesmo dereito que o resto de autónomos no referente á opción de elección entre as bases de cotización máxima e mínima que se establecen.
- Promoción de acordos entre a Xunta de Galiza e a Administración central para garantir a protección social de todas as mariscadoras, cubrindo parte das cotizacións á Seguridade Social, mentres os seus ingresos non acaden, polo menos, o Salario Mínimo Interprofesional. Estas medidas terán carácter transitorio e deberán ir acompañadas por planos de desenvolvemento das agrupacións de mariscadoras.
- Elaboración dun censo que recolla os casos de mariscadoras en idade de xubilación que non teñan cotizado o mínimo necesario para acceder a unha pensión contributiva, para procurar a concesión de pensións non- contributivas.
- Actuacións precisas para o establecemento de convenios colectivos en todos os segmentos e portos da frota pesqueira galega.
- Adecuación da normativa electoral sindical á pesca.
- Elaboración dunha normativa específica reguladora das tripulacións mínimas operativas na frota pesqueira.
- Control e inspección sobre a contratación e actividade dos continxente de mariñeiros emigrantes, singularmente os de procedencia indonesia, incluídos na nosa frota.
- Axilización de axuda e xestións en prol dos mariñeiros galegos apreixados por terceiros estados.
- Inspeccións de traballo acaídos á realidade do sector pesqueiro galego.
- Regulación das condicións sociolaborais no colectivo de mergulladores/as, percebeiros/as, mariscadores/as a pé e a frote etc.

- Recoñecemento pleno e dignificación, do punto de vista sociolaboral e formativo, do colectivo de redeiras, con medidas prácticas de combate ao intrusismo laboral, de acceso a prestacións (incluíndo coeficientes redutores da idade de xubilación), e de dotación de servizos e infraestruturas nos portos para humanizar esta actividade.
- Programas de relevo xeracional e de incorporación da mocidade á actividade pesqueira e marisqueira.
- No caso dos mariñeiros embarcados en buques pertencentes a sociedades mixtas:
 - a. Estabilidade no emprego.
 - b. Defensa dos postos de traballo.
 - c. Homologación xurídico-laboral cos mariñeiros de buques de pavillón español.
 - d. Acceso á formación continua.
 - e. Asinamento de convenios sobre Seguridade Social cos países que teñen ou tiveron acordo pesqueiro coa UE e non contan con esta cláusula e con aqueles outros que non o tiveron, mais teñen sociedades mixtas.
- Melloras sociais diversas (bonificacións fiscais, rebaixa de tarifas telefónicas, garantías no exercicio do dereito do voto aos mariñeiros etc.) para os mariñeiros embarcados na frota de altura e grande altura.
- Dotación de persoal e asistencia sanitaria embarcada nos caladoiros nos que faena a nosa frota de altura e grande altura.
- Realización de xestións dirixidas ao acceso a prestacións sociais por mariñeiros galegos que traballaron en buques de terceiros países, nomeadamente Noruega.
- Dotación de servizos e instalacións dignas de apoio ás mariscadoras a pé nas inmediacións dos bancos marisqueiros.

IV.4.8. Superar as consecuencias do “PRESTIGE”

Seis anos após do inicio da marea negra e conseguinte catástrofe do “Prestige” sobre o litoral galego, aínda fican pendentes de resolver problemas derivados deste sinistro marítimo. En concreto:

- Do punto de vista sanitario, cómpre avaliar o impacto que a catástrofe produciu sobre as 376.476 accións voluntarias de limpeza do fuel, no mar e na costa acometidas por mariñeiros/as, mariscadores/as, percebeiros/as, bateiros/as, e moitas outras persoas que colaboraron voluntariamente nos traballos de descontaminación.
- Solución definitiva ao pecio do “Prestige”, con seguimento continuado das emanacións de fuel.
- Realización de estudos sobre a afección produtiva da catástrofe, e nomeadamente, sobre os problemas de fixación do percebe en moitos bancos da Costa da Morte.
- Renegociación co ICO do pagamento dos créditos subscritos por este motivo polas confrarías e outras entidades do sector pesqueiro galego.

IV.4.8.1. Salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

A intensa densidade do tránsito marítimo que atravesa o litoral galego con 45.000 buques por ano como media, dos que uns 13.000 cargan mercadorías perigosas, a alta sinistralidade no mar (a máis elevada de todo o Estado español), e outro tipo de factores como a climatoloxía ou a posición xeográfica, demandan unha actuación seria en materia de salvamento marítimo por parte do Goberno galego.

Cómpre que Galiza conte con competencias plenas nesta materia, que lle permita elaborar e organizar unha política propia de salvamento marítimo, para atender á singularidade do noso país. Nese contexto, o BNG no Goberno galego porá en marcha as seguintes medidas:

- Elaboración do Plano Galego de Salvamento da Vida Humana no Mar e de Loita contra a Contaminación Mariña, con protocolos de coordinación con dispositivos similares aos de España, Portugal, e o que

eventualmente se dote á Unión Europea. Incluirase un protocolo de actuación para casos de sinistros de buques de pasaxe.

- Dotación, en todo o litoral galego, de medios de combate contra a contaminación mariña.
- Estudo da rescisión dos contratos que vinculan ao servizo de salvamento da Xunta de Galiza con empresas privadas (nos buques e nos helicópteros), garantindo o carácter público deste servizo.
- Creación de Bases de Salvamento Marítimo na Costa da Morte, A Mariña e Rías Baixas, nos portos que reúnan as condicións máis idóneas, con capacidade de atracada de remolcadores de altura e unidades de intervención rápida, contando –no caso da Costa da Morte– con heliporto propio que permita operacións de repostaxe, avituallamento e mantemento, co fin de incrementar a súa autonomía operativa.
- Reivindicación da instalación dun sistema satelitario de control de tránsito marítimo que circula fronte ás costas galegas, a través dun convenio coa Axencia Espacial Europea e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA), co obxecto de detectar posíbeis vertidos, lavados de tanques ou “sentinazos”, e disuadir a buques potencialmente infractores.
- Continuidade e mantemento das instalacións, medios e recursos, tanto humanos como técnicos, da estación radiocosteira da Coruña, garantindo a prestación dos servizos de escolta permanente nas canles e frecuencias de socorro, de xeito ininterrompido, as 24 horas do día e os 365 días do ano, certificando que o emprego do idioma galego nas comunicacións de socorro da frota pesqueira galega non vai significar discriminación nin desatención.
- Eliminación da verificación da autenticidade nas alertas de radiobaliza: actuación inmediata, sempre como se se tratar dunha alerta real, enviando o preceptivo Mayday Relay aos buques das inmediacións do sinistro, e activando os medios de salvamento navais e aéreos.
- Conexión coa Organización Marítima Internacional (OMI) e cumprimento exhaustivo da súa normativa.
- Cobertura VHF en todo o litoral galego, eliminando as sombras radioeléctricas.
- Intensificación nos portos galegos das inspeccións de buques –con independencia da bandeira que enarboren–, nomeadamente os que carguen mercadorías perigosas, eliminando as prácticas de “autodespachos”.
- Mellora dos medios de recollida, almacenaxe, retirada e tratamento dos residuos oleosos xerados por buques nos portos galegos.
- Realización periódica de exercicios e simulacros de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.
- Estudo de medidas destinadas a mellorar a estabilidade e seguranza das novas construcións de buques pesqueiros.
- Incorporación de novas lanchas de salvamento nos buques da frota conxeladora.
- Reforma da normativa vixente en materia de radiobalizas persoais, dotación de equipos individuais contra a hipotermia ao conxunto das tripulacións dos buques, chalecos aptos para o traballo etc.

IV.4.8.2. Mellorar a seguridade do colectivo percebeiro

Un dos colectivos que presenta unha taxa de sinistralidade máis alta no litoral galego é o dos/as percebeiros/as. O Goberno galego do BNG porá en marcha, no tocante á seguranza deste colectivo, as seguintes medidas:

- Modificar a normativa vixente para que, no caso de extracción de percebe, se poidan utilizar embarcacións tipo planadora con motores fóra-borda con potencia suficiente para garantir en límites de seguranza as manobras precisas nestas operacións.
- Diseñar de xeito urxente un catálogo oficial que conforme un equipo básico de protección individual no traballo, sendo de uso obrigatorio na extracción do percebe. Para este fin, adoptaranse as medidas de apoio necesarias (incluíndo liñas de axuda económica) para a súa adquisición. Impartir cursos de natación.

- Impartir cursos de condución de embarcacións menores de alta velocidade e de natación.
- Elaborar, publicar e difundir unhas normas de seguranza para a práctica de extracción de percebe.
- Demandar ao Goberno español a aplicación de coeficientes redutores de cara á xubilación dos/as percebeiros/as, nun grao non inferior aos establecidos para os tripulantes de embarcacións pesqueiras.
- Regular a realización de exames médicos e recoñecementos específicos para os/as percebeiros/as, de xeito que se definan todos e cada un dos aspectos médico-laborais sobre os que actuar, elaborando ao tempo o cadro de doenzas profesionais deste sector.

IV.4.9. Investigación pesqueira, ensino e cultura mariñeira

IV.4.9.1. Investigación pesqueira

- O BNG reclamará a transferencia das competencias de investigación oceanográfica e, xa que logo, o traspaso dos centros, persoal e material do Instituto Español de Oceanografía (IEO) radicados en Vigo e A Coruña, así como do Instituto de Investigacións Mariñas de Bouzas e procederá á coordinación de todos os centros de investigación de pesca, marisqueo e acuicultura que houber no país.
- Investigación aplicada prioritariamente á resolución dos problemas e expectativas que poidan presentar pesca e marisqueo galegos, entre outros:
 - a. Estudos de posibilidades e ordenamento do litoral, impacto ambiental, para o aproveitamento máximo do marisqueo e a acuicultura.
 - b. Completar o ciclo biolóxico de especies de interese.
 - c. Tecnoloxías asociadas á pesca, ao marisqueo e á acuicultura.
 - d. Sistemas para paliar os efectos das mareas vermellas.
- Reordenar nunha única liña de investigación as especies de augas continentais e mariñas, así como as de duplo ciclo.
- Regulación e axilización das concesións experimentais, de xeito que se facilite a investigación sobre novos cultivos e se impida a utilización fraudulenta das mesmas.
- Transferencia de competencias, funcións e medios en materia de investigación hidrográfica, que hoxe ten encomendados o Instituto Hidrográfico da Mariña, dependente do Ministerio de Defensa, e nomeadamente, todo o que teña a ver con:
 - a. Levantamentos hidrográficos e estudo do releve submarino no litoral galego.
 - b. Observación sistemática e estudo das mareas e correntes, da temperatura e propagación acústica e electromagnética nas augas, da meteoroloxía, e en xeral de todos os fenómenos físicos que afecten á navegación ou á contaminación mariña.
 - c. Elaboración de cartas náuticas e redacción de libros e documentos de axuda á navegación.
 - d. Axudas á navegación e avisos a navegantes por eventuais alteracións do medio.
 - e. Representación de Galiza na Comisión do Atlántico Oriental da Organización Hidrográfica Internacional.
 - f. Representación de Galiza na OMI en canto ás súas relacións coa seguranza na navegación, na Comisión de Faros e Sinais Marítimos.
 - g. Modificación da composición e funcionalidade do Comité Científico Galego da Pesca, dándolle entrada no mesmo ao sector produtivo, e ampliando as súas competencias a todas aquelas augas e recursos de interese para Galiza.
 - h. Adquisición e/ou adaptación dun buque para traballos de investigación e prospección científica.
 - i. Garantir o carácter público do Centro de Control da Calidade do Medio Mariño, radicado en Vilaxoán.

IV.4.9.2. Ensino pesqueiro

A experiencia e o coñecemento acumulado en moitos anos de pesca en todas as augas do planeta, constitúen un capital que debe ser valorizado polo sector pesqueiro galego, polas posibilidades que unha xestión adecuada destes pode ofrecer en termos de cotas de pesca, licenzas, contratos en estaleiros ou vendas na industria pesqueira en xeral. O BNG propón as seguintes liñas de actuación para pór en valor estes coñecementos:

- Programas adecuados nos diferentes campos das pesqueiras; elaboración, comercialización etc., rexeitando a cativa visión actual de dedicar tres centros de ensino só ao campo das titulacións.
- Coordinación dos distintos niveis de ensino relacionados co mar e a pesca: formación profesional e universitaria.
- Posta en marcha de accións formativas en función das necesidades de profesións e ocupacións vinculadas ao mar: actividades portuarias (comercio exterior, idiomas, información e telemática, xestión medioambiental etc.), marisqueo (tecnoloxías de cultivo, sementes, bioloxía mariña, lexislación, saúde laboral, coñecementos básicos de mercado etc.), pesca de baixura, acuicultura, industria e servizos afíns.
- Realización de cursos de formación a tripulantes en datas que non choquen coa súa actividade laboral.
- Realización dun Plano Nacional de Ensino Pesqueiro no eido da formación profesional, que sirva de base para a potenciación das escolas existentes no país (Vigo, Ferrol...), e contemple a realización de cursos de especialización que faciliten a formación de traballadores e alumnos galegos.

IV.4.9.3. Cultura mariñeira

- Implicación do ensino na posta en valor da cultura mariñeira.
- Elaborarase un plano de recuperación do patrimonio marítimo e embarcacións tradicionais.
- Estabelecerase, con periodicidade anual, un programa de concesión de axudas a entidades culturais sen fin de lucro destinadas á recuperación de embarcacións tradicionais para o uso en actividades de promoción sociocultural, contemplando a casuística concreta dos grandes buques e os gastos derivados do seu mantemento.
- Declararase a exención de pago de taxas portuarias en materia de atracada e/ou fondeo de embarcacións tradicionais nos peiraos do Ente Público Portos de Galiza.
- Realizaranse campañas de divulgación e publicidade da nosa riqueza cultural no mundo do mar para a súa posta en valor social.

IV.4.10. Apoio a pesca galega na UE e en augas extracomunitarias

A frota pesqueira galega leva máis de 30 anos soportando unha reestruturación permanente. Paralelamente véñse constituíndo unha frota de sociedades mixtas con gran participación de buques e capital galego. Porén, o saldo é negativo, desaparecendo multitude de empresas e milleiros de postos de traballo no sector extractivo. Reaccionar perante esta situación establecendo políticas activas de defensa, especialización e diversificación da actividade do sector é de vital importancia.

IV.4.10.1. Reforma da Política Común de Pesca (PCP)

A integración do Estado español na Unión Europea incluíu de cheo ao sector pesqueiro galego no conxunto de medidas, criterios e regulamentacións que conforman a denominada “Política Común de Pesca” (PCP).

A experiencia acumulada proporciona evidencias dabondo para avaliar o impacto da aplicación da PCP so-

bre o sector pesqueiro galego. A nova revisión da Política Común de Pesca, aplicada a partir de 2002, incide exactamente nos mesmos criterios. Baste dicir que, neste período, e fóra de casos ou exemplos puntuais, non existe en toda a UE un caso de redución da frota e do emprego na pesca como o que ten padecido Galiza, fundamentalmente polas seguintes razóns:

- Un deseño estrutural marxinador para Galiza en materia de política pesqueira, consecuencia das condicións de ingreso do Estado español na UE.
- Inexistencia de canles institucionais directas en que vehiculizar e defender as nosas propostas, isto é, ausencia de Galiza no proceso de tomada de decisión política.
- Contexto xeral, nos planos político, comercial e económico, de reestruturación e redimensionamento do sector pesqueiro no marco da UE, en beneficio das frots pertencentes aos estados hexemónicos e en prexuízo, singularmente, da frota galega.

No contexto da nova revisión da Política Común de Pesca anunciada pola Comisión Europea, o Goberno galego defenderá os seguintes criterios:

IV.4.10.2. Un novo estatus institucional para Galiza

Non existe ningunha relación entre a potencialidade pesqueira do noso país e a capacidade de incidir politicamente para tomar as decisións na UE que nos afectan máis directamente.

A nosa nación enfrontase na actualidade a uns problemas que só poden ser resoltos baixo unha perspectiva integral, indo á súa orixe, quere dicir, procurando canles de participación política directa na UE, fóra de voluntarismos ocasionais, e institucionalizando formalmente esta representación nos diversos órganos e foros decisorios da UE. A consecución deste obxectivo é posíbel de existir vontade política para o efectivizar.

Para o acadar, o BNG defende os seguintes criterios para a representación institucional de Galiza no marco da UE:

- Adopción das medidas políticas necesarias perante o Goberno español e a UE para o recoñecemento dun novo estatus institucional de Galiza na Unión Europea en materia de política pesqueira, defendendo a presenza directa do Goberno galego nesta, así como en todas as estruturas que regulan esta actividade en pesqueiras internacionais: NAFO, ICCAT, CCSBT, CCAMLR, IBSFC, NEAF, IOCT etc.
- Participación directa da Xunta de Galiza no Consello de Ministros de Pesca da UE e no Consello de Representación Permanente do Estados.
- Xestionar, controlar e recibir directamente os planos, programas e instrumentos de financiamento estrutural comunitario en materia pesqueira.
- Participación do Goberno galego no Comité de Pesca hispano-portugués.
- Na ausencia de acordos pesqueiros con terceiros estados, posibilidade de os estados membros, ou directamente a Xunta de Galiza, poderen formalizar protocolos de cooperación pesqueira con calquera outro estado.
- Solicitar, unha vez acadada a transferencia a Galiza do Instituto Español de Oceanografía, a participación no Comité de Pesca da FAO e no Consello Internacional para a Explotación do Mar (ICES).
- Iniciar, antes da negociación nos diversos foros, un proceso de diálogo e interlocución co segmento do sector pesqueiro galego máis interesado en cada un dos caladoiros, co obxecto de elaborar unha estratexia negociadora común.

IV.4.10.3. Conservación e xestión dos recursos pesqueiros

O BNG defende unha modificación da nova PCP que acabe coa discriminación da frota pesqueira galega no acceso a augas comunitarias. Non é entendíbel como neste momento, en virtude da aplicación do Principio de Estabilidade Relativa, os nosos buques non poden capturar unha tonelada de peixe en determinadas áreas comunitarias, mentres outros estados extra-comunitarios faenan nesas mesmas augas ao amparo da legalidade vixente, ou que, con base nese mesmo principio, só as frotas pesqueiras dalgúns estados membros (curiosamente Francia, Alemaña, Reino Unido e Dinamarca), poidan pescar en Groenlandia, mentres galegos e portugueses non. Cómpre, pois, acabar coa “Discriminación legal”, en vixencia actualmente, a través das seguintes medidas:

- Defensa da igualdade de acceso a todas as augas comunitarias, sen discriminación a ningunha frota por razón da súa nacionalidade. En concreto, ao Mar do Norte e o Mar Báltico.
- Derrogación do principio de estabilidade relativa.
- Supresión dos Box existentes.
- Sistema de cotas e TAC multiespecíficos e plurianuais, evitando os descartes e a captura de xuvenís. O obxectivo prioritario é a recuperación de stocks de especies comerciais en límites biolóxicos de seguraza.
- Introducción do criterio “zona altamente dependente da pesca” para Galiza nas decisións en materia de política pesqueira.
- Estudos científicos permanentes e transparentes, en contacto co sector pesqueiro, que xustifiquen as decisións políticas, tamén en función da importancia socioeconómica das zonas altamente dependentes da pesca.

IV.4.10.4. Política estrutural

O 14 de xullo de 2004 a Comisión Europea aprobaba a proposta de posta en marcha do “Fondo Europeo para a Pesca” (para o período 2007-2013), en substitución do até agora vixente IFOP (Instrumento Financeiro de Ordenación Pesqueira). Desafortunadamente, os criterios que guían a creación deste novo Fondo non atenden as necesidades do sector pesqueiro, e discriminan abertamente a países como Galiza. Por varias razóns: na nova consideración de “Zonas Altamente Dependentes da Pesca”, exclúese o país obxectivamente máis dependente desta actividade –Galiza–, ao deixar fóra desta catalogación a concellos que contan con máis de 100.000 habitantes. Unha nova trécola discriminatoria: chegaríase ao extremo de excluír dos beneficios do novo Fondo aos portos pesqueiros máis importantes de Europa –Vigo, A Coruña–, como consecuencia dun criterio dificilmente explicábel, e que escapa a calquera lóxica racional. Ao tempo, parte a Comisión Europea dunha base científica, ao considerar que “todos” os recursos están ameazados e “todas” as frotas sobredimensionadas.

Así, fórmulanse as seguintes propostas en relación coa política estrutural comunitaria en materia de pesca:

- Posibilitar que o conxunto do sector pesqueiro e marisqueiro galego poida acceder ao novo Fondo Europeo para a Pesca, con independencia da súa localización xeográfica.
- Primar, na aplicación do Fondo Europeo para a Pesca, para modernización de buques, as frotas que teñen cumprido as exixencias recollidas nos POP, como a galega.
- A aplicación dos fondos estruturais non estará vinculada, no caso galego, á consideración do noso país como “rexión con problema de reconversión económica e social”, nin asociados a programas de reconversión de frota.
- Xestionar o Fondo Europeo da Pesca directamente desde Galiza, co fin de non depender, para a súa execución, do grao de cumprimento doutras zonas do Estado español.
- Posibilitar a existencia de axudas públicas para a realización de programas de renovación de frota.

IV.4.10.5. Acordos con terceiros países e organizacións internacionais

Galiza conta, en relación co Estado español e mesmo coa Unión Europea, coa frota pesqueira de altura e longo alcance máis dependente de acordos pesqueiros con terceiros estados, ou regulados no marco de organizacións multilaterais de pesqueiras. Esta situación fainos especialmente vulnerábeis canto ao resultado dos procesos negociadores pendentes, en marcha, ou que eventualmente se poidan producir.

Son coñecidas, neste contexto, as posicións dalgúns estados da Unión Europea, contrarios á política de acordos pesqueiros. Esta colisión de intereses diversos e contradictorios evidenciouse no caso da negociación do acordo pesqueiro con Marrocos, que contou coa oposición expresa de varios estados comunitarios, ou o máis recente de Mauritania, no que se conculca o “sagrado” principio de estabilidade relativa en prexuízo dos intereses pesqueiros galegos.

Neste marco xeral, de hostilidade interna no seo da Unión Europea e de falta de peso político de Galiza, cómpre afianzar a aposta por unha política firme de acordos pesqueiros.

Os obxectivos do BNG neste ámbito serán os seguintes:

- Reclamar a Inclusión da pesca nos acordos xerais de cooperación que asina a UE, evitando deste xeito a marxinação política que padece a pesca na UE.
- Manter os acordos pesqueiros con terceiros estados, baixo a fórmula de acordos de primeira xeración, isto é, mantendo a titularidade das empresas, o pavillón dos buques, a tripulación embarcada, e a actividade das frotas. Este será o criterio fundamental que guíe as negociacións para a renovación dos acordos vixentes, así como para a sinatura de novos acordos.
- Incluír nos orzamentos da Unión Europea as partidas específicas destinadas a sufragar economicamente a totalidade do custo dos acordos pesqueiros, incluídas as posíbeis paradas biolóxicas subvencionábeis.
- Incrementar as prospeccións científicas e campañas de pesca experimental en caladoiros susceptíbeis potencialmente de explotación pesqueira.
- Diversificar os caladoiros en que actualmente faena a nosa frota, iniciando negociacións tendentes á consecución de novos acordos pesqueiros: República Surafricana, Marrocos, Namibia, Angola, Estados Unidos, Senegal etc.
- Mellorar o actual acordo pesqueiro con Mauritania.
- Posibilitar, no marco dos acordos pesqueiros xa subscritos, a actividade da frota pesqueira galega en augas de Grenlandia, Estonia, Letonia, Lituania, Illas Feroe, Islandia, Polonia e Rusia.
- Os acordos contarán coas suficientes garantías xurídicas para a normal actividade da frota pesqueira.
- Impulsar mecanismos que ponderen, no exercicio do voto, a dimensión real da Unión Europea nas ORP en que xa se participa (NAFO, ICCAT, NEAFC, CCAMLR, IOCT), e outras de posíbel creación: SEAFO, CIAT etc.
- Extremar os controis sobre as importacións de pesca procedente de buques con bandeira de conveniencia.

IV.4.10.6. Frota galega con bandeira de países comunitarios

Debido a como se realizaron as negociacións para a entrada do Estado español na Unión Europea, e a necesidade que tiveron moitos armadores galegos de se faceren con dereitos de pesca no Gran Sol a través da compra de buques con pavillón doutros países, encontrámonos cunha frota galega tanto no seu capital, tanto nas súas tripulacións e na súa actividade principal que vén desenvolvendo fundamentalmente nos portos galegos.

O BNG, desde o Goberno galego, propondrá a unificación e homoxeneizacións da frota europea, e a aplicación a todos os que operan no mesmo caladoiro da mesma normativa, o mesmo control, o mesmo réxime de sancións, as mesmas axudas económicas, e as mesmas exigencias para as súas descargas e para as súas tripulacións.

IV.4.10.8. Pesca galega en augas internacionais extracomunitarias

- Acadar os apoios na Comisión da Organización de Pesqueiras do Atlántico Noroeste (NAFO) para evitar as reducións da cota comunitaria e acceder a cotas de especies cando a situación biolóxica o permita.
- Realización de novas campañas de investigación científica na zona de Regulación de OPANO-NAFO, que sustenten a pesca galega a longo prazo e contribúan a revisar as TAC (Capturas Totais admisíbeis). Estabelecer planos de campañas cuatrienais, especialmente para o fletán negro.
- Acordar co sector un plano de campañas bio-económicas ou experimentais que permita obter información, ao longo do ano, de recursos hoxe non- explotados, así como campañas destinadas a coñecer o impacto do arrastre e outras artes no ecosistema, comezando polo Banco Hatton.
- Mantemento do número de tripulantes comunitarios nos buques pertencentes a sociedades mixtas.
- Ampliación de zonas e cotas de pesca da frota bacallaeira, incluíndo Grenlandia, coa revisión e mellora da situación en Svalbard, conseguindo un aumento de cota.
- Acadar un acordo pesqueiro con Rusia.
- Exixir a defensa por parte da UE e do Goberno Central das posicións acadadas e dos dereitos adquiridos pola frota do palangre de superficie, evitando que na ICCAT se modifiquen os criterios de reparto.
- Axudas para a diversificación desta frota nos novos caladoiros do Índico e do Pacífico.

IV.5. Política enerxética e mineira

As políticas enerxéticas e mineiras deberán responder ao obxectivo principal de acadar un desenvolvemento autocentrado e sustentábel para Galiza. Isto significa que é fundamental continuar coa política que vén desenvolvendo o BNG no goberno da Xunta. Nomeadamente, cómpre salientar que todas as actuacións previstas no Plan Enerxético de Galiza 2007-2012, e sintetizadas a través da Estratexia Energos, no ámbito da xeración, transporte, distribución e uso racional da enerxía, así como o desenvolvemento normativo da Lei de Ordenación da Minaría de Galiza deberán profundar no proceso de transformación duns sectores que, até a chegada do nacionalismo ao goberno, estaban concibidos en clave de subordinación a intereses alleos ao País cun esquecemento total da dimensión social, ambiental e urbanística destas actividades económicas.

En consecuencia, non se trata, nun momento de crise como o presente, de adoptar medidas que contraian a actividade económica, sobre todo, cando esta se comeza a desenvolver con criterios de país, senón de pór sectores básicos da actividade industrial, como enerxético ou o mineiro, ao servizo da potenciación da economía produtiva para que se acade un triplo obxectivo: creación de riqueza, aumento do progreso e do benestar social e respecto polo ambiente.

As liñas programáticas concretas que o BNG desenvolverá desde o Goberno galego serán as seguintes.

IV.5.1. Medidas de goberno relativas á enerxía

- Promoción das enerxías renovábeis para acadar o obxectivo de que en 2012 o 95% do consumo enerxético de Galiza sexa cuberto con fontes de enerxía limpas. Nomeadamente, daráselle especial pulo aos

obxectivos formulados no Plan Enerxético de Galiza no ámbito da enerxía eólica terrestre, biomasa e solar fotovoltaica. Así mesmo, desenvolverase unha normativa que evite que os ríos galegos e o mar acollan novas instalacións de produción con tecnoloxía hidráulica ou eólica.

- Reclamar ao Estado español as competencias administrativas no eido da produción de enerxía para todas as instalacións localizadas en territorio galego con independencia da potencia instalada. Ao mesmo tempo, reclamaremos as competencias administrativas das instalacións que no futuro se poidan desenvolver no mar para aproveitar a enerxía das ondas e das mareas.
- Revisión da fiscalidade das instalacións de produción de enerxía eléctrica, nomeadamente a que afecta as facendas locais, para compensar os concellos onde se localizan as devanditas instalacións dos custos sociais e ambientais que supoñen.
- Creación dun tributo xestionado pola Facenda Galega para gravar o valor da enerxía producida en Galiza. Esta figura tributaria introducirá minoracións, deducións ou exencións en función do valor da enerxía que se consome en territorio galego, do importe dos plans ambientais desenvolvidos polas empresas e dos recursos destinados a reducir os custos sociais e ambientais derivados destas instalacións.
- Apoio á implantación de tecnoloxías que contribúan a incrementar o rendemento das centrais de produción de enerxía convencional, así como as que permitan a redución de gases de efecto invernadoiro á atmosfera, nomeadamente sistemas de captación de CO₂.
- Impulso a todas as iniciativas que foren necesarias perante as instancias oportunas para conseguir que a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado feita polo Parlamento Galego evite de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares que empreguen como tecnoloxía a fisión nuclear ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións.
- Elaboración dun plan sectorial de incidencia supramunicipal de infraestruturas de transporte e distribución de electricidade e gas como ferramenta para a inserción ordenada destas instalacións no territorio.
- Estabelecemento de contratos-programa coas compañías de distribución de electricidade para a mellora da calidade da subministración de electricidade.
- Intensificación dos mecanismos de inspección da calidade da subministración, nomeadamente sobre instalacións de distribución naquelas comarcas que fosen destinatarias de axudas de electrificación no último cuadrienio.
- Elaboración dunha normativa galega que estableza os criterios que rexerán a extensión das redes de distribución e, en particular, o réxime económico dos dereitos de acometidas.
- Instar a que o Goberno español elabore unha tarifa eléctrica de último recurso que introduza descontos para os consumidores en función do uso eficiente da enerxía, da proximidade do lugar de xeración ao de consumo, do momento do día en que se verifique o consumo e da capacidade económica real das unidades familiares que realizan o consumo.
- Estender o gas canalizado para dar cobertura ao 80% da poboación galega.
- Promover a nivel doméstico –fogares ou comunidades de veciños– o uso de caldeiras de biomasa e de instalacións xeotérmicas para calefacción e auga quente sanitaria.
- Promover unha lei de aforro e de eficiencia enerxética como soporte legal a todas as actuacións formuladas polo Plan Enerxético de Galiza.
- Desenvolver a través do Instituto Enerxético de Galiza políticas activas e plans concretos destinados ao aforro e eficiencia enerxética no ámbito das administracións públicas galegas, transportes, industria e fogares.
- Creación por lei do Consello Galego da Enerxía como órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da Administración competente na materia de enerxía. Este Consello estará integrado por representantes das Administracións, das organizacións de consumidores domésticos e industriais, das empresas dedicadas á xeración, transporte, distribución e comercialización e das asociacións de defensa da natureza..

IV.5.2. Medidas de goberno relativas á minaría

- Creación do Instituto Xeolóxico e Mineiro de Galiza, como órgano científico-técnico chamado a desenvolver iniciativas encamiñadas a lograr un mellor coñecemento xeolóxico, xeotécnico, e hidroxolóxico do País, impulsando a investigación e a identificación das zonas con maior potencialidade mineira.
- Elaboración dun plan sectorial de incidencia supramunicipal de actividades extractivas, como máximo instrumento de planificación da política mineira e co obxecto de establecer os principios e as directrices para a ordenación mineira de Galiza, baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para desenvolver os eixos básicos de actuación administrativa en Galiza no sector, polo que se debe propiciar a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sustentábel, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.
- Promover o acceso da cidadanía galega á información relativa á localización e situación das explotacións mineiras mediante a implantación do Catastro Mineiro de Galiza.
- Reclamar do Estado español as competencias administrativas no eido das instalacións dedicadas á produción de artificios pirotécnicos localizadas en territorio galego.
- Reclamar a territorialización dos fondos destinados polo Estado á formación, investigación e mellora da seguranza e saúde no ámbito mineiro.
- Reclamar as competencias administrativas en materia de exploracións, permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no subsolo do mar territorial e fondos mariños das costas galegas.
- Impulsar e fomentar a creación do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas de Galiza, como corporación de dereito público con capacidade para desenvolver, entre outras, funcións de asesoramento da administración mineira galega ou de defensa dos intereses profesionais dos titulados ou tituladas galegas.
- Intensificar as accións de programación, coordinación e avaliación no exercicio das funcións de inspección e vixilancia atribuídas polo ordenamento xurídico nos ámbitos materiais relativos á exploración, investigación, explotación e aproveitamento de recursos minerais, así como seguridade e saúde laboral e medio ambiente.
- Elaboración e desenvolvemento dun Plan de mellora da competitividade das explotacións mineiras galegas mediante a implantación dun sistema de axudas que prime o abandono daquelas explotacións mineiras que resulten inviables ou insustentábeis.
- Apoio ás empresas mineiras dirixido a facilitar a incorporación de persoal con coñecementos técnicos no aproveitamento dos recursos minerais, co obxecto de mellorar a produtividade, ao tempo que a integración ambiental e de ordenación do territorio das explotacións mineiras.
- Promover a mellora das redes de comunicación das principais áreas produtoras de recursos minerais do país cos portos para facilitaren as exportacións.
- Fomentar a integración de sistemas de xestión ambiental así como de aforro de enerxía no ámbito da industria mineira mediante a articulación dun plan de axudas.
- Impulsar o establecemento de pactos ambientais que revertan na mellora da integración e minimización da afección das explotacións mineiras co seu contorno naquelas áreas ou zonas do país de alto valor ambiental.
- Creación e desenvolvemento en colaboración coa Cámara Oficial Mineira de Galiza e as empresas do sector dun servizo de prevención mancomunado para xestionar a prevención dos riscos laborais consonte o concepto de prevención integral e integrada.
- Profundar no desenvolvemento de políticas de información e formación do persoal mineiro en colaboración cos axentes sociais co fin de reducir os accidentes laborais e mellorar a saúde dos traballadores e traballadoras mineiras.
- Establecemento dun canon galego sobre as actividades extractivas.

- Deseño e execución de campañas divulgativas que faciliten o coñecemento dos nosos recursos naturais; de sensibilización a prol da importancia que a industria mineira ten para Galiza; de protección e posta en valor do patrimonio industrial e documental mineiro entre a cidadanía galega.
- Modificar a normativa galega reguladora das augas minerais, termais, de manancial e de establecementos balnearios para declarar expresamente estas augas como dominio público, definir un sistema de xestión eficiente do recurso dispoñíbel, simplificar os trámites administrativos, configurar o perímetro de protección como un verdadeiro instrumento de protección da cantidade e calidade destas augas e regular novas figuras como a talasoterapia.

IV.6.Comercio e artesanía

O comercio é un sector de gran relevancia dentro da economía do noso País, pois ademais de cumprir coa súa principal función de abastecemento da poboación, é fonte de xeración de riqueza e emprego.

No Bloque Nacionalista Galego somos conscientes, ademais, da enorme importancia que posúe o pequeno comercio retalista, ao formar parte dunha complexa e extensa cadea de valor formada por moitos produtores e comerciantes por xunto que dependen do éxito das pequenas tendas. Así mesmo, somos conscientes tamén de que a facturación do pequeno comercio reinvístese, na súa maior parte, na economía local. Mais o valor de comercio de proximidade transcende o ámbito económico, ao desenvolver un importante papel social de cohesión, dinamización e vertebración nos barrios, vilas e cidades galegas, facéndoas máis convivenciais, atractivas e seguras, tanto para os seus residentes como para os seus eventuais visitantes.

Porén, o sector comercial é un sector moi dinámico suxeito a constantes cambios. Concretamente, nas últimas décadas, o chamado comercio tradicional viuse na necesidade de enfrontarse a aparición de novos formatos comerciais e novas fórmulas de venda, así como a unha evolución constante dos hábitos de consumo. Entre os factores causantes desta situación podemos citar os seguintes:

- A penetración no territorio das multinacionais da distribución, coa consecuente implantación das grandes superficies e coa introdución de formatos comerciais que concentran a oferta no espazo, localizándose, preferentemente, nas periferias urbanas.
- Desprazamento da poboación cara á periferia dos núcleos urbanos.
- Falta de integración do comercio na definición das políticas de planificación urbanística por parte da gran maioría dos concellos galegos, habilitando espazos de uso comercial nas periferias das cidades e desprotexendo os centros urbanos.
- Novos hábitos de compra e consumo. Crecente concentración temporal das compras en días determinados, o que favorece a aparición de novas fórmulas comerciais.
- Implantación de novas fórmulas de distribución comercial, caracterizadas polo autoservizo e por un maior tamaño e diversidade, que se adaptan mellor que o comercio tradicional ás novas necesidades do consumidor/a.
- Mundialización dos mercados, o que potenciou a fusión e absorción de empresas e un alto grao de concentración empresarial, especialmente visíbel nos sectores relacionados cos produtos denominados, de gran consumo.
- Novas normativas europeas que limitan notabelmente as posibilidades de ordenación do sector comercial.

Ao longo da lexislatura que vimos de rematar, o Bloque Nacionalista Galego, a través da Consellaría de Innovación e Industria, levou a cabo unha política de apoio firme e decidido ao comercio intraurbano, tendo en conta as especificidades do asentamento poboacional galego, as nosas estruturas de consumo e a necesidade de protexer o noso contorno.

Cómpre agora, consolidar determinadas liñas de actuación xa iniciadas, así como acometer novas iniciativas e corrixir eivas cara ao futuro.

IV.6.1. Ordenación comercial

A acción do goberno do BNG terá por obxectivo deseñar unha política comercial que considere o equipamento comercial como un elemento relevante á hora de definir o territorio, que contribúa ao asentamento poboacional existente, evitando desprazamentos innecesarios, impulsando un comercio sostíbel do punto de vista ambiental e que garanta a accesibilidade de todas as persoas á unha adecuada oferta comercial con independencia do lugar onde residan. Buscarase a consecución dun país sustentado en vilas e cidades compactas, cohesionadas, seguras, convivenciais, sostíbeis e facilmente accesíbeis.

Así mesmo, continuarase coa liña de colaboración cos concellos para a adecuación de rúas comerciais e mobiliario urbano, así como para a incentivación dos mercados municipais, por constituíren estes unha canle de comercialización de produtos frescos autóctonos, e exercer de polos de atracción intraurbana de establecementos comerciais cunha oferta complementaria. Por outro lado, traballarase na vertebración do comercio en zonas rurais do territorio galego.

Por último, fomentarse a integración do comercio en estruturas de xestión de nivel superior.

Polo tanto, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Posta en marcha da Lei de Ordenación do Comercio Interior de Galiza
- Elaboración dun Plano Sectorial de Equipamentos Comerciais. Este plano terá un claro obxectivo: a necesaria ordenación e equilibrio en todo o territorio galego –máxime tendo en conta a estrutura poboacional de Galiza que require un mínimo de equipamentos en proximidade, que sen ordenación supramunicipal é imposíbel, por chegar a ser incompatíbel coa rendibilidade de operadores comerciais en proximidade e a forte capacidade de atracción dos grandes establecementos comerciais– así como o forte efecto de desertización que adoitan provocar. En definitiva, trátase de dar satisfacción a todos os consumidores con independencia de onde residan.
- Continuación do programa de vertebración do comercio urbano en colaboración coas corporacións locais e creación da Rede de Mercados Municipais de Galiza, a través dun proxecto de xestión común aos mercados municipais que desexen adherirse. En todo caso, para a concesión de axudas para proxectos de reforma da estrutura física dos mercados municipais, exixirase a previa presentación dun plan de xestión integral deses mercados, así como a integración dos produtores locais á comercialización directa dos seus produtos en tales espazos.
- Consolidación e expansión da Rede de Comercio Rural Galego como programa específico para a vertebración do comercio en zonas rurais do país.
- Realización de estudos de identificación de áreas con potencialidade para a implantación de eixos comerciais, centros comerciais abertos ou outras estruturas de xestión compartida por subsectores comerciais.

IV.6.2. Formación comercial

Un dos maiores problemas que presenta a xestión do pequeno comercio é a falta de formación e reciclaxe profesional dos seus propietarios/as e traballadores/as. A miúdo os/as comerciantes descoñecen as modernas técnicas de xestión e organización, coa conseguinte perda de competitividade fronte a outras fórmulas cunha xestión máis profesionalizada.

Por outra banda, os axentes que veñen desenvolvendo a súa actividade dentro do sector comercial vense,

decote, afectados pola insuficiencia dun sistema que os forneza de información actualizada e fiable sobre o sector, polo que moitas das súas decisións son adoptadas en situacións de grande incerteza.

A pesar de que se ten avanzado moito respecto do necesario fornecemento de información e formación ao comercio, cómpre seguir avanzando nesta liña e cubrir de maneira completa certas carencias nesta materia.

A acción do goberno do BNG guiarase polos seguintes obxectivos:

- Dotar a todos os axentes involucrados no desenvolvemento do sector comercial de información actualizada suficiente que permita a adopción de decisións a todos os niveis.
- Axeitar a oferta formativa existente ás necesidades do sector.
- Mellorar a cualificación das persoas que desenvolven a súa actividade no sector comercial.

Para acadar estes obxectivos deseñaranse as seguintes medidas:

- Elaboración dun estudo sobre necesidades formativas no sector comercial.
- Elaboración dun catálogo de recursos formativos a disposición do sector.
- Creación do Observatorio da Distribución Comercial de Galiza, encargado da realización de diagnoses periódicas sobre a situación do comercio no país, elaboración de informes e estudos propios e o deseño de instrumentos de observación sectorial e espacial; así como de xestionar o depósito de coñecementos en materia de comercio, recompilando a información xerada por outras instancias públicas ou privadas, mediante a adecuada organización dos dispositivos de conexión e seguimento destas.
- Coordinación no deseño e desenvolvemento das actividades formativas desenvolvidas polos distintos axentes.
- Programación anual dun calendario de formación para o comercio.
- Elaboración dun calendario semestral específico para a formación relacionada coa obtención do Selo de Calidade do Comercio Galego.

IV.6.3. Mellora da calidade do comercio retalista

A acción do BNG impulsará a mellora da calidade do comercio retalista baixo os seguintes obxectivos:

- Aumentar a calidade do servizo prestada polos establecementos comerciais.
- Mellorar a rendibilidade económica dos establecementos comerciais.
- Mellorar a xestión dos establecementos comerciais.
- Adecuación da estrutura material do comercio retalista ao contorno no que desenvolve a súa actividade.
- Identificar oportunidades para a creación e adaptación de iniciativas comerciais.

Para lograr acadar os obxectivos antes sinalados impulsaranse as seguintes medidas:

- Creación dun Servizo Integral de Asesoramento ao Comercio en todas as delegacións provinciais.
- Centralización das competencias sobre comercialización e distribución na consellaría competente en materia de comercio, con independencia da necesaria coordinación a nivel sectorial con outras consellarías da Xunta de Galiza.
- Promoción e apoio integral para a implantación do Selo de Calidade do Comercio Galego.
- Apoio á creación de novas iniciativas comerciais especializadas. En concreto, estudo de viabilidade e dunha eventual rede de “tendas delicatessen” de produtos autóctonos e artesanais.
- Consolidación e divulgación masiva da plataforma galega de comercio electrónico para o sector comercial.
- Creación dun corpo de inspectores de comercio.

IV.6.4. Cooperación e promoción

Este programa de actuación, responde á certeza da importancia de asociarse e traballar conxuntamente, aproveitando as economías de escala para unha maior rendibilidade de cada comerciante individual. A experiencia amosa que o futuro do sector pasa, sen dúbida e en gran parte, polo asociacionismo comercial, como unha das ferramentas de maior utilidade para os/as comerciantes, xa que lles pode achegar os recursos e capacidades necesarias para afrontar as exigencias dun mercado cada vez máis competitivo.

Aínda que nestes últimos anos se detectou un reforzamento do asociacionismo comercial, cómpre incidir na necesidade de fomentar unha maior participación e implicación dos/as comerciantes tradicionais nas decisións dos órganos de dirección das asociacións nas que están integrados. Esta falta de participación dificulta a aparición e consolidación de espazos comerciais integrados e con suficiente poder de atracción, o cal non favorece unha mellor posición do comercio tradicional na súa relación de competencia coas grandes superficies comerciais e tendas desconto.

É por este motivo polo que o Bloque Nacionalista Galego, incidirá, aínda con maior forza, nesta liña estratéxica de actuación de cooperación e promoción do comercio tradicional que ten como obxectivos:

- Fomentar o asociacionismo no sector, así como unha maior participación e implicación dos/as comerciantes individuais.
- Dotar as Cámaras de Comercio, como corporacións de dereito público que son, do mecanismo adecuado para unha maior transparencia e participación democrática nos seus órganos de dirección.
- Dotar as distintas asociacións do apoio necesario para o desenvolvemento das súas funcións.
- Favorecer e apoiar a creación de centrais de compras mediante integración vertical, partindo da agrupación de retalistas.
- Crear e difundir unha imaxe actualizada do comercio galego.
- Mellorar a oferta e as infraestruturas dedicadas ao desenvolvemento dos mercados, así como a procura dunha maior rendibilidade destas.

Estes obxectivos concretaranse nas seguintes medidas:

- Realización de campañas de fomento do asociacionismo
- Implantación de medidas de apoio ás asociacións por parte dos Servizos Integrais de Asesoramento ao Comercio
- Aprobación dun novo Decreto de Eleccións ás Cámaras de Comercio, co obxectivo común de dotar o procedemento electoral dunha maior axilidade, participación e transparencia.
- Realización directa de campañas periódicas de promoción e/ou animación comercial
- Apoio ás campañas de promoción desenvolvidas polas distintas asociacións de comerciantes implantadas en Galiza.
- Realización de estudos sobre a viabilidade da creación de centrais de compras nos distintos subsectores
- Elaboración dunha nova lei de feiras de Galiza, e reordenación da actualmente sobredimensionada rede de recintos feirais galegos.

IV.6.5. Comercio exterior

A maioría das empresas galegas para ser viábeis necesitan contar cun mercado para os seus produtos e servizos moito máis amplo que o que lles proporciona o número de consumidores do noso país. Tanto para comprar como para vender é totalmente necesario pensar en termos de internacionalización.

Desde 2005 até o segundo semestre de 2008 as exportacións das empresas galegas aumentaron un 31,9%, en canto que o incremento das importacións foi só dun 20,5%. Como consecuencia, o déficit do saldo comercial mellorou nun 64,6% e a taxa de cobertura acadou un 96,5%, o que supuxo unha mellora de 3,1 puntos. Porén, nas vendas ao exterior hai unha excesiva dependencia de dous sectores: a automoción, que contribúe cun 35% do total, e o téxtil, que acaparou un 13%.

Tamén hai unha gran dependencia xeográfica. O mercado europeo é o noso principal cliente: no último ano Europa foi o destino do 80% das vendas galegas no exterior e o 65% da orixe das nosas compras. Os nosos principais clientes foron Francia, Portugal, Italia, Alemaña e o Reino Unido. É de destacar que nese período as exportacións a Estados Unidos aumentaron un 218%.

Dada a situación de crise a nivel mundial, é necesario seguir apostando e apoiando os sectores que xa exportan na actualidade, para consolidar o seu posicionamento internacional. O cal non impedirá que se preste unha especial atención a outros sectores emerxentes, especialmente a aqueles cun alto compoñente tecnolóxico, e iniciar os seus procesos de internacionalización. A procura de novos mercados é unha tarefa urxente, prestando unha especial atención aos países meridionais de África, Rusia, Brasil etc.

A creación das condicións para que se realicen con rigorosidade os estudos de mercado pertinentes, a análise das potencialidades das nosas empresas, as accións de formación necesarias e prover do apoio que estas necesitan para conseguir competir e coroar con éxito unha integración no mercado global, necesita dunha aposta decidida do próximo Goberno galego, facendo recaer todas estas competencias e responsabilidades nun único organismo. É por esta razón que o BNG propón entre as seguintes liñas de actuación:

- Creación do Instituto Galego de Internacionalización e Comercio Exterior
- Impulso de actuacións para conseguir a diversificación xeográfica dos nosos clientes no exterior
- Creación dun programa específico de internacionalización dirixido a países emerxentes da lusofonía
- Intensificación dos plans de formación en comercio exterior dirixidos aos departamentos comerciais das empresas
- Impulso á creación de departamentos de mercadotecnia e comercio exterior nas empresas
- Impulso e apoio nos clústers á creación de seccións e grupos de traballo sobre as posibilidades do sector no mercado global.

IV.6.6. Artesanía

Desde o BNG somos conscientes do valor intrínseco da artesanía galega, como sector intimamente ligado coa cultura e sinais de identidade do pobo galego. O sector tamén contribúe ao asentamento da poboación no rural e abre as nosas fronteiras cara aos mercados internacionais, ademais de constituír unha fonte máis de atracción cara ás persoas que deciden visitar Galiza.

Ao longo da lexislatura que vimos de rematar, o BNG, a través da Consellaría de Innovación e Industria, levou a cabo unha política de apoio firme e decidido ao sector artesanán, establecendo un programa de actuacións prioritarias que deixou sentadas as bases para a consolidación e progreso do sector, con carácter xeral, a través do Plano Estratéxico para a Artesanía Galega.

Cómpre consolidar e mellorar as actuacións iniciadas, así como acometer novas iniciativas de cara ao futuro, centrados fundamentalmente en atendermos á heteroxeneidade do sector, co obxectivo estratéxico de conseguirmos que o sector acade maior recoñecemento nos mercados interior e internacional como sector creador, innovador e socialmente responsábel, ademais de protector da cultura, tradición e patrimonio de

Galiza. Para acadar estes obxectivos, o BNG impulsará os programas de actuación que se desenvolven a continuación.

IV.6.6.1. Programa de ordenación do sector artesá

Preténdese fomentar unha maior cooperación entre as empresas artesás, crear proxectos viábeis do punto de vista económico-cultural naquelas zonas cun pasado puxante nalgunha actividade artesá e actualmente en perigo de extinción. Tamén se impulsarán liñas de actuación que vinculen a actividade artesá a zonas de especial interese turístico. Impulsar medidas e organismos para a do sector. A principal medida que se vai desenvolver será a elaboración dunha nova Lei de Artesanía de Galiza acaída ás necesidades do sector e impulse a súa vertebración e organización.

IV.6.6.2. Programa de formación

Impulsaranse medidas que incrementen a formación dos profesionais do sector, cos seguintes obxectivos:

- Incrementar o nivel de formación en aspectos de interese xeral ou transversal para o sector de contido empresarial ou de xestión e, fundamentalmente no eido da formación especializada de carácter sectorial.
- Dar resposta ás necesidades dos/as profesionais da artesanía en materias e contidos específicos.
- Impulsar a tradición artesanal galega como base de gran valor engadido para a comercialización das novas pezas de artesanía de Galiza nos mercados internacionais.

IV.6.6.3. Programa de promoción e comercialización

As accións contempladas neste plan terán como obxectivos:

- A visualización e posta en valor da nosa artesanía entre a sociedade galega
- O fomento da cooperación empresarial artesá en materia de comercialización
- A visibilidade, promoción e comercialización nos mercados internacionais da artesanía galega

As principais actuacións que se van realizar baixo este programa, para acadar os obxectivos sinalados, son as seguintes:

- Dimensionar acadamente a marca Artesanía de Galiza, con colocación de stands, campañas de promoción, exposicións etc.
- Constitución formal da Rede de Feiras Artesás de Galiza, que cubra comarcalmente todo o territorio galego, e que realizadas baixo unha serie de requisitos e condicións mínimas, recibirán colaboración institucional da Xunta de Galiza.
- Elaboración dun Plan de rutas turísticas artesás en zonas xeográficas concretas
- Convocatoria anual dos Premios Artesanía de Galiza e establecemento de novos criterios para a concesión da Carta de Mestre/a Artesán/a, con carácter honorífico.

IV.6.6.4. Programa de innovación e deseño

Este programa persegue os seguintes obxectivos:

- Formar os artesáns/ás en materia de deseño, coa finalidade de impulsar o desenvolvemento e a competitividade da pequena e mediana empresa artesá, tanto no ámbito técnico como comercial. A incorporación do deseño á creación de novas pezas constitúe unha ferramenta básica para a consecución de tal finalidade.
- Obtención e presentación de produtos artesáns innovadores e de alta calidade técnica.
- Fomentar a transformación, mellora e innovación dos produtos e servizos artesáns.

IV.7. Turismo

Na última lexislatura iniciouse un cambio transformador na xestión pública do turismo no país. Concíbese o turismo como unha actividade económica maior, creadora de numerosos postos de traballo e favorecedora do reequilibrio territorial.

O turismo é un dereito da cidadanía nas sociedades contemporáneas. Ao mesmo tempo axuda a crear tecido empresarial galego e reforza a valoración das persoas polo seu propio país. A peza fundamental da nova política turística é a nova Lei que impulsou o nacionalismo desde o Goberno. A partir dos seus contidos, desenvolveremos 12 liñas estratéxicas para continuar gobernando o turismo en clave de nación.

IV.7.1. Desenvolvemento da Lei de Turismo de Galiza

A transversalidade da actividade turística implica un esforzo de adaptación á realidade social que é cambiante. A nova lexislación en materia turística debe implementarse tendo en conta o propio potencial económico do turismo no país e os condicionantes externos, como a competencia internacional e regulamentación europea.

IV.7.2. Creación do Consello Regulador do Turismo

O BNG impulsará o Consello Regulador do Turismo de Galiza. Tratarase dun órgano desconcentrado dependente da Consellaría competente en materia de turismo, que debe converterse no foro de participación do sector na toma de decisións en materia de turismo. O Consello Regulador incluírá as asociacións máis representativas das empresas e dos/as profesionais do sector turístico. Será un organismo que incentive as relacións entre o sector público e privado de cara a acadar acordos nos intereses conxuntos.

IV.7.3. Constitución da Rede de Oficinas de Turismo

A nova lexislación en materia turística contempla tamén a creación dunha Rede Galega de Oficinas de Turismo, así como a posibilidade de subscribir acordos entre a Xunta e as entidades representativas das comunidades galegas no exterior. A finalidade desta rede é a de fomentar a imaxe de Galiza como marca turística e proporcionar unha información veraz, completa e homoxénea axeitada ás necesidades dos visitantes. Así mesmo, coa rede preténdese incentivar a cooperación entre os concellos e a Xunta de Galiza, evitando duplicacións innecesarias dos puntos de información para o visitante en determinadas cidades e áreas de costa.

IV.7.4. Oferta innovadora de establecementos turísticos

Algúns tipos de establecementos e servizos turísticos precisan dunha reformulación e dunha regulamentación específicas. Así, o goberno do BNG establecerá novos criterios para a súa clasificación de cara a mellorar a oferta cuantitativa e cualitativamente. Incentivarase a creación e reformulación de establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, establecementos do turismo rural, albergues turísticos ou calquera outra modalidade de aloxamento que se fixe regulamentariamente, así mesmo promoveranse formas alternativas de turismo como o de autocaravanas, mediante a creación de áreas específicas para estas.

IV.7.5. Impulso ao sistema turístico no espazo rural

Preténdese darlle un pulo ao establecemento e consolidación do sistema turístico no medio rural, en plena expansión no noso país, distinguindo dentro desta categoría hoteis rurais e casas de aldea, e permitindo a incorporación por vía regulamentaria doutras categorías. O Obxectivo deste impulso será sen dúbida a procura do reequilibrio territorial, onde o turismo pode xogar un indubidábel papel corrixindo o declive do medio rural ao crear emprego, riqueza, e sinerxías con outras actividades económicas.

IV.7.6. Impulso á formación de cara á consecución dunha oferta turística de calidade

O goberno do BNG na Xunta propiciará a unificación de criterios na programación dos estudos de formación regrada e ocupacional do sector turístico e promoverá o acceso á formación continua dos traballadores ocupados do sector. Así mesmo, apoiará medidas destinadas á adquisición de novos coñecementos e tecnoloxías. Impulsaranse os acordos e convenios coas Universidades para a elaboración de programas e planos de estudos en materia turística. O uso das novas tecnoloxías, o estudo dos idiomas e a formación continua son fundamentais para a cualificación dos traballadores do sector turístico. A Formación Profesional e a formación no Centro Superior de Hostalaría de Galiza deben consolidarse como un referente e unha garantía para os traballadores e tamén para os usuarios turísticos.

IV.7.7. Calidade e novos produtos

- Impulsarase a constitución dun itinerario nacional con sendeiros homologados e de centros BTT.
- Impulso á creación de liñas aéreas propias e dunha rede de trens turísticos, concibidos como instrumento de promoción de novos destinos de calidade.

IV.7.8. Internacionalización

O obxectivo é conseguir que visiten Galiza dous millóns de turistas estranxeiros e máis de 10 millóns de turistas totais. O turismo constitúe xa o 12% do PIB, o 13% do emprego, e supón uns ingresos para o país de 6 mil millóns de euros. Para acadar este obxectivo, o BNG impulsará a promoción turística no exterior, presentando unha nova realidade nacional no país, onde se destaquen os elementos diferenciais e identitarios.

IV.7.9. O Xacobeo e o Camiño de Santiago como carta de presentación no mundo. O Xacobeo 2010

O Camiño de Santiago ten que constituír a porta de entrada a Galiza e o reclamo fundamental nos mercados emisores de todo o mundo. Tomaranse medidas promocionais para consolidar a imaxe do Xacobeo no mundo de cara ao vindeiro Ano Xubilar Compostelán, e favorecer a asociación de imaxes entre Santiago, capital e gran referente turístico, e Galiza.

IV.7.10. Un albergue público cada 25 quilómetros en todos os Camiños de Santiago en Galiza

As oito rutas que percorren o país até Compostela deben contar cun albergue público cada 25 quilómetros. A dotación de infraestruturas para os Camiños de Santiago contribuirá á mellora dos servizos para os camiñantes e a posta en valor dos recursos patrimoniais cos que contan as vilas xacobeas incrementará o seu desenvolvemento económico e social.

IV.7.11. Reforzar a imaxe do turismo como un recurso económico importante e impulsar o turismo dentro de Galiza.

É importante sensibilizar os usuarios turísticos da importancia do turismo interno a través de programas de turismo activo. As persoas maiores deben achegarse a segmentos moi importantes e simbólicos da nosa oferta como o turismo urbano, rural e balneario. Tamén para os máis novos a práctica turística debe reforzar a valoración das calidades territoriais e paisaxísticas da nosa nación. Así, o BNG traballará para que a cidadanía galega coñeza o seu país.

IV.7.12. Reforzar a Identidade do País como recurso turístico único

Galiza é unha nación ben percibida no resto do mundo. O noso idioma constitúe unha fortaleza e un sinal de identidade que temos que pór en valor. Xunto co idioma o turismo debe axudar na descuberta da nosa cultura propia, paisaxes identitarias, conxuntos monumentais e valores gastronómicos do país. Galiza reafírmase como realidade nacional a partir da experiencia turística integradora que debemos ofrecer aos nosos visitantes.

IV.8. Política en materia de protección dos consumidores

O BNG continuará a potenciar a política de protección e información aos consumidores e usuarios, e seguirá a impulsar a colaboración coas asociacións galegas neste eido, outorgándolles o amparo institucional que precisan, para poder defenderen os dereitos e lexítimos intereses económicos dos consumidores. Así, desenvolveranse as liñas estratéxicas que se expoñen a continuación.

IV.8.1. Garantía de dereitos, mellorando a protección dos consumidores no ámbito normativo

Implantación e desenvolvemento do novo marco normativo orientado a un cambio e a unha dinamización das políticas de consumo para que dean resposta ao contexto actual, desde o punto de vista de regulación dos dereitos e deberes dos consumidores e dos seus Órganos de representación.

IV.8.2. Eficacia na xestión

- Articulación dunha estrutura administrativa e institucional no eido do consumo que sirva de marco de desenvolvemento de novas políticas, e que estea en condicións de dar resposta á maior complexidade que están a adquirir as relacións de consumo nunha economía cada vez máis globalizada e coa aparición constante de novas formas de consumo.
- Achegamento da cidadanía aos servizos ofertados polos organismos de consumo cara a unha maior transparencia e eficacia nas súas actuacións, normalizando o uso das TIC en todos os sectores, facendo da innovación un eixo fundamental que garante os dereitos e a participación en políticas de consumo e outras converxentes.

IV.8.3. Impulso á mediación e á arbitrase de consumo

- Desenvolver o Sistema Arbitral de Consumo, creando unha estrutura específica destinada a dar resposta ás novas necesidades creadas pola normativa que regula a arbitrase de consumo e que se vén de aprobar

no ano 2008, co obxecto de dotar a Xunta Arbitral de Consumo de Galiza dos recursos necesarios, tanto humanos como económicos, para cumprir cos requirimentos da nova normativa.

- Fomentar a creación de Xuntas Arbitrais nas entidades locais co obxecto de mellorar a accesibilidade de empresarios e consumidores ao Sistema Arbitral.
- Fomentar a mediación na resolución das controversias xurdidas nas relacións de mercado entre consumidores e empresarios, xa que somos conscientes de que a cidadanía demanda máis unha resolución dos seus problemas concretos que a aplicación de sancións.

IV.8.4. Participación cidadá nas políticas de consumo

- Impulsar a modernización coa profesionalización e especialización dos órganos técnicos e de goberno das Organizacións de Consumidores para unha participación no actual espazo europeo caracterizado pola globalidade e multiculturalidade, co fin de que melloren a calidade dos servizos que prestan á cidadanía e fomentar a defensa dos dereitos colectivos e xerais.
- Fomentar a participación activa de consumidores/as, comerciantes e empresarios/as, nas políticas de consumo desenvolvendo novos criterios de representatividade no Consello Galego de Consumidores. Des- te xeito preténdese que as persoas consumidoras actúen sendo non só obxecto das políticas de consumo, senón tamén sendo suxeito activo no desenvolvemento destas.
- Impulsar a creación de espazos de concertación, participación e diálogo entre os consumidores e o mercado na procura dunha maior transparencia

IV.8.5. Cooperación e transversalidade con outras estruturas administrativas

- Potenciación da participación activa das entidades locais no desenvolvemento das políticas de consumo co obxecto de garantir os dereitos e participación de todos/as os/as cidadáns/ás independentemente do seu lugar de residencia e a súa condición sociodemográfica. Seguiremos pois coa liña aberta nesta lexislatura de sinatura de convenios cos Concellos de maior tamaño co fin de dotalos de maior autonomía económica para executar políticas de consumo, achegando así o servizo á cidadanía.
- Definición e establecemento dun sistema de acreditación que garanta a calidade que prestan os servizos de información e atención ao consumidor que prestan as entidades locais.
- Interacción das políticas de consumo con outras converxentes mediante a transversalidade de accións e a potenciación de foros de debate coa participación crítica de todos os axentes sociais.

IV.8.6. Transparencia e seguridade dos mercados

- Desenvolver os planos de inspección de consumo mellorando así a confianza dos consumidores nos mercados e garantindo un mercado equitativo e transparente, no que os consumidores poidan elixir libremente, que exclúa os/as comerciantes deshonestos/as e que permita a consumidores/as e empresas sacar o máximo proveito das súas posibilidades.
- Fomentar sistemas que permitan a autorregulación dos sectores empresariais mediante a implantación de códigos de boa conduta.

IV.8.7. Formación e información dos distintos colectivos en materia de consumo

- Deseño de programas formativos e informativos dirixidos a modificar as actitudes e comportamentos dos consumidores dotándoos das habilidades e ferramentas necesarias para poder actuar de maneira responsable no mercado, incluíndo tamén aspectos relacionados coa necesaria integración nas condutas de consumo de valores que teñan en conta factores medioambientais e de comercio xusto.
- Mellora das capacidades técnicas dos/as profesionais de consumo, tanto da Administración como das asociacións de consumidores, mediante o deseño e desenvolvemento de programas de formación específicos.

IV.9. Unha Facenda adaptada á realidade do País

IV.9.1. Financiamento autonómico

O actual modelo de financiamento das Comunidades Autónomas continúa a reflectir unha visión uniforme do Estado, que nega a existencia de calquera outra nación que non sexa a española e fortalece a confusión interesada entre nación e Estado. Traslada, ademais, a falsa imaxe dun Estado cun pretendido carácter solidario que lle achega recursos de xeito paternalista a quen non ten capacidade de se financiar por si propio. Ante os elementos coñecidos da proposta de reforma realizada polo goberno central, esta continúa a mesma filosofía que o sistema vixente.

Para o BNG, o autogoberno é inseparábel da autonomía fiscal, e Galiza ten capacidade financeira suficiente para se valer por si propia e conta cos instrumentos políticos e fiscais para se poder responsabilizar.

Fronte á idea da Galiza pobre, subvencionada por España e incapaz de se valer por si propia, a realidade amósanos que Galiza é un país que conta con enormes potencialidades, mais que foi empobrecido por moitos anos de políticas contrarias aos seus intereses, e que conta con recursos suficientes para sustentar servizos públicos universais de calidade e unha estratexia propia de progreso económico e social. Unha Galiza con máis poder de decisión é perfectamente viábel e capaz de ofrecer máis calidade de vida aos galegos e galegas e máis futuro ao país.

O BNG defenderá un novo sistema fundado na plena soberanía fiscal de Galiza, é dicir, na territorialización dos tributos e na capacidade normativa e de xestión sobre estes contando cunha Axencia Tributaria galega. Este modelo, compatíbel coa participación no sustento do Estado común en función de criterios pactados que teñan en conta distintas variábeis, non desbota que poida existir un fondo de equilibrio ou de redistribución para destinar especificamente aos que teñan unha renda inferior á media do conxunto. Esta proposta responde a unha concepción racional do Estado español, baseada na unión real en interese de todos, na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas propias capacidades.

IV.9.1.1. A actual reforma do sistema de financiamento

Mentres non se acade este novo sistema de financiamento, o goberno do BNG traballará para que, no proceso negociador das reformas do actual sistema, o modelo de financiamento garanta cando menos a suficiencia financeira da facenda galega a partir dos tributos propios e da recadación territorializada de determinados impostos estatais (IRPF, IVE, impostos especiais e sociedades), de xeito que Galiza non teña que recorrer ao Fondo de Suficiencia. Para que isto sexa posíbel, o BNG demandará un incremento notábel

nas porcentaxes de cesión destes tributos, propoñendo a cesión do 90% do IRPF e do IVE, e do 100% para os impostos especiais. A proposta de reforma do Goberno central xeneraliza as porcentaxes contempladas no Estatut de Calaluña, o que permite a comunidades como Cataluña ou Madrid acadar a suficiencia financeira, mais non é así no caso de Galiza

No proceso de revisión do actual sistema de financiamento, o BNG demandará modificacións no cálculo das necesidades de gasto das comunidades autónomas. Así propoñemos a creación de diferentes fondos específicos que teñan en conta o maior custo dos servizos en Galiza: un fondo para a dispersión, un fondo para a atención aos residentes no exterior e un fondo para a divulgación da lingua e cultura propias.

Ademais o BNG demandará mecanismos que garantan o retorno a Galiza dos tributos satisfeitos noutros territorios por actividades desenvolvidas no noso país. Con tal fin o BNG propondrá a creación dunha Axencia Tributaria que xestione todos os tributos recadados en Galiza e nos que participe a Comunidade Autónoma.

IV.9.1.2. Unha relación bilateral entre a Xunta e o Estado

Un modelo propio que atenda as nosas diferenzas e as nosas necesidades só se pode lograr cunha relación de ti a ti co Estado. Polo tanto, o goberno do BNG impulsará unha relación bilateral co Estado para acadar un modelo que satisfaga a Galiza.

IV.9.2. Política fiscal

Unha das principais innovacións no eido fiscal que se teñen producido nos últimos anos refírese á chamada fiscalidade verde ou medioambiental. A imposición fiscal sobre aqueles feitos que deterioran o medio ambiente ten unha dobre finalidade:

- Incentivar o uso de sistemas de produción limpos penalizando os comportamentos non sostíbeis.
- Compensar o custo social de soportar danos medioambientais, mediante a internalización deses custos por parte dos axentes contaminantes.

Na última lexislatura, a Xunta de Galiza aprobou a creación dun imposto sobre os encoros que veu a sumarse ao canon do saneamento e ao imposto sobre a contaminación atmosférica. Estes dous últimos tamén sufriron importantes modificacións reforzándose o seu papel dentro do sistema tributario galego. En calquera caso, a “reforma fiscal verde” está aínda nunha situación moi incipiente.

A Xunta de Galiza, en exercicio das potestades fiscais, debe avanzar e afondar na imposición medioambiental e na promoción de comportamentos máis sostíbeis. Polo tanto, o BNG aplicará as seguintes medidas de goberno.

IV.9.2.1. Imposto sobre a Producción de Canteiras

- Crearase un imposto propio que grave o deterioro ambiental que se está a producir en determinadas zonas do país por causa das actividades de explotación de canteiras. Trátase dun tributo semellante ao que existe no Reino Unido desde 2002.
- Os recursos que se obteñan por medio deste imposto destinaranse á constitución dun Fondo para a recuperación ambiental e a diversificación económica das zonas afectadas.

IV.9.2.2. Imposto sobre o Lixo

- Estudarase a implantación dun Imposto Propio sobre o Lixo, que terá como obxectivo reducir as deposicións de residuos sólidos en vertedoiros e incineradoras, promovendo a reciclaxe e condutas de consumo menos agresivas. A taxa impositiva deberá ser suficiente para inducir mudanzas no comportamento.
- Os recursos obtidos mediante este imposto afectarán ao desenvolvemento de Planos de Reciclaxe e a Redución de lixo.

IV.9.2.3. Canon de Saneamento

- Revisarase o Canon de Saneamento, co obxectivo de que o tributo poida recoller os custos sociais dos vertidos e do seu tratamento, e garantir a cobertura dos sistemas de saneamento en todo o territorio de Galiza.
- Proporase a redución da cantidade afectada ao financiamento de Augas de Galiza, que preferibelmente deberá financiarse a través de transferencias finalistas do Goberno galego.

IV.9.2.4. Deducións e bonificacións medioambientais en impostos con capacidade normativa

- Estudarase o establecemento de deducións e bonificacións na tarifa autonómica do IRPF para a adquisición e instalacións de tecnoloxías que redunden no aforro enerxético na vivenda habitual.
- Estudarase o establecemento de deducións e bonificacións no imposto sobre sucesións e doazóns no caso de destinar a base imponible gravada á adquisición e instalacións de tecnoloxías que redunden no aforro enerxético na vivenda habitual.

IV.9.3. Política orzamentaria

A viabilidade económica do noso País depende da capacidade propia para a xeración de riqueza e, polo tanto, da expansión da nosa capacidade produtiva. Para iso é preciso promover unha política orzamentaria na que se dea prioridade á aplicación dos recursos cara a obxectivos que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e que promovan a diversificación do sistema produtivo. Ao tempo, o investimento na mellora dos servizos públicos será o outro eixo en materia orzamental.

Por outra banda, é preciso sinalar que os sistemas de financiamento autonómico existentes até o momento non foron quen de proporcionar o volume de fondos que se requiría para que a Administración galega exercese as competencias que tiña encomendadas cun nivel de calidade apropiado ás demandas da nosa sociedade. En ocasións, tal insuficiencia derivaba dunha inadecuada –por deficitaria– avaliación das competencias transferidas. Noutros casos, a carencia de recursos procedía da falta de lealdade practicada polo goberno central cando tomaba iniciativas lexislativas que provocaban un incremento nos gastos que debía afrontar a Xunta de Galiza sen contemplar a provisión de recursos financeiros adicionais.

Ademais do deficiente sistema de financiamento, a lexislación estatal sobre estabilidade orzamentaria exerce unha tutela sobre a capacidade de endebedamento da Administración galega que non é admisíbel, polo que o BNG instará a que se derroguen os preceptos que condicionan a capacidade autonómica para deseñar os seus propios orzamentos.

A política orzamentaria do goberno do BNG estará presidida polos seguintes criterios:

- Utilización do endebedamento como fonte adicional de recursos financeiros que posibilite unha actuación

máis contundente dos poderes públicos fronte aos efectos da crise e permita consolidar un maior dinamismo da economía galega no camiño dunha converxencia real cos países do noso contorno.

- Uso prioritario dos recursos públicos nos investimentos produtivos e sociais
- Conxelación do gasto corrente non vinculado ao funcionamento dos servizos públicos.
- Xestión rigorosa e transparente das asignacións orzamentarias que posibilite, ademais, un nivel elevado de execución, nomeadamente nos gastos de capital.

IV.9.4. Financiamento local

A insuficiencia de recursos cos que contan os concellos para atender os servizos que prestan á cidadanía é unha realidade tanxibel en practicamente todos os concellos do país. O actual modelo de financiamento local é incapaz de garantir a suficiencia dos recursos provocando un “raqutismo orzamental estrutural” nos concellos galegos. Entre as razóns desta situación destacamos as seguintes:

- A falta de consideración da realidade dos concellos galegos (dispersión, avellentamento etc.) na determinación da Participación nos Ingresos do Estado (PIE).
- A atribución e asunción de competencias non acompañadas dos recursos necesarios para financiarlas.
- A asunción de gastos en servizos que son titularidade doutras administracións: conservatorios de música, escolas de idiomas etc.
- A redución dos ingresos municipais, pola escaseza de medios para garantir a eficacia recadatoria, para evitar a fraude...
- A falta de correspondencia entre a capacidade recadatoria e o custo dos servizos.
- A política de transferencias baseadas en decisións discrecionais que seguen a caracterizar o funcionamento dalgunhas deputacións provinciais.

Polo tanto, non compartimos o actual sistema de financiamento local, xa que é estruturalmente insuficiente, nega o papel das Comunidades Autónomas na organización da Administración local no seu territorio, non recolle o sentir das organizacións representativas das administracións locais galegas, non responde ás necesidades de financiamento da maioría dos concellos galegos, e incrementa a presión fiscal local sobre o conxunto dos/as cidadáns/ás. Así, a actuación do goberno do BNG con respecto ao financiamento local guiarase polos seguintes criterios:

- Defender a modificación do actual sistema de Participación nos Ingresos do Estado (PIE) en dous aspectos:
 - a. Propiciando a integración plena da transferencia da PIE nos orzamentos da Xunta de Galiza.
 - b. Incrementando a contía da PIE en atención ao maior custo dos servizos derivado da superficie territorial, da dispersión e do avellentamento da poboación.
- O BNG impulsará o recoñecemento no estatuto de nación das competencias de Galiza en materia de financiamento local que permitan a creación dun Fondo de Financiamento Local en que se aglutine a transferencia da PIE e a Participación nos Ingresos da Xunta de Galiza. En desenvolvemento desas competencias apoiarase a aprobación dunha Lei Galega de Facendas Locais.
- Defensa do principio de que “toda nova atribución de competencias aos entes locais deberá ir acompañada da asignación dos recursos que cubran o seu custo efectivo”.
- Continuar co proceso de asunción por parte da Xunta de Galiza das competencias e do financiamento de servizos dependentes da Administración galega: escolas, centros de saúde, conservatorios etc.
- Impulsar a integración e participación dos concellos nos órganos e nos mecanismos que o goberno do BNG poñe en marcha desde a Xunta de Galiza, para garantir e mellorar o financiamento de servizos públicos de ámbito local e comarcal en condicións de equidade e igualdade entre concellos, como por exemplo no Consorcio Galego de Servizos de Benestar e Igualdade.

- Impulsar a participación local e autonómica na ordenación e xestión catastral, de xeito que se garanta a información a ambas as administracións.

IV.9.5. Fondos europeos

Con respecto aos fondos europeos, o BNG defenderá que Galiza os xestione directamente, co obxectivo de deseñar políticas que permitan converxer cos niveis de renda media europea. En concreto, impulsaranse as seguintes iniciativas:

- O BNG reclamará que o Fondo Tecnolóxico para o período 2007-2013 sexa integramente xestionado polo Goberno galego.
- O Goberno galego defenderá o impulso de modificacións no reparto dos Fondos de Cohesión para que, dunha banda, sexan destinados ás comunidades con menores niveis de renda per cápita do Estado, e doutra banda, sexan as CCAA as que asuman a maior parte da súa xestión.

IV.10. Crear emprego estábel en Galiza

O BNG considera que vivir e traballar na propia terra é un dereito básico, cuxa consecución constitúe a maior preocupación dos galegos e das galegas, o esencial neste momento é que Galiza poida dotarse dunha política económica orientada cara á creación de emprego estábel e de calidade, complementada e coordinada con outras accións como a formación, a política industrial, a dinamización comarcal, a proxección exterior e a satisfacción profesionalizada das necesidades que ten a sociedade galega.

Conxuntamente, esta reorientación das políticas de emprego debe ir acompañada dunha dotación orzamentaria que incremente a capacidade de actuación do Goberno galego. Nesta liña, o BNG comprométese a incrementar os orzamentos destinados ás políticas activas de emprego, co obxectivo de converxer co gasto medio comunitario.

O goberno do BNG defenderá actuacións máis decididas que vaian non só a paliar as consecuencias, senón as causas determinantes do desemprego e da precariedade laboral.

Trátase, en definitiva, de redefinir as políticas de fomento de emprego atendendo á estrutura e situación reais dos sectores produtivos galegos e das potencialidades e especificidades da nosa economía. Mais tamén, apostando polo desenvolvemento de novos xacementos de emprego, por constituíren unha oportunidade para crear emprego e satisfacer necesidades sociais, en actividades relativas a servizos da vida diaria (servizos a domicilio, atención á infancia, novas tecnoloxías da información e da comunicación e axuda á mocidade con dificultades e persoas dependentes), servizos de mellora da calidade de vida (mellora da vivenda, transportes colectivos locais, revalorización de espazos urbanos, comercio de proximidade en zonas rurais e urbanas periféricas e xestión da enerxía), servizos de lecer (turismo en calquera das súas formas, audiovisual, valorización do noso patrimonio cultural, desenvolvemento cultural local e deporte) e servizos medioambientais (xestión de recursos, xestión da auga, protección e mantemento das zonas rurais e regulamentación e control da polución e das instalacións correspondentes). Neste sentido, o BNG, desde o Goberno galego, adoptará as medidas que a seguir se explican.

IV.10.1. Medidas

Promover, a través do Consello Económico e Social de Galiza, a elaboración dun Plano Galego de Emprego, que terá como obxectivo principal a creación de emprego suficiente para non deixar ociosas as potencialidades produtivas e de contribución á xeración de riqueza do país. Ademais, a xeración de emprego deberá

axustarse aos seguintes criterios: emprego estábel, condicións de traballo dignas e compensador dos desequilibrios territoriais.

Para a consecución deste obxectivo, o Plano Galego de Emprego comprenderá un conxunto de actuacións sectoriais dirixidas:

- Á consecución dun crecemento económico diversificado sectorialmente e equilibrado territorialmente, que xere emprego tamén nas zonas rurais, e que sexa quen de frear o actual proceso de despoboamento de moitas comarcas do interior do país.
- Á creación de emprego en actividades novas, que o mercado e a iniciativa privada non están en condicións de desenvolveren por si propios en Galiza. Non se trata de cargar o orzamento público coa responsabilidade exclusiva da creación de emprego, nin tampouco de substituír a iniciativa privada, mais si de garantir a necesaria presenza de Galiza en determinadas ramas de actividade con forte potencial de crecemento, e de apoiar e acompañar a empresa privada sempre que sexa necesario.
- Á creación de empregos que contribúan a acrecentar a capacidade técnica e xestora das empresas e explotacións existentes.
- Á creación de emprego en actividades intensivas en coñecemento. Para a identificación das iniciativas específicas terase en conta a prospectiva das tendencias dos diferentes sectores produtivos a nivel mundial, xunto coa avaliación da experiencia e know-how acumulado na nosa estrutura produtiva, sen ficar restrinxidos ao repertorio de sectores estratéxicos ou priorizados a nivel europeo ou español, senón procurando encontrar as nosas potencialidades específicas, sendo conscientes de que é xustamente a diversidade a que pode abrir ocos no mercado mundial.
- Á creación de emprego en actividades que contribúan a incrementar o benestar da poboación, atendendo precisamente ás características do noso hábitat, da estrutura da nosa familia e da poboación, do noso medio ambiente natural etc.
- Á reordenación das políticas activas de fomento do emprego estábel e de calidade, que, en calquera caso, estarán destinadas a colectivos específicos con graves problemas para traballar, e non a calquera contratación, excepto aquelas medidas dirixidas á conciliación da vida laboral e familiar e á redución excepcional da xornada ordinaria sen perda de salario.
- Á reorganización do tempo de traballo, apoiando todas as iniciativas que teñan como fin a consecución dun marco global que facilite a adopción de medidas de aplicación voluntaria do reparto do traballo para crear emprego, en función das circunstancias de cada empresa e das persoas que traballan nelas, mediante a redución da xornada laboral e doutras medidas que sexan capaces de xerar a negociación colectiva, mais sempre garantindo os dereitos laborais e de Seguridade Social en xogo.

IV.10.2. Emprego estábel de calidade

As sucesivas reformas laborais non conseguiron modificar unha situación na que o contrato estábel tense convertido na excepción e a contratación temporal na norma. Esta situación provoca consecuencias negativas tanto do punto de vista social como económico. Do punto de vista social, a precariedade laboral non combate o desemprego e provoca desasosiego, inseguridade, escaseza de rendas, incremento da pobreza a medio prazo, marxinação. Do punto de vista económico, a precariedade laboral tamén afecta ás propias empresas, porque ten efectos negativos sobre a produtividade, a calidade dos bens e servizos producidos, así como o retraemento do consumo. Ademais, existe unha probada relación estatística entre os índices de sinistralidade laboral e a contratación eventual ou precaria.

O BNG reafírmase no principio de que os contratos de traballo de duración indefinida e a xornada a tempo completo deben ser a forma máis común de relación laboral, por contribuíren á calidade de vida das persoas que traballan por conta allea e á mellora do seu rendemento. Por esta razón, o BNG non comparte as concepcións e estratexias que priman a flexibilidade nos mercados de traballo, e aposta por unha po-

boación socialmente integradora e con maiores niveis de equidade na distribución do excedente, esencialmente, a través de tres mecanismos: creación de máis e mellor emprego, reordenación do tempo de traballo sen menoscabo dos dereitos laborais e de Seguridade Social e protección social adecuada.

Isto lévanos a establecer como necesarios os seguintes principios xerais de actuación:

- A contratación indefinida e a xornada a tempo completo deben ser a regra xeral de acceder a un emprego.
- As modalidades de contratación temporal deben ser sempre excepcionais. Estarán baseadas nunha estrita causalidade e non serán utilizadas como forma de abaratar custos salariais nin como mecanismo de competencia desleal.
- Non se incentivarán as modalidades de contratación temporal e o seu emprego terá un custo adicional, cando menos equivalente ao do emprego fixo, gravando a cota empresarial da Seguridade Social.
- A través da negociación colectiva, as partes negociadoras poderán abordar e regular con carácter excepcional e específico a definición das modalidades de contratación causal, dotándoas de maior estabilidade e de contido incentivador para a mellora da produtividade en función de aspectos relevantes como a cualificación e a promoción profesional.

IV.10.2.1. Obxectivos

- Creación de emprego estábel e de calidade nun marco de relacións laborais normalizado, onde se eliminen os efectos perversos dunha excesiva taxa de temporalidade e rotación no emprego, tanto na sociedade como no funcionamento das empresas e na competencia entre elas.
- Consecución dun marco galego de contratación estábel, que propicie unhas relacións laborais máis xustas e que incida de xeito positivo na redución das taxas de temporalidade.
- Redución das taxas de temporalidade na Administración pública de xeito que se dea prioridade e fomenta a creación de emprego público.

IV.10.2.2. Medidas

Todo país ten un marco legislativo e político propio, que rexe o sistema de relacións laborais entre as empresas, as clases traballadoras e os Poderes Públicos. Este marco debe ter presentes as características propias da súa sociedade e os feitos diferenciais da súa estrutura económica. En canto Galiza non se dote de plenos poderes, cómpre explotar as posibilidades que ofrece o actual Estado das Autonomías á hora de configurar un espazo galego de relacións socio-laborais. Neste sentido, a acción de goberno irá encamiñada a favorecer:

- Un Acordo Interconfederal Galego entre as Confederacións Empresariais e as Centrais Sindicais para a promoción efectiva da contratación estábel, que, ademais de considerar a contratación indefinida como modalidade básica, sexa capaz de:
 - a. Definir as causas que poden dar lugar á contratación eventual en relación ás características estacionais ou necesidades específicas de determinados sectores produtivos, así como a duración deste tipo de contratos e as indemnizacións que correspondan pola súa finalización como medida incentivadora do emprego fixo.
 - b. Identificar aqueles traballos susceptíbeis de seren cubertos con contratos de obra e servizo determinado que evite a actual utilización xeneralizada desta modalidade contractual, establecendo tamén, ao seu remate, unha indemnización adecuada.
 - c. Estabelecer o número máximo de contratos para a formación que se debe realizar en cada empresa en función do tamaño do cadro de persoal, así como os postos de traballo obxecto dese contrato e o tempo –e a súa distribución– dedicado á formación teórica, concretando finalmente compromisos de contratación indefinida para as persoas formadas.

- d. Acordar a non-utilización das Empresas de Traballo Temporal ou, de ser o caso, as condicións e límites desa utilización.
 - e. Determinar a duración dos contratos en prácticas, os compromisos de contratación indefinida e, se for o caso, as indemnizacións correspondentes.
 - f. Regular a utilización do contrato a tempo parcial, clarificando a xornada mínima e máxima que se debe realizar, a súa conversión a tempo completo cando se sobrepase na práctica a xornada pactada e a preferencia de acceso, no caso de novas contratacións, a tempo completo. Estabelecer unha regulación específica para o traballo fixo- descontinuo.
 - g. Evitar o encadeamento de contratos eventuais, de xeito que unha persoa asalariada non poida ter máis que un contrato temporal e, de ser o caso, unha prórroga, na mesma empresa ou grupo de empresas.
 - h. Impedir a fraude na contratación temporal, de xeito que os postos de traballo fixos ou que anteriormente xa estivesen cubertos por contratación fixa non poidan cubrirse con modalidades eventuais nin coas ETT.
 - i. Diferenciar a eventualidade da estacionalidade, de forma que as persoas contratadas durante dúas campañas sucesivas se consideren fixas-descontinuas.
- O Goberno galego aprobará, coa participación das Centrais Sindicais e Organizacións Empresariais representativas, un Plano Galego de Inspección, que garanta o cumprimento do Acordo Interconfederal e que, en todo caso, garanta a aplicación das leis neste ámbito e evite a actual fraude na contratación.
 - O Goberno galego comprometerase a aplicar, en todo caso, os criterios e medidas contempladas a respecto da contratación do persoal ao servizo da Administración, a reducir drasticamente os índices de temporalidade na función pública, que veñen incrementándose escandalosamente nos últimos anos.
 - O Goberno galego establecerá unha taxa mínima de estabilidade en todos os pregos de condicións dos concursos administrativos para poderen concorrer as empresas e valorará especificamente o grao de eventualidade do cadro de persoal da empresa. Nos procesos de libre designación, dará prioridade a aquelas empresas que presenten unha taxa de estabilidade igual ou superior á media de Galiza.
 - O Goberno galego aprobará un programa específico de formación e inserción que permita o establecemento dun salario social para aquelas persoas desempregadas que non perciban ningunha prestación económica.

IV.10.3. Novas políticas de formación e emprego

A formación é un instrumento importante na formulación da política de emprego, pola súa capacidade para incrementar e mellorar as posibilidades de ter acceso a un posto de traballo. A Xunta de Galiza nos últimos anos dispuxo de importantes recursos económicos destinados á formación, sen que os seus resultados prácticos na mellora da empregabilidade, tivesen os efectos desexábeis.

Unha ineficacia marcada pola falta de planificación e de mecanismos de avaliación das necesidades formativas e do mercado de traballo por comarcas. É imprescindible unha racionalización das políticas de formación que dean coherencia ao conxunto das políticas activas de emprego e eficacia aos recursos dispoñíbeis. A creación do Instituto Galego de Emprego e Formación, ao servizo das políticas activas de emprego, é unha necesidade que a Xunta de Galiza ten de afrontar decididamente.

IV.10.3.1. Obxectivos

- Crear instrumentos de estudo e planificación das políticas de formación e emprego, de xeito que se racionalicen e incidan de xeito positivo no incremento da ocupación en Galiza.
- Reclamar o cumprimento da Sentenza do Tribunal Constitucional que determina que a integridade das políticas activas e pasivas de emprego, titularidade na actualidade do Servizo Público de Emprego estatal,

deben ser transferidas á Xunta de Galiza.

- Reformular os servizos públicos de emprego galegos co fin de optimizar o seu funcionamento nos labores de intermediación, orientación, fomento da contratación, clasificación das e dos demandantes de emprego e control da legalidade das contratacións, converténdoo no elemento referencial da poboación que busca emprego e optimizando a súa eficacia.

IV.10.3.2. Medidas

- Elaboración dun mapa de necesidades formativas que, ao servizo da política de emprego, defina comarcalmente a demanda potencial de traballadoras e traballadores en función da realidade socioeconómica de cada comarca, das súas especificidades e das súas potencialidades.
- Reclamar do Goberno do Estado a transferencia da integridade das políticas activas e pasivas de emprego do SPES á Xunta de Galiza.
- Estabelecer un Sistema Galego de Avaliación, Acreditación e Certificación da competencia das traballadoras e traballadores galegos, tanto da obtida a través da formación ocupacional e continua, como da obtida a través da experiencia profesional contrastada.
- Creación do Instituto Galego de Emprego e Formación, co obxecto de o converter nun instrumento fundamental da política de emprego, de acordo cos seguintes perfís básicos:
 - a. Organismo autónomo, adscrito á Consellaría de Traballo, con personalidade xurídica e orzamentos propios.
 - b. Con facultades de organización xeográfica e funcional (terá en conta a estrutura comarcal e facilitará a participación dos Concellos) e dotado dos recursos humanos e dos medios materiais e de infraestrutura que permitan:
 - Unha continua prospección do mercado de traballo
 - Unha intermediación eficaz, baseada nunha información e orientación profesional individualizada, xunto cunha relación permanente coas empresas
 - Unha política de formación deseñada en función da inserción e da colocación
 - c. Os órganos de control do Instituto Galego de Emprego e Formación (IGAEF) deberán ter unha representación tripartita e paritaria por parte da Administración e das organizacións empresarias e sindicais representativas.

Este Instituto deberá desenvolver as seguintes funcións:

- Exercer de mediador na busca de postos de traballo.
- Xestionar as prestacións e os subsidios de desemprego.
- Cualificación, orientación e cualificación profesional personalizada, de ser o caso, dos e das demandantes de emprego (Servizo integrado de Promoción de Emprego).
- Programación, xestión e avaliación da formación ocupacional (Plano FIP e Fondo Social Europeo).
- Colaboración na xestión da formación profesional continua, co obxectivo de desenvolver un Acordo Galego de Formación Continua.
- Elaborar, presentar, xestionar e avaliar todo tipo de proxectos e iniciativas comunitarias de formación e emprego.

IV.10.4. Participación institucional

A práctica da Xunta de Galiza en relación cos organismos institucionais de participación, mostra unha falta de confianza no papel dos interlocutores sociais para valorar a súa función consultiva e representativa e mesmo unha falta de respecto ás súas competencias atribuídas.

O BNG considera necesario conceder a máxima importancia á participación efectiva dos interlocutores sociais, a organizar esa participación de maneira que fique o máis nidiamente posíbel regulada a independencia, autonomía e competencias das institucións e dos seus interlocutores sociais. Ademais, o Goberno galego instará ao desenvolvemento do artigo 129.2 da Constitución como forma de “promover eficazmente as diversas formas de participación na empresa”.

IV.10.5. Negociación colectiva

O Goberno galego impulsará o diálogo autónomo entre sindicatos e asociacións empresariais, co obxecto de promover unha negociación colectiva (convenios ou acordos específicos) asentada sobre as condicións reais de desenvolvemento da actividade produtiva no seo das empresas de Galiza, protagonizada polos interlocutores sociais e económicos representativos e orientada á mellora da calidade de vida de traballadores e traballadoras e á viabilidade económica da estrutura empresarial. A existencia de convenios propios nas empresas e sectores produtivos galegos avaliaríase polo Goberno como factor favorábel no exercicio das competencias de promoción, fomento ou apoio que corresponderen.

Entendendo a negociación colectiva como un elemento para a cohesión social, obsérvase nos últimos tempos como se está a configurar a negociación colectiva cada vez máis como unha negociación de ámbito estatal, dando lugar, por unha parte, a convenios demasiado xeralistas, de contidos empobrecidos e de condicións mínimas (ou a convenios provinciais que se limitan a repetiren o acordado a nivel estatal), e por outra parte, a convenios e pactos de empresa que acordan maiores flexibilidades contractuais, horarias e salariais. Este panorama é preocupante para o BNG por canto afasta a negociación colectiva e a sitúa en gran medida fóra de Galiza.

IV.10.5.1 Obxectivos

O BNG fixa como obxectivos de Goberno nesta área os seguintes:

- Impulsar a creación dun Marco Galego de Relacións Laborais.
- Potenciar o papel do Consello Galego de Relacións Laborais ao lle traspasar as competencias do actual Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación.
- Favorecer a negociación de convenios galegos, tanto no sector privado como no público.
- Fomentar a negociación colectiva nos sectores produtivos galegos carentes na actualidade de convenio colectivo.
- Procurar a converxencia de convenios provinciais, prioritariamente naquelas actividades que esencialmente competiren no noso territorio.
- Pular pola unificación de convenios que agrupen sectores e subsectores afíns, con obxecto de simplificar a negociación colectiva.
- Terminar coa acusada tendencia á inercia na negociación colectiva, consistente en pactar a observancia de normas notoriamente modificadas ou derogadas ao tempo de se subscribir o convenio colectivo correspondente, precisamente porque acaba frustrando o resultado do negociado.

IV.10.6. Saúde laboral

Desde a aprobación da Lei Estatal de Riscos Laborais a sinistralidade laboral incrementouse de maneira notábel no noso país. Antes desa data non existiu ningunha política activa dirixida a mellorar as condicións de vida e de traballo da poboación asalariada galega. Os accidentes tiveron un incremento constante con incidencia especial na pesca, na construción e nos servizos. A falta de vontade política e de compromiso orzamentario por parte da Xunta de Galiza impediu quebrar esa tendencia.

Ademais do problema social, persoal e familiar que levan consigo os accidentes laborais, existe un problema económico derivado dos enormes recursos que require a atención desta problemática en indemnizacións, tratamentos rehabilitadores, xornadas non traballadas.

Aínda que as causas da accidentalidade son múltiples, hai un consenso básico no mundo do traballo, en considerar a información, a formación, a promoción das actividades preventivas, a dotación de medios ás pequenas e medianas empresas e o labor da inspección de traballo como imprescindíbeis para variar a tendencia actual. Todo isto acompañado das medidas lexislativas, administrativas e orzamentarias que o fagan posíbel.

IV.10.6.1. Medidas

- O Goberno galego vixiará o cumprimento do Estatuto dos Traballadores e demais normativa laboral, nomeadamente en colectivos de traballadoras que desenvolven hoxe o seu traballo en condicións infrahumanas e de explotación.
- O Goberno galego vixiará e controlará especialmente o cumprimento das medidas de seguridade e saúde laboral no que se refire ás condicións de traballo da mocidade e das mulleres que, como se sabe, son os principais afectados dunha contratación laboral temporal e precaria en exceso, coas consecuencias que isto comporta respecto da accidentalidade laboral.
- O Goberno galego dará instrucións concretas aos técnicos de seguridade e saúde laboral para que nas medicións ergonómicas se contemple a diferenciación de sexo, co obxecto de superar o patrón “home”, até agora utilizado, e poder así determinar adecuadamente a adaptación do traballo ás condicións anatómicas e fisiolóxicas de mulleres e homes.
- O Goberno galego considerará a problemática de acoso sexual e laboral no traballo integrada na problemática xeral de seguridade e saúde laboral, merecente dunha inspección específica. Igualmente, considera que patoloxías como drogodependencias e alcoholismo, cando poidan ter unha orixe laboral, deben ser tratadas con parámetros propios da saúde no traballo, desenvolvendo campañas formativas e favorecendo formas voluntarias de reinserción.
- O Goberno galego establecerá un procedemento executivo propio que garanta o cobro das sancións impostas en materia de seguridade e saúde laboral. Non concederá ningún tipo de subvención a aquelas empresas sancionadas por incumprimentos graves ou moi graves en materia de prevención de riscos. Igualmente, instará o Ministerio Fiscal para a súa actuación nos delitos contra a seguridade e saúde laboral.

IV.10.7. Inspección de traballo

A vixilancia e a exigencia do cumprimento de toda a lexislación laboral e de Seguridade Social son actividades cuxa efectiva realización garante a estabilidade e calidade no emprego, pois trátase de labores de suma importancia tamén para acabar coa precariedade laboral. Por iso, o BNG defenderá a existencia dun Servizo de Inspección non meramente recadatorio, senón activo na detección e sanción dos incumprimentos laborais e de Seguridade Social que se poidan cometer, especialmente en materia de contratación laboral, xornada e horarios de traballo e prevención de riscos laborais.

Para conseguir estes obxectivos o BNG defende a asunción plena de todas as competencias en materia de Inspección de Traballo, o que permitiría a creación dunha Inspección de Traballo propia, adscrita funcional e organicamente á Xunta de Galiza.

V. Avanzando no Ensino, a Lingua e a Cultura

V.1. Ensino non universitario

Para o BNG, a educación supón un pilar fundamental para o desenvolvemento e benestar da nosa nación. En consecuencia, o logro dun sistema educativo público, verdadeiramente galego, tórnase prioritario, conscientes de que canto máis se estenda o acceso á educación mellor combateremos as desigualdades sociais. Por iso, desde o Bloque Nacionalista Galego, perseguimos un sistema educativo plenamente galego, planificado e ordenado en función das nosas necesidades, inserido na nosa realidade social, económica e cultural e ao servizo de todos os galegos e todas as galegas. Para que haxa calidade e equidade educativa é preciso reafirmar a nosa identidade como pobo e procurar a galeguización do ensino. Persequimos un sistema educativo que conciba a educación como un servizo público básico, gratuíto e obrigatorio dos 3 aos 18 anos que se converta en factor fulcral para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral do País, que modifique o actual marco legal no ámbito educativo, que é profundamente centralista e favorecedor de políticas educativas privatizadoras.

Tanto a Lei Orgánica de Dereito á Educación (LODE), como a Lei de Cualificacións e de Formación Profesional (LCFP) e a Lei Orgánica de Educación (LOE), así como a maioría dos Reais decretos que as desenvolven, continúan sen asumir nin aceptar a configuración plurinacional e pluricultural do Estado español. O Estado non só se reserva a ordenación do sistema educativo en todos os seus niveis e etapas e a fixación da maioría dos currículos das distintas materias, senón que continúa reservando a maioría das competencias, condicionando e impedindo, en moitos casos, que poidamos arbitrar unha política educativa propia. Cuestións como a avaliación do sistema educativo, a concesión de bolsas de estudo, a composición e competencias de órganos colexiados dos centros educativos, o sistema de elección de cargos directivos, os criterios de admisión de alumnos/as, o sistema de acceso á función pública docente, a alta inspección, a tipoloxía de centros integrados de Formación Profesional, a creación de centros de referencia nacional, os programas vixentes para actuar sobre o fracaso escolar etc., son exclusividade do Estado.

A Lei Orgánica de Educación (LOE) afianzou a dobre rede de centros: pública e concertada, avanzando na mercantilización da educación ao confirmar os concertos educativos en todos os niveis educativos, incluídos os non-obrigatorios (Educación Infantil e Formación Profesional). Así mesmo, a relixión continúa formando parte do currículo escolar, acreditando a confesionalidade do ensino e proseguirá, polo tanto, o adoutramento relixioso nos centros educativos.

Ademais, o Estado ten unha débeda histórica co noso sistema educativo, acumulada desde as transferencias educativas, agrandada coa aplicación da LOXE e agora coa LOE, a cal prevé que o 45% da aplicación desta lei a ten que asumir o Goberno galego, sen ter en conta diferentes factores que encarecen o servizo educativo en Galiza, como son a dispersión da poboación, os servizos complementarios, o transporte escolar etc.

Dezaseis anos de goberno do PP foron unha rémora permanente para avanzar na construción dun ensino público de calidade ao servizo do conxunto da sociedade galega. O PP aplicou un modelo educativo de compromiso co ensino privado concertado, careceu de vontade política para exixir máis competencias exclusivas e non dispuxo dos investimentos imprescindíbeis para ampliar e mellorar a escolarización e reforzar o ensino público. O modelo educativo, durante eses 16 anos, estivo en total sintonía cos postulados neoliberais que favorecen sistemas educativos máis selectivos, clasistas e desfavorábeis para a maioría

social. Foron 16 anos nos que a educación en Galiza persistiu no seu papel desgaleguizador e o incumprimento da cativa normativa normalizadora foi unha práctica constante.

Estes dous condicionantes –un sistema educativo centralizado e a herdanza negativa dos gobernos do PP– condicionaron, sen lugar a dúbidas, a acción da actual Consellaría de Educación que se caracterizou, máis do debido, por estar demasiado pendente e supeditada ás directrices do MEC. Os avances e cambios producidos estes tres últimos anos deron resposta, nalgúns casos, ao acordo de goberno: gratuidade dos libros de texto, extensión de comedores escolares, melloras retributivas do profesorado, ampliación dos cadros de persoal dos centros de primaria e de infantil, o Programa Madruga, o novo Decreto de Normalización Lingüística no ensino etc. Quedan pendentes cuestións cruciais para facilitar a equidade e igualdade de oportunidades como son a elaboración dun plano de prevención e redución do fracaso escolar, redución das rateos, investir, como mínimo, o 6% do PIB en educación e aplicar o Decreto de Normalización Lingüística no ensino.

O goberno do BNG márcase como obxectivos prioritarios para este mandato, reforzar e avanzar cara á conformación dun sistema educativo propiamente galego, planificado en función dos nosos intereses e ao servizo do País. Imponse a elaboración dunha Lei do Sistema Educativo Galego que garanta unha mellor educación pública, que atenda con éxito a diversidade e necesidades escolares; facilite os servizos complementarios e actividades extraescolares a todos os centros; dote os centros escolares de máis profesorado, aposte por fixar servizos educativos no medio rural, garanta a escolarización, incluída a postobrigatoria, a todo o alumnado; revalorice a función docente e aposte pola galeguización e porque a lingua vehicular no ensino sexa o Galego. Daremos prioridade ao investimento na educación, dedicando o 6% do PIB. O carácter público primará na planificación escolar sobre calquera outro ao tempo que procuraremos unha redución dos concertos educativos, Deseñaremos un plano de prevención e redución do fracaso escolar que abraza todos os centros cos recursos e medidas necesarias e melloraremos e valorizaremos a función docente a través da negociación do estatuto do profesorado galego.

V.1.1. Educación Infantil

A educación infantil supón unha etapa educativa básica e fundamental, xa que nela constrúense os primeiros coñecementos e ciméntase a posterior adquisición de saberes, a aprendizaxe e o desenvolvemento futuro. En consecuencia, para o BNG, toda a educación infantil ten que ser considerada como parte integral do sistema educativo, con carácter obrigatorio desde os tres anos de idade e coa mesma cobertura de calidade e servizos complementarios que teñen o resto das etapas educativas. Promoveremos a creación dun centro de documentación para a etapa infantil

V.1.1.1 Educación infantil de 0 a 3 anos.

O BNG defende que os servizos dedicados á atención educativa dos/as menores de tres anos debe facerse desde a resposta a unha necesidade e a un dereito das propias crianzas que na sociedade actual precisan de contextos ricos nos que socializarse, aprender e desenvolverse. Así, a atención educativa á primeira infancia debe asentarse sobre unha concepción positiva desta, unha infancia protagonista na construción dos seus coñecementos e, por extensión, do seu desenvolvemento. Nesa construción, será fundamental a interacción coas persoas adultas, cos iguais e cos obxectos.

Na sociedade, estes servizos tamén son necesarios para contribuír á conciliación dos tempos laborais, familiares e persoais, posto que tamén son unha importante ferramenta para contribuír ao necesario reequilibrio territorial de Galiza.

Nese sentido, todo o esforzo realizado desde a entrada do nacionalismo no Goberno galego tradúcese na creación de 6.000 prazas públicas para o 1º ciclo da etapa de educación infantil (0-3 anos) e a creación dunha Rede de Escolas públicas acaídas a realidade do país, as Galescolas. Chegamos ao final da lexislatura co obxectivo cumprido de superar as 100 escolas na rede.

As Galescolas son unha realidade de calidade. Calidade nos espazos e nos ambientes educativos, calidade na atención dos e das profesionais, calidade no uso da lingua, calidade na formación permanente do seu persoal. Consideramos que debemos seguir a estender e xeneralizar estes estándares, tendo presente que as escolas Infantís son o primeiro chanzo do Sistema Educativo e que cómpre seguir a ser ambiciosos e seguir os pasos xa dados para vincular a Educación de 0 a 3 anos ao pensamento pedagóxico máis avanzado. Polo tanto, o BNG levará a cabo as seguintes medidas:

- O BNG incrementará as prazas públicas, facendo fincapé especial nas áreas urbanas e metropolitanas. Crearanse 10.000 prazas públicas na seguinte lexislatura, consolidando deste xeito a Rede de Galescolas.
- Ampliarase e actualizarase o Plan de Mellora das Escolas Infantís persistindo nos seguintes puntos:
 - a. Un elemento clave para a mellora da calidade neste tramo educativo é a participación das familias. Co fin de facer posíbel esta participación, constituiranse Consellos de Participación en todos os centros públicos ou subvencionados.
 - b. O traballo en educación infantil precisa de persoal cualificado e, conscientes de que coa formación inicial non chega, continuarase impulsando o Plan galego de formación para o persoal das escolas infantís. Polo tanto, adoptaranse medidas que contemplan a consideración do tempo de formación dentro da xornada laboral.
 - c. Fomentaranse os espazos educativos de calidade arquitectónica e pedagóxica.
 - d. Faremos un especial esforzo co obxecto de elaborar os materiais necesarios en galego para estas idades, tanto no ámbito do libro, música e audiovisual.
 - e. Creación de equipos específicos para a atención de necesidades educativas especiais.

V.1.1.2 Educación infantil de 3 a 6 anos.

- Para o BNG é unha aspiración facer obrigatorio este nivel educativo, conscientes de que suporía un avance para facer factíbel a igualdade de oportunidades para os sectores máis desprotexidos socialmente e de que comportará a escolarización da totalidade da poboación escolar desta idade.
- Garantirase a oferta de prazas públicas en cantidade suficiente para atender a demanda e garantir a escolarización da totalidade do alumnado de tres anos nos centros públicos, procurando a redución dos actuais concertos educativos.
- Todo o alumnado deste nivel educativo terá garantidos os mesmos servizos e actividades complementarias que o resto do alumnado.
- Redución do actual número de alumnos/as por aula, co obxectivo de acadar unha rateo dun máximo de 15 alumnos/as por aula.
- Emprenderase un plano de dotación de cuidadores/as nos centros que escolaricen alumnado a partir dos tres anos.

V.1.2. Educación obrigatoria: Educación Primaria e ESO

A xustiza social dunha sociedade mídese en boa medida pola calidade e extensión do seu ensino obrigatorio, e pola incidencia deste na minorización das diferenzas sociais. Sobre o ensino obrigatorio aséntanse os alicerces do futuro escolar, laboral e social da sociedade galega en xeral, e de cada alumno e alumna en particular. Así, impulsaranse os seguintes obxectivos e estratexias:

- O BNG márcase como prioritario a elaboración dun plan efectivo contra o fracaso escolar que abarque a totalidade dos centros educativos para conseguir un ensino de calidade para o conxunto da poboación. Plan que será elaborado no primeiro ano de goberno e que conterá unha planificación detallada de recursos e medios materiais e económicos para a súa posta en práctica, avaliando periodicamente a súa efectividade.
- Promoverase o incremento do profesorado dos centros públicos, rebaixando as rateos profesorado/alumnado actuais e tendo en conta a presenza de repetidores/as e alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Dotaranse todos os centros públicos de orientador/a e profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Garantirase a presenza doutros profesionais especialistas (educadores e traballadores sociais, intérpretes de linguaxe de signos etc.) naqueles centros que sexa necesario.
- Os centros educativos estarán dotados cos recursos necesarios para que ao final do ensino obrigatorio todo o alumnado conte coa plena capacidade lingüística en galego e castelán e coñeza perfectamente, polo menos, unha lingua estranxeira.
- Todos os centros educativos públicos que imparten educación infantil e/ou primaria estarán dotados con persoal administrativo.
- Co obxecto de potenciar a rede pública do ensino, e seguros de que é a administración educativa á que lle compete e corresponde a ordenación educativa, o BNG levará a cabo a revisión de todos e cada un dos concertos educativos subscritos coa patronal do ensino privado. Esta revisión terá como obxectivos reducir os actuais concertos, non concertar novas unidades e establecer soamente os concertos que sexan necesarios, porque a rede pública non pode atender a escolarización do seu alumnado. A todos os centros privados que non admitan a escolarización mixta seranlles suprimidos os concertos.
- Controlarase o sistema de admisión do alumnado nos centros privados concertados para garantir que o alumnado con NEE, inmigrantes etc. se escolarice na mesma proporción en centros públicos e privados concertados.
- Reforzarase a atención á diversidade escolar.
- Para facer factíbel a igualdade de oportunidades e a equidade educativa é necesario que a atención á diversidade estea contemplada en todas as etapas e niveis educativos, para o cal necesítase potenciar a tutoría, reforzar os apoios educativos, estender os departamentos de orientación a todos os centros, facilitar os desdobres nas materias que sexa necesario e reducir as rateos por aula.
- Diseñaranse programas de prevención e de atención temperá de diferentes deficiencias ou necesidades na aprendizaxe e arbitraranse medidas educativas adecuadas para garantir unha escolarización adecuada ao alumnado.
- Escolarización de alumnado inmigrante e culturalmente diverso
- Nos últimos anos incrementouse a escolarización do alumnado fillo de inmigrantes. A esta realidade hai que engadir aquel procedente de colectivos culturalmente diversos, polo que se debe atender e considerar debidamente a estes escolares para a súa integración tanto cultural como social e a súa inmersión cultural e lingüística.

Propónse a elaboración dun plano específico, provisto dos recursos e materiais específicos, destinado a centros que escolaricen alumnado deste tipo, así como atención específica para superar desfases curriculares e potenciar medidas que permitan a competencia comunicativa en galego e castelán. Porase en marcha un plano de formación específico para o profesorado.

V.1.3. Ensino postobrigatorio: Bacharelato e Formación Profesional

O abandono temperán do sistema educativo acada porcentaxes inaceptábeis, superando o 30% o alumnado que non continúa no sistema educativo aos 18 anos, polo que debemos combater esta verdadeira lacra so-

cial con medidas que posibiliten a redución do abandono escolar, acadando un maior número de alumnado que remate os estudos postobrigatorios.

A implantación en Galiza dos distintos currículos dos ensinos non-universitarios coa aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) produciron constantes problemas á hora de establecer un ensino equilibrado e adaptado á realidade galega, dificultando unha mellor formación integral do alumnado. Polo tanto, o goberno do BNG aplicará as seguintes liñas de actuación:

- O BNG traballará para forzar que as leis educativas e demais normativa do goberno central amplíen e respecten as actuais competencias educativas propias de Galiza, de xeito que permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega.
- Estabelecerase unha política de bolsas que garanta e facilite que calquera alumno ou alumna, independentemente do lugar de residencia e/ou condición económica, poida cursar estudos postobrigatorios.
- Establecemento dunha rede de transporte escolar no medio rural que facilite e garanta o dereito deste alumnado ao ensino postobrigatorio.
- Porase en marcha un Plano de reformulación e adecuación da FP ás necesidades e potencialidades de Galiza, cunha nova planificación dos ciclos formativos, potenciando a rede pública e adecuando estes ás necesidades reais, á demanda laboral e á aposta decidida polos sectores estratéxicos para o país. Ampliación da oferta de formación profesional naquelas familias profesionais de maior inserción laboral e que cumpriron unha función estratéxica para o futuro económico de Galiza.
- Permitirase nos centros públicos a conformación de máis dun grupo do mesmo ciclo, tanto por centro e/ou localidade onde haxa demanda, nomeadamente nas cidades. Facilitaranse os desdobres nos módulos profesionais que sexan necesarios. Actualización das aulas-taller ás tecnoloxías actuais e ás medidas de seguridade.
- Os Centros Integrados de Formación Profesional serán públicos e establecerán como principios e criterios básicos do seu funcionamento a xestión democrática. Con este obxectivo, elaborárase o regulamento orgánico de funcionamento e organización destes centros.
- Planificación e reorganización da formación profesional que garanta as prazas suficientes nos ciclos formativos do sistema educativo público, co obxectivo de ir suprimindo as subvencións do ensino privado e contribuír ao desenvolvemento integral do país cunha oferta equilibrada a nivel territorial. Ofertaranse ciclos formativos de grao medio e superior na modalidade de formación a distancia.
- A avaliación e acreditación das competencias profesionais, adquiridas a través da experiencia laboral, deben facerse coa participación da administración educativa.
- Elaboración dun plano de inspección da calidade de oferta da formación profesional coa creación dunha única inspección de verificación e control da Formación Profesional.
- Revisión da actual oferta dos programas de cualificación profesional inicial, ampliando onde sexa necesario e impartíndose exclusivamente nos centros públicos.
- Transferencia á Xunta de Galiza da formación profesional continua.
- Establecemento dun plano de formación para o profesorado de formación profesional, tendo en conta os cambios e a adaptación aos novos módulos que ten que impartir.

V.1.4. Ensinos artísticos

O crecemento do tecido formativo dependente de diferentes administracións tense producido cunha deficiente planificación e, outras veces, cunha preocupante descoordinación entre as accións dos diferentes ámbitos administrativos.

Os ensinos artísticos teñen sido obxecto de reformas continuas derivadas da aplicación das sucesivas leis orgánicas de educación, que non sempre trataron de xeito suficientemente específico a situación duns

ensinos tan particulares como estes, desde os niveis primeiros até os de nivel superior. As carencias e a falta dun tratamento específico destes arrastra situacións como a falta de articulación entre os diferentes ámbitos administrativos implicados na súa xestión, situación que só poderá corrixirse desde unha acción organizativa politicamente orientada.

Asistimos a unha norma tan centralizada que impide a posibilidade de formular solucións máis eficaces e apegadas á realidade galega en cuestións como condicións físicas dos centros, aspectos laborais do profesorado, planos de integración entre os diferentes espazos formativos e profesionais etc. Por iso, a actuación do BNG irá encamiñada a:

- Promover unha nova ordenación dos estudos musicais que comporte arbitrar as medidas necesarias para que os conservatorios municipais sexan integrados na rede pública da Consellaría de Educación.
- Ampliación e distribución equilibrada dos ensinos artísticos, nomeadamente, o ensino musical.
- Elaboración dun marco normativo específico que regule o funcionamento dos centros de ensinos artísticos elementais, profesionais e superiores para dar resposta axeitada ás demandas propias destes e a todos os axentes implicados: alumnado, profesorado e comunidade educativa en xeral.
- Promover a integración do alumnado egresado e das producións artísticas propias nas redes de produción e consumo cultural do país para evitar o colonialismo cultural e a migración dos/as creadores/as formados en Galiza.
- Facilitar as estruturas de coordinación entre espazos formativos do mesmo nivel “horizontal”, como é o caso dos ensinos especiais coas de réxime xeral nos niveis de primaria e secundaria; ou o dos ensinos artísticos superiores e os universitarios, que partillan un mesmo espazo no horizonte da converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior.
- Elaboración e promulgación de normativas específicas de aplicación na organización e funcionamento dos ensinos artísticos, en todos os seus niveis, e de maneira especial nos niveis superiores. Este marco normativo, e as estruturas a que dea lugar, debe garantir un desenvolvemento axeitado da acción educativa dos centros e a atención ás necesidades específicas destes ensinos.
- Estabelecemento de protocolos e normativas de colaboración entre os diferentes espazos de formación artística e o contexto educativo, facilitando a formación artística como un espazo normalizado do tecido educativo.
- Implementación de mecanismos e protocolos de integración do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo autóctonos, sen detrimento da necesaria permeabilidade ao exterior, tan necesaria nun ámbito como é o da creación e o consumo artísticos.
- Implementación de mecanismos eficaces de axuda á mobilidade e á formación exterior do alumnado do nivel medio e, particularmente, do superior.
- Incorporación dos autores máis relevantes da cultura clásica musical galega aos programas educativos dos conservatorios, desde a tradición medieval até os nosos días para pór en valor unha cultura musical propia que, a día de hoxe, non está suficientemente difundida.
- Promover a modificación dos currículos dos ensinos superiores de música co obxectivo de dedicar maior tempo á práctica instrumental. Tamén se promoverá a modificación dos currículos de danza para que recollan a forma propiamente galega co protagonismo que lle corresponde.

V.1.5. Escola oficial de idiomas

O BNG impulsará a extensión da rede de Escolas Oficiais de Idiomas e ampliación das actuais, onde sexa necesario. Procurarase de maneira especial o estudo da lingua portuguesa. Ademais, o BNG promoverá os cambios legislativos necesarios para que se posibilite que as EEOOI poidan impartir e certificar con toda a súa validez os niveis C do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas.

V.1.6. Educación permanente de adultos

O BNG impulsará a posta en marcha de programas de alfabetización e de formación básica, dirixidos á poboación adulta, así como a formación da poboación galega para coñecermos a nosa historia, cultura, xeografía, sociedade e natureza.

Elaborarase unha rede de educación permanente de adultos que contemple centros específicos nos concellos de máis de 10.000 habitantes nos que se impartirá a educación básica para as persoas adultas, os ensinos de bacharelato, formación profesional e os programas de cualificación profesional inicial. Así mesmo, ofertaranse, en todos os concellos, as dúas etapas da educación básica de persoas adultas, onde sexan necesarias.

O BNG promoverá a formación das familias centrada no asesoramento e información sobre a educación e o sistema educativo, na adquisición de hábitos, problemas de conduta, destrezas de estudo etc.

V.1.7. Outras medias educativas

V.1.7.1. A escola no medio rural

Un dos eixos de acción do goberno do BNG será a mellora da situación da escola rural, dotándoa dos mesmos servizos e recursos que o resto dos centros. Co obxecto de garantir a maior calidade posíbel e axudar a fixar poboación no medio rural e a superar as desigualdades territoriais, melloraranse as escolas rurais e o seu nivel de servizos cos especialistas necesarios. Ademais tamén se impulsarán as seguintes medidas:

- Deseño dun mapa escolar do medio rural que reagrupe as escolas próximas entre si para facilitar as itinerancias, os apoios escolares e as substitucións do profesorado.
- Dotación do servizo de comedor e transporte para que o peche dunha escola sexa a última medida que se deba tomar.

V.1.7.2. Normalización Lingüística

A política lingüística deseñada polos gobernos do PP ampliou a desgaleguización do ensino, convertendo a escola nunha institución que posibilita o feito de que haxa alumnado que entre no sistema educativo tendo como lingua habitual o galego e que, non obstante, acabe os seus estudos instalado no español.

O BNG entende que a galeguización do ensino é un factor de calidade en si mesmo e, en coherencia, comprométese a invertir a situación actual e a asumir o establecido no Plano Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento galego.

A promulgación do Decreto 124/2007 que regula o uso e a promoción do galego no ensino supuxo no ámbito normativo un avance importante cara a propiciar o avance para que o galego pase a ser lingua vehicular no ensino. Porén, é preocupante a lentitude na súa aplicación e desenvolvemento, pois continúan os incumprimentos á hora de impartir, como mínimo, o 50% das aulas en lingua galega e tamén á hora de elaborar o plano de formación do profesorado.

Hoxe, ao contrario do que se nos quere facer crer, debido ás manipulacións de sectores que perseguen a desaparición do noso idioma, o galego sofre unha situación deficitaria no ensino, e desproporcionada no seu uso respecto do español.

- O BNG comprométese a levar a cabo as seguintes medidas e accións para avanzar na normalización lingüística
- Cumprimento do Decreto coa promoción do seu uso en toda a comunidade escolar.
- Creación dunha Subdirección Xeral de Normalización Lingüística na Consellaría de Educación para promover e impulsar o uso do noso idioma no ensino.
- Elaboración dun plano de formación para todo o profesorado coa finalidade de mellorar a súa competencia e formación específica nas súas materias e procurar actitudes máis favorábeis para o uso e o ensino do galego.
- Pór en marcha as comisións territoriais de coordinación e reforzar o apoio técnico e económico aos equipos de normalización lingüística dos centros.
- O profesorado estará obrigado, nas probas de acceso á función pública docente, a realizar como mínimo unha proba en lingua galega.
- A administración educativa impulsará e promoverá proxectos educativos e planos que supoñan ampliar o número de materias que se deben impartir en lingua galega.
- Incentivarase a innovación e a elaboración de materiais tendentes á galeguización do ensino.
- Dotaranse todos os centros de material didáctico audiovisual, informático, documental e bibliográfico, aplicado ás diferentes áreas. Así mesmo, promoveranse axudas para a creación e publicación de material didáctico en galego.
- Exixirase o perfil obrigatorio de impartición en Lingua Galega nos concursos de traslados para Educación Infantil e para aquelas materias que o Decreto establece que se teñen que impartir en lingua galega.

V.1.7.3. Educación para a igualdade

Co obxectivo de conseguir unha educación plenamente coeducativa, o BNG elaborará un Plan xeral de Coeducación que recolla as seguintes medidas:

- Atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.
- Eliminación e rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes con especial consideración no que atinxe aos libros de texto e materiais educativos.
- Integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- Promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- Estabelecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia, no Pensamento e na Ciencia.
- Promoverase a participación equitativa de mulleres e homes en todas as ramas, niveis, especialidades e itinerarios formativos. En especial, promoverá un incremento significativo de mulleres nas áreas científico-tecnolóxicas mediante o desenvolvemento de medidas específicas de igualdade neste ámbito e programas de fomento de vocacións científico-tecnolóxicas de mulleres.

V.1.7.4. Ensino da relixión

Para o BNG a defensa dun ensino laico comporta a necesaria revisión do concordato co Estado Vaticano para que o ensino da fe relixiosa non forme parte do currículo escolar, xa que esta debe concernir, exclusivamente, ao ámbito privado e ás crenzas persoais. A presenza do ensino de relixión foi motivo de rexeitamento no momento de aprobar o novo currículo de bacharelato, posto que distorsionou o horario de

todo o alumnado, incluído o que non opta polo ensino desta materia, e reduciu a carga horaria de materias fundamentais.

Mentres non se modifique o actual marco legal, o BNG optará pola impartición da relixión para o alumnado que a solicite fóra do horario común do centro, co obxecto de que non interfira no horario de todo o alumnado.

V.1.7.5. Ensino do portugués

O BNG promoverá o estudo da lingua portuguesa como segundo idioma na ESO e como optativa no bacharelato, contribuíndo así a fortalecer a relación transfronteiriza entre Galiza e Portugal, abrindo, ao mesmo tempo, un novo horizonte para o alumnado para unha maior relación cultural cunha lingua que ten as súas orixes no noso país.

V.1.7.6. Orientación escolar

Non podemos falar de inclusión se os servizos de orientación non contan cos recursos suficientes para atender nos centros o alumnado con necesidades especiais, de incorporación tardía, de dificultades na aprendizaxe etc. Por iso, desde o BNG propónse reforzar a orientación a nivel de aula, centro e comarca, fixando unha rede de orientación en todos os centros; determinando os centros de escolarización preferente; promovendo a coordinación dos servizos de orientación e ampliando os actuais equipos específicos, comarcalizando os seus servizos.

V.1.7.7. Escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais

A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais precisa un maior compromiso por parte da administración educativa. Por iso cómpre dotar todos os centros que escolaricen alumnado destas “características” dos/as docentes necesarios, persoal específico, redución da súa rateo etc., para facer efectiva e real a integración escolar e a igualdade de oportunidades.

Tamén é preciso conformar unha rede de centros de escolarización preferente para unha atención máis adecuada ao alumnado con determinadas necesidades educativas especiais.

V.1.7.8. Convivencia escolar

É necesario e urxente pór en marcha o plano de convivencia escolar cos medios axeitados para, unha vez detectados os problemas e a súa tipoloxía, emprender as medidas correctivas adecuadas. Isto implica facilitar a conciliación da vida laboral coa familiar durante a escolaridade obrigatoria, xa que moitas veces a problemática responde máis a problemas sociais que propiamente educativos. Ademais, é necesario reducir as rateos, autorizar os desdobres ou propor reducións ante situacións de grave deterioro, ampliar a figura do orientador/a, ampliar a rede de equipos de orientación específica, impulsar a titoría, deseñar un plan de formación do profesorado e implicalo en experiencias innovadoras na adquisición de habilidades e recursos para afrontar a problemática escolar. Promoverase o tratamento transversal da convivencia escolar e a implicación dos órganos de participación do centro coa propia participación do alumnado.

Conscientes de que as situacións de deterioro da convivencia son corrixíbeis cunha atención formalizada apropiada, é imprescindible a dotación dos medios necesarios e a implicación de todos os sectores implicados.

V.1.7.9. Profesorado

A calidade do ensino ten unha relación directa co investimento en recursos humanos. Canto máis e mellor formado estea o profesorado, mellor garantía de calidade educativa teremos. A profesión docente precisa dun maior recoñecemento social, que valore na súa xusta medida o seu traballo e a importante función educativa e social que desenvolve. Para iso, é preciso ampliar os actuais cadros de persoal para garantir a resolución das dificultades na aprendizaxe, a competencia nunha lingua estranxeira ao finalizar a escolaridade obrigatoria, a atención ás necesidades educativas especiais, a redución da rateo de alumnos/as; dar resposta ás necesidades de medidas de reforzo e compensación do alumnado; posibilitar un ensino máis personalizado; atender as necesidades educativas específicas e especiais; e levar a cabo todos os programas previstos e necesarios nos centros. Ao mesmo tempo, é necesario dotar os centros doutro tipo de profesionais: técnicos/as, linguaxe de signos, asistentes sociais, educadores/as sociais etc. Polo tanto, impulsaremos as seguintes medidas:

- Elaboración do Estatuto Galego da Función Pública Docente, negociado coas organizacións sindicais, que reforce o marco galego de negociación e que atenda as demandas do profesorado para mellorar as súas condicións laborais.
- Propiciarse un plan de formación para o conxunto do profesorado que teña como obxectivo a súa capacitación para impartir as aulas en galego e facilite as ferramentas, recursos didácticos e pedagóxicos para garantir a formación didáctica, metodolóxica e a actualización científica.
- O BNG considera a formación permanente un dereito e un deber do profesorado, polo que arbitrará medidas que garantan que unha parte desa formación se poida levar a cabo dentro do horario lectivo do profesorado. Do mesmo xeito, impulsaranse os cambios apropiados para mellorar a formación inicial do profesorado.
- Arbitraranse medidas para que todo o profesorado, ao longo da súa vida profesional, poida gozar dun ano sabático ou dunha licenza por estudos.
- O BNG levará a cabo a reordenación e reformulación da actual estrutura de formación para mellorar, ampliar e garantir a formación a todo o profesorado.
- O BNG impulsará un acordo coas organizacións sindicais que facilite e mellore a xubilación anticipada e a redución horaria efectiva para os maiores de 55 anos.
- O BNG promoverá un acordo de estabilidade para o profesorado interino, así como un acordo retributivo co obxecto de mellorar as súas retribucións.
- O BNG promoverá o recoñecemento das enfermidades profesionais dos/as docentes e unha revisión médica anual a todo o profesorado.
- Ampliaranse os cadros de profesorado nos centros públicos.

V.1.7.10. Bibliotecas escolares

O goberno do BNG comprométese a pór en marcha unha rede de apoio ás bibliotecas escolares co fin de mellorar a súa xestión, instalacións e materiais co que contan, e implementar políticas efectivas de mellora das habilidades lectoras do alumnado. Así mesmo, darase a formación necesaria ao profesorado coa correspondente redución horaria para asumir a responsabilidade deste servizo educativo.

As bibliotecas escolares contarán cun fondo documental adecuado e actualizado, instalacións e equipamentos apropiados. Así mesmo, permanentemente, dotaranse economicamente as bibliotecas escolares para a súa actualización.

V.1.7.11. Tecnoloxías da información e da comunicación

O goberno do BNG impulsará a informatización progresiva dos centros co fin de garantir que o acceso ás novas tecnoloxías non sexa un novo factor de discriminación. Así todos os centros deberán estar conectados a través de banda larga e terán unha dotación suficiente tanto en equipos como en espazos. Para acadar estes obxectivos impulsaranse as seguintes medidas:

- Crearanse nos CFR prazas suficientes de asesores tecnolóxicos para cubrir as necesidades dos centros, co obxectivo de que sirvan de dinamizadores na introdución das novas tecnoloxías, asesorando, formando e apoiando o profesorado.
- Os centros de certa complexidade contarán con persoal técnico e cualificado en TIC. A administración educativa garantirá o apoio e mantemento das TIC no resto dos centros.
- Estabelecemento dun plano de formación dirixido a todo o profesorado para a formación no uso das novas tecnoloxías.
- O BNG comprométese á elaboración de materiais propios para evitar que as editoriais de software se fagan con todo o espazo educativo.

V.1.7.12. Material curricular

O goberno do BNG comprométese a ampliar nos centros públicos a gratuidade a todo tipo de materiais curriculares que se usen nas aulas no ensino obrigatorio, a estendela tamén á Educación Infantil e a mellorar a xestión do sistema de gratuidade co obxectivo de reducir a carga burocrática dos centros.

V.1.7.13. Plans de seguridade

O BNG impulsará o establecemento de plans de seguridade nos centros escolares que comporte a revisión, mellora e reparación dos centros públicos que o necesiten. Para iso realizarase unha avaliación, cos seus informes correspondentes, do estado actual dos centros de ensino público de Galiza co obxecto de coñecer a súa adaptabilidade á Lei de prevención e o seu regulamento, e establecer os protocolos de prevención para evitar os riscos laborais.

O BNG, así mesmo, promoverá que o mantemento dos centros públicos de ensino de infantil e primaria pasen a depender da administración educativa, previa negociación coa Administración local.

V.1.7.14. Xestión e funcionamento dos centros

O BNG promoverá a xestión democrática dos centros, incluídos os centros integrados de formación profesional. O BNG promoverá os cambios legislativos correspondentes para que as direccións dos centros educativos sexan elixidas directamente polo consello escolar e impulsará medidas tendentes para facilitar unha maior participación do profesorado na vida e nas decisións dos centros. Tamén impulsará a participación dos pais e nais nos órganos constituídos para propiciar o interese pola marcha do sistema educativo.

A administración educativa levará a cabo a avaliación interna dos centros escolares para estudar as súas características, as súas necesidades, os seus recursos, o funcionamento dos órganos de goberno, do equipo directivo, dos departamentos, das actividades e servizos complementarios etc., tendo como única finalidade un coñecemento preciso da situación na que se atopan os centros para procurar unha actuación máis eficaz sobre as carencias detectadas na avaliación. Os diferentes regulamentos orgánicos serán elaborados segundo a tipoloxía de centros para mellor organización e funcionamento destes.

V.1.7.15. Xornada lectiva e horario de apertura dos centros

Tendo en conta a diferenza entre xornada lectiva e horario de apertura dos centros, arbitraranse as medidas adecuadas para que os centros educativos públicos permanezan abertos durante o máximo tempo posíbel para facilitar o uso das súas instalacións en maior beneficio da comunidade. Ademais, propiciarase que o servizo de transporte escolar non interfira na xornada lectiva proposta polos centros escolares.

V.1.7.16. Comedores escolares

A carencia de comedores escolares nos centros públicos na etapa do PP, nomeadamente nas cidades, e o insuficiente impulso nos últimos anos, supuxo un elemento decisivo para que as familias optaran, en moitos casos, por escolarizar aos seus fillos na privada concertada.

O BNG entende que o comedor debe universalizarse, de xeito que todos os centros públicos, independentemente do nivel educativo que imparten, deben contar co servizo de comedor escolar. Polo tanto, o BNG impulsará que todos os centros de nova creación dispoñan das instalacións necesarias para garantir o servizo de comedor directamente xestionado pola Consellaría. Neste sentido, adoptaranse as medidas necesarias para que paulatinamente os comedores escolares pasen a ser xestionados pola Consellaría e atendidos por persoal específico e cualificado.

V.1.7.17. Transporte escolar

O servizo de transporte escolar converteuse nun servizo básico para a escolarización en igualdade de oportunidades do alumnado por ser imprescindible para o acceso á educación de todo o alumnado galego con independencia do seu lugar de residencia ou da situación socioeconómica familiar.

O 47% do alumnado galego de centros públicos de infantil, primaria e ESO é usuario do transporte escolar, fronte ao 14% de media no Estado. Temos o 20 % dos usuarios de todo o Estado e o gasto neste servizo representa case o 22% dos gastos do conxunto do Estado neste concepto. Datos que son un bo exemplo do carácter específico da nosa realidade social e territorial. Tamén son boa mostra da inxustiza nos criterios que mantén o goberno central á hora de establecer o sistema de financiamento no eido educativo.

Entende o BNG que é necesario elaborar unha nova normativa de transporte escolar que permita regular diversos aspectos que hoxe non se contemplan: os tempos de espera, as paradas, as vixilancias e a dotación de maiores condicións de seguranza, incluído o tacógrafo nos autobuses escolares, a redución da permanencia do alumnado nos autobuses, acurtar os itinerarios, a redución das dobraxes, ampliar as inspeccións e facilitar horarios racionais nos centros escolares.

O goberno do BNG comprométese a pór en funcionamento un plano de racionalización e mellora do transporte escolar, regulando as funcións de coidadores e coidadoras, e implantando progresivamente o servizo de transporte para o alumnado da educación secundaria postobligatoria escolarizado en centros públicos e garantindo os servizos de transporte para as actividades extraescolares e complementares.

V.1.7.18. Actividades extraescolares

A falta de gratuidade e de xeneralización nas actividades extraescolares supón hoxe un factor de desigualdade. Por iso esta oferta non pode estar a expensas da dispoñibilidade ou existencia da ANPA no colexio, ou de vontade ou orzamento do respectivo concello.

A administración educativa garantirá a todo o alumnado do ensino público o dereito a actividades extraescolares, ofertando un catálogo amplo e variado. Será impartido por persoal cualificado e garantirase o transporte gratuíto para a súa asistencia. O BNG comprométese a facilitar, como mínimo, dúas actividades gratuítas para todo o alumnado do ensino público.

V.1.7.19. Máis competencias exclusivas en educación

Procuraremos que o futuro estatuto de Nación asuma novas competencias exclusivas en educación. O BNG, co obxectivo de acadar o maior autogoberno posíbel, promoverá a transferencia de diferentes competencias para mellorar o sistema educativo galego, entre elas, as funcións da alta inspección do estado; o sistema de elección e composición dos órganos colexiais e cargos directivos; a avaliación do sistema educativo; a concesión de bolsas de estudo; a xestión e organización dos centros; o calendario escolar; os criterios de admisión do alumnado; a competencia sobre a tipoloxía, composición e constitución dos seus órganos de goberno dos centros integrados; a transferencia dos centros de “referencia nacional”; o traspaso da competencia total nos programas e medidas de apoio, reforzo e orientación contra o fracaso escolar; a formación profesional continua; a elaboración do catálogo de cualificacións profesionais; a preservación “como mínimo” da potestade de fixarmos o 45% dos currículos dos programas de formación profesional de Galiza; a transferencia das bolsas de estudo etc.

V.1.7.20. Maior investimento no ensino público

A posta en valor da educación como servizo público universal comporta ampliar os recursos destinados á educación para acadar a maior calidade posíbel. Sen lugar a dúbida, será o investimento máis rendíbel en termos sociais para o desenvolvemento económico de Galiza.

Temos que ter en conta que o financiamento do sistema educativo galego está condicionado polos criterios inxustos de financiamento do Estado con Galiza, polo investimento insuficiente para aplicar a LOE e pola débeda histórica contraída con Galiza. Será obxectivo do BNG desfacer a débeda histórica en materia educativa e dedicar o 6% do PIB ao ensino.

V.2. Universidade

V.2.1. O servizo público do ensino superior

Desde hai máis de cinco séculos a Universidade galega é a principal creadora e transmisora de coñecemento científico no país desde unha perspectiva global e socialmente comprometida. Na Galiza do século XXI, o Sistema Universitario Galego (SUG) debe seguir a ser a principal instancia creadora e transmisora de coñecemento e ideas para a análise, a comprensión e a transformación do noso contorno físico e social.

Un SUG integrado e implicado co desenvolvemento económico e social do país constitúe, para Galiza, un activo estratéxico e irrenunciábel. É evidente que o SUG debe formar profesionais capacitados para enfrontaren os desafíos da sociedade actual e con coñecementos aplicábeis para a mellora dos procesos produtivos. Porén, alén da mera formación profesional e da creación de tecnoloxías inmediateamente aplicábeis, o que caracteriza o servizo público do ensino superior é o seu indeclinábel compromiso cos intereses xerais: traballar, a través do ensino e a investigación, a prol da consecución dunha sociedade máis xusta e máis libre.

Nos últimos anos o SUG iniciou o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior a través da adaptación das titulacións de grao e posgrao, proceso que ten de estar concluído no 2010, todo no marco das mudanzas introducidas pola reforma da LOU e sen que se fixese realidade o novo plano de financiamento demandado polas Universidades. Debe recoñecerse que moitas das mudanzas introducidas distan de ser comprendidas por unha comunidade universitaria que sen percibir mellorías apreciábeis ten de aturar o incremento burocrático e de taxas que, nos máis dos casos, aquelas implican que, na súa maioría, non partilla o modelo de ensino superior que o proceso de Boloña persegue: estratificado social e territorialmente e dominado polos intereses e as demandas do mercado.

Neste estado de cousas, o BNG non se resigna a asumir acriticamente uns deseños estatais e europeos de mercado carácter centralista e mercantilista. Apostamos por aproveitar o proceso de mudanza en que estamos inmersos para fortalecer un SUG integrado e equilibrado territorialmente que responda, como servizo público de calidade, ás demandas e intereses do país. Apostamos, pois, por unha política universitaria propia articulada arredor dunha Lei Universitaria galega e mais dun plano de financiamento que asegure, cando menos, alcanzar en 2010 o 1,2% do PIB en investimento público en ensino superior.

Unha política que profunde nas liñas deseñadas no Plano Galego de I+D+i 2006-2010 elaborado pola Consellaría de Innovación e Industria, consolide e estenda as iniciativas que desde a Consellaría de Vivenda se están a desenvolver para crear prazas en residencias públicas e tamén na construción de novas “Galescolas” nos campus, acometida xa nesta lexislatura desde a Vicepresidencia da Xunta.

V.2.2. Lei de Universidades de Galiza

O goberno do BNG márcase como obxectivo básico a elaboración dunha Lei de Universidades de Galiza que sirva como instrumento básico de conformación dun auténtico modelo de Sistema Universitario Galego. Esta lei debe contribuír tamén a facer do servizo público de ensino superior galego un referente no ámbito docente e investigador. A Lei de Universidades de Galiza abordará os seguintes aspectos:

- As funcións e organización da Administración universitaria autonómica coa regulación dun órgano de coordinación do sistema universitario galego con participación do Goberno, o Parlamento e as Universidades e unha estrutura común de xestión que acolla as unidades que prestan servizo ao conxunto do sistema universitario (Bugalicia, ACSUG, CIUG, internacionalización...).
- A regulación das universidades, coa fixación de criterios –para a súa creación e recoñecemento– que ofrezan garantías de calidade académica e permitan desenvolver con plenitude e de xeito equilibrado as misións docente e investigadora tanto para as universidades públicas como para as privadas.
- A regulación do ensino virtual e a distancia, de xeito que se integre no SUG, con todas as garantías académicas, sociais, lingüísticas e científicas.
- A normalización do uso e a promoción da lingua galega en todos os ámbitos universitarios, coa inclusión de medidas que garantan o coñecemento no acceso aos postos docentes.
- A regulación do estudo e os planos de estudo, das titulacións e títulos propios de terceiro ciclo na procura dun sistema universitario equilibrado que responda ás demandas sociais de formación.
- O labor investigador na Universidade: o fomento da investigación e a adopción de medidas que impidan a súa mercantilización e favorezan a libre difusión do coñecemento.
- Os dereitos dos/as estudantes e, entre eles, o de acceso ás axudas ao estudo, á mobilidade e á dotación de servizos como transporte e aloxamento.
- O estatuto do Persoal Docente e investigador no relativo á súa selección, formación, promoción, mobilidade e retribucións.
- O estatuto do Persoal de Administración e Servizos, previndo especialmente a existencia dunha verdadeira

carreira profesional na administración universitaria.

- Inclusión na lei de criterios de financiamento estábeis que permitan ás Universidades realizar o seu labor docente e investigador e de fórmulas variábeis de financiamento, en función do cumprimento de obxectivos por parte das universidades: calidade da docencia, rendemento investigador, resposta ás necesidades sociais, uso do galego...
- A introdución da perspectiva de xénero na selección de persoal e no deseño dos planos de estudo e da política científica.
- A elaboración de criterios de localización e ordenación das infraestruturas e servizos universitarios para a eficiencia do SUG –como equipamento destinado a ofrecer á poboación o servizo público da educación superior– acordos co modelo territorial do país.

V.2.3. Plano de financiamento

O sistema universitario galego debe ser único, público, forte, cooperativo e equilibrado. Para isto é necesario establecer un plano de financiamento que se alimente dun modelo onde o goberno estableza con claridade o papel que as Universidades deben desenvolver na nosa sociedade. Deste xeito, o BNG considera que as Universidades deben contar cos recursos económicos necesarios para garantir unha docencia pública de calidade, unha capacidade investigadora que alongue as fronteiras do coñecemento, que sexa capaz de transferir eficientemente o coñecemento de xeito que constituía un motor de dinamización económica e social e que sexa quen de proxectarse ao exterior como unha imaxe de marca forte e unificada.

Para darlle pulo, é necesario pór en marcha un modelo de financiamento que garanta cando menos un esforzo económico que nun curto prazo (próxima lexislatura), converxa coa media española en termos da porcentaxe sobre o PIB, cun escenario no medio e longo prazo que permita a converxencia coa media europea.

Dito isto, o modelo de financiamento proposto polo BNG, considera os módulos ou apartados seguintes:

- Fondo Estructural, debe permitir e sufragar o gasto ordinario, de xeito que as Universidades poidan funcionar.
- Contrato-Programa por obxectivos, no que se especifiquen os fitos que cada Universidade debe acadar no período de vixencia do plan. Deste xeito podemos iniciar o camiño do desenvolvemento equilibrado do potencial existente en todas as universidades galegas.
- Fondo Incentivador, como premio polos resultados acadados en función de indicadores que midan a fortaleza das universidades no campo da docencia, a investigación e a transferencia de coñecemento.
- Fondo de Infraestruturas, vinculadas á planificación estratéxica das Universidades durante o período de vixencia, aprobada por estas e ratificada polo Goberno galego.

Á marxe do Plano de Financiamento elaborado baixo este modelo, é necesario o desenvolvemento dun programa específico que avalíe e valore as necesidades das Universidades para adaptarse ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Resumindo, baixo este modelo preténdese construír un Sistema Universitario Galego forte, equilibrado, baseado na cooperación e que poida proxectar unha imaxe de marca común que poña a Galiza no mundo, para que sexamos quen de conservar o noso talento, desenvolver o noso potencial como nación e converter o noso país nunha terra de oportunidades.

V.2.4. Fortalecemento do Sistema Universitario Galego

A construción de toda nación está ligada necesariamente a unha concepción moi concreta do que ten que ser o modelo de universidade, que non é outro que o dunha universidade concibida como ben público ao servizo do país. No caso de Galiza, en que se optou no seu día por un sistema universitario formado por

tres universidades, resulta evidente que a resolución dos problemas do noso país pasa tamén polo desenvolvemento e ampliación das competencias do sistema universitario galego. Sería prexudicial para os nosos intereses como nación concibir o actual modelo universitario galego como un sistema en que as tres universidades actúan illadamente para cumprir cos obxectivos de seren competitivas, de calidade e de excelencia.

Pola contra, a Galiza interésalle un sistema en que as tres universidades galegas actúen con visión de país, atendendo aos principios de cooperación, de colaboración e de planificación conxunta dos retos que se lle formulen a Galiza e ao seu sistema universitario.

O BNG traballará co obxectivo de deseñar e pór en práctica procedementos para favorecer o desenvolvemento equilibrado e coordinado das universidades galegas. Polo tanto, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- O modelo de financiamento universitario debe ser obxecto dun acordo o máis amplo posíbel, como mellor forma de garantir a estabilidade financeira que as universidades precisan para desenvolver as súas funcións.
- Aprobación de medidas de apoio de creación e consolidación de grupos de investigación interuniversitarios.
- Aprobación de medidas que incentiven o uso compartido de programas e de recursos docentes e de investigación.
- Apoio á aprobación de titulacións interuniversitarias
- Seguir fomentando a coordinación dos procedementos de xestión académica para facilitar o intercambio de estudantes, a organización de estudos interuniversitarios e a emisión de títulos conxuntos, entre outras cousas.
- Avanzar no procedemento para a harmonización das condicións contractuais, de promoción e concursos de traslados do seu persoal, tanto do persoal docente e investigador como do persoal de administración e servizos.

V.2.5. O espazo europeo de educación superior e o Sistema Universitario Galego

O proceso de «converxencia europea» vai encamiñado a implantar no ano 2010 un Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), realmente competitivo a nivel internacional e no que se fomenta –sempre no seo de Europa– a “empleabilidade no mercado de traballo” a través da mobilidade do estudiantado, das persoas tituladas e das clases traballadoras.

O fío central atópase no deseño de políticas educativas que deben ser adaptadas polos Estados membros para lograr esa «converxencia europea» en dúas grandes liñas: a mudanza do deseño das titulacións (mediante o establecemento dun sistema comparábel de titulacións asente en dous ciclos: grao e mestrado) e a mudanza da organización da docencia (coa implantación do chamado sistema de créditos European Credit Transfer System [ETCS]).

Entre os perigos deste proceso, denunciámos que:

- No caso concreto de Galiza supoñen unha recentralización estatal das competencias educativas do noso país e un esquecemento da nosa problemática universitaria concreta, contribuindo así á nosa situación nacional subalterna no contexto do Estado español.
- Prevalecerá unha visión esencialmente utilitarista do coñecemento, dado que se trata, en definitiva, de que a universidade teña como única finalidade a de poñerse ao servizo das empresas, atendendo só á forma-

ción dos/as profesionais demandados por estas, a través da adaptación do estudantado —coas «habilidades, destrezas e competencias» pertinentes— ás necesidades do mercado de traballo. En definitiva, unha Universidade mercantilizada, posta ao servizo do sistema económico e non da sociedade na que se inserta.

- Esta visión utilitarista impide que nacións como Galiza poidan contar con titulacións universitarias centradas na resolución dos seus verdadeiros problemas como nación periférica. Ademais do risco dunha segmentación elitista do ensino superior, que aumentará a selección social en función da capacidade económica para abonar os custos da matrícula, que comezan a aumentarse substancialmente, de xeito paralelo á progresiva substitución das bolsas de estudo por créditos.

Diante destes perigos, desde o BNG formulamos os seguintes obxectivos:

- Pór o ensino e a investigación universitarias ao servizo do país e da súa cidadanía. Non debemos esquecer a configuración da educación superior como un verdadeiro dereito da cidadanía, cuxo acceso universal supoña a configuración dunha sociedade galega formada, crítica e máis igualitaria.
- Tanto a docencia universitaria —as titulacións e a forma na que estas se impartan— como a investigación deben atender as necesidades non só económicas, senón tamén sociais e culturais do país, máis alá da súa rendibilidade económica a curto ou medio prazo.
- Aproveitar as oportunidades que o novo contexto pode ofrecer para que as universidades galegas estean centradas nos problemas do país e que sexan referentes sociais e culturais.
- Provocar unha análise seria e serena —e non tan apresurada— dos verdadeiros problemas que está a padecer o ensino universitario, na que o papel protagonista ten que recaer na propia comunidade universitaria (profesorado, estudantado e persoal de administración e servizos).

Polo tanto, o BNG levará adiante as seguintes liñas de acción desde o goberno da Xunta de Galiza:

- Democratización do proceso de adaptación do Sistema universitario Galego ao Espazo Europeo de Educación Superior.
 - a. Creación dunha Comisión Parlamentaria para o estudo e análise do impacto do Espazo Europeo de Educación Superior en Galiza.
 - b. Revitalización da Mesa Galega de Universidades como entidade en que tamén se aborde o impacto do EÑES en Galiza.
- Estabelecemento dos criterios de implantación de estudos de grao e mestrado no Sistema Universitario Galego a través de:
 - a. Fixación dun catálogo de estudos de grao completo no SUG.
 - b. Oferta equilibrada de novas titulacións de grao e mestrado, atendendo á demanda social e aos intereses do país e distribuindo os novos títulos de grao entre os sete campus universitarios con criterios de racionalidade. No caso dos mestrados, atenderase ademais á especialización de cada Campus.
- Definición, en coordinación coas universidades, do Catálogo galego de mestrado, que dea resposta ás necesidades de formación altamente cualificada da sociedade galega, introducindo criterios de racionalidade e de globalidade. Para a súa concreción atenderase especialmente:
 - a. Impulso da organización conxunta de posgraos entre as universidades galegas para un aproveitamento máis eficiente e racional dos recursos tanto humanos como materiais.
 - b. Fomento da oferta en áreas de interese estratéxico para Galiza coa vista posta nunha oferta punteira e atractiva para o contexto europeo.
 - c. Evitar a multiplicidade dos títulos de posgrao coincidentes en obxectivos e contidos.
 - d. Favorecer a oferta conxunta con outras universidades (nomeadamente coas universidades da euro-rrexión do Eixo Atlántico e dos países de América Latina).
 - e. Fomento dos posgraos dirixidos á formación continua ao longo da vida laboral aproveitando os recur-

sos que posibilitan o ensino non-presencial.

f. Primar a oferta de posgraos homologados fronte aos títulos propios.

g. Estabelecer un sistema propio de acreditación de graos e posgraos do SUG.

- Estabelecemento de dotación financeira específica para que as universidades poidan encarar os custos da implantación do novo sistema, principalmente no que a dotación de medios persoais e materiais se refire.
- Implementar as medidas necesarias para facilitar a mobilidade e intercambio de profesores e estudantes. Ademais de implicar as administracións e universidades, no ámbito dos/as estudantes propomos:
 - a. Realizar unha oferta de bolsas suficiente para cubrir a diferenza de custos para estudantes que se desprazan a outros países europeos, que sexan percibidas antes do desprazamento.
 - b. Reforzar a formación en linguas estranxeiras.
 - c. Dotación de recursos para servizos de acollida de estudantes procedentes doutras universidades.
- Asegurar a igualdade de oportunidades e de dereitos para o acceso a estes estudos mediante unhas taxas e prezos públicos e unha política de bolsas axeitada.
- Estabelecer un programa para promover a realización de estudos de doutoramento de calidade, imprescindíbeis para o avance da cultura, da ciencia e a tecnoloxía, e a formación dos futuros profesores universitarios e investigadores/as en todos os ámbitos, que permita a incorporación de Galiza á primeira liña do coñecemento.

V.2.6. Proxección internacional das universidades galegas

Os obxectivos do BNG serán:

- Ampliar e mellorar as relacións internacionais das tres universidades públicas galegas, soporte principal para a construción da sociedade do coñecemento.
- Potenciar competencias actuais do sistema universitario galego e asumir novas cara á internacionalización do devandito sistema, a través dun ente común de xestión que permita aplicar políticas propias de cooperación e presenza internacional que posibilite na práctica a asunción de funcións que hoxe só desenvolven o estado ou as universidades.
- Cesión de infraestruturas e servizos á Xunta de Galiza para a formación a distancia, a formación permanente e a formación de verán.

Para acadar estes obxectivos levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Organizar cursos, seminarios e relatorios da máxima cualificación e recoñecemento internacional. Preténdese, xa que logo, incrementar a colaboración entre as tres universidades públicas galegas e que a súa programación académica trate as cuestións de maior actualidade e relevancia para o país.
- Facilitar o acceso a uns estudos universitarios de calidade a toda a poboación ao tempo que se cobren as necesidades de ensino virtual e a distancia e máis a formación permanente ao longo da vida. Esta medida cumprirá tamén unha finalidade de cohesión territorial a nivel de ensino superior no país.
- Xestionar a política galega na cooperación internacional para o desenvolvemento. Preténdese ter capacidade para deseñar, xestionar e pór en marcha todo tipo de iniciativas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento, para o cal cómpre ter os nosos propios recursos e capacidade de colaboración con outras entidades internacionalmente.
- Coordinar todas as tarefas relacionadas coa mobilidade dos tres sectores que compoñen a comunidade universitaria. En particular, as ligadas co alumnado galego que desexe completar a súa formación no exterior e tamén co estudantado estranxeiro ou non galego que desexe coñecer e formarse no país. Deseñaranse programas de intercambio conxuntos para as tres universidades públicas galegas, nos cales, ademais da formación académica, terán especial importancia todos os aspectos relacionados co noso sistema cultural. Trátase, xa que logo, de convertérmonos en exportadores de cultura. Ademais, valéndose

da proxección internacional proporcionada polo galego, potenciará as súas relacións e intercambios cos estados, culturas e territorios de lingua portuguesa.

- Realizar traballos conxuntos coas universidades das outras nacións do estado con lingua propia. Preténdese avanzar nas vantaxes engadidas que supón a formación universitaria plurilingüe nestas universidades e, ao mesmo tempo, traballarmos na resolución de dificultades comúns a estas situacións.
- Aumentar as Cátedras e lectorados de galego no exterior, en particular a nivel do Estado español, que permitirá proxectar as tres universidades públicas galegas e a realidade socio cultural ao tempo que serven de polos de representación do goberno do país fóra do territorio.

V.2.7. Política de bolsas e axudas para o estudo

A existencia dunha política de bolsas e axudas para o estudo é un elemento fundamental no modelo de universidade que o BNG quere para Galiza. A política de bolsas e axudas ao estudo do goberno autonómico deberá ser integral e garantir a igualdade de oportunidades entre todas/os estudantes co fin de que ningún/ha estudante do noso país fiquen excluído da universidade polos custos derivados da educación universitaria. É o momento oportuno para exixir o cumprimento do compromiso da transferencia da política de bolsas e axudas ao estudo e a asunción desta por parte da Xunta de Galiza.

Ademais crearase unha bolsa galega de axuda ao estudo que contemple como subvencionábeis: matrícula, vivenda, transporte, comedores e demais servizos complementarios para estudantes.

Na definición da política de bolsas e axudas ao estudo teranse en conta os seguintes aspectos:

- Primarán os criterios económicos sobre os académicos.
- Terase en conta o sistema produtivo galego, para o recoñecemento das profesións e o seu nivel adquisitivo.
- Incrementaranse tanto o número como a contía das bolsas.
- Reduciranse os trámites burocráticos para adiantar os prazos de concesión e pagamento e evitar así os atrasos que se están a producir nestes.
- Terase en conta o afastamento da residencia habitual con respecto ao campus así como as dificultades de mobilidade derivada da dispersión poboacional e do sistema de transportes do noso País.
- Manterase o pago fraccionado da matrícula no caso de que a solicitude for denegada.
- Modificarase a funcionalidade dos créditos para o financiamento dos estudos universitarios. Esta será a de posibilitar que o estudantado que non desexe repercutir os custos dos seus estudos nas súas familias se lles poidan financiar estes por parte das administracións:
 - a. Financiaranse por parte dun instituto público de crédito evitando que ningunha entidade bancaria se lucre deste servizo.
 - b. Producirase o seu reintegro a partir da consecución do primeiro traballo estábel e con salario suficiente relacionado coa titulación que cursou e que a Administración lle financiou.
 - c. Non poderán substituír en ningún caso a política de bolsas que ten unha finalidade distinta.

V.2.8. O galego na universidade

- O BNG adoptará medidas para que a Universidade sexa un foco de difusión da cultura e lingua galegas contribuíndo á súa universalización e mellorando a escasa presenza do galego nas universidades nos ámbitos docente e investigador. Son as seguintes:
 - Acreditación do coñecemento do galego para o acceso aos postos docentes universitarios.
 - Valoración do emprego do galego nos complementos retributivos autonómicos.
 - Apoio no financiamento universitario ás medidas de mellora da presenza do galego na actividade docente e investigadora.
 - Estabelecemento de liñas de apoio á tradución de textos docentes ao galego.

- Elaboración de materiais específicos para a acollida lingüística de estudantes de fóra do sistema universitario galego.
- Introducción nos órganos de participación universitaria estatais de criterios que valoren a realidade plurilingüística do Estado na política científica estatal.

V.3. Lingua

A acción do Goberno galego na lexislatura 2005/09 en materia de normalización do noso idioma caracterizouse por tépedos avances ligados a consellarías gobernadas por nacionalistas. O que debería ter sido un cambio transformador á hora de afrontar as necesidades do galego para avanzar no uso social quedou restrinxido a certas medidas inconexas que non determinaron modificacións substanciais con respecto á situación de minorización social da nosa lingua.

Esta situación foi debida en gran parte á actitude pasiva, de inacción total e mesmo ás veces contraproducente, da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este órgano non cumpriu ningún dos obxectivos marcados para que o Goberno galego tivese enfiado un novo camiño na política lingüística. A SXPL non adoptou ningunha iniciativa tendente, cando menos, a avanzar no cumprimento dos obxectivos marcados no PXNL, en coordinar actuacións transversais no Goberno galego e mesmo se amosou indolente para afrontar polémicas sobre a lingua, como a aplicación do Decreto 124/07 sobre as materias en galego no ensino, as campañas de descrédito sobre a situación social do galego, as manifestacións do Valedor do Pobo etc. Isto supón unha lexislatura practicamente perdida que cómpre recuperar impulsando a SXPL para que cumpra os obxectivos para o que foi creada.

O obxectivo fundamental do BNG é normalizarmos a situación da lingua e estendermos a toda a sociedade o uso do galego. A política lingüística do BNG terá como obxectivo estratéxico reconducir a tendencia ao abandono do idioma por parte das novas xeracións, atendendo fundamentalmente á transmisión da lingua no ámbito familiar. Así mesmo orientarase a acción de goberno ao impulso oral e escrito en todos os ámbitos sociais e institucionais. Polo tanto, as grandes liñas de actuación xirarán sobre os seguintes eixos:

- O BNG impulsará para o galego a igualdade xurídica co castelán no marco do Estatuto de Nación para Galiza.
- O BNG desenvolverá as accións precisas para o cumprimento dos obxectivos marcados no Plano Xeral de Normalización Lingüística como paso inicial de normalización social da lingua.
- Desde o Goberno galego o BNG deseñará as medidas necesarias para evitar o deterioro do sistema lingüístico do galego.
- O BNG impulsará o proceso de normalización, e a súa visibilidade, no seo da Administración autonómica.
- Desde o Goberno galego, o BNG velará polo labor positivo que deben exercer os medios de comunicación en relación coa promoción e emprego do idioma galego.

V.3.1. Lingua e administración

Difícilmente podemos demandar á sociedade a súa participación nos procesos de normalización lingüística se a mesma Administración non se expresa con normalidade e corrección en todas as súas actuacións, orais e escritas, na lingua do país. Este obxectivo normalizador é prioritario na acción do goberno do BNG e irá acompañado de cantos procesos de formación e integración lingüística sexan precisos. Este comportamento lingüístico normalizado debe atinxir tanto aos cargos políticos como ao persoal da Administración en todas as áreas de goberno, en todas as actuacións administrativas e en todos os ámbitos de

actuación política. A normalización é un compromiso de todo o goberno e non unha materia, en exclusiva, dun departamento ou organismo. Así, a acción do BNG concretarase nas seguintes medidas:

- Impulso decidido á política lingüística desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, convertendo a esta no axente encargado de dinamizar a normalización do idioma tanto no propio Goberno galego como na sociedade.
- Creación dunha rede estruturada e coordinada de Servizos de Normalización Lingüística de carácter territorial, dotada de lingüistas, sociólogos e persoal de intervención social como entidades encargadas da coordinación das actuacións en materia de normalización lingüística, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos. O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.
- Impulso a unha verdadeira estrutura nacional consorciada que concite e coordine os esforzos das diferentes administracións públicas e entidades privadas, que represente o esforzo e a corresponsabilización colectiva no proceso de normalización lingüística.
- Formación e capacitación do persoal en materia de lingua, en relación co desempeño do seu exercicio, así como a prestación de ferramentas técnicas e servizos informáticos actualizados na nosa lingua.
- O persoal dependente da Xunta de Galiza acreditará o uso do idioma galego, oral e escrito, para o acceso ao desempeño da súa función. O catálogo de postos de traballo farase tendo en conta o obxectivo normalizador. O galego será a lingua habitual dos e das traballadoras da Administración galega, na súa relación coa cidadanía.
- Impulsar a Comisión Interdepartamental para a Normalización Lingüística encargada da planificación lingüística na Administración.
- Demandar das administracións española e europea a utilización da lingua propia nas súas actuacións en Galiza.
- Estabelecer como preceptivo o emprego do idioma galego en canta actividade de institución ou empresa pública ou privada sexa subsidiada con fondos públicos xestionados polo poder político galego. Sobre todo, no que atinxe aos medios de comunicación, estableceranse criterios de emprego da lingua como mecanismos de difusión do uso do idioma.
- Polo que respecta á toponimia, o Goberno galego fará cumprir a lei aos concellos e ao resto de administracións que a conculcaren, no referido á denominación correcta do municipio. Do mesmo xeito, velarase polo cumprimento da legalidade nos medios de comunicación, empresas de transportes, axencias de publicidade e calquera outro servizo que utilizar oralmente ou por escrito os nosos topónimos.

V.3.2. As tecnoloxías da información e a comunicación

Conscientes da gran importancia da introdución do galego nas tecnoloxías ligadas á información e a comunicación, o goberno do BNG impulsará as seguintes medidas:

- A adaptación, implantación, distribución, difusión, coñecemento e incentivación de software básico, impulsados polo Goberno galego, levarán emparellado o uso do idioma galego.
- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías e na telefonía móbil, así como o impulso á investigación e difusión de medios técnicos que favorezan o desenvolvemento do galego no eido dos avances na información e a comunicación.
- Impulsar o desenvolvemento, difusión e coñecemento de programas e aplicacións informáticas específicas, así como de todo tipo de produtos e ferramentas relacionadas co desenvolvemento das novas tecnoloxías en lingua galega. Incluirase unha cláusula no contrato cos seus provedores na que se esixa como requisito a incorporación do galego.
- Impulsar a creación de contidos en galego, así como a adaptación de contidos xa existentes ao galego en soporte dixital. Tamén impulsará a súa difusión e coñecemento.

- Impulsar a creación e consolidación dunha industria da lingua propia que permita a plena e rápida incorporación do galego ao novo mundo que están creando os adiantos tecnolóxicos (demótica, web semántica e intelixente etc.) tanto no referido aos continentes como aos contidos.
- Apoiar a investigación básica do noso idioma, piar indispensable para as citadas actuacións.

V.3.3. Lingua e mocidade

Estas son as medidas que impulsará o goberno do BNG para normalizar a nosa lingua entre a xente máis nova do país:

- Afrontar unha programación plurisectorial que atinxa tanto os ámbitos familiar e educativo como o do lecer, para abordar desde diferentes prismas o problema específico da desgaleguización das xeracións máis novas.
- Pór en marcha as estratexias precisas para acadar unha actitude positiva na mocidade galega cara ao galego, no camiño de acadar o uso maioritario do idioma por parte das xeracións máis novas.
- Elaborar e pór en práctica un programa integral de galeguización do contorno familiar, concienciando da necesidade do uso do noso idioma, e desenvolvendo campañas que teñan en conta os diferentes contextos e prácticas sociolingüísticas existentes na realidade social galega.
- Aplicar o Decreto 124/07 en materia de lingua no ensino. Así como toda lexislación vixente en materia lingüística de cara a evitar a ruptura interxeracional no emprego da lingua. Partindo da lexislación actual, o Goberno galego desenvolverá no mundo do ensino un proceso decidido, concreto e temporalizado de galeguización progresiva da actividade docente, establecendo a gradualidade temporal, dedicando os recursos económicos e humanos precisos e incentivando aqueles centros que protagonicen un impulso salientábel na normalización da actividade escolar. En concreto impulsaranse as seguintes accións:
 - a. Os catálogos de postos de traballo e concursos de traslado terán en conta o perfil lingüístico preciso para o proceso de galeguización antedito.
 - b. Potenciación dos equipos de normalización dos centros educativos, establecendo a súa coordinación local, comarcal e nacional, como axentes fundamentais de dinamización da política lingüística galeguizadora.
 - c. Subscrición de convenios coas universidades galegas para impulsar os procesos de normalización lingüística na docencia nas diferentes Facultades e Escolas Universitarias.
- Poranse en marcha as medidas necesarias para que desde os diferentes departamentos gubernamentais que afecten á música, aos espectáculos, ao cinema, á televisión, á literatura, aos deportes, á informática etc., exista a prioritaria coordinación para a promoción do idioma galego.

V.3.4. Lingua e medios de comunicación

Para impulsar a presenza do galego nos medios de comunicación, o BNG adoptará as seguintes medidas de goberno:

- Garantir a introdución crecente da nosa lingua nos dominios do audiovisual, cine, e todos cantos soportes de comunicación viñeren ditados pola súa introdución social.
- Garantir que os medios de comunicación públicos galegos cumpran coa súa obriga legal de utilización do galego para a totalidade da súa programación e prescribirá o seu uso na publicidade. Así mesmo, promoverá a presenza normalizada do galego nos medios privados a través de medidas de fomento e do establecemento de cotas mínimas de uso do galego nos medios audiovisuais de ámbito local e nacional.
- Manter o idioma na programación da radio e da televisión do país como lingua vehicular normal, reducindo a casos excepcionais e debidamente xustificadas o emprego de profesionais carentes de competencia lingüística en galego.

- Potenciar a utilización do galego co aumento da produción propia, na procura da potenciación do sector audiovisual do país, favorecendo o uso do idioma do país.
- Apoiar aos medios de comunicación privados, en calquera tipo de soporte, no mesmo grao e proporción en que tiveren o galego como lingua vehicular.
- Estabelecer cotas mínimas de emisión en galego non inferiores ao 40% para as emisións de radio e de televisión de ámbito local ou nacional.
- Impulsar a distribución en galego de todo tipo de material audiovisual de interese.

V.3.5. Lingua e economía

O Goberno galego impulsará a extensión da nosa lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais. Así mesmo, manterá unha atención especial á promoción do noso idioma na actividade económica do país, mediante convenios bilaterais cos diferentes axentes representativos, con incentivos e axudas á galeguización plena, tanto no que atinxe á actividade comercial como industrial.

V.3.6. Lingua e deporte

Como fenómeno social de primeira orde, o deporte debe converterse nun dos ámbitos de especial atención na normalización lingüística de Galiza. Deste xeito, a Xunta de Galiza potenciará a utilización do galego nas celebracións e espectáculos deportivos, vinculando a súa colaboración con clubs e federacións á utilización do galego e aos programas de galeguización no mundo deportivo. Así mesmo, pularase desde o Goberno galego por que nas actividades das escolas deportivas dependentes tanto de institucións como de clubs deportivos se empregue o galego, sobre todo nas escolas de base.

V.3.7. Lingua e cultura

A cultura galega é aquela que se expresa na lingua do país. O Goberno galego promoverá a plena normalización do idioma nos programas culturais directamente xestionados pola Administración e condicionará o seu apoio a todo proxecto cultural ao cumprimento dos obxectivos normalizadores fixados pola administración lingüística. Así, fomentárase a produción e a distribución de produtos culturais en galego nos máis variados soportes e destinados a todo tipo de públicos.

V.3.8. Lingua e xustiza

O goberno do BNG promoverá as medidas necesarias para que o galego se converta en lingua normal da administración de Xustiza, impulsando o coñecemento e o uso do galego por parte dos/as funcionarios/as e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que os xuíces e maxistrados teñan o deber do coñecemento do galego para desenvolveren a súa función no territorio galego.

V.3.9. A relixión, en galego

A Xunta de Galiza subscribirá convenios coas diferentes confesións relixiosas presentes no noso país, co fin de establecer os programas específicos que garantan a utilización normal do noso idioma nas súas celebracións relixiosas e no resto da súa actividade pública.

V.3.10. A galeguización, dereito de inmigrantes e emigrantes retornados

Dentro das medidas de integración e normalización social das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas, o goberno do BNG ofrecerá os programas formativos necesarios, nomeadamente no ámbito laboral, para a súa plena integración lingüística.

V.3.11. A reintegración cultural no mundo Galego-Portugués como factor normalizador

O goberno do BNG manterá unha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma.

V.3.12. A normalización do galego alén das fronteiras administrativas

O goberno do BNG defenderá a promoción e normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscripción de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Bierzo, e na comarca do Eo e do Navia.

En todo caso, o goberno do BNG velará polo cumprimento do estipulado na Carta Europea das Lingua Minoritarias. O goberno do BNG promoverá de forma activa o coñecemento e o uso do noso idioma entre as comunidades de emigrantes e os seus descendentes nos principais países da emigración galega.

V.4. Cultura

O conxunto dos axentes da cultura galega padeceron, até a pasada lexislatura, dezaseis anos continuados de política cultural do Partido Popular, unha política caracterizada pola confusión consciente entre cultura, espectáculo e propaganda governamental, e pola ausencia dun modelo integral de desenvolvemento dos distintos sectores. Esta ausencia de modelo e de proxecto non deixou de ser, porén, un modelo en si mesmo de facer política, con consecuencias perversas para o conxunto da nosa cultura. Cara aos distintos sectores, supuxo a consolidación das políticas clientelares e das solucións particulares, con resultados eficaces no seu desvertebramento e desactivación; cara á sociedade, a substitución encuberta da cultura de base pola cultura espectacular –normalmente foránea– e a confusión entre o traballo cultural público e a organización de macroeventos, fastos e conmemoracións de moi dubidoso proveito cultural.

A herdanza deixada polo PP non foi, como é evidente, un punto de partida idóneo a partir do cal seguir construíndo a cultura do país. Sendo conscientes disto, o BNG apostou, desde o seu labor de goberno na Consellaría de Cultura e Deporte, por desenvolver un diálogo constante con todos os sectores, pola busca de solucións concertadas para os seus problemas urxentes e polo deseño, en paralelo, dun novo modelo cultural para Galiza. Tratábase, basicamente, de cumprir co compromiso formulado no programa electoral de 2005: “o deseño e a aplicación dunha nova política cultural para Galiza”, fincada nunha concepción pluri-dimensional da cultura e desde un criterio central de defensa e promoción da nosa identidade.

A partir destas premisas, o BNG desde a Consellaría de Cultura desenvolveu nestes catro anos un labor intenso, coa vontade de construír un novo modelo, integral e estratéxico, de política cultural. Esta vontade materializouse, fundamentalmente, en cinco liñas de traballo:

- A reforma da estrutura institucional –coa posta en marcha de novas ferramentas administrativas– e a súa adecuación aos retos actuais e futuros que a cultura galega debe afrontar. As principais medidas neste sentido foron a creación da Axencia Galega das Industrias Culturais –pensada para o apoio transversal á capacidade produtiva do nosos sectores culturais–, a posta en marcha do Arquivo e a Biblioteca Nacional de Galiza –como cabeceiras dos seus respectivos sistemas– e a creación do Centro Coreográfico Galego como centro público de produción no ámbito da danza.
- O deseño de políticas culturais sectoriais, de carácter integral, pactadas cos sectores e superadoras das accións illadas e propagandísticas do PP. Nestes catro anos puxéronse en marcha a Lei de Arquivos, Lei do Libro e da Lectura, o Plan Galego das Artes Escénicas, as políticas da Axencia Audiovisual Galega ou o intenso e novidoso traballo do ámbito musical.
- A visibilización de Galiza como unha nación con cultura de seu, tanto cara a dentro como cara a fóra do noso propio país. En Galiza creáronse os Premios Nacionais da Cultura, mentres que a estratexia de promoción exterior incluíu a creación da marca Galician Way e as súas submarcas (Galician Tunes, Galician Books), a presenza como país convidado en eventos internacionais (Feira do Libro da Habana, Feira da Cultura Marítima Tradicional de Brest), a consecución do Centro IBBY para a Diversidade Cultural ou a presenza con stands propios nas principais feiras culturais do mundo (Liber, Guadalajara, Midem, Popkomm, Womex, Saló del Comic de Barcelona etc).
- Unha visión formadora e transformadora da cultura, como un campo para o desenvolvemento persoal, a cohesión e o benestar social e a creación de valores cívicos. O protagonismo da dimensión máis social da cultura foi especialmente relevante en campos como a recuperación da memoria histórica (Ano da Memoria, proxecto As vítimas, os nomes, as voces, os lugares, apertura da illa e posta en marcha da Fundación Illa de San Simón), a reforma e extensión do sistema de programacións culturais (Cultura Vai), o campo da formación en xestión cultural (Via Cultura), o apoio ao asociacionismo, o traballo desenvolvido no sistema galego de bibliotecas ou a aprobación e o desenvolvemento do Plan Galego da Lectura.
- A defensa e posta en valor do noso patrimonio cultural como un pilar fundamental da nosa identidade e como un recurso central para a ordenación do noso territorio e o desenvolvemento social e económico do país. O traballo realizado no ámbito patrimonial procurou a actualización e a fixación de criterios na normativa, a sensibilización social da cidadanía (campañas Mira por el e Tolerancia cero ás agresións patrimoniais), o apoio á cultura marítima (Galiza en Brest e Museo do Mar), os plans de recuperación e intervencións no patrimonio eclesiástico (catedrais, mosteiros...), civil (castelos e fortalezas, pontes...), a delimitación dos camiños de Santiago e as actuacións no patrimonio arqueolóxico (mámoas, castros..., con extensión da Rede Galega neste ámbito).

Construíndo a cultura galega do século XXI

Para o BNG a cultura é unha ferramenta esencial para a cohesión e a transformación social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional. O BNG acredita nunha cultura con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país. Para a acadar, entendemos que é necesario comprender o sistema cultural galego como un conxunto no que cada unha das partes, cada un dos ámbitos ou dimensións, debe contar con liñas de apoio eficaces, claras e estruturadas coa máxima coherencia e racionalidade.

O BNG defende un modelo integral e estratéxico, capaz de debuxar o horizonte futuro ao que queremos chegar tendo en conta todos os planos nos que a cultura se manifesta hoxe en día: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a creación artística; o das industrias culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber facer e independencia, o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e aproveitamento sostíbel e

responsábel do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e o sociocultural, promovendo a implicación activa dos/as cidadáns/ás e a implantación comunitaria das políticas e dos proxectos a través da cooperación dos diferentes axentes culturais –asociativos, públicos e privados– existentes no territorio.

Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere achegar a súa visión e diferenza aos demais, e que para iso ten que ser normal e espallada no propio país e, consecuentemente, participar plenamente nun plano de igualdade nas redes e circuítos internacionais, en beneficio bilateral e múltiple.

Os catro anos vindeiros van ser decisivos á hora de consolidar os proxectos e liñas de traballo xa iniciadas e, tamén e sobre todo, para asentar o cambio de modelo xa iniciado nas políticas culturais galegas. Facer visíbel socialmente un salto cualitativo no recoñecemento, a presenza social e a proxección da cultura galega tanto dentro como fóra do país debe ser un dos grandes retos que na vindeira lexislatura se debe afrontar desde a política cultural do Goberno galego. O BNG aposta, para conseguilo, por cinco eixos estruturadores:

- A promoción da cultura galega e a defensa da diversidade cultural como valores en si mesmos.
- O apoio integral á creación e aos novos creadores, a través de políticas que promovan a formación artística, a innovación e a calidade dos procesos e dos produtos culturais.
- A implantación sociocomunitaria das políticas culturais con protagonismo cidadán, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis culta, dinámica, participativa e crítica, co espallamento e coñecemento da práctica cultural galega, na súa traxectoria histórica e actual.
- A posta en valor do patrimonio cultural desde criterios de transversalidade institucional, promoción, e coñecemento social, co seu aproveitamento económico, dentro de normas de sustentabilidade e protección.
- O apoio especializado aos nosos sectores culturais, de cara a unha maior profesionalización e fortalecemento económico, como mellor xeito de garantirmos a nosa capacidade para producir un discurso cultural desde nós mesmos.

V.4.1. Criterios centrais da nosa política cultural

O BNG entende que para poder levar adiante políticas eficaces en cada un dos ámbitos da cultura é preciso contar coas ferramentas adecuadas a nivel administrativo. Na lexislatura que vén de rematar, a Consellaría de Cultura deu un paso fundamental neste sentido coa creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, organismo que centralizará todas as políticas destinadas ao apoio á capacidade produtiva dos nosos sectores culturais profesionais.

Na lexislatura vindeira, o BNG entende ineludíbel traballar desde un criterio de maior transversalidade, promovendo unha maior coordinación e cooperación interdepartamental entre os campos da cultura, os medios de comunicación, o patrimonio, o turismo, a educación e o benestar social, por seren estes os ámbitos que configuran o contexto social no que se producen as dinámicas culturais, e igualmente a nivel interinstitucional (co conxunto de administracións con competencias en política cultural en Galiza).

Os criterios de transversalidade e coordinación deben materializarse, en concreto, nunha acción política que sexa quen de:

- Abordar, de xeito integral, o deseño e desenvolvemento das diferentes políticas sectoriais, neste sentido, entendemos especialmente relevante a procura dunha lóxica integradora e unificadora das políticas do audiovisual.

- Promover unha acción coordinada na política de programacións e eventos culturais entre os diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolven actividades desta natureza.
- Vincular o fortalecemento das estruturas produtivas das nosas empresas e industrias culturais ás políticas de promoción dun espazo de comunicación galego, que ten que ser elemento fundamental na súa visibilización cara a sociedade.
- Pór en marcha mecanismos de atención específica no campo da cultura tradicional, en toda a súa riqueza e variedade e desde unha visión dinámica desta.

A nosa cultura, ademais de ser a cerna da nosa identidade como pobo, é tamén un ben social e económico de primeira magnitude, cuxa promoción e estímulo crea redes de inclusión social e xera valor engadido autocentrado no país. Estruturalmente, o labor político dunha Consellaría de Cultura nacionalista desenvolverase a través de catro ferramentas principais:

- Coa especialización da actual D.X. de Creación e Difusión Cultural no campo da colaboración con concellos e asociacións, na difusión da nosa cultura dentro e fóra do país e na promoción dunha maior densidade cultural no territorio, cunha perspectiva sociocultural e participativa.
- Co desenvolvemento das políticas de apoio da AGADIC ás nosas empresas culturais, que procurarán outorgar maior autonomía e fortaleza económica a estas e maior capacidade de chegada ao público dos seus produtos e servizos.
- Coa actuación prioritaria en materia de protección, conservación e difusión desde a D. X. de Patrimonio Cultural, fomentando a implicación e colaboración doutras áreas de goberno e doutras institucións públicas e privadas, e implicando a toda a sociedade no principio básico de conservar, utilizar e difundir responsabelmente o patrimonio cultural.
- Co desenvolvemento do proxecto cultural da Cidade da Cultura, que crea institucións de referencia como o Arquivo e a Biblioteca Nacionais, e que temos empeño en que sirva para o impulso do sistema cultural galego e que acabe por repercutir na dinamización cultural do conxunto do país.

Pola súa banda, o BNG promoverá a apertura dun proceso participativo con todos os axentes culturais do país para o deseño da Axenda 2010-2020 da Cultura Galega, documento de cariz estratéxico e colectivo, que deberá construír un marco consensuado para o conxunto das institucións e axentes do país de cara a desenvolver grandes liñas de traballo de forma coordinada, procurando sinerxías e cooperación, no período 2010- 2020.

V.4.2. Obxectivos e principios básicos de actuación en cultura

No BNG acreditamos en que o principal recurso cultural dun territorio é o capital intelectual dos/as seus/ súas cidadáns/ás. A aposta pola formación, pola vivencia cotiá da cultura por parte da cidadanía, pola valorización da nosa identidade, polo fomento da creatividade, polo fortalecemento dos instrumentos que permitan trasladar o talento dos nosos creadores aos públicos de dentro e fóra do país e pola creación de densidade cultural no territorio serán os elementos que entendemos centrais á hora de desenvolver todas as potencialidades culturais de Galiza. É precisa unha acción política que, nese sentido, lidere e oriente desde a súa lexitimidade as liñas mestras da cultura do país, procurando unha cooperación fluída e constante co resto de axentes e creando as condicións precisas para facer posíbel o desenvolvemento das súas iniciativas e proxectos.

Hoxe en día vivimos tempos de profunda mudanza nas formas en que se dan as relacións dos/as cidadáns/ ás coa cultura, fundamentalmente polo poder socializador da cultura de masas e a incorporación á vida cotiá das novas tecnoloxías da información e o coñecemento. Mais o acceso, a xeración e a vivencia da

cultura non pode quedar en exclusiva en mans dos ditados do mercado e os seus intereses. No BNG entendemos que, desde as institucións, é irrenunciábel o desenvolvemento de políticas que reforcen o espazo público para a cultura, promovan a diversidade cultural, apoiem a creación cultural e garantan a capacidade produtiva das empresas culturais do propio país para podermos continuar emitindo cultura galega e, por iso mesmo, universal.

V.4.2.1. Cultura e sociedade

- Elaboración –a partir do Mapa de Equipamentos Culturais de Galiza feito na pasada lexislatura– do Plan Galego de Infraestruturas Culturais (Consellaría, Fegamp, Observatorio da Cultura Galega).
- Política integral de cooperación cos concellos, a través dun programa unificado de axudas, programacións, formación de técnicos culturais e recursos para a xestión.
- Reforzamento da marca Cultura Vai e unificación de todas as programacións existentes nun único sistema de 3 redes (A, B e C). Xestión na Rede a través de galescena.info. Acordo coa CRTVG para a creación dunha axenda cultural galega de periodicidade diaria.
- Procura de maior control da actividade programadora das entidades financeiras e fundacións culturais galegas, para promover unha maior coordinación coa Consellaría e garantir un nivel elevado de artistas e creadores galegos nos seus programas e actividades.
- Ordenación do mapa de festivais e mostras de artes escénicas, música e audiovisual do noso país e deseño consensuado dunha nova política de axudas, xestionada pola Consellaría de Cultura. Elaboración de Libros Blancos de cada un dos devanditos ámbitos e de promoción de Coordinadoras de Festivais en cada sector. Posta en marcha dunha marca de calidade que identifique socialmente cales serán os festivais de interese estratéxico galego nos diferentes sectores.
- A partir das liñas de apoio postas en marcha na lexislatura anterior, deseño e desenvolvemento dun programa de apoio ao asociacionismo local, provincial e galego –elemento central no desenvolvemento da cultura de base– mediante un sistema de axudas (actividades, equipamentos), programacións e accións formativas. Impulso e colaboración na vertebración do sector a través do asociacionismo cultural. Creación da Casa das Asociacións.
- Posta en marcha de 5 grandes proxectos socioculturais, que relacionarán a cultura cos ámbitos do medio natural, a educación e o ensino, o desenvolvemento local e o patrimonio, a memoria local e as dinámicas socioculturais comarcais.
- Posta en marcha dun programa cultural específico para o medio rural, que parta dos elementos culturais e patrimoniais do propio territorio e da creatividade, tradicións e protagonismo dos veciños, para valorizar as dinámicas culturais rurais e poñelas en relación coa identidade nacional e a súa problemática.
- Aprobación da Lei de Bibliotecas e desenvolvemento desta.
- Posta en marcha da Biblioteca Nacional de Galiza. A Biblioteca Nacional ten como misión reunir, conservar, difundir e facer accesíbel toda a produción bibliográfica de Galiza e aquela outra relacionada con Galiza aínda non producida aquí, incluíndo toda a produción impresa periódica ou non, sonora, audiovisual, informática ou en calquera outro soporte, formato ou técnica de edición. Configúrase como un centro de promoción e difusión da cultura galega, ofertando servizos presenciais e virtuais dirixidos a todos os sectores sociais e profesionais.
- Elaboración de políticas estratéxicas e consensuadas cos sectores culturais non-profesionais: corais, bandas, teatro amador. Elaboración de plans directores para cada un dos ámbitos.
- Reforzamento do programa Vía Cultura de formación para a acción cultural, coa súa aplicación en tres ámbitos especializados: sector público, sector asociativo e sector privado. Elaboración de materiais e recursos para a xestión e desenvolvemento de programa de accións formativas.
- Difusión da cultura galega, facendo fincapé na divulgación dos seus protagonistas máis relevantes, a

través do desenvolvemento de campañas anuais de difusión da nosa lingua, cultura e historia: o Reino de Galiza, o exilio galego, Castelao etc. Acordo coa CRTVG para a creación de programas de difusión da historia e da cultura galega na televisión e na radio pública de Galiza.

- Celebración do Ano Seoane en 2010, cunha programación especial para a posta en valor e difusión internacional do xenial artista e intelectual galego.
- Creación do Centro Castelao. O BNG porá en marcha o Centro Castelao como centro destinado a investigar, difundir e recompilar a súa obra e figura. O Centro Castelao acollerá o catálogo completo da súa obra e desenvolverá exposicións, investigacións, debates e encontros arredor de Castelao nas súas diversas dimensións.
- O BNG continuará na Consellaría de Cultura as liñas desenvolvidas na última lexislatura de recuperación da memoria histórica de Galiza cos seguintes proxectos:
 - a. Investigación sobre a represión no franquismo, promovendo unha investigación rigorosa que demostre a verdadeira dimensión da represión.
 - b. Celebración institucional do Día de Galiza Mártir, como data na que, a través da lembranza de Alexandre Bóveda, homenaxeamos ás vítimas da represión en Galiza. Ademais, celebración anual do Día da Memoria na Illa de San Simón.
 - c. Apoio a asociacións e investigadores/as que traballan para a recuperación da nosa memoria.
 - d. Creación do Arquivo da Memoria Histórica de Galiza.

V.4.2.2. Cultura e creación artística

- Reforzo do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego, como unidades autónomas e públicas de produción escénica. Política de apoio á coprodución entre compañías galegas e de fóra.
- O CGAC continuará coa súa dobre función de centro e museo de arte contemporánea, facendo especial fincapé en atender a arte galega máis actual, e de diálogo da arte galega máis recente coa internacional en todas as súas dimensións.
- Elaboración do Plano Galego de Artes Plásticas. Este proxecto planificará a medio prazo as actuacións que se van desenvolver no ámbito das artes plásticas e será elaborado coa participación de todos os sectores implicados e atenderá a creación, difusión e proxección exterior dos nosos artistas.
- Creación dun programa específico de apoio a creadores, que promova a innovación e a excelencia artística a través do apoio á formación especializada dos creadores galegos e á investigación e desenvolvemento de proxectos creativos de risco.
- Desenvolvemento, entre a Consellaría de Cultura e a D.X. de Xuventude, do proxecto conxunto GZ Crea, para o apoio á formación e creación dos artistas mozos. Especialización do espazo expositivo da Casa da Parra nunha liña de difusión da creación artística dos novos creadores galegos.
- Apoio á creación contemporánea galega en todos os ámbitos, e creación dun evento internacional e multidisciplinar centrado nas manifestacións máis innovadoras da creación artística actual.
- Desenvolvemento da liña específica de apoio aos núcleos de apoio á creación, recollida no PGAE e destinada ao fortalecemento organizativo e económico dos espazos culturais galegos que hoxe cumpren xa esa función de traballo e difusión da creación galega máis experimental, de risco ou innovadora.

V.4.2.3. Industrias culturais

- Potenciación de Culturgal como evento central do calendario cultural galego.
- Creación dun Club Cultural que promova o consumo de produtos culturais e a asistencia a espectáculos culturais galegos.
- Política de axudas aos sectores do libro e a edición, ás artes escénicas, á música, ao audiovisual e ás artes

plásticas, baixo criterios de promoción da calidade, sustentabilidade e a relación cos públicos.

- Desenvolvemento do programa de apoio financeiro Crédito Cultura, creación das Axudas Reintegrábeis e creación dunha nova liña de axudas para grandes proxectos culturais: festivais privados, proxectos empresariais etc.
- Desenvolvemento dun programa formativo específico para a mellora dos procesos de xestión empresarial (produción, distribución, mercados etc.) no ámbito da cultura.
- Política de acordos cos medios de comunicación para a visibilización do audiovisual, a música, o libro e artes escénicas galegas cara a propia cidadanía galega. Acordo coas radios musicais para a consecución dun 25% de programación musical en galego.
- Desenvolvemento do Plan Galego das Artes Escénicas e elaboración do Plan Galego da Industria Musical.

V.4.2.4. Promoción exterior da cultura galega

- Creación do Instituto Castelao de Lingua e Cultura Galega, co obxectivo de promover internacionalmente a identidade, lingua e cultura de Galiza, centralizando e coordinando todas as políticas de apoio á lingua e cultura galega no exterior.
- Atención específica ao ámbito da emigración galega, en colaboración coas áreas da Xunta de Galiza competentes no tema, procurando activala no desenvolvemento dun traballo cultural estábel a prol da difusión da cultura galega actual nos distintos territorios, que renove a percepción existente neles sobre o noso país e que dea a coñecer a pluralidade e riqueza da nosa cultura. Dentro deste ámbito, promover especialmente a recuperación e difusión do pensamento de homes e mulleres que se integraron na cultura americana mantendo intacto o pensamento de Galiza como nación e cultura viva: Antón Alonso Ríos, Suárez Picallo, Luís Seoane etc.
- Internacionalización da produción cultural galega baixo a marca Galician Way. Deseño e creación de Oficinas de Exportación no exterior, para a promoción dos produtos culturais galegos e aproveitando as Delegacións da Xunta de Galiza no exterior. Estratexia de difusión da produción cultural galega no exterior: presenza en feiras e mercados internacionais, celebración de programacións panorámicas etc.
- Impulso, desde a Cidade da Cultura, de proxectos internacionais para a difusión das culturas minoritarias dentro do contexto global. Un deles sería o impulso á creación dunha Rede de Cidades pola Diversidade Cultural, que favorecese a creación e a circulación artística e promoción da diversidade entre diferentes cidades do mundo.
- Proposta TRADU100, para a tradución de 100 obras relevantes da cultura universal ao galego e de 100 obras da cultura galega a outras linguas.
- Acordos de colaboración e cooperación con países e espazos culturais de interese para Galiza (fisterras atlánticas, lusofonía, galezca...), para o intercambio de información no ámbito das políticas culturais e o desenvolvemento de proxectos conxuntos.
- Desenvolvemento dunha Proposta Estratéxica Galiza–Lusofonía, que procure o desenvolvemento pleno das relacións culturais entre Galiza e os países de lingua portuguesa, tanto no ámbito da proxección e difusión da nosa lingua e cultura como no do seu aproveitamento cara as nosas industrias culturais.
- Posta en marcha do Centro IBBY de Literatura Infantil e Xuvenil da Diversidade Cultural. Este Centro será a primeira biblioteca internacional do mundo especializada na colección, estudo e divulgación da literatura escrita para a infancia e a xuventude das minorías lingüísticas culturais, conformándose como un auténtico promotor do valor da diversidade entre a xente nova.

V.4.2.5. A cidade da cultura

V.4.2.5.1 Obxectivos e principios básicos de actuación.

O proxecto da Cidade da Cultura, moi avanzada a súa execución cando chegou o BNG ao Goberno, foi unha pesada lousa que nos legou o PP. O deseño do BNG para dotar de contido a esta infraestrutura pasa por poñela ao servizo da cultura galega, do seu coñecemento, espallamento e posta en valor. O que foi unha operación sen sentido, faraónica, en gran parte irreversible, temos o empeño de convertela nunha oportunidade: un magno espazo de visualización e proxección da creación cultural galega, histórica e actual, de intercambio con outras culturas. Unha plataforma tamén para dar a coñecer a nosa historia, oculta, preterida ou manipulada, de forma que o pobo galego acceda a unha memoria histórica de seu, desde a prehistoria a hoxe, con especial énfase nos períodos que sofren especial terxiversación ou menosprezo. Os usos propostos propician unha variada oferta cultural que permitirá que o complexo sexa lugar de encontro para os/as cidadáns/ás, espazo de creación e intercambio de experiencias, de acceso ao coñecemento e tamén un espazo galego para a vertebración da nosa cultura e a súa proxección internacional.

Os principios básicos sobre os que debe asentarse o proxecto cultural son os seguintes:

- A CdC como espazo que, centrado na cultura galega, en contacto igual e en mutuo beneficio con outros centros culturais do mundo, xere coñecemento arredor do desenvolvemento cultural de Galiza e doutros pobos do mundo, comezando polos máis afíns lingüística e culturalmente.
- A CdC como axente promotor da creación cultural, apostando pola mellora da súa calidade a través da innovación e a experimentación, ofertando os recursos necesarios e favorecendo o intercambio coa creación de calidade do ámbito internacional.
- A CdC como un dos eixos vertebradores do sistema cultural galego, con liñas de actuación que sirvan para coordinar os recursos e actividades presentes, e que teñan carácter complementario e enriquecedor.
- A CdC como activo para o desenvolvemento socioeconómico, alentando a xeración do tecido económico e de emprego de calidade arredor da cultura que reforce a nosa industria cultural, vinculando a cultura a outros sectores económicos e operando como un atractivo turístico por posibilitar o acceso a un coñecemento da nosa riqueza cultural e artística de forma viva e atractiva, co impacto apropiado.
- A CdC como promotora da presenza e visibilidade internacional da cultura galega.
- A CdC como espazo de ocio cultural. Concibida como unha alternativa para o tempo de ocio familiar, no que grandes e pequenos gocemos dunha oferta cultural ampla e de calidade.

V.4.3.1. O proxecto cultural

O proxecto cultural da Cidade da Cultura, que o BNG pretende que estea determinado polo interese público prioritariamente, artículase arredor de tres eixos fundamentais: a documentación, coa Biblioteca Nacional e o Arquivo Nacional; o coñecemento da nosa historia, e a investigación e difusión do patrimonio cultural, co Museo da Historia e o Centro de Investigación do Patrimonio; e a creación e exhibición artística, co Centro de Arte Internacional, Escenario Obradoiro e Museo de nenos e nenas.

Esforzaremos por convertelo nun polo cultural que represente, xunto á súa singularidade arquitectónica, un lugar de referencia para Galiza e para fóra.

V.4.3.2. Os contidos da Cidade da Cultura

Arquivo Nacional e a Biblioteca Nacional de Galiza:

Estas dúas institucións culturais de referencia ocupan dous edificios da Cidade e actúan como gran centro documental da historia e da cultura de Galiza. Actuarán como cabeceiras dos sistemas galegos de arquivos

e bibliotecas, levarán a cabo un labor de difusión dos fondos documentais e bibliográficos e faranos accesíbeis á cidadanía.

O Arquivo Nacional de Galiza é o centro destinado a recibir, conservar, organizar e difundir os documentos de orixe pública ou privada de dentro e fóra de Galiza que, formando parte do patrimonio documental de Galiza, posúan unha especial relevancia como testemuños da cultura de Galiza ao longo do tempo e da civilización universal.

A Biblioteca Nacional ten como misión reunir, conservar, difundir e facer accesíbel toda a produción bibliográfica de Galiza, así como a relacionada con Galiza aínda que non producida aquí, incluíndo toda a produción impresa periódica ou non, sonora, audiovisual, informática ou en calquera outro soporte, formato ou técnica de edición. Configúrase como un centro de promoción e difusión da cultura galega, ofertando servizos presenciais e virtuais dirixidos a todos os sectores sociais e profesionais.

Vinculado ao Arquivo e Biblioteca Nacional creouse o Fondo Cultural Dixital de Galiza, destinado a ser o maior depósito cultural de acceso público da cultura galega de todos os tempos.

Como proxecto específico vinculado á Biblioteca Nacional crearase o Centro IBBY de literatura infantil e xuvenil da diversidade cultural, que será a primeira biblioteca internacional no mundo especializada na colección, estudo e divulgación da literatura escrita para a infancia e a xuventude en linguas e culturas minorizadas.

Museo da Historia de Galiza e o Centro de Investigación de Patrimonio:

O Museo concíbese como un observatorio da historia de Galiza que forneza o coñecemento da súa evolución histórica a nivel popular, que nos é negado e vedado no sistema educativo e na historia oficial española, a través de métodos adecuados. O seu traballo articularase a través dunha exposición permanente e de exposicións e liñas de investigación temáticas de carácter temporal.

O Museo impulsará proxectos cos distintos sectores implicados, de dentro e fóra de Galiza, atendendo á concepción de ser un país cunha historia que necesita ser recuperada, mais que sempre, de formas diferentes, posuía unha dinámica propia, no contexto da Europa, nas súas relacións con Portugal e os países da lusofonía e América Latina, especialmente.

O Centro de Investigación do Patrimonio Cultural está orientado a incorporar os conceptos e as políticas de I+D+i ao campo do patrimonio cultural, a través da investigación científica rigorosa e de obxectivos prácticos, conforme ás necesidades e ao apoio tecnolóxico ás actuacións en materia de patrimonio. A súa función principal é a análise, estudo, desenvolvemento e difusión de coñecementos, métodos e técnicas de conservación, restauración e difusión do patrimonio cultural en todas as súas variantes.

Centro de Arte Internacional, o Escenario Obradoiro e o Museo dos nenos e Nenas:

Estes usos ocupan os 2 últimos edificios do complexo cultural. Son espazos de creación, exhibición e aprendizaxe a través das artes.

O Escenario Obradoiro alberga un centro de recursos (espazos e medios) para a produción das distintas artes escénicas e dispón de dous espazos escénicos polivalentes nos que teñen cabida calquera tipo de manifestación artística. Trátase dun auditorio que dispón dun escenario capaz de albergar grandes producións, e un segundo espazo chamado “Caixa negra”, totalmente moldeábel e polivalente.

O Museo dos Nenos e Nenas concíbese como un centro de aprendizaxe e de ocio a partir da creatividade e das artes. O Centro está orientado á educación en valores e á creatividade, dirixido tanto a nenos e nenas e ás súas familias, como aos colectivos que traballan con eles, a través de espazos físicos e virtuais, onde se investigan e se poñen en práctica recursos e actividades pedagóxico-educativas relacionadas coas artes e as novas tecnoloxías. É a primeira experiencia deste tipo en toda a península.

O Centro de Arte Internacional ten como misión fundamental converterse en referente da reflexión, debate e diálogo das expresións artísticas galegas, de onte e hoxe, de contacto e intercambio coas de Europa, Latinoamérica, e tamén do resto do mundo, en condicións de igualdade e beneficio mutuo, colaborando así á nosa integración e relevo no panorama artístico internacional.

V.4.4. Patrimonio

Igual que o noso patrimonio natural, o Patrimonio Cultural galego é extraordinariamente rico e variado. A intensa humanización da nosa paisaxe converteu Galiza nun gran museo ao ar libre, un espazo callado de bens mobles e inmobles herdados do pasado que posúen valor de seu como testemuños históricos e culturais. Ao seu carón, existe un inxente patrimonio documental, enriquecido ademais por unha poderosa cultura oral que mantivo viva a nosa lingua e conservou moitas das nosas tradicións e costumes.

Os valores patrimoniais, á parte de teren unha entidade propia e irrenunciábel, están vinculados de xeito indisociábel ás paisaxes humanizadas e ao medio natural, conformando as características identitarias do noso territorio.

Para garantir a conservación, defensa e rendibilización social e cultural dos bens patrimoniais, o BNG no goberno impulsou iniciativas para mellorar o marco normativo e legal, activar a divulgación e coñecemento do patrimonio cultural de Galiza e consolidar as redes de museos e arquivos como institucións fundamentais para a preservación e proxección da nosa memoria histórica e cultural.

Tratamos o noso patrimonio cultural convencidos de que é un pilar fundamental da nosa riqueza, ao igual que as nosas rías, os nosos parques naturais ou a nosa capacidade produtiva.

V.4.4.1. Principios básicos de actuación

- Patrimonio cultural como elemento que conforma a nosa identidade e como base para a recuperación da nosa memoria social e cultural.
- Patrimonio cultural como axente –suxeito e obxecto– implicado no planeamento e ordenación do territorio.
- Patrimonio cultural como un recurso fundamental para o desenvolvemento social e económico dos pobos e cidadáns/ás de Galiza.
- Patrimonio cultural como ámbito que ten que ser obxecto dun tratamento e xestión transversal das políticas de intervención sobre os bens culturais e sobre o seu territorio asociado, así como sobre as institucións da memoria.

V.4.4.2. Mellora do marco normativo e de xestión do patrimonio cultural

O impulso das accións a prol da conservación, protección e valorización social do patrimonio cultural galego demanda un anovado marco normativo e unha reforma do seu modelo de xestión.

Durante o goberno do BNG na Xunta de Galiza, aprobouse a Lei de Arquivos e iniciáronse os trámites da Lei de Museos de Galiza, e ditáronse os Decretos de Inventario Xeral do Patrimonio Cultural e de Inspección e Vixilancia, así como os Decretos que regulan as Comisións asesoras da D.X. de Patrimonio Cultural (as catro Comisións Territoriais, o Comité Asesor dos Camiños de Santiago e as Comisións técnicas de Arqueoloxía e de Etnografía así como as Comisións Superiores de Arquivos e Museos previstas nas respectivas leis).

Continuando con esta política de impulso e desenvolvemento normativo levarase a cabo a reforma a fondo da Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galiza, adaptándoa á realidade actual e completando con esta reforma o marco normativo en materia de xestión de patrimonio. Igualmente debe reformarse ou mesmo incluírse na lei xeral de Patrimonio Cultural a regulación dos Camiños de Santiago nos aspectos relacionados con aquel.

Entre os aspectos que deberá contemplar a nova lei están a mellora do ordenamento, regulamentación e xestión das figuras de protección, particularmente daquelas que afectan a espazos ou conxuntos urbanos. A riqueza patrimonial das nosas cidades e vilas exige a redacción de numerosos Planos Especiais de Rehabilitación Integral (PERI ou PEPRI), que teñen como obxecto protexer e conservar espazos singulares e de alto valor patrimonial. Por outra banda, existen as chamadas Áreas de Rehabilitación Integral (ARI), programas executivos que levan adiante as actuacións nos espazos que conforman os PERIs ou PEPRIs. A nova lei deberá habilitar os dispositivos normativos que vinculen na xestión das áreas protexidas ambas as dúas figuras urbanísticas, a protectora e a xestora.

Así mesmo na última lexislatura o 2% do investimento en obra pública realizado en Galiza destinouse a bens culturais, o que deberá quedar regulamentado explicitamente na nova Lei.

Outra das iniciativas propostas para incluír na reforma da Lei de Patrimonio Cultural é que os Museos creados pola Xunta de Galiza adiquiran a condición de Bens de Interese Cultural. Esta iniciativa derivarase da nova Lei de Museos que, ademais, sinala os requisitos que un centro debe cumprir para acadar a categoría de Museo, Colección Visitábel ou Centro de Interpretación.

V.4.4.3. Políticas de conservación, protección e difusión e uso social do patrimonio

O BNG, comprometido coa preservación, protección e goce colectivo de todos estes bens patrimoniais que sitúa na cerna das súas políticas a valorización dos nosos recursos culturais, mobles e inmobles, materiais e inmateriais, como unha achega para a creatividade cultural do presente, mais tamén como elementos a mobilizar para un desenvolvemento sustentábel das nosas zonas rurais e das nosas vilas e cidades.

Con este obxectivo deseñáronse modelos e plans de protección e conservación, difusión e uso social para os grandes subconxuntos do patrimonio cultural: áreas xeográficas de interese histórico-cultural, monumentos e outros elementos arquitectónicos, patrimonio arqueolóxico e elementos e lugares de interese etnográfico. Exemplos destas actuacións son a posta en marcha da Illa de San Simón, os parques arqueolóxicos de San Cibrán de Las e Campo Lameiro, o Museo do Mar e a catalogación do patrimonio cultural marítimo e subacuático, a adecuación dos pendellos de Agolada ou do Museo do Viño en Ribadavia, intervencións en conxuntos monacais (como Sobrado dos Monxes, Samos, Celanova ou Aciveiro) etc.

Os obxectivos políticos en materia de patrimonio son, polo tanto, establecer estratexias que permitan a rendibilización social e apropiación cidadá do patrimonio con responsabilidade, o seu uso como valor educativo, e a súa posta en valor económico no marco de iniciativas locais de xeración de emprego e de promoción turística dos nosos concellos e comarcas. Para o seu cumprimento, levaremos a cabo as seguintes iniciativas:

- Solicitar a transferencia ao Goberno galego dos fondos do 1% cultural da obra pública realizada pola Administración central do Estado en Galiza. Trátase de mellorar a xestión dun recurso que a lexislación do Estado estableceu para atender as grandes demandas que presenta a conservación e a promoción do patrimonio cultural, e permitiría a integración no deseño das políticas culturais dos gobernos autónomos.
- Elaboración do Plan Galego De Intervención E Xestión De Recursos Para O Noso Patrimonio Cultural. Son

moitos os axentes, tanto públicos como privados, que atenden a restauración e conservación do patrimonio cultural. O BNG no goberno articulará un marco de traballo para elaborar un Plan cuadrienal que deseñe os programas de restauración de bens patrimoniais de singularidade cultural recoñecida. Este Plan debe sectorializarse en programas ou liñas temáticas, diferenciadas segundo os distintos tipos e ámbitos do patrimonio cultural (monumentos, zonas e xacementos arqueolóxicos, áreas de interese etnoantropológico etc.). Esta concepción integral sobre as actuacións no ámbito do patrimonio, axudará non só a unha maior eficaz xestión dos recursos, senón tamén a unha maior valorización do patrimonio Cultural en Galiza.

- Bens declarados Patrimonio da Humanidade: continuar co traballo para que algúns ben singulares de Galiza acaden esa Declaración, cualificación que se procura singularmente para a Torre de Hércules, o Camiño Primitivo e do Norte a Santiago, o Ferrol da Ilustración, a Ribeira Sacra etc.
- Delimitación dos Camiños Históricos. Durante a última lexislatura delimitáronse os camiños Francés, Primitivo e do Norte e están en elaboración as delimitacións dos camiños do Sueste, Inglés, Portugués e Fisterra-Muxía. Abordárase agora a delimitación doutras vías e itinerarios históricos, sexan rutas xacobeas ou vías romanas como a Vía Nova.
- Continuación das accións de conservación e recuperación das Torres, Castelos e Fortalezas de Galiza como os da Lúa en Rianxo, Ribadavia, Naraío, Monterrei, Castroverde, Monforte de Lemos etc. así como elaboración dos Planos Directores e mesmo Especiais dos conxuntos amurallados que así o precisen.
- Elaborar un Plan de intervención a longo prazo do patrimonio eclesiástico, sexa inmovible, moble ou documental.
- Continuación do programa de intervencións nos mosteiros xa iniciado, ampliando o número de mosteiros acollidos a este programa como San Martiño do Couto, Ferreira de Pallares, Oseira ou Oia.
- Patrimonio Industrial de Galiza. Sobre o inventario de patrimonio industrial xa iniciado, elaborárase un Plan de intervención e recuperación deste patrimonio. Actuacións obrigadas neste ámbito han ser as referidas ao conxunto histórico de Sargadelos, ás minas e poboados de Fontao e de San Fins e ás ferrerías das serras orientais galegas, ademais de ampliar as intervencións para a consolidación do patrimonio de enxeñaría histórica en pontes como as de Traba, Allariz, Sanfiz (Maside), Pontenafonso, Ponte Corzán etc.
- Procederáse á potenciación da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA). Unha vez rematados os Centros de Interpretación do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrán de Las e o de Arte Rupestre de Campo Lameiro, cómpre continuar cos do Megalitismo da Costa da Morte en Dombate e o do Mundo Galaico-Romano en Lugo, ademais de programas de recuperación dos conxuntos megalíticos da Baixa Limia e das intervencións vinculadas ao territorio da Vía Nova, conforme o Plan Director xa iniciado.
- Posta en marcha do Centro de Arqueoloxía Subacuática, proxecto xa en proceso que se localizará ao lado do Museo do Mar de Galiza, o que contribuirá ao estudo, protección e posta en valor do patrimonio subacuático galego.
- Desenvolvemento do programa de actuación dentro da RGPA en todo o territorio, como é o caso de xacementos urbanos en Lugo ou Vigo, así como nos campamentos romanos de Cidadela e Aquis Querquernis, nos castros de Baroña, Santa Tegra e Viladonga, entre moitos outros.
- Ampliación do programa de incoacións para a declaración de BICs de elementos destacados do patrimonio industrial, etnográfico-antropológico e marítimo-fluvial.
- Posta a disposición pública da Base de Datos de uso universal do Inventario xeral do Patrimonio Cultural.
- Desenvolvemento dos Planos directores das catedrais de Galiza
- Desenvolver o modelo de xestión para Patrimonio Cultural de carácter inmaterial, previsto nas accións do Proxecto Ronsel, vinculado ao patrimonio físico e material.

V.4.4.3 Xeración de coñecemento (I+D+i) e difusión do Patrimonio Cultural.

O BNG quere pór en primeiro plano do sistema cultural galego as nosas “institucións da memoria”, os nosos museos, coleccións visitábeis, centros de interpretación e arquivos. Cómpre destacar neste apartado a aprobación da Lei de Arquivos e a redacción e tramitación da Lei de Museos de Galiza, así como a creación de institucións de referencia para o país neste ámbito como son o Arquivo Nacional de Galiza, o Museo da Historia e o Centro de Investigación de Patrimonio. Trátase de institucións de cabeceira ou de referencia, orientadas á xeración de coñecemento e de investigación aplicada no campo do patrimonio cultural.

Outro dos obxectivos estratéxicos de política cultural para o BNG é a incorporación activa das entidades cidadás nas políticas de conservación, protección, valorización e difusión do noso patrimonio cultural. Un dos grandes retos da política patrimonial é a socialización da información sobre os nosos bens culturais e a creación dunha nova conciencia cívica para promover a súa conservación como parte fundamental da heranza cultural das vindeiras xeracións e para favorecer a creación de novos bens de patrimonio culturais.

O goberno do BNG impulsará as seguintes iniciativas:

- Galiza ten transferidas as competencias políticas de execución e xestión plenas en materia de cultura e patrimonio cultural. No ámbito de relación co Estado, os obxectivos son os seguintes:
 - a. O traspaso a Galiza da titularidade dos Museos e Arquivos de titularidade estatal e aqueles conxuntos ou elementos monumentais que aínda pertencen a distintos organismos da Administración central do Estado. A estes efectos, deberá recoñecerse por parte do goberno do Estado a cuantificación realizada da débeda histórica en materia cultural.
 - b. Instar á dixitalización e traslado ao Arquivo Nacional, creado na Cidade da Cultura de Galiza, dos fondos documentais galegos depositados nos arquivos estatais e de interese para Galiza.
 - c. Transferencia do Instituto Padre Sarmiento, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, dada a súa condición fundacional de institución galega, herdeira en boa medida do Seminario de Estudos Galegos.
 - d. Promover a recuperación para usos socioculturais dos edificios militares existentes en Galiza en desuso ou infrautilizados polo Ministerio de Defensa.
 - e. Reclamar o traslado ao Arquivo da Rexión Militar do Noroeste con sede en Ferrol da documentación depositada no Arquivo Xeral da Mariña Española e no Servizo Histórico da Armada que fora enviada desde os Arquivos militares situados en Galiza.
- Dentro da política cultural terán un tratamento prioritario as “institucións da memoria” como ámbitos fundamentais para a proxección da nosa cultura. Constitúen parte esencial das nosas institucións as diferentes redes de Arquivos, Museos e Centros de Interpretación, que se deberán configurar aos efectos de organización e xestión baixo un Sistema de Arquivos e patrimonio documental nun caso, e un Sistema de Museos e Centros de Interpretación no outro. Así se recolle na Lei de Arquivos e Museos. Estes Sistemas articularanse a través de redes temáticas con arquivos e museos que operarán como referentes de cada rede desenvolvendo unha función coordinadora.
- Arquivo Nacional. O Arquivo Nacional de Galiza é o centro destinado a recibir, conservar, organizar e difundir os documentos de orixe pública ou privada de dentro e fóra de Galiza que, formando parte do patrimonio documental de Galiza, posúan unha especial relevancia como testemuños da cultura de Galiza ao longo do tempo e de civilización universal. Desde un punto de vista cultural, os seus fins áchanse ligados aos conceptos de conservación permanente e acceso público, fomentando o coñecemento e a investigación a través do patrimonio documental.
- Vinculado ao Arquivo e Biblioteca Nacional da Cidade da Cultura de Galiza creouse o Fondo Cultural Dixital, destinado a ser o maior depósito cultural de acceso público da cultura galega de todos os tempos.

- Centro de Ciencias do Patrimonio Cultural (CCPC). Centro orientado a incorporar os conceptos e as políticas de I+D+i ao campo do patrimonio cultura, a través da investigación científica de excelencia e o apoio tecnolóxico ás actuacións en materia de patrimonio. A súa función principal é a análise, estudo, desenvolvemento e difusión de coñecementos, métodos e técnicas de conservación, restauración e difusión do patrimonio cultural en todas as súas variantes.
- Museo da Historia de Galiza. Este responderá ao modelo das entidades museísticas xeradoras e distribuidoras de información e coñecemento deseñando fórmulas de exposición anovadoras na museografía contemporánea. O Museo concíbese como o observatorio da historia de Galiza e das tendencias culturais actuais, centrándose na divulgación do patrimonio cultural galego.
- O BNG favorecerá o desenvolvemento dos museos de ámbito comarcal e local.
- O BNG desenvolverá a imaxe de marca de Patrimonio Cultural de Galiza como referente central identitario da historia e a cultura do país.
- A definición dun plan de promoción turística que teña como cerna os bens e lugares da nosa historia cultural.
- A inclusión de contidos sobre educación patrimonial no currículo do ensino en todos os niveis e nas actividades extraescolares, ao tempo que se intensifican programas de formación especificamente dirixidos/ ás docentes de ciencias sociais para a actualización de coñecementos e se realizan materiais didácticos que teñan como centro de interese o noso patrimonio histórico e cultural.
- Colaboración con outros axentes implicados e interesados no Patrimonio Cultural: por un lado, Concellos e Deputacións, membros do ámbito xudicial, forzas de seguridade ou Igrexa, e por outro, asociacións culturais e comunidades veciñais, entidades sociais e económicas etc.

V.5. Deporte

A práctica do deporte é benestar para a sociedade, desde esa concepción o deporte debe estar dirixido a todos e todas independentemente da idade, do xénero e das discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais. O BNG entende o deporte e a actividade física como o exercicio dun dereito e, ao tempo, como un instrumento para avanzar na igualdade real entre as persoas, nos hábitos de vida saudábeis e na identificación simbólica coa representación deportiva da nosa nación, incidindo no incremento da autoestima como pobo no mundo.

O BNG traballa coa idea da transformación flexíbel, propondo planos estratéxicos que se concretan na execución de políticas transversais nas diferentes áreas de goberno que garantan unha mellor e máis eficaz acción de conxunto na aplicación do Modelo Deportivo Galego que seguiremos a implantar nesta lexislatura. Este Modelo baséase na concepción social do deporte, na súa vertente educativa, mais sen deixar de lado a esfera da competición. Así, o principal obxectivo do BNG nesta lexislatura en materia de deporte será desenvolver o Modelo Deportivo Galego.

Desde o BNG somos coñecedores da realidade sociodemográfica galega tanto no que se refire á idade como ás diferenzas entre tipos de hábitat. O fenómeno do avellentamento da poboación e a progresiva concentración nos contornos urbanos e metropolitanos son dúas características estruturais que deben ser tidas moi en conta para o deseño das políticas públicas. Por outra banda, a atención ás persoas con discapacidade no que se refire á organización do deporte, ao deseño das infraestruturas, ou mesmo ás axudas, é un elemento considerado na elaboración da política deportiva.

Para abordar ese cambio agardado e desexado, é necesario deseñar políticas netamente pensadas por, e para Galiza, coas nosas históricas eivas, mais tamén coa nosa inmensa potencialidade. Un programa de

futuro, pensando no presente; froito da reflexión e da aprendizaxe dos erros, mais aproveitando as oportunidades e fortalezas do camiño iniciado.

Unha Galiza deportivamente organizada, moderna, competitiva e con saúde no futuro, é o que o Bloque Nacionalista Galego pretende acadar coas propostas de goberno que formula.

V.5.1. Deporte e lexislación

O BNG desde o goberno da Xunta dotará ao deporte galego dun marco xurídico propio. O principal resorte deste novo marco debe ser unha nova Lei Galega do Deporte que se acompañará doutras normas como unha Lei Galega sobre a Ordenación do Exercicio de determinadas Profesións do Deporte. Do mesmo xeito, é fundamental a creación dun Consello Galego do Deporte dotado de comisións específicas entre as que estarán a do Deporte Universitario e a do Deporte para Escolares. Este compromiso ten como obxectivos:

- Adaptar a realidade actual da sociedade galega a un espazo xurídico que habilite a posibilidade de desenvolver accións específicas e acaídas ás necesidades do deporte galego.
- Regulamentar o exercicio profesional nos diferentes ámbitos da Actividade Física e Deportiva, e permitir o recoñecemento das súas profesións, garantindo a máxima protección dos usuarios e usuarias a quen van dirixidas.
- Acreditar centros, servizos, profesionais e sociedades profesionais que oferten actividades físicas, deportivas, de lecer ou de tempo libre.
- Crear un Rexistro Público de Profesionais.
- Fomentar e promover o Asociacionismo Deportivo. Regular as relacións entre a Administración pública e o tecido asociativo de primeiro e segundo grao. Ordenar e regular os órganos de mediación deportiva.

V.5.2. Organización territorial

O BNG no goberno da Xunta deseñará unha política deportiva pensada desde unha organización administrativa que supere e mellore a división provincial actual.

O proxecto do BNG pasa por crear un Ente Asociado/Consortado entre a Xunta e os concellos co obxectivo de implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia de actividade física e deporte cos concellos, en función das necesidades e demandas das Áreas Metropolitanas, Universidades etc. Este Ente permitirá e facilitará a colaboración e ordenación das funcións complementarias que deben existir entre as diferentes administracións.

V.5.3. Financiamento

O BNG no goberno impulsará o financiamento privado das políticas públicas deportivas regulamentando fórmulas que permitan beneficios fiscais ás empresas participantes. As principais medidas neste ámbito son:

- Deseñar e implantar un Programa de Financiamento do Deporte Galego en coordinación coas caixas de aforros e outras entidades bancarias.
- Elaborar unha Lei Galega de Mecenado Deportivo.
- Captar ingresos e redistribuír os orzamentos para executar investimentos, tanto da propia Administración deportiva da Xunta, como das Federacións, do Asociacionismo Deportivo, ou mesmo dos Concellos.
- Promover, con especial atención, o investimento naquelas iniciativas que contemplan a xeración de emprego asociado ás mulleres e ás persoas integrantes de colectivos con risco de exclusión social ou discapacidade.

V.5.4. Infraestruturas deportivas

- Diseñar e elaborar o Plano Estratéxico Galego de Infraestruturas Deportivas (PEGAID). Cos obxectivos de proporcionar unha guía de actuación planificada en infraestruturas deportivas, a curto e medio prazo, en función de obxectivos ambiciosos mais posibilistas, e mediante criterios de intervención que atendan as demandas en clave do conxunto do territorio.
- Diseñar normas técnicas de planificación común das infraestruturas deportivas a implantar no territorio, de xeito coordinado cos concellos e/ou entes supramunicipais.
- Atender as demandas das grandes cidades, cubrindo prioritariamente as necesidades das zonas menos desenvolvidas.
- Prestar especial atención ás necesidades de acceso e uso sen barreiras.

V.5.5. Accións de fomento

- Diseñar e implantar un novo Sistema Galego de Subvencións (Axudas, Bolsas...), en colaboración con representantes dos sectores aos que van dirixidas.
- Crear o Consello Galego de Accións de Fomento, para deseñar e elaborar as bases das diferentes convocatorias, co fin de que respondan as verdadeiras necesidades e demandas dos receptores e/ou receptoras.
- Estabelecer unha solución de continuidade e replicabilidade nas convocatorias.
- Avaliar e controlar obxectivamente os seus resultados.
- Clarificar e simplificar o procedemento administrativo.

V.5.6. Formación deportiva

- O BNG, co obxectivo de regular e ordenar a formación nas diferentes titulacións de técnicos/as deportivos/as, impulsará a creación dun Centro Galego de Formación de Técnicos/as Deportivos/as, conformado pola Xunta, Entidades Formativas de Ensino Superior e Federacións Deportivas Galegas.
- O BNG prestará especial atención a que todas as convocatorias públicas conteñan as medidas necesarias para impulsar a formación da muller e das persoas con discapacidade.

V.5.7. Escola

- O BNG desde o goberno elaborará o Libro Branco Galego do Deporte Escolar para coñecer a situación das e dos escolares galegos no ámbito da actividade física e do deporte. Así mesmo avaliaranse as mellores iniciativas que se están a desenvolver neste eido noutros territorios.
- A Administración regulamentará, organizará e normativizará a actividade físico-deportiva non-curricular en todos os seus niveis.
- Creación do Observatorio Galego da Educación Física e do Deporte dotándoo dunha Comisión Galega do Deporte para Escolares. Co obxecto de avaliar e realizar un seguimento dos hábitos e da evolución físico-deportiva dos/as escolares; así tamén avaliaranse os efectos das medidas que se vaian implementando.
- Artellamento, xunto coas administracións sanitaria e educativa, do Plan Galego de Educación para a Saúde na Escola.
- Diseñar o plan de accións a desenvolver para implementar unha actividade físico-deportiva xeneralizada e de calidade, na idade escolar, e en todos os seus niveis.
- Executar as medidas que garantan as proporcións de participación entre nenos e nenas, así como dos e das escolares con discapacidade.

V.5.8. Deporte e universidade

O BNG no goberno deseñará e implantará o Sistema Universitario Galego da Actividade Física e do Deporte cos seguintes obxectivos:

- Planificar e executar as políticas deportivas universitarias do SUG (Comisión Galega do Deporte Universitario).
- Crear o Censo de Deportistas do Sistema Universitario Galego, e impulsar normativas específicas e comúns para este colectivo.
- Proporcionar e garantir ao estudantado, e estudantes deportistas, a continuidade deportiva neste novo contexto académico, con atención e respecto á autonomía universitaria.
- Colaborar na achega de programas de actividade física e deportiva ao conxunto da comunidade universitaria, tanto do persoal de administración e servizos, como do profesorado.
- Coordinar e colaborar conxuntamente coas universidades do SUG nas necesidades e demandas relativas a infraestruturas deportivas universitarias.

V.5.9. Competición e alto rendemento

O BNG co propósito de garantir unha intervención deportiva competitiva e do máximo rendemento posíbel dos nosos e das nosas deportistas a nivel nacional e internacional, levará a termo as seguintes medidas:

- Deseñar e implantar o Plan Galego de Iniciación e Especialización Deportiva.
- Deseñar e implantar o Plan Galego de Máximo Rendemento.
- Crear o Instituto Galego de Medicina Deportiva co obxectivo de garantir a saúde de todas e todos os deportistas, contribuír á súa mellora na intervención deportiva e promover a actividade física controlada como práctica saudábel.
- Promover a implantación dun novo Modelo de Seguro de Accidentes (mutualidade deportiva).
- Implantación, en colaboración coas federacións, da Licenza Galega Deportiva Única, en determinados supostos ou programas específicos.
- Crear núcleos ou sedes de iniciación, especialización e/ou máximo rendemento.
- Crear os Programas Olímpico e Paralímpico Galegos.
- Garantir as infraestruturas públicas e recursos técnicos necesarios para o correcto adestramento e competición dos e das deportistas nos diferentes niveis de rendemento.
- Fomentar e facilitar a formación académica e/ou profesional dos nosos e das nosas deportistas de máximo rendemento.
- Colaborar na inserción laboral deste colectivo de deportistas.
- Organizar eventos deportivos de alto nivel que sexan de interese para os nosos e as nosas deportistas, para garantir a súa participación internacional e, ao tempo, que poidan xerar infraestruturas e equipamentos para o noso país.

V.5.10. Infancia e mocidade

Desde o BNG consideramos que os máis de 300.000 nenos e nenas, galegos e galegas de entre 0 e 17 anos, demandan o establecemento de políticas en materia de actividade física e deporte que permitan acadar as máis altas cotas de eficacia nos seus hábitos de vida saudábeis, na oferta para o seu desenvolvemento deportivo-motor, e na planificación da súa vida deportiva, a medio e longo prazo, como valor engadido á formación escolar ou académica elixida. O BNG desde a Xunta impulsará as seguintes medidas:

- Creación da figura do Técnico/a Dinamizador/a Comarcal de Actividade Física e Deporte.
- Atenderá ás necesidades motrices dos nenos e nenas entre 0 e 3 anos, mediante programas físico-educa-

tivos de base, xogos infantís, psicomotricidade etc.

- Promoverá a práctica de actividade deportiva mediante Ligas de Barrio, de Concello, de Comarca etc.
- Achegará os Deportes Urbanos (skate, parkour,...) e de Natureza (sendeirismo, escalada, esquí,...) aos mozos e mozas galegas.
- Implantará e promoverá os intercambios internacionais de deporte e lingua.

V.5.11. Persoas con discapacidade

No marco do compromiso de atender as necesidades específicas mediante o achegamento ás persoas con discapacidade de programas de Actividade Física e Deportiva, entendidos estes como ferramentas para a mellora da súa calidade de vida, en colaboración con outras administracións ou entidades implicadas. O BNG desde o goberno impulsará as seguintes medidas:

- Implantación do Plano Integral de Atención ás Persoas con Discapacidade ou en Risco de Exclusión Social. No que se contemple a integración social e laboral a través da actividade física e do deporte.
- Creación do Centro Integrado de Actividade Física e Rendemento Deportivo especializado en Discapacidade e Inclusión na Sociedade. Desde o que se atenderá de xeito personalizado ou organizado as necesidades e demandas, en materia de Deporte, de todos e todas as deportistas que precisen da intervención e colaboración da Administración para desenvolver a súa vida deportivo-competitiva.

V.5.12. Maiores

No marco do Sistema Galego de Benestar Social, o BNG defende o achegamento da actividade físico-deportiva, como servizo público de benestar aos nosos maiores. Neste achegamento desempeñan un papel fundamental os concellos consorciados como axentes desde os que artellar este servizo no marco da planificación e homoxeneización necesarias desde a Administración autonómica. Para isto o BNG presenta as seguintes medidas:

- Execución do Programa Galego de Actividade Física para os Maiores “Benestar en Movemento”.
- Achegamento á actividade físico deportiva, como servizo público de benestar, aos nosos e ás nosas maiores.

V.5.13. Deporte tradicional

O goberno do BNG desenvolverá unha política deportiva dirixida a recuperar os deportes e xogos tradicionais. O actual Plano de Acción do Deporte Tradicional foi o primeiro paso necesario para avanzar na recuperación.

O BNG apoiará decididamente aos colectivos implicados na recuperación dos deportes e dos xogos tradicionais, potenciando as súas federacións e clubs e promovendo as Ligas Nacionais de Deportes Tradicionais. Por outra banda, a promoción destas actividades mediante a proxección nacional e internacional desempeña un papel clave na expresión da cultura deportiva do pobo galego.

V.5.14. Deporte e turismo

- Diseñar marcos de intervención e convenios no ámbito do turismo ligado aos deportes náuticos, deporte na montaña, deporte no rural, golf e turismo, turismo activo, termalismo etc.
- Desenvolver a xeración de emprego e unha economía produtiva baseada nos nosos recursos turísticos vinculados ao deporte.
- Propor aos balnearios galegos como servizos públicos de centros polivalentes de deporte e saúde para o benestar e a calidade de vida.

V.5.15. Deporte, empresa e investigación

- Crear o Clúster Galiza Deporte, para facilitar a interrelación empresarial, mediante a participación pública e privada.
- Crear o Programa de Actividade Física na Empresa no que se formulen actuacións conxuntas de prevención de doenzas vinculadas ao aparato locomotor, de hábitos posturais e de readaptación funcional. A práctica do deporte mellorará a calidade de vida do/a traballador/a, a eficacia empresarial e a eficiencia do sistema galego de saúde.
- Apoiar a creación de empresas relacionadas coa actividade física e o deporte.
- Impulsar a organización de espectáculos e actividades deportivas e recreativas en coordinación directa coa Administración.
- Desenvolver unha industria galega do deporte que implique ao maior número de axentes interesados.
- Deseñar e implantar o Programa Nacional de Investigación no Deporte (I+D+i). Implementando de xeito directo, as seguintes liñas:
 - a. Programa Xeral de Investigación no Deporte
 - b. Programa de Investigación no Deporte e a Muller
 - c. Programa de Investigación no Deporte Adaptado

V.5.16. Internacionalización

O BNG desde o goberno da Xunta intensificará as relacións internacionais a través do deporte e dos/as seus deportistas. A elaboración e implantación do Proxecto Galego de Internacionalidade Deportiva será a peza clave neste compromiso. Os obxectivos que se perseguen con este Proxecto son os seguintes:

- Desenvolver os protocolos que planifiquen os Grandes Eventos Deportivos de Galiza.
- Promover e organizar a actuación equilibrada das Seleccións Galegas Femininas e Masculinas.
- Participar na organización das e dos deportistas galegos en eventos de carácter internacional como o Eixo Atlántico, os Xogos e Deportes Galaico-Durienses, os Xogos Iberoamericanos etc.

VI. Avanzando cara a un territorio máis ordenado

VI.1. Ordenación do territorio

O BNG considera a necesidade dunha política de ordenación integral do territorio, baseada na crenza de que Galiza é un proxecto de futuro a longo prazo. Mais, como todos os proxectos de longo percorrido, teñen que ser consensuados por unha ampla maioría social, económica e, por suposto, política.

As Directrices de Ordenación do Territorio, que teñen que ser resultado dun proceso de reflexión e de participación das administracións e colectivos territoriais e sectoriais, serán o marco de referencia para o resto dos instrumentos de ordenación. Neste sentido, deben ser obxecto de seguimento, revisión e reformulación periódica polo goberno e o parlamento galego, co necesario proceso de participación pública, co fin de adaptalas a unha realidade ambiental, urbanística e socioeconómica necesariamente cambiante.

Máis é preciso xestionar o inmediato. O goberno adoptará medidas urxentes no campo das infraestruturas de comunicación e transporte, no das infraestruturas básicas e de servizo, no do urbanismo, no da vivenda, no medio ambiente en xeral, nas infraestruturas produtivas, e na posta en valor do noso patrimonio cultural, formulando conxuntamente compromisos de temporalidade e soporte financeiro para facelas efectivas.

A Comarca é a unidade territorial básica, chave na ordenación do territorio. Nela é onde se poden concretar e acubillar todas as implantacións necesarias para a vida económica, social e cultural das poboacións dos concellos e parroquias integrados en cada unha. A tal fin fomentárase o asentamento de poboación mediante a intensificación e ampliación de políticas e programas dirixidos a dotación de servizos e ao desenvolvemento económico no medio rural.

A realidade do crecemento urbano e o rebordamento dos seus límites municipais exige tamén o recoñecemento e definición de áreas metropolitanas no contorno das principais cidades para a coordinación de planificación e xestión urbanística, a prestación de servizos e a unificación dos sistemas de transporte.

VI.1.1. Obxectivos xerais

- Modificación da Lei de Ordenación do Territorio, (lei 10/1995 de 23 de novembro).
- Revisión e aprobación das Directrices Xerais de Ordenación do Territorio de Galiza.
- Elaboración dos Planos Directores dos distintos ámbitos que conforman a estrutura organizativa territorial de Galiza, nomeadamente no ámbito comarcal, rural e urbano –áreas metropolitanas–, ou ben de unidades operativas de carácter supramunicipal ou supracomarcal conformadas por territorios complementarios ou homoxéneos. Na elaboración dos diferentes planos sectoriais de incidencia supramunicipal, e de cara a prever efectos de quecemento global, inundacións, ou temporais..., terase en conta tanto a distancia á liña de costa como á liña de cota.

Este método procedemental ten como base e obxectivos:

- Corrixir as eivas e disfuncións que se aprecian no territorio de Galiza na actualidade.
- Impedir o desbaldemento do territorio da nación.
- Acomodar o territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socioeconómico e modernización real do país, evitando a desfeita do modelo territorial tradicional e a destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación.
- Potenciar a eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- Equilibrar o asentamento poboacional no territorio.
- Regular os instrumentos de ordenación territorial.
- Axustar a estrutura organizativa do Goberno galego en favor da coordinación interdepartamental.
- Baleirar progresivamente de contido operativo as Deputacións Provinciais.
- Determinar áreas de intervención no que atinxe ao carácter público, privado ou mixto das implantacións no territorio.

VI.1.2. Un novo consenso en urbanismo

As políticas desenvolvidas en Galiza durante décadas agravaron os problemas urbanísticos do país. Problemas que, para alén do “teísmo”, inciden negativamente na calidade ambiental e de vida e impiden a un gran número de galegos e galegas o acceso a unha vivenda digna.

Cómpre lembrar que a Lei 15/2004 explicitou que a finalidade esencial da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, era mellorar substancialmente a calidade da ordenación urbanística en orde a favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostíbel do territorio, contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural e garantir o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna nun contorno de calidade, e no avance cara a eses mesmos obxectivos baseou a mesma a súa propia xustificación.

Aínda así, a pesar do tempo transcorrido desde a entrada en vigor de ambas as leis, non se avanzou o desexábel no favorecemento do acceso de determinados segmentos de poboación á vivenda e na consecución dunha maior cohesión social. As razóns hai que buscalas, por unha banda, na insuficiencia das previsións legais substantivas, mais tamén, por outra banda, en certa inhibición de moitas administracións competentes á hora de pór en marcha políticas activas de vivenda, evidenciándose isto último na moi escasa utilización dos diferentes mecanismos que a lexislación galega pon á súa disposición.

Por esta razón, o BNG desde o Goberno galego ten promovido a aprobación da Lei 6/2008, de 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, o que ten posibilitado a creación, por primeira vez en Galiza, dunha rede autonómica de solos dotacionais para vivenda pública, de forma que a Xunta de Galiza poida ser un actor relevante á hora de acometer políticas públicas para favorecer o acceso á vivenda dos segmentos de poboación máis desfavorecidos, o incremento das reservas de solo para vivendas protexidas, dotándoa tamén de previsións específicas para atender a demanda deste tipo de vivendas nos grandes municipios galegos e o establecemento ou reforzamento dunha serie de medidas para que os concellos poñan en marcha os instrumentos de intervención no mercado do solo contemplados na lei.

Este cambio de rumbo encetado na pasada lexislatura desde o Goberno galego coa posta en marcha de políticas dirixidas a facer efectivo o dereito a unha vivenda digna, teñen que ter continuidade no futuro para o que cómpre afondar na modificación e/ou revisión dos instrumentos normativos vixentes.

E por iso cómpre promover, dentro do respecto á autonomía local, unha ordenación urbanística racional e sustentábel do territorio galego, a partir dunhas directrices xerais de ordenación do territorio, integrada coas redes xerais –viarias, enerxéticas, hidráulicas e de saneamento– e baseada nun amplo consenso político e social, o que será unha prioridade política para o goberno do BNG que, en desenvolvemento destes obxectivos, adoptará as seguintes medidas lexislativas:

- Elaboración dunha nova Lei de Ordenación Urbanística que, fundada nun amplo consenso social e político, propicie unha planificación municipal e comarcal racional conforme aos obxectivos que sinalen as directrices territoriais e os correspondentes planos sectoriais da minaría, litoral, agrario, forestal etc. A nova Lei regulará tamén o réxime urbanístico da propiedade do solo. O proxecto de lei deberá ser presentado ao Parlamento antes do final do primeiro ano da lexislatura.
- No bienio seguinte á aprobación da nova Lei de Ordenación Urbanística, aprobaranse os correspondentes regulamentos executivos de Planeamento e Deseño Urbano, de coordinación de Disposicións Sectoriais, de Execución e Xestión da Acción Urbanística e de Disciplina Urbanística.

Este novo corpo lexislativo e, en xeral, a política urbanística do goberno do BNG responderá aos criterios seguintes:

- A importancia do deseño urbano, con especial atención ás actuacións nas áreas de maior valor urbanístico –Conxuntos Histórico-Artísticos–, nas áreas urbanas degradadas, nas xurdidas ao abeiro do “desarrollismo” dos anos 60 e 70, e nos núcleos rurais tradicionais.
- O apoio a todos os concellos para a elaboración e aprobación do correspondente instrumento de planeamento urbanístico de carácter xeral e a introdución de planos directores de ámbito comarcal ou metropolitano, así como os especiais de protección de conxuntos históricos e do medio rural. A lei preverá os supostos en que o departamento competente en materia urbanística se poida subrogar no exercicio das competencias locais.
- Reformulación profunda do procedemento, mecanismos e contidos na elaboración do Planeamento Municipal.
- No desenvolvemento urbanístico terase en conta a realidade do medio rural, introducindo mecanismos

urbanísticos que garantan a dotación de equipamentos nas parroquias, e que dean cobertura ás necesidades específicas do desenvolvemento urbanístico asociado ao sector agrogandeiro.

- A previsión dun amplo abano de mecanismos de xestión urbanística, permitindo unha escolla flexíbel en función do tipo de planeamento, do tipo de concello e do tipo de solo de que se trate. Regularase especificamente a creación e funcionamento de sociedades públicas, privadas e mixtas de xestión urbanística.
- A recuperación polas entidades locais dos aproveitamentos lucrativos concedidos a empresas privadas para o financiamento privado de infraestruturas públicas.
- A garantía dunha completa información e participación cidadá nos procesos de elaboración e tramitación dos planos de ordenación, e os mecanismos que permitan que se cumpra a vontade popular nesta materia.
- O goberno do BNG procurará dar solucións ás irregularidades producidas nestes últimos lustros ao longo do país a través de normas de dereito transitorio que regulen os supostos susceptíbeis de legalización (prazos, requisitos e contías económicas a satisfacer á Administración local).
- Dotarase ás comarcas dos correspondentes Equipos Técnicos para desenvolveren de modo positivo a acción urbanística en colaboración coas administracións municipais, os veciños, os propietarios e os promotores.

VI.2. Infraestructuras

O desenvolvemento das infraestruturas de comunicación en Galiza tivo nas últimas décadas dúas características fundamentais: por unha banda o atraso histórico ao respecto da planificación destas, que ten condicionado o noso desenvolvemento económico, e de outra a falta de planificación e coordinación entre as distintas administracións con competencias sobre a súa execución.

Nos últimos anos téñense producido avances de cara a corrixir esta situación, tanto no esforzo investidor, como na súa planificación, mais non suficiente. Isto fai que haxa que traballar en dúas liñas estratéxicas en materia de infraestruturas: garantir a continuidade dos investimentos e da súa execución, e decidir, planificar e xestionalas desde Galiza.

Galiza debe dotarse dun Plan estratéxico de infraestruturas do transporte e mobilidade, que realice unha análise das necesidades de comunicación, a intermodalidade dos distintos modos de transporte, as necesidades de infraestruturas que garantan a accesibilidade de todo o territorio galego e as súas comunicacións co exterior, que responda ás necesidades dos nosos sectores produtivos, que potencie e impulse o transporte colectivo e o público e, finalmente que dea prioridade e controle os investimentos necesarios para a súa execución e mantemento.

Para acadar o obxectivo estratéxico de dotármonos das infraestruturas de comunicación acaídas ás necesidades de Galiza debemos contar con capacidade política real para decidir sobre estas, e instrumentos estábeis de coordinación e seguimento das infraestruturas dependentes do Estado.

Nesta última lexislatura foi fundamental o traballo político do BNG para acadar a constitución da Comisión Bilateral de seguimento das infraestruturas Galiza-Estado, mais debemos ser conscientes de que a súa efectividade e continuidade dependerá da capacidade real que teña o BNG e da determinación que o Goberno galego poña na súa efectividade, sen someterse nin pregarse a intereses alleos.

En síntese, a acción política do BNG no Goberno galego na próxima lexislatura terá como obxectivo a programación e execución das infraestruturas de comunicación que sirvan a cohesión territorial do país, ao

noso desenvolvemento económico, e a acadar o nivel acaído de competencias, control e responsabilidade sobre estas.

VI.2.1. Obxectivos xerais

- Acadar o traspaso das competencias do Goberno central á Comunidade autónoma nesta materia.
- Facilitar, cunha concepción intermodal, a accesibilidade da poboación galega ás infraestruturas de transporte para a conexión interior e exterior de Galiza. Infraestruturas que deben ser un factor determinante do desenvolvemento económico do país, atendendo acadamente ao tráfico de mercadorías.
- Garantir a intermodalidade, facendo do ferrocarril un sector de transporte prioritario tanto para mercadorías como para persoas.
- Potenciar as conexións urbanas por ferrocarril, coa categoría de proximidades.
- Promover unha empresa pública galega de transporte ferroviario.
- Asegurar, co seguimento na Comisión Bilateral Galiza-Estado, da execución das infraestruturas pendentes.

VI.2.2. Medidas

Galiza debe dotarse dun plan estratéxico de infraestruturas de transporte e mobilidade que permita a análise, planificación e execución de todas as infraestruturas do noso país a medio e longo prazo. Este plan debe contemplar todas as infraestruturas de transporte tanto de persoas como de mercadorías e a intermodalidade, sexa cal for a administración que ten competencias sobre elas, no exercicio das competencias exclusivas que ten a Comunidade Autónoma en materia de Ordenación do Territorio.

No exercicio destas competencias exclusivas debe facerse ese traballo de previsión e planificación e negociar coas distintas administracións –locais e estatal– o resultado final, incluíndo os prazos e dotación orzamentaria deste.

O plan deberase someter á aprobación do Parlamento de Galiza, logo do necesario debate social sobre este, para dotármonos dun marco estábel en materia de infraestruturas e abandonar definitivamente a falta de planificación e as actuacións illadas e sen conexión entre os distintos modos de transporte e as necesidades de mobilidade.

O proceso de elaboración e aprobación deste plan non pode supor unha parálise na atención ás necesidades de infraestruturas de transporte e mobilidade no noso país, xa que hai carencias que están perfectamente avaliadas, que será necesario acometer sen esperar ao remate da súa elaboración.

VI.2.2.1. Estradas

- Impulsar a execución das vías de alta capacidade de conexión de Galiza co exterior (Cantábrico, Meseta e Portugal). Garantir as comunicacións interiores de Galiza mediante autovías libres de portaxe, completando a estrutura básica de comunicacións interiores de Galiza e garantindo as obras necesarias para completar e mellorar os accesos ás autovías e autoestradas de Galiza.
- Acadar o traspaso das competencias sobre as vías de comunicación de titularidade estatal que discorren integramente por Galiza, incluídas a AP-53 e a AP-9.
- Impulsar a volta ao sector público das autoestradas privatizadas.
- Impulsar a rebaixa e supresións das portaxes das autoestradas galegas, xa sexan de titularidade estatal ou

- autonómica, determinando desde o sector público a política tarifaria.
- Mellorar as condicións de mantemento, conservación e seguranza das vías de alta capacidade, elaborando normas regulamentarias de actuacións na totalidade das vías de alta capacidade, públicas ou privadas, e de titularidade estatal ou autonómica.
 - Mellorar a rede viaria convencional de conexión intra e inter-comarcal, garantindo unha rede estradas de titularidade autonómica que conecte adecuadamente todos os concellos do país.
 - Negociar coas administracións locais o traspaso de titularidade entre vías locais e autonómicas para dotar de coherencia e homoxeneidade a rede de estradas interior de Galiza.
 - Elaborar unha normativa regulamentaria na que se atendan as características propias de Galiza no deseño, exigencias técnicas, trazado e condicións de mantemento e seguridade de todas as vías de circulación do país, xa sexan de carácter urbano ou interurbano. O modelo de asentamento poboacional e produtivo galego, o elevado número de atropelos, as nosas condicións orográficas e climatolóxicas fan necesario que se dispoña dun modelo propio sobre as características e normas de execución e mantemento das infraestruturas viarias en Galiza e deixar de mimetizar modelos pensados para realidades ben distintas da nosa.
 - Eliminar os puntos de elevada sinistralidade, prestando especial atención a tramos de accidentabilidade nos que estean implicados usuarios máis vulnerábeis da vía pública (peóns, ciclistas, motoristas, vehículos agrícolas etc.).

VI.2.2.2. Ferrocarril

O goberno do BNG levará a cabo as seguintes medidas de goberno:

- Impulsar o remate nos prazos comprometidos das redes de altas prestacións ferroviarias de Galiza, interior e de conexión co exterior.
- Comprometer mediante a comisión de seguimento das infraestruturas os prazos e investimentos necesarios para rematar nun horizonte temporal certo a rede de alta velocidade e garantir a conexión ferroviaria dos portos exteriores de Ferrol e A Coruña, así como a renovación dos accesos ferroviarios no resto do sistema portuario.
- Exixir un plan de mellora dos servizos ferroviarios, coa dotación de novo material a RENFE e a optimización dos recursos humanos.
- Elaborar un plan de acceso ferroviario a polígonos industriais que estean próximos ás infraestruturas ferroviarias.
- Impulsar o tránsito ferroviario de mercadorías.
- Negociar a transferencia a Galiza dos tramos do ferrocarril convencional que queden fóra de uso pola execución de novas infraestruturas, para seren incorporados ao servizo de proximidade e media distancia galegos.
- Estabelecer o servizo de proximidades ferroviarias nas áreas urbanas do país, elaborando os necesarios planos de transporte metropolitanos que inclúan o transporte ferroviario.
- Negociar a transferencia a Galiza dos servizos ferroviarios que teñen destino e chegada dentro do territorio nacional, coa creación dun ente público ferroviario galego e unha compañía pública galega para a prestación dos servizos ferroviarios interiores, como a forma correcta de autorresponsabilidade sobre os recursos propios que todos os anos se convenían con RENFE.
- Impulsar o acondicionamento da liña de FEVE en Galiza, para dar un acaído servizo de proximidade na Mariña e garantir o acceso a polígonos industriais e portos do norte do país.
- Trasladar anualmente ao Parlamento de Galiza o seguimento dos compromisos en materia de infraestruturas ferroviarias para a súa avaliación.
- Impulsar a mellora da rede convencional e garantir a prestación de servizos de media e longa distancia de calidade, a pesar das condicións da infraestrutura existente.

VI.2.2.3. Aeroportos

A acción do BNG no Goberno galego irá encamiñada a acadar a transferencia á Xunta de Galiza da titularidade e da xestión dos tres aeroportos galegos para, dese xeito, impulsar un sistema aeroportuario galego integrado que procure a especialización e complementariedade dos tres aeroportos galegos para atender as distintas demandas (tráfico internacional, interno, compañías de baixo custo, mercadorías). Así o BNG reclamará a desclasificación dos aeroportos de Alvedro e Peinador como aeroportos de interese xeral do estado, que pasarán a seren xestionados pola Xunta de Galiza. Con respecto a Lavacolla, procurarase unha fórmula que, cando menos, garanta a participación autonómica na súa xestión.

Alén da súa transferencia o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Reestruturación do espazo aéreo e descentralización do tráfico aéreo, co establecemento dun control internacional en Galiza, de xeito que se incremente a oferta de voos directos cara a Europa e América.
- Elaboración dun novo plano director do aeroporto de Lavacolla que potencie o seu carácter internacional. Impulsar a conexión ferroviaria deste aeroporto coa estación intermodal de Compostela.
- Mellora das conexións e das prestacións dos aeroportos de Alvedro e Peinador, controlando a aceleración dos investimentos necesarios para permitir a súa plena operatividade baixo calquera situación meteorolóxica.

VI.2.2.4. Portos

A constitución dun sistema portuario galego que integre a totalidade dos portos do noso litoral será unha actuación prioritaria do BNG no goberno galego. O sistema portuario, o seu desenvolvemento planificado, a complementariedade dos distintos portos que o integran, a diversificación das súas actividades en función das necesidades dos sectores produtivos, as actividades empresariais, turísticas e pesqueiras asociadas ao funcionamento do sistema portuario son fulcrais para o desenvolvemento económico de Galiza.

Así mesmo a planificación da actividade portuaria debe ir encamiñada claramente a evitar o uso do dominio público portuario como polígonos industriais co asentamento de actividades non-vinculadas á actividade e transporte marítimos, eliminando a realización de máis recheos innecesarios nos portos galegos.

O BNG no Goberno galego terá unha actuación encamiñada a acadar a transferencia a Galiza dos portos de interese xeral do estado, avanzando en primeiro termo nunha maior capacidade da Xunta de Galiza na planificación e na ordenación territorial dos portos e das súas actividades.

Impulsar a creación dun pool dos portos galegos de intereses xeral de Galiza, potenciar os investimentos e a satisfacción da débeda histórica dos portos, consecuencia do desvío de fondos produto da explotación portuaria a outros portos do estado situados fóra de Galiza.

O BNG impulsará as xestións necesarias co goberno do estado e a empresa concesionaria para liberar para uso portuario o dique norte do porto de San Cibrao.

Potenciar o tráfico intermodal nos portos galegos, coa dotación das infraestruturas necesarias para garantir o tráfico de contedores a todos os portos de interese xeral.

Reclamar o nivel e ritmo de execución de investimento adecuado para o remate das obras dos portos exteriores de Ferrol e A Coruña, así como as súas conexións ferroviarias e por estrada.

Garantir o investimento nos portos dependentes da Xunta de Galiza para a modernización e mellora do seus servizos, sobre todo nos prestados ás embarcacións de pesca de baixura e litoral.

Elaborar un plan de recuperación dos portos tradicionais da costa galega, como parte fundamental do noso patrimonio histórico.

VI. 3. Transporte

A situación da mobilidade e o transporte en Galiza atópanse nunha situación manifestamente mellorábel, como se pon de manifesto polos seguintes feitos:

- Aposta case absoluta polo automóbil como modo de transporte.
- Infrautilización do ferrocarril como medio de transporte.
- Transporte colectivo por estrada lastrado por unha normativa legal obsoleta, baseada en concesións que impide responder axeitadamente á nova organización territorial, nomeadamente na escala comarcal.

Diante desta situación, o BNG desde o Goberno galego apostará definitivamente polo transporte público colectivo, para o que se levarán a cabo as seguintes actuacións:

- Potenciarase o transporte ferroviario de media distancia para o tráfico de mercadorías e de pasaxeiros, para o que se actuará na mellora e ampliación da rede de camiños de ferro actual.
- Potenciarase o transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros naquelas rías nas que non interfira gravemente con outros usos produtivos.
- Apostarase polo sistema de proximidade, integrando o transporte ferroviario de proximidade e o transporte marítimo.
- Fomentarase a intermodalidade, incluíndo os modos de transporte non contaminantes como a bicicleta.

VI.3.1. Tráfico e seguranza viaria

VI.3.1.1. Obxectivos

O BNG considera primordial a transferencia das competencias en materia de tránsito e seguranza viaria, nos termos da Proposición de lei orgánica aprobada, co especial pulo do BNG, polo Parlamento de Galiza.

Galiza precisa autorresponsabilizarse da xestión do tránsito e seguranza viaria, de xeito que poida facer fronte con maior eficacia a elementos diferenciais da realidade galega que están detrás da alta sinistralidade viaria de Galiza, como a maior densidade viaria, a dispersión da poboación, unha climatoloxía que non se corresponde coa doutras zonas do Estado ou a inexistencia dun servizo público axeitado.

O BNG promoverá o coñecemento das causas reais dos accidentes, para poder articular unha acción coordinada que permita incrementar a seguranza viaria, reducir os accidentes e, sobre todo, facer diminuír o número de persoas que falecen ou sofren feridas nas estradas. Mais isto só será posíbel coa asunción de competencias nesta materia por parte da Administración autonómica galega, o que permitirá deseñar políticas propias.

Por todo isto, o BNG seguirá a defender a transferencia das competencias de Tránsito e Seguridade Viaria a Galiza, co obxectivo de instaurar un modelo Galego de Tránsito e Seguridade Viaria que dea prioridade á formación, a prevención e a protección fronte á vixilancia e á represión.

Este modelo Galego basearase nos seguintes principios:

Organización Administrativa

Creación dunha unidade administrativa para xestionar as competencias de Transportes, Tránsito e Seguridade viaria que inclúa tamén o control de vehículos, con capacidade técnica para asumir todas as competencias en tránsito e seguridade viaria que actualmente están no Goberno español e que xestiona a través das Xefaturas Provinciais de Tráfico.

Modelo Policial

A creación dun corpo de policía galego deberá contar cos policías locais e, desde unha formación común dunha Academia de Policía Galega, buscar que a súa actuación sexa un aspecto diferencial na súa filosofía e fórmulas de trato ao usuario, inculcando o concepto de policía preventiva de tránsito.

Política de prevención

Elaboraranse programas para reforzar a prevención mantendo un constante apoio e dotando de recursos á prevención.

Participación da sociedade civil

É este un elemento moi importante para conseguir os obxectivos de mellora da fluidez e da seguridade do transporte e a circulación viaria. As autoescolas, talleres de reparación de automóbiles, compañías aseguradoras, fabricantes de vehículos, asociacións de afectados de accidentes, estacións I.T.V, concesionarios de autoestradas, clubs de automobilistas etc., constitúen un colectivo de entidades con obxectivos e intereses próximos á Administración e que deben de considerarse para definir a estratexia futura de seguridade viaria.

Os estudos sobre as necesidades de desprazarse as persoas nun contorno determinado non poden limitarse a un só medio de transporte como é o vehículo particular nas rúas e estradas, e débense facer propostas máis globais que teñan en conta todas as posibilidades de movemento. O transporte público é unha referencia cada día máis necesaria na planificación da Mobilidade mais non só o transporte sobre as vías públicas, senón tamén o ferrocarril e sen esquecer o transporte aéreo e marítimo aínda que este se refire máis a longas distancias. Nace así o concepto de intermodalidade do transporte que necesita unha análise da utilización de cada medio de transporte, e das posibilidades de transvase entre diferentes medios de transporte, débese considerar así toda a oferta de transporte que se pode dar ao usuario. De aí a necesidade dunha unidade administrativa ou Autoridade Única de transporte e mobilidade.

Este modelo Galego de Transportes e Mobilidade Segura defínese así:

- Unha Administración co máximo de competencias de tránsito, coordinada coas administracións central e locais, aberta á participación e colaboración da sociedade civil e capaz de definir con esta as estratexias necesarias para conseguir un tránsito o máis fluído e seguro posíbel.
- Unha permanente preocupación por sensibilizar os/as cidadáns/ás da transcendencia da actuación individual de cada un no contexto da circulación xeral, creando unha policía de tránsito galega, modelo de respecto ao/á cidadán/á e máximo expoñente dunha política de prevención baseada no convencemento por unha convivencia ao volante, por enriba da sanción.

VI.3.1.2. Medidas no marco actual

Mentres se manteña a situación competencial actual as propostas o BNG defenderá:

A creación dun organismo transversal que elabore os programas de actuación no que ademais das Administracións das Consellarías de Política Territorial, Benestar, Industria, Educación, Sanidade estean repre-

sentadas as entidades sociais como autoescolas, asociacións de automobilistas, aseguradoras etc. Este Observatorio para a seguridade viaria será o encargado de elaborar as campañas de intervención social e nas que se deberán tratar todos os factores que interveñen na circulación tendo en conta as peculiaridades galegas para a formación viaria... (dispersión poboacional, avellentamento, climatoloxía), para facer conforme a elas as políticas de prevención e educación viaria.

O BNG reforzará o papel da Dirección Xeral de Transportes e levará a cabo as seguintes medidas:

Plano de Transporte Público de Viaxeiros por estrada

Elaborarase un plano de transporte público integral que contemple desde o transporte urbano, metropolitano, interurbano todas as variábeis deste, como son:

- Frecuencias dos servizos que deberán de cubrir as necesidades de horarios laborais, de estudos, de servizos como mínimo nas liñas regulares que unen as vilas cabeceiras de comarcas de todo o país coas cidades.
- Coordinar o sistema de transporte interurbano cos servizos de transporte urbano.
- Complementar este servizo con sistemas de transporte á demanda desde as áreas rurais ás vilas.
- Continuar coa implantación en toda Galiza do transporte adaptado 065.
- Dotar estes servizos de medios de calidade que faga atractivo e digno o uso do transporte público.

Este plano concertarase coas empresas concesionarias das liñas regulares e a Administración poñerá os fondos necesarios para que se manteña o servizo con continuidade no tempo para modificar os costumes actuais dun uso case único do transporte privado, acadar este obxectivo suporía beneficios económicos, de seguridade medioambientais, de fluidez etc. para toda a sociedade.

Control do servizo de Transporte Público de Viaxeiros por estrada

O BNG, desde o goberno, controlará o cumprimento das condicións das concesións e autorizacións a todas as empresas e en todos os servizos, como cumprimento de paradas, disposición de vehículos que están contratados, cumprimento da obriga de acompañante etc.

Observatorio Galego de Custos.

Elaboración dun Observatorio Galego de Custos para o transporte de mercadorías por estrada, dada a específica realidade galega (dispersión xeográfica, orografía do terreo, condicións climatolóxicas, localización xeográfica periférica particular no marco europeo etc.)

Redefinición do Comité Galego de Transportes.

Dentro do marco da LOTT (Lei de Ordenamento do Transporte Terrestre), redefinición do Comité Galego de Transportes, único organismo existente de interlocución do sector coa Administración galega, para o converter verdadeiramente nun organismo útil e, ao mesmo tempo, reproduza unha imaxe máis fiel do sector.

- Ampliación da cobertura das axudas ao abandono da actividade para transportistas autónomos complementarias ás que ofrece o Ministerio de Fomento, coa mesma cobertura que agora teñen as deste Ministerio (desde os 58 anos ou en situación de incapacidade permanente absoluta, até tres autorizacións de transporte en autónomos e sociedades unipersoais).
- Promoción de investimentos nas empresas de transporte dirixidos á integración de máis operacións loxísticas na súa actividade.

- Formación, co mantemento en 2009 e anos sucesivos da liña de axudas aberta en 2008 destinada á formación do sector.
- Aposta e promoción do transporte intermodal.
- Mellora dos medios técnicos de inspección que son competencia da Dirección Xeral no que ten a ver co cumprimento daqueles marcos normativos relativos a transporte de mercadorías por estrada.
- Posta en marcha dunha aplicación informática de xestión por internet para a axilización das tramitacións administrativas relativas ás autorizacións de transporte (altas, visados, consultas etc) que competen a esta unidade administrativa. A día de hoxe 4 Comunidades Autónomas (Madrid, Comunitat Valenciana, Catalunya e Aragón) xa dispoñen deste sistema.
- Diseñar unha estratexia galega de aposta pola loxística como fonte xeradora de riqueza para o País.
- Desenvolvemento e execución do Plan Director de Estradas de Galiza. Particularmente, no que ten a ver cos vehículos pesados, ao abeiro deste Plano.
- Concreción de liñas de axudas ou préstamos ao investimento destinados directamente ás empresas de transporte, particularmente para a Renovación de frotas e Adaptación ou transformación en operadores loxísticos das empresas.
- Constitución dun Clúster do transporte de Galiza, orientado fundamentalmente á innovación e á aposta estratéxica pola loxística.
- Promoción do uso das tecnoloxías de información e comunicación no tecido empresarial do sector, como vector clave para a produtividade e a competitividade.
- Axudas á implementación de ferramentas nas empresas que vaian no sentido do aforro e a eficacia enerxética.
- Promoción do cooperativismo de traballo asociado como fórmula válida no sector para a agrupación das micropemes e autónomos.
- Promoción das dotacións de solo industrial destinado á loxística e transporte.
- Desenvolvemento de normativa que estableza a obriga de reservar unha porcentaxe mínima de superficie dentro dos polígonos industriais de nova creación destinada como aparcadoiro para vehículos industriais.

VII. Avanzando no acceso á vivenda e no solo productivo

VII.1. Vivenda

O BNG, desde o Goberno galego ten conseguido avanzar de xeito decisivo no favorecemento do acceso a unha vivenda digna, como o reflicten datos como os seguintes:

- En vivenda protexida de nova construción (VPA+VPP), a media anual da lexislatura foi de 5.626 vivendas protexidas, cifra que representa un 34,5% máis que a media anual da anterior Lexislatura.
- En vivenda protexida promovida directamente pola Administración (VPP), licitouse unha medida de 625 vivendas de promoción pública cada ano, o que representa un 33% máis da media anual do anterior Executivo.
- En canto á rehabilitación de vivendas, incrementouse un 12,4% sobre a anterior Lexislatura.

Mais alén diso o BNG ten conseguido importantes avances normativos en materia de vivenda, entre os que cabe salientar:

- Modificación da Lei do Territorio de Galiza: o BNG impulsou unha modificación desta Lei para poder contar cunha ferramenta urbanística que lle permita incidir na obtención de solo residencial para vivenda protexida á marxe da tramitación dos plans xerais de ordenación municipal. Este instrumento urbanístico

de carácter supramunicipal son os denominados Plans Sectoriais, até agora só posíbeis para solo empresarial. O que ten culminado coa redacción do Plan Sectorial Galego de Solo Residencial.

- Modificación da Lei do Solo: o BNG impulsou tamén a modificación desta Lei, a través da Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, igualmente co obxectivo de intervir no mercado do solo. A principal medida incluída nesta reforma lexislativa é o incremento até o 40% do solo reservado para vivenda protexida nos concellos de máis de 20.000 habitantes.
- Normas do Hábitat Galego: normativa que ten suposto un avance sen precedentes na mellora da calidade e habitabilidade de todas as vivendas que se constrúen en Galiza.
- Rexistro de Demandantes de Vivenda Protexida: que ten achegado transparencia e garantida a igualdade de condicións no acceso a unha vivenda protexida.
- Lei de Vivenda: o texto constitúe un verdadeiro “código do dereito á vivenda de Galiza”, a través desta Lei aspírase a que Administración ocupe o papel que a propia Constitución lle encomendou para procurar a efectividade do dereito á vivenda. Regúlase dentro da norma o “estatuto galego da vivenda”, que sistematiza e eleva a rango de Lei o disperso réxime xurídico da construción e utilización de vivendas.

VII.1.1. Solo residencial

O solo é a materia prima fundamental para poder construír vivenda protexida. Na vindeira lexislatura procederase á execución e desenvolvemento do Plan Sectorial Galego de Solo Residencial que xestionará 8,7 millóns de m² para construír 45.000 vivendas no horizonte temporal de 2009-2017.

A execución do Plan Sectorial de Solo Residencial permitirá ter solo residencial para poder pór a disposición do sector privado solo a prezos razoábeis e non-especulativos para poderen construír vivenda protexida.

VII.1.2. Vivenda de promoción pública

É a vivenda protexida construída directamente pola Administración e destinada a aquelas persoas ou unidades familiares ou convivenciais con menos recursos. Neste ámbito traballarase en dúas liñas:

- Seguir cun ritmo de construción de 700 vivendas novas por ano por parte da Administración pública.
- Rehabilitar e conservar o parque de vivendas de promoción pública existente:
 - a. Reconstrución e rehabilitación de vivendas de promoción pública.
 - b. Rehabilitación de elementos comúns do parque público de vivendas.
 - c. Axudas ás comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública para a reparación, rehabilitación e adaptación das vivendas.
 - d. Axudas aos concellos para realizar obras de reurbanización, renovacións e instalacións e infraestruturas, e obras de mantemento nos contornos das vivendas de promoción pública.
 - e. Convenios interadministrativos para o financiamento de obras de mellora de accesibilidade, eliminación de barreiras arquitectónicas e mellora da habitabilidade nas grandes áreas residenciais de vivendas de promoción pública.

VII.1.3. Vivenda de protección autonómica

É a vivenda protexida construída polo sector privado e que está dotada con importantes axudas públicas tanto para os adquirentes como para os promotores abeiradas aos denominados Planos Cuadrienaís de Vivenda.

Vimos asistindo como nestes anos desde o goberno do Estado se están a dar prácticas que, desde logo,

non redundan en beneficio dunha política social de vivenda. Así, estase a producir unha recentralización inconstitucional das competencias en materia de vivenda. Desde que existe o Ministerio de legislativas, a invasión no marco competencial das políticas de vivenda da Xunta de Galiza e do resto das Comunidades Autónomas é constante. O Plan Cuadrienal de Vivenda do Ministerio non contempla as necesidades de Galiza, impondo un único modelo en contradición co marco competencial das Comunidades Autónomas, ofrecendo a través destes plans un financiamento condicionado que impide de facto establecer políticas propias, xa que toda actuación non coincidente co establecido no Plan Estatal supón a renuncia a uns recursos económicos que ao fin tamén teñen parte da súa orixe na recadación de impostos do Estado no noso país.

Velaí a necesidade de acadar un maior grao de autogoberno, vital para garantir o lexítimo exercicio pleno das nosas competencias exclusivas en materia de vivenda. Mentres non teñamos un novo Estatuto de Nación, que é o noso máximo obxectivo, traballaremos no seguinte:

- Pagamento da débeda histórica en materia de vivenda, débeda orixinada por un desastroso traspaso de competencias en 1985, polo que se transferiu á Comunidade Autónoma galega un parque residencial público en moi mal estado e unha carencia de dotacións orzamentarias do Estado para paliar as eivas de todo tipo nas vivendas transferidas; de xeito que se compense o investido polo Goberno galego desde entón, que se aproxima aos 80 millóns de euros.
- Acadar unha meirande participación de Galiza no reparto dos fondos estatais para vivenda que é preciso negociar co goberno central, reconsiderando, ademais, os coeficientes de reparto entre Comunidades Autónomas de asignación dos fondos estatais para vivenda. Ademais do índice de poboación e nivel medio de renda, o BNG impulsará a inclusión doutros criterios de reparto, como o espallamento da poboación, así como o avellentamento do propio parque de vivendas.

Neste sentido, seguirase reivindicando a territorialización dos fondos estatais destinados a vivenda. Así mesmo, o goberno do BNG:

- Defenderá que o novo Plan Estatal de Vivenda inclúa medidas concretas que garantan que tanto os promotores de vivenda protexida como os adxudicatarios desas vivendas reciban o financiamento necesario por parte das entidades financeiras coas que o Ministerio asine os convenios de colaboración. Garantías que lle permitan ás familias ou unidades convivenciais facer efectiva a operación de compra unha vez que resulten adxudicatarios dunha vivenda protexida e aos promotores recibir os préstamos precisos para a construción de vivenda a prezo taxado, cuestión fundamental na actual conxuntura económica.
- Seguirá reivindicando a equiparación en beneficios fiscais das actuacións de rehabilitación feitas segundo os Planos Estatais de Vivenda e aquelas feitas ao abeiro de programas de rehabilitación galegos.
- Seguirá instando ao Goberno central a que aplique ás vivendas protexidas o tipo superreducido do IVE (4%) en vez do reducido do 7% que se aplica na actualidade.

VII.1.4. Políticas de rehabilitación

- Reforzar o programa galego de rehabilitación de calidade a través da Cédula de Calidade de Rehabilitación con axudas para a rehabilitación e a renovación das vivendas existentes en núcleos rurais, cascos históricos e edificios catalogadas. Subvencionar, así mesmo, a renovación e rehabilitación de vivendas en núcleos de costa e interior para fixar poboación e revitalizar o contorno.
- Actuacións de mellora de espazos públicos en ámbitos rehabilitados de vivenda. Programa que se desenvolve mediante convenios de colaboración cos concellos.
- Seguir coa recuperación directa por parte da Administración de patrimonio construído para facer vivendas protexidas en aluguer, para chegar a conformar un patrimonio público de vivenda.

VII.1.5. Políticas de axudas ao aluguer

Unha acaída política pública de aluguer consegue mobilizar a vivenda sen uso e evita a carga de nova construción no territorio. Polo tanto, o BNG seguirá impulsando políticas públicas de aluguer como unha alternativa de acceso á vivenda.

As liñas de fomento do aluguer, dirixidas aos sectores sociais con maiores dificultades de acceso á vivenda, seguirá, na próxima lexislatura, sendo un dos principais eixos de actuación da Consellaría de Vivenda e Solo. Manterase e reforzarase, polo tanto, o Programa de Vivenda en Aluguer que no próximo ano chegará a xestionar un parque de vivendas en arrendamento social de 4.500 unidades.

As vivendas no programa son arrendadas a prezos sociais a través da concesión de subvencións para o pago da renda.

O Programa, seguirá pois a súa expansión territorial, abranguendo a maior parte dos concellos do noso país e, despois dos importantes resultados producidos pola colaboración entre a Consellaría e o Servizo Galego de Igualdade, no caso das mulleres vítimas de violencia de xénero (preto de 300 mulleres nesta situación foron aloxadas en vivendas do programa), afondarase nas liñas máis sociais que o identifican.

Así mesmo, ampliarase o concepto e funcións das 7 oficinas da Consellaría nas que se xestiona o programa, para que ademais da xestión das axudas ao aluguer constitúan un referente de carácter práctico e, sobre todo, próximo para a cidadanía que pretendan arrendar unha vivenda, dotándoas de servizos de asesoramento e información para todos os galegos e galegas que pretendan alugar unha vivenda, tanto no mercado libre como protexidas.

Por outro lado, nas mesmas oficinas abranse outros servizos e liñas de axudas relacionadas co fomento do aluguer paralelas e complementarias ao propio Programa.

En relación ao anterior, e ademais de constituír un centro de información específico sobre o arrendamento no marco do PVA, nas oficinas da Consellaría existentes nas sete cidades galegas abranse un servizo de información e xestión integral en materia de vivenda.

Este servizo atenderá os/as cidadáns/ás en calquera materia relacionada especificamente coas diferentes liñas de actuación da Consellaría e, en xeral, coa vivenda. Neste servizo, pois, os interesados poderán solicitar calquera tipo de información e/ou asesoramento en materia de vivenda, en particular, da oferta de vivenda protexida existente no país, dos pasos a dar para resultar adxudicatario ou arrendar unha destas vivendas, dos seus dereitos e obrigas, das VPP, das diferentes liñas de axudas, e de calquera outro asunto relacionado coa vivenda. Procurando así acercar ao máximo a política de vivenda ao/á cidadán/á, facéndoa facilmente accesíbel e, servindo á vez, dun punto básico de referencia para todos os galegos en materia de vivenda e que gozará da garantía pública.

VII.1.6. Outras medidas

- Elaborar un Plan Nacional de Inspección de Vivenda protexida.
- De acordo coa normativa elaborada de calidade na edificación así como a referida a eficiencia enerxética estableceranse liñas de axuda para o fomento do establecemento destes estándares de calidade e sosti-bilidade, tales como:
 - a. Axudas para a instalación de tratamento e reutilización das augas grises e pluviais en edificios de vivendas de protección autonómica.

- b. Axudas para a mellora da eficiencia enerxética de edificios e vivendas de protección autonómica, para a arquitectura bioclimática, o uso de materiais e produtos da construción autóctonos e ecolóxicos acreditados.
- En cumprimento do establecido na nova Lei de Vivenda:
 - a. Crearase o Fondo Social de Vivenda como instrumento de colaboración institucional e financeira da Comunidade Autónoma ao servizo do desenvolvemento das políticas de vivenda. O financiamento deste Fondo será con cargo a contribucións públicas e terá como principais beneficiados os sectores con maiores dificultades, ademais de desenvolver programas que impliquen unha mellora económica e social da poboación urbana e rural e o financiamento de medidas orientadas á cohesión social e á solidariedade.
 - b. Crearase o Observatorio da Vivenda, no que terán cabida entidades públicas e privadas, singularmente a Xunta, entidades locais, universidade e outras entidades vinculadas ao sector da vivenda. As actividades do Observatorio terán por obxecto contribuír ao desenvolvemento das políticas de vivenda con actividades de I+D+i, de tratamento estatístico, análise do mercado inmobiliario, prezos, demanda e labores de asistencia técnica.

VII.2. Solo produtivo

O BNG seguirá a impulsar, no goberno da Xunta de Galiza, o incremento na dotación de solo produtivo, co fin de que os axentes económicos dispoñan de solo suficiente para dinamizar o territorio, ou se poidan recolocar factores produtivos. Así, impulsaremos as seguintes medidas:

- Elaboración e aprobación de Plans sectoriais de áreas funcionais para solo produtivo en Galiza co fin de pór no mercado 20 Mm² en parques empresariais, industriais, multifuncionais e específicos.
- Creación de solo produtivo para 16 Mm² abeirado no Plan Sectorial de Áreas empresariais de Galiza aprobado en 2004 que actualmente se atopan cos seus documentos de ordenación en estudo, en redacción, tramitación ou aprobados sen licitar a obra neste intre.
- Mantemento e adecuación de viario do solo empresarial para as novas tecnoloxías e mellora de infraestruturas, construción de naves e edificios de servizos múltiples.

VIII. Avanzando na defensa do medio ambiente

Dentro das responsabilidades de goberno na Xunta de Galiza que, durante esta pasada lexislatura, temos compartido co PSOE, non foi a área de Medio Ambiente unha responsabilidade directa do BNG. Aínda así, os principios da sustentabilidade ambiental son referencia permanente da nosa acción de goberno, tanto no que se refire ao desenvolvemento lexislativo e actuacións políticas promovidas desde a nosa iniciativa, como en relación ao seguimento parlamentar e gobernamental das políticas da Xunta de Galiza no seu conxunto. Así, desde as nosas áreas de goberno promovemos:

- Unha lexislación eólica que por primeira vez pon en valor os espazos da Rede Natura e o conxunto do territorio, en beneficio da poboación.
- unha lexislación mineira que outorga aos concellos unha función decisiva na tramitación e concesión de dereitos mineiros e que incide na defensa dos dereitos da poboación e do medio natural.
- Unha lei do hábitat que vai máis alá da política de aforro e eficiencia enerxética do código técnico da edificación exixindo tamén maiores prestacións en benestar e calidade de vida.
- Unha lexislación de medio rural que, fronte ao abandono da terra, a irracionalidade forestal e o cultivo do lume, pon a súa prioridade na conservación e posta en valor da biodiversidade e os recursos naturais

do solo e no deseño dunha nova política do monte baseada na integración de usos e na diversidade de especies.

- Unha lei do turismo que inclúe o patrimonio cultural e natural entre os recursos turísticos de interese xeral a defender e promover.

Así mesmo, a acción do BNG, desde o goberno da Xunta e desde o Parlamento, foi decisiva en iniciativas tan relevantes como a aprobación da Lei de Iniciativa Lexislativa Popular en defensa dos ríos e transferencia de competencias en materia de augas, na declaración de Galiza como espazo desnuclearizado, na defensa e ampliación da Rede Natura, na defensa do litoral fronte á especulación, e na reivindicación dunha nova política de residuos máis aberta á estratexia da redución, reutilización e reciclaxe do lixo e máis comprometida coa compostaxe como mellor técnica dispoñíbel para a valorización da fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos.

Para a vindeira lexislatura o BNG, entendendo que a mellora da calidade de vida, a loita contra o cambio climático e a defensa do medio ambiente deben converterse en fonte fundamental de oportunidades e recursos económicos fronte á crise económica que está a padecer o conxunto da poboación, seguirá apostando pola aplicación transversal dos principios de desenvolvemento sustentábel en toda a súa acción de goberno, comprometéndose, pois, en conciliar desenvolvemento e modernización con defensa ambiental.

VIII.1. Obxectivos de carácter xeral

- Impulsar a posta ao día, o desenvolvemento e a aplicación do marco lexislativo ambiental co obxecto de favorecer a sustentabilidade, minimizar o impacto ambiental global e incorporar á lexislación autonómica os criterios máis avanzados da normativa ambiental europea e internacional. Será prioritario revisar a lexislación de avaliación de impacto ambiental para dotar a esta de maiores garantías de rigorosidade e obxectividade, limitar a súa validez no tempo e facilitar a súa revisión cando se poñan de manifesto impactos evidentes non suficientemente avaliados.
- Estabelecer un plan de coordinación entre as diferentes administracións que permita aplicar criterios de sustentabilidade en todas as actuacións dos poderes públicos, así como impulsar políticas eficientes de loita contra o cambio climático en todos os ámbitos da sociedade, moi particularmente nos ámbitos da enerxía, do transporte e do consumo.
- Desde o criterio básico de que o medio ambiente constitúe un recurso e nunca un custo, será obxectivo do BNG implicar ao conxunto da sociedade galega na elaboración das estratexias de desenvolvemento sustentábel mediante a promoción da participación pública nos asuntos ambientais e a implementación de adecuadas políticas de educación, información e divulgación ambientais.
- Impulsar, desde os criterios da sustentabilidade e contando coa máis ampla participación social, unha completa política de ordenación do territorio que, por unha parte, impida calquera especulación e, por outra, garanta a conservación dos recursos da biodiversidade e do patrimonio natural.
- Completar a protección de todos os espazos naturais protexidos mediante a elaboración e aprobación dos respectivos plans de ordenación e xestión dos recursos naturais que deberán completarse, en cada caso, coa aprobación simultánea, desde o medio rural, de cadanseu plan de desenvolvemento rural de forma que a poboación afectada sexa a primeira beneficiaria desta política de protección e conservación.
- Fomentar, desde as distintas áreas do goberno, liñas de investigación en materia ambiental e de desenvolvemento de tecnoloxías limpas que permitan avanzar na sustentabilidade ambiental e na redución da pegada ecolóxica.
- Avanzar na dotación de recursos económicos e humanos para as administracións competentes de xeito

que se garanta o cumprimento da lexislación ambiental e a eficacia das actuacións de inspección, sanción e garantías ambientais, tanto se se trata de infraccións administrativas como dos delitos medioambientais.

VIII.2. Participación pública

A transparencia da Administración e a participación social do público no deseño de políticas e programas ou na toma de decisións foron sempre reivindicacións defendidas polo BNG co obxectivo non só de garantir o funcionamento democrático das institucións, senón tamén de favorecer a corresponsabilidade e solidariedade dos/das cidadáns/ás na solución dos problemas sociais. No que se refire ao medio ambiente, a pesar de contarmos co Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente –subscrito xa en xuño do 1998– a pesar de contar con directivas Europeas sobre dereito de acceso á información e sobre participación do público en determinados plans e programas ou a pesar da Lei 27/2006, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Tal participación é aínda moi cativa e resulta ser máis ficticia que real.

En relación á Participación Pública nos asuntos medioambientais, a acción do goberno do BNG impulsará as seguintes medidas:

- Creación dunha Oficina de Participación Pública, que coordine e impulse este proceso nos plans e programas vinculados co medio ambiente.
- Reformulación do actual Consello Galego do Medio Ambiente, co fin de facelo un órgano máis áxil e participativo.
- Favorecer a transparencia na xestión das administracións públicas en materia de medio ambiente, a través da difusión e elaboración de estatísticas sobre residuos, estado de calidade das augas, contaminación atmosférica etc.
- Impulsar o tecido asociativo ecoloxista, garantindo a igualdade de oportunidades e a equidade no acceso a fondos públicos.

VIII.3. Residuos

Na presente lexislatura quedou aprobada unha nova Lei de Residuos de Galiza que, na liña do que defendía o programa electoral do BNG, inclúe as mínimas garantías necesarias para asegurar poder avanzar nun modelo de xestión do lixo que, no que aos residuos industriais se refire, se esforce por reducir e tratar adecuadamente todos os residuos e que, no que respecta aos Residuos Sólidos Urbanos, conduza ao abandono total do actual modelo centralizado e de incineración de SOGAMA, o cal –a maiores dos problemas de contaminación ambiental que xera– demostrou ser absolutamente ineficiente no que respecta aos obxectivos de redución, recuperación e reciclaxe das Directivas Europeas e mesmo incapaz, despois de 10 anos de vixencia, de acabar coa ilegalidade do depósito en vertedoiros sen tratamento e control algún. Superando este modelo de tratamento do lixo, o BNG seguirá apostando nesta lexislatura por acadar obxectivos concretos de redución (en cantidade e nocividade), reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos comprometéndose, ademais, coa compostaxe como modalidade máis idónea para o tratamento da fracción fermentábel do lixo.

Así, o goberno do BNG promoverá as seguintes medidas:

- Impulsar unha nova política de xestión de residuos mediante a reorientación do actual modelo de SOGAMA, impulsando estratexias de prevención e educación dirixidas a fomentar hábitos responsábeis de

consumo; accións transformadoras das estruturas produtivas para a redución da xeración de residuos, e avanzar nas políticas de reutilización e reciclaxe.

- Aprobación e desenvolvemento dun Plan Galego de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos que teña como base a redución, a reutilización e reciclaxe do lixo. Este Plan establecerá medidas e obxectivos concretos destinados a acadar unha estabilización e redución das cantidades de lixo xeradas en Galiza, entre as que se incluírán instrumentos económicos que favorezan estes fins. Definirá ademais as instalacións que son precisas para o tratamento do lixo, apostando por plantas de carácter comarcal de reciclaxe e compostaxe no camiño de reorientar o actual modelo de SOGAMA cara ao abandono completo da incineración.
- Posta en marcha do Plan Galego de Compostaxe da fracción orgánica fermentábel dos RSU, lodos de depuradora, restos vexetais e outros residuos análogos, que incluírá:
 - a. A implantación de complexos medioambientais de compostaxe de ámbito comarcal, baseados nunha recollida selectiva de calidade, co obxectivo, ao final da lexislatura, de acabar co depósito de RSU en vertedoiros incontrolados e acadar a compostaxe do 30% da materia orgánica compostábel, incrementándoa, a partir de aquí, nun 2,5 % anual até a revisión dos obxectivos.
 - b. Inventario dos residuos orgánicos compostábeis producidos en Galiza.
 - c. Medidas para potenciar e apoiar, nos ámbitos rurais, a implantación de sistemas de autocompostaxe individuais.
 - d. Programas específicos de educación ambiental orientados á mellora da recollida selectiva en orixe co obxectivo de asegurar a maior calidade do compost.
 - e. Medidas para a valorización social e económica do compost que incluírán regular a calidade da compostaxe e potenciar o seu uso mediante axudas económicas.
 - f. Fomentar a investigación e prácticas vinculadas coa compostaxe.
- Impulsar medidas eficaces para mellorar a selección en orixe dos residuos reutilizábeis, reciclábeis (papel, cartón, vidro...), compostábeis e perigosos, así como para promover a compostaxe caseira e en pequenas comunidades.
- Dentro do Plan Galego de Xestión dos RSU, contemplaranse medidas específicas para a recollida selectiva dos residuos perigosos xerados no fogar, como pilas, aceites, fluorescentes etc.
- Promover nas empresas a implantación progresiva de planos de minimización, exixidos pola actual normativa, co obxectivo de reducir en orixe os residuos industriais xerados.
- Estabelecer unha liña de investigación, asesoramento e axuda ás pequenas e medianas empresas, dirixida á implantación de medidas de prevención –planos de minimización– e de tecnoloxías limpas.
- Implantar instrumentos económicos para que favorezan a redución e a xestión ecolóxica dos residuos industriais.
- Impulsar un programa de xestión dos residuos da construción e demolición, que aposte pola reciclaxe destes e que grave o seu depósito.
- Mellorar a planificación dos residuos sanitarios, restrinxindo a súa incineración cando sexa tecnicamente viábel e adoptando maiores medidas de aproveitamento e reciclaxe.
- Elaborar, de acordo coa estratexia de educación ambiental, un rexistro que recolla a cantidade, tipoloxía, xestión e tratamento dos residuos xerados ou tratados en Galiza, actualizado anualmente e de acceso público, co obxectivo de dar transparencia á súa xestión e facilitar a súa fiscalización por parte da cidadanía.

VIII.4. Enerxía

A dispoñibilidade de enerxía é, nas sociedades avanzadas de hoxe, un recurso imprescindible para o benestar da poboación, a calidade de vida e o desenvolvemento económico. Porén, é tamén a responsábel primeira das emisións de CO₂ causantes do efecto invernadoiro (cando esta enerxía procede de combustíbeis

fósiles), así como doutros contaminantes atmosféricos procedentes da combustión que, como o dióxido de xofre ou os óxidos de nitróxeno, son responsábeis da choiva ácida. Reducir estas emisións, reducindo a dependencia enerxética dos combustíbeis fósiles sen incrementar o impacto ambiental das infraestruturas para a xeración de enerxía, ten sido un reto permanente, aínda que non fácil, da nosa xestión á fronte da Consellaría de Innovación e Industria e este seguirá sendo o compromiso do BNG para a presente lexislatura. Polo tanto, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Elaboración dun ambicioso Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética de aplicación en todos os sectores, con especial incidencia naqueles nos que, como a edificación e o transporte, as potencialidades de redución son maiores e máis doadas de acadar. Neste Plan fixaranse obxectivos concretos e verificábeis de aforro e nel incluíranse detalladamente compromisos a cumprir por parte da Administración nos seus edificios e actuacións.
- Favorecer, potenciar e promover –respectando sempre na súa instalación os máis rigorosos criterios de sustentabilidade ambiental– o uso de fontes de enerxía renovábel, con especial atención á enerxía solar térmica, á fotovoltaica integrada en edificios e á enerxía eólica cando esta resulte compatíbel coa protección e conservación do noso patrimonio natural.
- Creación dun Instituto de Investigación sobre o deseño de novos combustíbeis máis eficientes ou procedentes de fontes renovábeis, para a súa aplicación en motores destinados á automoción e ás embarcacións de pesca.
- Planificar, a medio prazo, a redución ou o abandono da combustión do carbón substituíndoo polo gas natural como combustíbel fósil e, na medida que sexa posíbel, por enerxías limpas e renovábeis.

VIII.5. A Atmosfera

O aire é un ben común indispensábel para a vida e á súa salubridade, porén, a pesar dos seus indiscutíbeis efectos sobre a saúde humana, á saúde ambiental e ao patrimonio, non sempre se lles presta a necesaria atención, nin por parte da opinión pública, nin da Administración, a pesar da diversa lexislación que sobre a calidade do aire, contaminantes atmosféricos e ruídos ten emanado das directivas europeas. Corrixir esta falta de sensibilización sobre a contaminación e os contaminantes atmosféricos será, pois, un dos primeiros compromisos do goberno do BNG. Neste sentido o BNG impulsará as seguintes actuacións:

- Cumprírase a lexislación vixente no que afecta á obrigaición da Administración de informar regularmente a opinión pública e asociacións interesadas sobre a calidade do aire e a contaminación atmosférica.
- Farase un seguimento específico dos contaminantes atmosféricos máis perigosos e dos principais focos de contaminación atmosférica, con especial atención ás grandes instalacións de combustión e incineración para comprobar que non presenten risco para a saúde pública e cumbran cos límites de emisión autorizados.
- Darase prioridade á modificación da normativa de control e seguimento das emisións, desenvolvendo as competencias en inspección, seguimento e control por parte da Administración autonómica.
- Promoverase a ampliación das taxas por emisión de CO₂ a outros gases contaminantes, tales como os COVNM, as partículas, CO, Dioxinas, Furanos e Aromáticos Policíclicos.
- Control de emisións e inmisións en grandes instalacións de combustión, reducindo os efectos nocivos sobre a poboación.
- No que respecta aos gases de efecto invernadoiro o Goberno galego elaborará un Plan ou Estratexia de acción contra o cambio climático que contemple a contención real das emisións dos gases de efecto invernadoiro e no que estarán integrados o Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética de Galiza e a planificación para o abandono da combustión do carbón arriba descritos. Neste Plan contemplaranse ademais medidas para a mellora da calidade atmosférica.

VIII.6. Saneamento integral e xestión da auga

A auga é o elemento da vida por excelencia, sen ela sería inconcebíbel calquera forma de vida e sería imposible garantir a salubridade ambiental e a saúde. Mais a auga é tamén un recurso imprescindible en calquera actividade: sen ela non existe agricultura nin industria, e as cidades serían completamente insalubres. Mais non chega con asegurar as dispoñibilidades de auga: en función da demanda que haxa que satisfacer, esta ha de responder, ademais, a uns mínimos de calidade.

Galiza é o país dos 10.000 ríos, e a auga constitúe un recurso renovábel; mais non por iso temos asegurada a satisfacción, en cantidade e calidade, das crecentes demandas de auga. Como se di na Lei 5/2006, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos –promovida por Iniciativa Popular– son moitos os impactos que teñen afectado a salubridade e calidade ambiental dos nosos ríos e ecosistemas de auga doce e ten sido moita a insensibilidade ambiental e os incumprimentos legislativos que deron lugar a tal deterioro.

Durante esta lexislatura, o BNG, asumindo ao completo os principios da antedita lei 5/2006, ten traballado por avanzar en cada unha das medidas e programas que nela se recollen e, neste sentido, tense paralizado a concesión e construción de novos aproveitamentos hidroeléctricos. Porén, aínda é moito o que, en materia de depuración de augas e restauración de ecosistemas fluviais, queda por facer. Neste reto, o BNG márcase como primeiro obxectivo seguir mantendo o compromiso en defensa dos ríos para a protección, conservación e mellora dos ríos galegos, da súa elevada biodiversidade e na recuperación de cada unha das súas insubstituíbeis funcións ecolóxicas.

Para conseguir este obxectivo o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Desenvolver o marco establecido na Lei 5/2006 para a Protección, a Conservación e Mellora dos Ríos Galegos, co fin de acadar un bo estado das masas de auga.
- Elaborar os novos Plans hidrolóxicos para a bacía Galiza-Costa, tal e como recolle a Directiva Marco da Auga.
- Estabelecer medidas de restauración dos ecosistemas fluviais, en canto a réxime hidrolóxico e continuidade do río, co obxectivo de garantir a recuperación e pervivencia de todas as súas especies, con especial atención ás especies migratorias, as máis afectadas polos impactos das presas hidroeléctricas.
- Aplicar medidas de mellora e protección integral dos ecosistemas fluviais, incluíndo a prevención da contaminación difusa, a restauración de humedais e zonas de inundación dos ríos, de restauración hidrolóxico-forestal das bacías co obxectivo de garantir a conservación sustentábel da paisaxe e a biodiversidade fluviais.
- Desenvolver medidas de saneamento integral de todos os cursos fluviais.
- Potenciar unha Rede de Vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos galegos, incrementando as estacións de control da calidade das augas, redefinindo os parámetros fisicoquímicos e biolóxicos de referencia, incrementando os medios humanos e materiais e mellorando a coordinación da inspección ambiental coas gardarías de ríos, montes e SEPRONA mediante a unificación de todos estes corpos de vixilancia nun corpo único de inspección ambiental autonómico baixo a competencia da Xunta de Galiza.
- Revisar o Plan Sectorial Hidroeléctrico, declarando os ríos galegos como libres de futuros aproveitamentos hidroeléctricos. Reclamación da paralización de novos encoros na Conca Hidrográfica do Miño-Sil e da realización dun estudo de carácter global sobre o estado e a calidade dos ríos incluídos nesta bacía.
- Mellorar e ampliar os tratamentos terciarios en depuración, reducindo a carga bacteriana, eliminando os cheiros en depuradoras e preparando os lodos para o seu uso na agricultura ou na obtención de compost.
- No ámbito da agricultura e das explotacións gandeiras, ademais de protexer as marxes e beiras dos ríos para actuaren contra a contaminación difusa e as escorrentías, apostarase por reducir a aplicación de her-

bicidas e fitosanitarios, así como polo control sobre a correcta utilización destes produtos. A administración dará exemplo destas prácticas eliminando o uso abusivo de herbicidas na conservación de camiños, estradas e autovías.

- Fomentar medidas que, actuando sobre a demanda, permitan reducir o consumo de auga, tanto no ámbito domiciliario e de servizos, como no ámbito da industria e da agricultura.
- Promover tamén o aforro e a eficiencia nos sistemas de distribución de auga potábel e a reutilización de augas residuais depuradas na agricultura e nas tarefas de limpeza das vías públicas e rego de parques e xardíns.
- Actualizar, dentro de cada bacía hidrográfica, do rexistro de concesións de aproveitamento e captar as augas subterráneas e establecemento dunha rede de control da súa dispoñibilidade e calidade.
- Reclamar a xestión para a Xunta de Galiza da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e as competencias exclusivas na xestión de toda a rede fluvial de Galiza.

VIII.7. Protección do noso mar

O noso mar, as nosas rías, o noso litoral, cos seus máis de 1700 km de costa, constituíu desde sempre un espazo de biodiversidade de enorme importancia ecolóxica –fundamentada na diversidade e complexidade dos hábitats que sustenta– e, tamén desde sempre, desde os máis antigos poboadores do litoral, dunha enorme importancia socioeconómica fundamentada sobre a diversidade dos seus recursos marisqueiros e pesqueiros e a súa excepcional produtividade. Mais toda esta riqueza e diversidade de hábitats, coa súa produtividade marisqueira e pesqueira moi sensíbel ao deterioro ambiental, está moi lonxe de ser protexida e xestionada con criterios de sustentabilidade: aínda non recuperada daquela catástrofe de incompetencia e indignidade que en novembro do 2002 encheu de chapapote todo o noso litoral, segue hoxe ameazada (ben pouco poden ser catro anos de goberno fronte a décadas de agresións ambientais de todo tipo) non só pola intensidade dun tráfico marítimo insuficientemente regulado sobre o que escasas son as competencias de Galiza, senón ademais pola contaminación de vertidos sen depurar, pola falta de ordenación dos recursos e do territorio no seu conxunto e/ou tamén por artes de pesca destrutivas e depredadoras.

O BNG é moi consciente do valor estratéxico dos recursos ecolóxicos, ambientais, marisqueiros e pesqueiros do noso mar. A súa defensa, a planificación do seu uso e a mellora do hábitat costeiro e mariño foron sempre unha prioridade da nosa política institucional e social e nesa prioridade seguiremos traballando durante esta lexislatura, impulsando a nosa acción de goberno coas seguintes medidas:

- O Goberno do BNG defenderá a mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, o control da contaminación, a planificación do uso do medio mariño, compatibilizando a actividade pesqueira co desenvolvemento sustentábel, así como o aumento da capacidade de xestión do medio mariño e unha adecuación lexislativa.
- Elaboración dunha lei de usos do litoral e do correspondente plan de ordenación que, integrando as diferentes demandas de uso do solo e medio mariño, garanta a súa biodiversidade conservando e/ou recuperando os seus recursos, valores naturais e especies protexidas e desenvolvendo todas as competencias en materia de xestión e investigación dos recursos mariños tamén fóra das augas interiores.
- Modificación da Lei de protección das rías de Galiza, para, por unha parte, facer dela un instrumento eficaz na defensa da súa biodiversidade ecolóxica, dos seus recursos marisqueiros e pesqueiros e, por outra, acabar cos vertidos de augas residuais que se verten ao mar sen a debida depuración.
- Transposición das directivas europeas –hábitat, conservación do medio mariño, capturas accidentais etc. – e revisión das existentes.
- Promover o saneamento integral das rías galegas, ampliando e mellorando os sistemas de depuración

- existentes e garantindo o seu funcionamento efectivo.
- Impulsar o traslado do complexo ENCE-ELNOSA fóra da ría.
- Evitar o deterioro do hábitat, garantindo espazos libres de ocupación humana.
- Controlar o planeamento das infraestruturas que inciden directamente sobre o medio mariño: portos ou instalacións portuarias, pontes, construcións ou obras submarinas etc.
- Controlar as obras de construción que inciden sobre os canles dos ríos e, por tanto, sobre os fluxos de auga doce ás rías: construción de presas etc.
- Controlar os vertidos de instalacións industriais existentes na ribeira ou a carón dos ríos, nomeadamente: emisións de metais pesados ás augas (cinc, cobre, chumbo, mercurio...), emisión de organohaloxenados, vertidos directos de petróleo ou derivados etc., e dos vertidos dos residuos urbanos das localidades de ribeira, ou aos ríos.
- Controlar o tráfico marítimo internacional e interior, limitándoo en áreas sensíbeis. Aplicar medidas preventivas de accidentes.
- Evitar a posibilidade de vertidos “accidentais“ de petróleo ou outras substancias nocivas ao mar, ademais do control da limpeza de tanques, sentinas etc.
- Elaborar un catálogo de actividades incompatíbeis en áreas sensíbeis polos seus valores ambientais ou recursos explotábeis.
- Posta en marcha de programas de repoboación de especies mariñas, coa finalidade da conservación da biodiversidade garantindo a repoboación natural de recursos explotábeis.
- Posta en marcha dun observatorio ambiental integral do medio mariño, coa finalidade de monitorizar a situación ambiental e oceanográfica, situación da costa e evolución das comunidades biolóxicas, así como a súa explotación.
- Promoción da participación cidadá nas decisións, control e seguimento dos planos de actuación.
- Promover a creación de reservas mariñas que sirvan para a recuperación e explotación sustentábel dos recursos mariños

VIII.8. Espazos naturais e biodiversidade

Séculos de evolución, actuando sobre un específico substrato xeolóxico, baixo a acción de específicas condicións bioxeográficas e climáticas e a modulación dunha, tamén, moi específica forma de ocupación e aproveitamento do solo conformaron en Galiza un específico patrimonio natural que, ademais do seu recoñecido valor ecolóxico, constitúe un dos sinais de identidade do espazo xeográfico de Galiza. Galiza conta, en efecto, cunha variedade de formas e paisaxes, de litoral e do interior, e con toda unha diversidade de hábitats e de especies de flora e fauna que, polos servizos ambientais que prestan á sociedade, necesitan de seren protexidos e conservados para asegurarmos uns básicos niveis de calidade de vida e benestar social. Toda esta biodiversidade ten sufrido nas últimas décadas un continuado deterioro e mesmo redución que é urxente inverter: a construción insustentábel de parques eólicos en calquera espazo natural sen máis limitación que a dispoñibilidade de vento; a construción de presas hidroeléctricas en calquera río sen máis límite que a rendibilidade do aproveitamento; a total impotencia da Administración fronte a algunhas explotacións mineiras a ceo aberto con escaso respecto polo territorio e pola xente e a propiedade da terra; as concentracións parcelarias sen respecto algún polos elementos máis valorados do noso patrimonio natural, cultural e etnográfico; a substitución indiscriminada de vexetación autóctona ou de cultivos agrarios por monocultivos forestais máis rendíbeis para a industria do lume que para o propietario do solo; a destrución de valiosos espazos do noso litoral baixo a presión da especulación urbanística ou a ameaza, nalgúns casos, dunha acuicultura escasamente respectuosa co medio; a falta, en fin, dunha mínima sensibilidade a favor da aplicación da lexislación de conservación e recuperación de espazos naturais protexidos, son

algúns dos impactos para os que –ben a través do desenvolvemento lexislativo (Iniciativa lexislativa popular en defensa dos ríos, Decreto eólico, Lei da Minaría de Galiza, lexislación de medio rural, lei do Turismo...), ben a través do traballo do noso grupo parlamentar–, xa temos postos os primeiros chanzos para a súa desaparición.

O BNG ten moi claro que na conservación do medio ambiente e do patrimonio natural Galiza pode ter moitas oportunidades para promover ese desenvolvemento sustentábel co que afrontar a actual crise económica. Este será o noso compromiso nesta lexislatura, para o cal impulsaremos as seguintes actuacións:

- Elaborarase unha nova política de xestión dos Espazos Naturais Protexidos (ENP) que teña como eixos vertebrados conseguir a conservación e restauración dos seus valores naturais, a participación e compensación para as persoas residentes en espazos naturais protexidos e a elaboración de plans de uso e xestión no conxunto dos ENP, prioritariamente no ámbito dos parques naturais.
- Dotar os espazos da Rede Natura e parques naturais con plans de desenvolvemento rural, baseados na sustentabilidade ambiental, orientados a que a poboación residente sexa a primeira beneficiaria da política de protección e conservación.
- Avaliarase o estado de conservación da Rede Natura, e desenvolveranse actuacións para restaurar os seus valores naturais e prever o seu deterioro ambiental, en especial en relación aos incendios forestais.
- Ampliarase a Rede de Espazos Naturais Protexidos e deseñaranse instrumentos para favorecer o desenvolvemento económico nos espazos naturais fomentando o desenvolvemento sustentábel en beneficio da poboación residente.
- Desenvolvemento dos plans de recuperación das especies recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- Reformarase a Lei 1/1993, do 13 de abril, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro.
- Ampliarase o ámbito territorial do Parque Nacional das Illas Atlánticas e definiranse novos plans de uso e xestión.
- Desenvolverase unha política que permita que a totalidade das illas do noso litoral sexan de titularidade pública.
- Habilitarase unha dotación orzamentaria para a adquisición polo patrimonio público de solo e bens patrimoniais en zonas protexidas de especial valor ecolóxico cando así sexa recomendábel para a conservación, recuperación ou posta en valor da zona protexida.

VIII.9. Transporte sustentábel

Non pode negarse que os medios e infraestruturas do transporte teñen sido, desde os mesmos albores da civilización até hoxe, un factor decisivo para o desenvolvemento cultural, económico e social da humanidade. Mais, coa crecente demanda de mobilidade de viaxeiros e mercadorías da economía globalizada de hoxe, son moitos e irreversíbeis os graves e crecentes impactos que este xera, tanto no que afecta á ocupación do solo e consumo de recursos naturais, como no que se refire ás emisións contaminantes de gases de efecto invernadoiro, responsábeis da choiva ácida, partículas e compostos orgánico volátiles. O transporte, en efecto, é o responsábel en Galiza de máis do 50% do consumo de produtos petrolíferos e de non menos do 30% das emisións de CO₂ e de óxidos de nitróxeno. Reducir estes impactos, sen afectar aos niveis de benestar e calidade de vida da poboación, é hoxe un reto ambiental, económico e social no que o BNG está xa comprometido en todas as institucións nas que ten asumido responsabilidades de goberno, nas que defende unha política que promove o desenvolvemento dun transporte sustentábel.

Polo tanto, impulsaranse as seguintes medidas de goberno:

- Aposta definitiva polo transporte público colectivo, potenciando o transporte ferroviario para o tráfico de

mercadorías e de pasaxeiros, tanto no interior do territorio galego como co exterior, para o que se actuará na mellora e ampliación da rede de camiños de ferro actual, e se apostará polo sistema de proximidades. Será obxectivo desta lexislatura a creación de servizos de proximidades no eixo Vigo-Coruña-Ferrol e a elaboración dun plan para o potenciamento do transporte ferroviario de mercadorías.

- Potenciación do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeiros nas rías, sempre respectando rigorosamente a súa compatibilidade cos usos marisqueiros e pesqueiros do mar.
- Fomento da intermodalidade, incluíndo os modos de transporte non-contaminantes como a bicicleta.
- Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos. Isto significará mellorar os servizos públicos e comerciais, as actividades culturais e os espazos de lecer en cada barrio e nos concellos rurais, favorecer o pequeno comercio, e limitar a apertura de grandes áreas comerciais.
- Ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos e creación de espazos deste tipo nos diferentes barrios. Estas medidas acompañaranse dunha acción decidida na mellora e ampliación dos servizos de transporte colectivo nas zonas urbanas e nas súas zonas de influencia e na construción de aparcamentos para automóviles na entrada dos núcleos urbanos –evitando a construción de novos aparcamentos nos centros urbanos–.
- Outras actuacións de fomento do transporte público colectivo:
 - a. Redución do prezo do billete do transporte público con medidas de fidelidade (bonos etc.).
 - b. Campañas continuadas no tempo, promovendo o transporte sustentábel.

VIII.10. Educación ambiental

Cada día son máis evidentes as limitacións do planeta e do medio ambiente para asumir os crecentes impactos do crecemento demográfico, da explotación dos recursos naturais, da xeración de residuos ou da actividade humana en xeral, coas súas relacións disimétricas de inxustiza, miseria, pobreza, fame e violencia. Non obstante, a percepción individual, social e institucional destas limitacións apenas existe e, en consecuencia, nada se fai por reducir a pegada ecolóxica desta nosa civilización da insolidariedade e dilapidación económica. Neste contexto, a educación ambiental constitúe unha ferramenta de primeira importancia na concienciación individual de cadaquén e na procura dese urxente cambio radical de actitudes que fronte aos problemas ambientais de cada día nos exige a máis elemental ética de xustiza e solidariedade entre todos os pobos do mundo e entre as xeracións presentes e futuras.

Neste eido, levaremos a cabo as seguintes accións de goberno:

- Elaboración dunha Lei galega de Educación Ambiental que, a maiores de definir os obxectivos e recursos da educación ambiental, procure os medios para a continuidade, integración e optimización de todos os programas de educación ambiental, sen menoscabo algún da súa diversidade.
- Revisión e posta ao día da Estratexia Galega de Educación Ambiental no obxectivo de facilitar a integración e optimización de todos os recursos económicos, tecnolóxicos e humanos e de todos os programas e ámbitos da educación ambiental co fin de acrecentar a sensibilidade da poboación ante os problemas ambientais.
- Promoción da educación ambiental en todos os eidos, sectores e niveis, asumindo, polo tanto, desde o goberno de Galiza as responsabilidades que a lei e a Estratexia da Educación Ambiental lle atribúa. A este respecto, prestarase especial atención a que todos os programas e planos de actuación con incidencia ambiental leven parello o seu correspondente subprograma de Educación Ambiental.

IX. Xustiza, seguranza e administración

IX.1. Unha xustiza galega áxil e con garantías

Unha comunidade política democrática, como a galega, debe fundarse na división de poderes propia dun Estado de Dereito. Desde ese punto de vista, semella preciso que Galiza conte cunha Xustiza propia. Isto non quere dicir necesariamente que se teña de construír un poder xudicial galego á marxe do estatal, mais si, cando menos, que Galiza conte con órganos propios de goberno dos xulgados e tribunais existentes no seu territorio, competencia para seleccionar ao persoal xurisdiccional e cuns corpos propios de persoal non-xurisdiccional. Supón tamén que no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se esgoten todas as instancias xudiciais no noso país. Que o Goberno galego poida establecer unha planta xudicial axeitada á realidade xeográfica e poboacional de Galiza e que, desde logo, se acometa urxentemente un programa de normalización do uso da lingua galega no ámbito da Xustiza. Todo ao servizo dunha Xustiza de calidade máis independente, áxil e eficaz na garantía dos dereitos das persoas e no control da actuación dos poderes públicos.

O incremento da litixiosidade –motivada tamén pola crise económica–, as deficiencias organizativas da Oficina Xudicial, as insuficiencias da planta xudicial, nomeadamente da falta de determinados órganos especializados (violencia de xénero, xulgados do mercantil...), a falta de adecuación á realidade social de varias regulacións procesuais, os problemas para executar moitas das sentenzas e resolucións xudiciais e mais as deficiencias na xestión da xustiza gratuita compoñen un cadro que reflicte unha Administración de Xustiza con demoras e disfuncións incompatíbeis co dereito fundamental de todas e todos á tutela xudicial efectiva dos nosos dereitos e intereses.

Ao falarmos da Xustiza debemos, no momento actual, diferenciarmos entre dous planos, diferentes mais complementarios. Dun lado, a configuración dunha Xustiza galega tal e como esta resultará do Estatuto de Nación para Galiza. Doutro, entre tanto as medidas que, dentro do actual marco estatutario e constitucional, permiten incrementar as competencias de Galiza en relación coa Administración de Xustiza.

IX.1.1. A xustiza no Estatuto de Nación

O BNG defenderá que o Novo Estatuto configure unha Xustiza galega cos seguintes trazos fundamentais:

- Creación do Consello Xudicial de Galiza como órgano de goberno do Poder Xudicial en Galiza, cuxos membros serán nomeados polo Parlamento de Galiza. No devandito Consello Xudicial participarán, ao mesmo tempo, os representantes dos/as avogados/as e procuradores/as que determine unha lei de desenvolvemento básico estatutario.
- O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza será o órgano xurisdiccional superior na Comunidade Autónoma en todas as ordes. Nel acabarán toda caste de procesos, xa se aplique neles tan só Dereito Público ou Civil galego ou tamén, conxuntamente, Dereito Estatal ou mesmo Dereito Estatal de xeito exclusivo. Unha lei procesual penal garantizará que o TSXG resolva no eido penal, non só recursos de casación, senón auténticos recursos de apelación revisores das sentenzas penais ditadas en primeira instancia, mesmo no que atinxe aos feitos, como exixen os tratados internacionais de Dereitos Humanos vixentes. Neste sentido, o Poder Xudicial Galego garantizará en todos os casos o acceso á dupla instancia xudicial penal.
- Estabelecemento dunha Escola Xudicial Galega que, baixo a dependencia do Consello Xudicial de Galiza, será a institución docente fornecedora da preparación práctica necesaria para todo o alumnado admitido nas fases de concurso ou oposición aos corpos xurisdiccionais.
- O Parlamento de Galiza elixirá por maioría cualificada o Fiscal Xeral de Galiza, que será o cabezaleiro do

Ministerio Público no noso país, consonte aos principios de legalidade, xerarquía e unidade. Esta institución asumirá as actuais competencias do Fiscal Superior de Galiza, ademais das outras que lle recoñeza o Estatuto.

- Corresponderalle ao Consello Xudicial de Galiza a convocatoria de probas selectivas para o ingreso na carreira xudicial, provendo o necesario para a súa substitución, concursos e ascensos, con pleno respecto aos principios de independencia e inmovilidade.
- Será requisito necesario para o exercicio de funcións xurisdiccionais en Galiza o dominio oral e escrito da lingua galega e mais o coñecemento dos Dereitos Público e Civil propios de Galiza.
- Estabelecerase unha organización propia do persoal das Oficinas Xudiciais, e crearanse dous únicos corpos: o Corpo de Xerentes de Oficina Xudicial, que integrará os actuais Secretarios, e o Corpo de Xestión Xudicial, que asumirá funcións análogas ás dos actuais Oficiais. Na selección destes/as funcionarios/as, será mérito excluínte o coñecemento avanzado da lingua galega e das ferramentas ofimáticas e informáticas de uso cotián.
- A Comunidade Autónoma contará, cando menos, cun maxistrado do Tribunal Constitucional, proposto polo Parlamento de Galiza, á parte dos que corresponderen á proporción da poboación galega respecto do Estado.
- Galiza asumirá a competencia sobre o sistema penitenciario e promulgará, a xeito de desenvolvemento directo do Estatuto de Autonomía, unha Lei penitenciaria galega, baseada nos principios de tratamento progresivo, reinserción e seguranza das vítimas dos delitos.

IX.1.2. A Xustiza galega no marco actual

Mesmo que sexa de xeito limitado, o actual marco constitucional e estatutario permite, por un lado, incrementar as competencias galegas sobre a Administración de Xustiza e, por outro, que a pluralidade nacional do Estado español estea reflectida nos órganos de goberno do Poder Xudicial. Así pois, e en tanto non entrar en vigor o Novo Estatuto, o goberno do BNG traballará para que:

- As actuais competencias da Xunta de Galiza sobre infraestruturas e medios dos órganos xudiciais se vexan acompañadas da transferencia dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza de carácter non-xudicial. Deste modo, axentes, auxiliares, oficiais e secretarios pasarían a constituír corpos enteiramente dependentes da Administración galega, sen prexuízo da intercomunicación cos demais corpos autonómicos. Nomeadamente consideramos fundamental a transferencia dos Secretarios Xudiciais, xa que doutro xeito as políticas que desenvolva a Xunta de Galiza non garantirán o seu efecto na Oficina Xudicial.
- Se transfiran á Galiza as competencias na determinación da planta xudicial, para deste xeito podermos crear os Xulgados e Tribunais precisos ás nosas necesidades.
- Se constitúa a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza como verdadeiro órgano descentralizado de goberno do Poder Xudicial. Anualmente, tanto a Sala de Goberno como a Fiscalía renderán ao Parlamento galego unha Memoria sobre a súa actividade e comparecerán na Comisión correspondente para explicala.
- Se proceda á cobertura urxente e automática de substitucións e interinidades, para garantir o correcto funcionamento da Oficina Xudicial. Garantiremos, ao mesmo tempo, que tanto os/as xuíces/as substitutos/as como os/as funcionarios/as interinos/as sexan nomeados entre as persoas que teñan acreditado unha formación axeitada para o posto que vaian desenvolver.
- Se aprobe con urxencia un programa de galeguización da Administración de Xustiza en Galiza e, no seu marco, porá en marcha as seguintes medidas:
 - a. Estabelecer que sexa requisito necesario acreditar un coñecemento determinado da lingua e do Dereito de Galiza para desempeñar unha praza de fiscal, xuíz/a ou maxistrado/a en Galiza.

- b. Impulsar a subscripción de convenios entre a Xunta de Galiza e o Consello Xeral do Poder Xudicial para a capacitación en lingua galega do persoal ao servizo da Administración de Xustiza e para a elaboración de programas informáticos, formularios, publicacións científicas e demais material informático e de formación en lingua galega.
- c. Garantir que en todas as comparecencias –orais e escritas– da Administración galega perante as instancias xudiciais a lingua usada sexa a galega.
- d. Adoptar accións inequívocas para a normalización efectiva do uso e da presenza da lingua galega en notarías e rexistros.
- Se afronte un plano realista de construción de infraestruturas xudiciais que garanta a eliminación das deficiencias e a solución das carencias actualmente existentes e se proceda a plena incorporación dos sistemas telemáticos para toda caste de procesos, incluída a relación entre a Administración de Xustiza, os/as profesionais que representan e dirixen aos xusticiábeis e os Colexios Profesionais.
- Se constitúa a mellora da xustiza gratuíta nun dos eixos esenciais da nosa política neste eido. Neste momento, a pesar do evidente esforzo que os/as profesionais desenvolven para garantir que os/as cidadáns/ás con menos recursos poidan acceder a unha defensa xurídica de calidade, existen chatas regulamentarias e de praxe administrativa que dificultan o recoñecemento do dereito, que adían o pagamento dos honorarios aos/ás profesionais e que impiden retribuír a estes conforme á calidade do seu traballo. Xa que logo, revisaremos a normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta e mais a súa aplicación administrativa para evitar burocratismos e axilizar o recoñecemento deste dereito aos/ás cidadáns/ás. Ao mesmo tempo, desenvolverase, en colaboración cos Colexios de Avogados e Procuradores, unha política de formación e especialización continúa dos profesionais, mesmo dos equipos psicosociais adscritos aos Xulgados nomeadamente nos ámbitos especializados (violencia machista, mediación familiar..). En último de contas, axeitarase a retribución dos/as profesionais que prestan este servizo, incrementando as súas retribucións para tentar equiparar a calidade do servizo co pagamento que reciben. E procurarase o urxente pagamento destas retribucións.
- Se adopte un Pacto galego pola xustiza entre todos os partidos, sindicatos máis representativos, asociacións xudiciais máis representativas e Colexios Profesionais atinxidos. Este Pacto determinará participativamente as liñas principais dos investimentos públicos nas anualidades posteriores e construírá o clima de respecto recíproco e mutua cooperación entre funcionarios/as, profesionais e xusticiábeis preciso para a mellora continuada da Administración de Xustiza.

IX.2. Seguranza

O tratamento da seguranza cidadá está a ser abordado unicamente desde a perspectiva da criminalidade coa intención de sensibilizar e alarmar a opinión pública, previa representación deformada e parcial da realidade, conxugando a dramatización permanente da ameaza da delincuencia e a ocultación da análise das súas múltiples causas.

Cómpre superar esa visión reducionista e estritamente securitaria do problema da seguranza cidadá, e articular por parte dos poderes públicos un modelo de protección integral eficaz para todas as persoas, que abranga todo o tipo de situacións de risco ou ameaza. A seguranza debe entenderse sobre todo económica, mais inclusive deixando á marxe ese aspecto, refírese tamén á protección en situacións catastróficas ou emerxencias graves, tales como vertidos contaminantes, incendios, enchentes, accidentes etc.

IX.2.1. A política integral de seguranza

O BNG comprométese a profundar e avanzar na política integral de seguranza, cos obxectivos que se expoñen de seguido:

- Planificar e ordenar os dispositivos de atención a situacións de emerxencias.
- Despregar un operativo global con capacidade de intervir eficazmente en todo tipo de continxencias, que dea amparo e protección eficaz a todas as persoas perante ameazas ou situacións de risco que poñan en perigo a súa integridade ou dignidade, así como os seus bens e o patrimonio colectivo.
- Reforzar o carácter de servizo público dos distintos servizos dedicados á protección civil e xestión de emerxencias (extinción de incendios, salvamento).
- Mellorar a capacitación profesional e potenciar a carreira profesional dos integrantes dos corpos de bombeiros e salvamento.
- Articular unha política de seguraza cidadá orientada ao benestar, e para tal efecto, coordínala con aquelas outras que desenvolvan as distintas administracións para dar resposta á marxinación e exclusión social.
- Despregar unha policía galega integral ao longo do país que asuma a maioría das funcións dos actuais corpos e forzas de seguraza do Estado en Galiza.

IX.2.2. O sistema integrado de Protección Civil e Salvamento

O BNG, consciente de que a protección perante catástrofes ou emerxencias civís non é simplemente un servizo público, senón o servizo que garante a protección do desenvolvemento normal da vida e das actividades da nosa xente, promoverá o desenvolvemento da Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galiza, de xeito que o sistema integrado de protección civil avance na consecución dos seguintes obxectivos:

- A planificación racional dos dispositivos e procedementos de protección civil, que incida especialmente en mellorar a coordinación entre a Administración autonómica e os concellos.
- A elaboración de planos básicos de emerxencia en todos os concellos do país, asumindo a Xunta de Galiza a realización naqueles que non veñan obrigados legalmente a facelo.
- O reforzamento da dotación de medios para combater eficazmente as agresións por vertidos ao litoral mariño.
- Implantación do Servizo de Bombeiros e Salvamento da Xunta de Galiza, como instrumento para:
 - a. Implantar en todo o territorio galego os servizos relacionados coa protección civil de xeito integral.
 - b. Asegurar a intervención rápida perante todo tipo de situacións de risco ou perigo para as persoas ou os bens (accidentes, incendios, catástrofes, busca de persoas desaparecidas etc.).
 - c. Estender os servizos de protección civil en todo o territorio galego de maneira profesionalizada, preservando o seu carácter público e cuns custos asumíbeis para todas as administracións.
 - d. Garantir o dereito de restauración por parte das administracións públicas á comunidade afectada por unha catástrofe ou calamidade.
- O restabelecemento dos servizos esenciais.
- A elaboración de programas de recuperación da normalidade, rehabilitación e reconstrución das zonas afectadas.
- A recuperación do tecido socioeconómico e ambiental anteriormente existente.
- A promoción do estudo científico dos riscos que poidan afectar á poboación, os bens e o medio ambiente; a investigación sobre os medios e técnicas de resposta, e os estudos sociolóxicos necesarios para determinar as necesidades informativas da poboación.
- O estudo da imposición dun gravame tributario sobre os elementos patrimoniais afectados ás actividades de que poida derivar a activación de planos de protección civil no territorio de Galiza.

IX.2.2. A policía galega

O BNG reitera a súa aposta por un modelo de policía galega integral, que terá como prioridades superar en eficacia o actual, evitar a descoordinación e falta de planificación conxunta que estamos a padecer e

contribuír para unha distribución máis racional dos seus efectivos ao longo de todo o territorio galego. Para lograr estes obxectivos, o goberno do BNG desenvolverá as previsións da actual Lei de Policía de Galiza e deste xeito:

- Crearase o Corpo de Policía previsto na Lei, procedendo á incorporación de todos os efectivos da Unidade de Policía Nacional actualmente adscrita para disolvermos de seguido esta. Ao tempo, dotaranse as prazas necesarias para as necesidades de Policía Administrativa e de seguranza de persoas e edificios públicos pertencentes á Administración autonómica (mesmo Xulgados e Tribunais).
- Impulsarase a adopción por parte do Parlamento do Estado da proposición de lei orgánica de transferencia das competencias en materia de seguridade viaria e tránsito. Logo da súa aprobación impulsarase un Plan de despregamento da Policía Autonómica temporalizado para cubrir o territorio en substitución da Garda Civil de Tráfico. Procurarase, consonte cos principios da Lei de Policía de Galiza, facilitar a integración dos/as funcionarios/as da Garda Civil de Tráfico actualmente en servizo no noso País, de acordo cos procedementos e exixencias determinados legalmente.
- Aprobarase, consensuadamente co Goberno do Estado, un Plan de despregamento da nosa Policía nas funcións de seguranza cidadá e orde pública, substituíndo progresivamente nas devanditas funcións á Policía Nacional e á Garda Civil. Como obxectivo final, a Policía de Galiza configurarase a Policía ordinaria e integral do País, sen prexuízo da súa coordinación coas Policías Locais, que traballarán coordinadamente con ela e das funcións que sigan a desenvolver os Corpos de Seguridade estatais nas materias de fronteiras, información central e demais ámbitos que aconsellen a súa intervención, na liña dos modelos das Policías Federais implementados noutros Estados do noso contorno xurídico-político. Exercerá, pois funcións como Policía xudicial, tráfico, seguranza cidadá e Policía Administrativa xeral.
- Constituirase a Xunta de Seguranza de Galiza, integrada paritariamente pola Administración do Estado e a autonómica, que garantirá a coordinación entre as distintas Policías que traballen no País.
- Impulsarase un Plano de Prevención e Seguranza de Galiza, que implique a todas as administracións, cunha atención prioritaria ás zonas e sectores sociais máis sensíbeis, onde os índices de delincuencia estean asociados á desestruturación social e á marxinalidade, ou a problemas económicos e laborais, ao tempo que conteña as medidas socioeconómicas, educativas e asistenciais precisas para posibilitar a inserción social.
- Potenciarase a integración das Policías Locais coa Policía Galega, co fin de garantir unha efectiva coordinación, homoxeneizar as condicións de traballo de todos os efectivos policiais e fomentar a súa carreira profesional.

IX.3 Administración públicas: A necesaria modernización dos nosos servizos públicos

De acordo co noso programa electoral para os comicios de 2005, nesta lexislatura levamos a cabo un importante labor de revitalización da vida democrática do país. Desenvolvéronse unha serie de medidas lexislativas e administrativas coa finalidade de mellorar a eficacia e a transparencia no funcionamento dos poderes públicos, para así erradicar prácticas habituais nos gobernos do Partido Popular como o clientelismo e a opacidade.

O BNG no Goberno fixo da colaboración institucional, da transparencia e da participación as súas causas para o actual mandato. Esta estratexia desembocou na aprobación de determinadas iniciativas legais do Goberno galego novidasas na actuación pública do país, como a Lei de transparencia e boas prácticas, a regulación das fundacións do sector público autonómico incorporada á Lei de Fundacións ou a Lei de subvencións; e no establecemento de medidas como a nova configuración do Rexistro de Actividades e Bens

Patrimoniais dos altos cargos da Xunta ou a creación do Rexistro Público de Subvencións e Convenios.

No tocante á colaboración institucional, seis meses despois da nosa chegada ao Goberno, asinouse coa FEGAMP o Pacto Local, co que se iniciaba unha canle de diálogo e cooperación coas administracións locais galegas. Este acordo supuxo, en tres anos, un incremento do 42 por cento na participación dos concellos nos ingresos da Comunidade a través do Fondo de Cooperación Local. Entre 2006 e 2008 a achega da Xunta a este fondo aumentou nun 60 por cento.

Así mesmo, e precisamente en cumprimento do establecido no Pacto Local, a Vicepresidencia da Xunta e diversos concellos galegos constituíron o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A creación desta entidade de dereito público, da que hoxe forman parte máis de 260 concellos galegos, permitiu dotarnos dun novo instrumento de cooperación e de resolución multilateral dos novos retos da sociedade actual, facendo da cultura da concertación o noso método de traballo. Unha cooperación guiada pola responsabilidade pública, a eficiencia e o servizo á cidadanía.

O Consorcio supuxo tamén achegar a igualdade de oportunidades aos concellos, para que todos tiveran as mesmas opcións de acceder ás subvencións públicas para o financiamento dos servizos sociais, con independencia do seu tamaño, da súa situación xeográfica e da súa cor política.

Hoxe en día o Consorcio demostrou ser, ante todo, un instrumento ao servizo do municipalismo e da cidadanía. Un mecanismo do que os poderes locais obteñen apoio económico, colaboración institucional, capacidade de xestión e calidade na prestación dos servizos sociais.

En definitiva, o BNG no Goberno da Xunta participou no impulso dunha Administración máis transparente, na que a cidadanía pode coñecer en maior medida o destino dos seus impostos; máis moderna, ao avanzar no uso das novas tecnoloxías para a redución dos trámites e dos desprazamentos; e tamén máis eficaz, con instrumentos máis acaídos para a xestión dos servizos públicos.

Nos próximos catro anos queremos afondar nesta estratexia, facendo da nosa Administración unha organización máis aberta á sociedade e dos empregados públicos auténticos axentes ao servizo da nosa poboación e do país.

Cremos na Administración galega e cremos na necesidade duns servizos públicos que asuman o papel fornecedor de igualdade e benestar para o conxunto do país. Unha Administración galega eficaz e eficiente no seu papel regulador e no seu papel prestador de servizos é condición necesaria para a construción de Galiza como sociedade avanzada e para o logro dos máis elevados niveis de benestar para a súa cidadanía. O BNG aposta por unhas administracións públicas robustas, con capacidade de resposta, activas, comprometidas co país e integradas por traballadores e traballadoras formados, motivados e con vocación de servizo á cidadanía.

Por iso, e avanzando na liña das reformas acadadas na presente lexislatura, o goberno do BNG terá como unha das súas prioridades a consolidación da cultura do servizo público, común ás diferentes administracións públicas de Galiza.

O noso programa responde aos valores de suficiencia orzamentaria, lealdade e servizo ao país e aos/ás

seus/súas cidadáns/ás e érguese sobre a base dun réxime xurídico modernizado –en materia de organización e procedementos, función pública, contratación administrativa e responsabilidade patrimonial– adaptado á nosa realidade e ás demandas dunha sociedade cada vez máis exixente.

Nesta aposta adquire un especial protagonismo a introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación como forma de reducir e axilizar trámites e mellorar a atención aos/ás cidadáns/ás e, en xeral, a eficacia e a eficiencia da actuación administrativa e a calidade dos servizos prestados á cidadanía. Neste senso, para a vindeira lexislatura comprometémonos cos seguintes obxectivos estratéxicos:

IX.3.1. A modernización administrativa

O goberno do BNG comprométese a seguir traballando na construción dunha Administración mellor organizada, eficaz e eficiente no servizo á cidadanía e na defensa dos intereses de Galiza, dando prioridade ao establecemento de mecanismos que permitan implementar unha cultura de calidade e de xestión por obxectivos, así como os medios para verificar o seu cumprimento. Para logralo, desenvolveremos as seguintes medidas:

IX.3.1.1. Reformas normativas

O BNG abordará as reformas normativas necesarias co obxecto de afondar no proceso de desburocratización da Administración pública e de simplificación da tramitación administrativa, mediante:

- A redución dos prazos de tramitación administrativa dos diferentes procedementos.
- A substitución dos controis preventivos da Administración por controis finalistas, nomeadamente respecto daquelas materias que pola súa natureza ou pola urxencia na súa tramitación requiren dunha resposta inmediata por parte dos poderes públicos (sanidade, dependencia etc).
- A refundición, sistematización e aclaración nun único corpo normativo das normas reguladoras dunha mesma actividade, dotando así de maior clareza e seguridade xurídica a actividade administrativa.
- A supresión de órganos que non teñan un nivel de competencia substantivo que xustifique a súa existencia con carácter diferenciado, unificando os centros xestores en función da coherencia das políticas públicas que se proxecten sobre unha materia.
- O establecemento dun proceso de racionalización da organización administrativa co obxecto de evitar solapamentos competenciais e/ou duplicidades innecesarias –sexa entre Departamentos autonómicos ou entre a Administración autonómica e a local–.
- A reforma da Lei de réxime financeiro e orzamentario, para facer máis eficiente e transparente a xeración de ingresos e a disposición de gastos en función do cumprimento de obxectivos finalistas.
- A reforma do Decreto 111/1984, do 25 de maio, regulador do réxime interior da Xunta de Galiza, co obxecto da súa adaptación ás novas tecnoloxías.

IX.3.1.2. Achegar a Administración á cidadanía

O goberno do BNG avanzará no proceso de achegamento da Administración á cidadanía e na calidade e eficiencia dos servizos prestados a esta, a través de:

- A simplificación da linguaxe administrativa co fin de que os formularios, impresos e documentos habituais da Administración sexan comprensíbeis para o conxunto da cidadanía.
- O impulso do uso do galego nas Administracións e servizos públicos mediante a aprobación dunha normativa sobre o uso do galego nos procedementos administrativos, na contratación pública e na atención ao público e sinalización e documentación administrativa.

- A ampliación do horario de atención dos rexistros e oficinas de atención ao/á cidadán/á, mediante a súa apertura durante 6 días á semana en horario continuado de mañá e tarde.
- A garantía do cumprimento das previsións contidas na Lei 11/2007, de acceso electrónico dos/as cidadáns/ás aos servizos públicos, coa finalidade de proceder a unha implementación gradual e decidida da administración electrónica como medio idóneo para favorecer a axilidade da actuación administrativa. Iniciar en paralelo experiencias de democracia electrónica que posibiliten unha participación áxil na toma de decisións no ámbito público.
- O impulso da acreditación da calidade no ámbito dos servizos públicos, a través da necesaria elaboración de cartas de servizos, manuais de boas prácticas e da implantación de sistemas de acreditación e certificación, establecendo igualmente os mecanismos obxectivos para a avaliación do seu cumprimento que leven aparelladas medidas correctoras para os incumprimentos detectados.
- A elaboración dun Plan de modernización e difusión dos arquivos da Administración galega e a regulación do dereito de acceso da cidadanía a estes.
- A elaboración dun Código Ético/de conduta, que resultará de necesaria observancia para as autoridades e para o persoal ao servizo da Xunta de Galiza, conformado por un conxunto de principios e valores que haberán de guiar o desenvolvemento das tarefas que teñan encomendadas, dando prioridade como función esencial ao servizo á cidadanía. O incumprimento deste Código terá efectos na avaliación por desempeño dos empregados públicos.
- A creación dunha “Oficina de Queixas e Reclamacións” que sirva de medio efectivo e eficaz para que os/as cidadáns/ás poidan tramitar directamente as súas queixas e reclamacións nos supostos de incumprimento do Código Ético. Anualmente publicarase un informe das queixas e do tratamento dado a estas reclamacións en conexión coa avaliación por desempeño dos empregados públicos.

Esta oficina consistirá nunha ferramenta de control e garantía do cumprimento dos deberes éticos e de conduta polo devandito persoal e constará dunha sede física e outra virtual –á que se poderá acceder desde a propia web da Xunta de Galiza– posibilitando deste xeito a accesibilidade e rapidez na súa tramitación ao tempo que permitirá que a totalidade de queixas e reclamacións figuren nunha mesma base de datos. A oficina contará cun procedemento claro, público e transparente para a tramitación das queixas e reclamacións e nela deberá constar un exemplar do Código Ético para os efectos da súa consulta permanente por parte de toda a cidadanía. En todo caso, as queixas e reclamacións formuladas deberán estar resoltas no prazo máximo dun mes desde a súa presentación.

IX.3.1.3. Reestruturación e modernización dos organismos e entes públicos

O BNG avanzará no proceso de reestruturación e modernización dos organismos e entes públicos dependentes da Administración autonómica, mediante:

- A aprobación dunha Lei reguladora da Administración pública galega que, ademais de proceder á regulamentación dos aspectos relativos á organización e funcionamento da propia Administración autonómica, aborde un tratamento unificado das entidades que compoñen o sector público autonómico, rematando coa dispersión que caracteriza o sistema normativo vixente.
- A aposta por modelos de organización instrumental flexíbeis e con personificacións xurídico-públicas, como as Axencias Públicas Autonómicas.

O BNG introduciu nesta lexislatura o modelo das Axencias Públicas, e aposta pola súa xeneralización como forma de conxugar a autonomía de funcionamento coa xestión por obxectivos e o control e a responsabilidade públicas. Na sociedade actual o desenvolvemento das políticas públicas precisa dunha organización flexíbel e susceptíbel de reaccionar fronte a cambios imprevisíbeis, de xestionar os servizos públicos con

eficacia e de dar resposta a unha nova cultura baseada no cumprimento de obxectivos mensurábeis e avaliábeis pola propia Administración e orientados cara á mellora das prestacións.

IX.3.1.4. Contratación pública eficiente

O goberno do BNG promoverá unha contratación pública eficiente no uso dos recursos públicos, eficaz na satisfacción das necesidades públicas e transparente na selección das empresas, mediante a implantación, no ámbito das Administracións públicas galegas, das seguintes medidas:

- A elaboración dunha lei galega de contratación pública, na que se especifiquen, dentro da normativa básica do Estado, medidas de concreción, racionalización e adaptación ás nosas necesidades.
- O establecemento da obriga de introducir criterios sociais e/ou medioambientais e lingüísticos nos pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados polos diferentes Departamentos da Administración autonómica, de forma que os efectos económicos da contratación pública teñan efectos positivos sobre o benestar do noso país e da súa cidadanía.
- A aprobación dunha Lei de Publicidade Institucional na que se someta a contratación pública de publicidade en medios privados a causas obxectivas, procedementos transparentes e en réxime de concorrència competitiva.

IX.3.2. A modernización do Sistema de Emprego Público

O sistema de emprego público é un elemento esencial de calquera proxecto de modernización administrativa. Só mediante servidores públicos capacitados (quer no seu momento de ingreso, quer ao longo da súa carreira profesional), motivados e comprometidos poden desenvolverse as competencias e servizos que as Leis lle atribúen á Administración galega.

O actual sistema de emprego público segue a ser o que, en esencia, se montou no ano 1988, coas reformas adoptadas na pasada lexislatura, necesarias sen dúbida, mais tamén insuficientes. Cómpre seguir nesta liña reformista, polo cal o BNG comprométese a aprobar na vindeira lexislatura unha nova Lei do Emprego Público de Galiza, coas seguintes medidas:

- A unificación dos estatutos xurídicos aplicábeis ao persoal funcionario e ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas galegas.
- A racionalización da oferta de emprego público coa finalidade da súa adaptación ás necesidades reais dos servizos.
- A implementación de medidas que favorezan a mobilidade dos empregados públicos entre as diferentes administracións.
- O establecemento de mecanismos que posibiliten o exercicio efectivo do dereito á carreira profesional dos empregados públicos, mediante a implantación dun sistema de carreira horizontal debidamente harmonizado co modelo de carreira vertical.
- A introdución de sistemas obxectivos que posibiliten a avaliación do rendemento profesional dos empregados públicos e determinen os seus efectos na carreira profesional horizontal, na formación, na provisión de postos de traballo e na percepción das retribucións complementarias.
- O establecemento dun sistema retributivo máis simplificado e ligado á consecución dos obxectivos fixados e ao desempeño das funcións e responsabilidades asignadas.
- A consecución dunha maior especialización e independencia nos membros dos tribunais encargados dos procesos de selección dos empregados públicos, a través do impulso da creación dunha Axencia Galega de Selección e formación do persoal, encargada así mesmo das reclamacións relativas aos procesos de selección.

- A introdución de mecanismos que permitan a flexibilización da xornada laboral para os empregados públicos, mediante o establecemento dun horario amplo dentro do cal se efectúe a prestación do servizo e que os empregados públicos poderán concretar en función das súas necesidades, dando cumprimento ao principio de conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.

IX.3.3. Administración local: uns entes locais adaptados á realidade do País

O goberno do BNG traballará para que, por medio das reformas estatutarias e constitucionais precisas, Galiza ostente competencia exclusiva para a organización do noso réxime local, superando deste xeito o carácter bifronte dos entes locais que, na práctica, redonda nunha ineficiente superposición de niveis administrativos.

Dun lado o nivel provincial, procedente dunha división administrativa do territorio desfasada, que descoñece a realidade nacional, xeográfica e poboacional do noso país, carece hoxe de sentido. Doutro lado o nivel local da Administración debe artellarse atendendo á realidade demográfica e económica presente de Galiza.

Porén, en tanto as reformas estatutarias e constitucionais non se efectivizaren, a Administración galega actuará, para o exercicio das súas funcións, sobre unha base comarcal ou metropolitana, e non provincial, promovendo paralelamente unha reformulación do nivel municipal que permita aos Concellos adaptarse ás demandas de servizos e de calidade na xestión que corresponden a unha sociedade moderna. Será a vontade do goberno do BNG abrir un amplo debate sobre esta cuestión, sobre a base dos estudos xa existentes e coa participación da FEGAMP.

A dimensión dos concellos galegos, se ben é superior á media estatal, sitúase por baixo dos parámetros medios do noroeste peninsular, isto é, Galiza, Asturias e o Norte de Portugal, onde as características demográficas e de hábitat se corresponden con maiores tamaños municipais.

A actual concepción uniformista da autonomía municipal ten ocasionado a atribución de similares competencias a municipios con capacidades e dimensións ben diferentes, o que se traduce, en certos supostos, nunha evidente desproporción entre o nivel competencial e a capacidade xestora.

Naturalmente, toda reorganización da planta municipal que pretenda manter e reforzar a autonomía local ten de estar sustentada en dúas condicións financeiras: suficiencia e corresponsabilidade fiscal. O goberno do BNG imponse como tarefa fundamental garantir que todos os concellos de Galiza contén con recursos suficientes para a cobertura das súas competencias.

Porén, unha das deficiencias crónicas dos Concellos galegos, nomeadamente dos de menor tamaño, é a súa falta de ingresos de tributarios. Un dos sinais de identidade de Gobernos anteriores consistía en suplir a carencia dunha política tributaria propia con subvencións concedidas de forma arbitraria, fomentando un baixo esforzo fiscal que se compensaba pola vía do clientelismo. Por iso, o BNG introducirá o nivel de esforzo fiscal dos Concellos como factor de corrección na asignación de fondos de cara á converxencia cos niveis medios estatais de ingresos por habitante.

Para a consecución destes obxectivos, o BNG propón o establecemento das seguintes medidas:

- A elaboración dun Libro Branco sobre o réxime local galego coa participación das Universidades, da Administración galega e dos entes locais e a FEGAMP, no que se formulen propostas respecto da posíbel reestruturación da planta municipal.

- A reforma, no marco do proceso de reforma estatutaria, da regulación legal do réxime da Administración local de Galiza, tomando como base a necesaria atención da diversidade da realidade municipal galega.
- O fomento do establecemento de fórmulas de cooperación de carácter horizontal, que permitan a implementación dun goberno en rede e que garantan a responsabilización pública e a cooperación interadministrativa na efectiva prestación dos diferentes servizos públicos de ámbito local.
- O recoñecemento institucional do espazo metropolitano e comarcal como espazo de referencia para o desenvolvemento das políticas públicas.
- A elaboración dun Plano Único de Obras e Servizos para Galiza relativo ás infraestruturas básicas de carácter local, que unifique, racionalice, evite duplicidades e tenda a homologar servizos para todos/as os/as cidadáns/ás; Plano que coordinará a actuación das diferentes Administracións e, en particular, a actuación das Deputacións Provinciais.
- A promoción dun novo modelo de financiamento municipal que incorpore de forma central os criterios da dispersión e o envellecemento poboacional e a conservación do hábitat natural como factores determinantes do custo dos servizos.
- A aprobación dunha lei reguladora das facendas locais de Galiza que, ademais da regulamentación dos instrumentos necesarios que garantan a súa suficiencia financeira, estableza a garantía do carácter incondicionado dos fondos procedentes das achegas da Administración autonómica.
- A garantía da existencia, con dotación suficiente, dun Fondo de Suficiencia Financeira Local que dote os distintos concellos dunha capacidade de actuación e investimento mínima que permita mellorar a calidade e cantidade dos servizos que prestan.
- O establecemento dun Fondo de Conxerencia Financeira Local que promova a nivelación de recursos para concellos co mesmo nivel de esforzo e a conxerencia en financiamento por habitante.
- O fortalecemento do papel institucional dos concellos e, en particular dos seus alcaldes, nas súas relacións coa Administración galega. Creación no Parlamento de Galiza dunha Comisión de Política Local.
- A dignificación da autonomía municipal, avanzando nos compromisos acadados no seo do Acordo do Pacto Local, a través do recoñecemento legal aos concellos das competencias que xa veñen de facto executando (competencias impropias) e dotando os Orzamentos xerais da Xunta de Galiza cun fondo non finalista para os financiar.

X. Medios de comunicación públicos e política informativa

X.1. A CRTVG

A presenza do BNG no Goberno produciu efectos positivos na xestión dos medios de titularidade pública, mais os avances foron insuficientes para remover todas as inercias do pasado. Os 16 anos de Goberno do PP non pasaron de balde e non poucas resistencias a considerar os medios de titularidade pública como un aparato de propaganda governamental fican aínda en pé. Neste sentido, cómpre dicir con clareza que o PSdG-PSOE mantén unha concepción dos medios de titularidade pública non moi distante da que sostivo o Partido Popular, o que obviamente ten empecido o camiño cara á unha completa rexeneración democrática destes medios.

Os medios galegos de titularidade pública manteñen aínda certa dependencia respecto da axenda informativa, cultural e ideolóxica que se marca desde o centro da Península. O seu compromiso cun uso exclusivo da lingua galega tampouco ten mellorado de maneira suficientemente satisfactoria. Mesmo houbo retro-

cesos en aspectos clave para unha política de normalización lingüística, ao terse visto moi minguada a programación infantil na TVG.

Como aspectos positivos, cómpre salientar que na Radio Galega si se ten producido un certo grao de galeguización dos seus contidos informativos, ao tempo que se ten emprestado maior atención á cultura do país na programación desta emisora pública. Tamén cómpre pór en destaque o esforzo por normalizar a cultura do debate na Televisión de Galiza ou mesmo a aparición de espazos de reflexión sobre a historia da nosa nación.

En todo caso, e na perspectiva de completar a necesaria galeguización dos medios de titularidade pública, así como a súa efectiva rexeneración democrática, serán obxectivos do goberno do Bloque Nacionalista Galego os seguintes:

- Consolidarase un espazo galego de comunicación. Galiza debe ser o centro e non a periferia. A programación debe gravitar arredor dunha axenda informativa e de contidos propia, non aquela que se marque desde os aparatos de comunicación, públicos ou privados, con sede en Madrid. Evitarase particularmente o recurso a expertos españois para ilustrar calquera tema. Esta práctica –que no pasado inzaba a programación– e que servía para introducir a lingua española na Radio Galega e na TVG non foi enteiramente erradicada.
- Garantirase a participación social e o respecto ao pluralismo nos espazos informativos. Os medios son públicos, non-gobernamentais. Evitarase o seu uso ao servizo dunha visión presidencialista do poder executivo galego.
- Garantirase a suficiencia financeira e orzamentaria dos medios de titularidade pública, de maneira que poidan competir con dignidade cos medios de ámbito estatal.
- Reforzarase o carácter estratéxico dos medios na normalización lingüística. O uso da lingua galega será universal. Exporase con obxectividade a situación dos dereitos dos galegofalantes no país, recollendo a realidade de que o uso dista de estar plenamente garantido. Na programación deportiva, o emprego do galego nas entrevistas con deportistas que teñen a súa residencia no país será xeneralizado. En calquera caso, garantirase que os medios públicos cumpran unha papel fulcral na fixación do estándar do galego culto, con especial atención á pulcritude fonética.
- Prestarase unha especial atención á programación infantil, tendo tamén conta de non emitir programas que fomenten a agresividade ou a violencia. A mocidade, os maiores e outros colectivos terán tamén o seu espazo.
- Farase un maior esforzo na conformación da CRTVG como motor da produción audiovisual galega ao servizo das industrias culturais nacionais. Porase especial énfase na participación da CRTVG nun cinema galego de calidade e en galego con vistas á súa explotación preferentemente nas salas comerciais.
- A relación coa lusofonía será unha das prioridades. Fomentarase non só o intercambio cultural, senón tamén a información sobre a realidade dos países de lingua portuguesa, nomeadamente Portugal e Brasil. Na información internacional dos telexornais terán un tratamento sobranceiro. Procurarase a emisión habitual de produtos en lingua portuguesa na grella da CRTVG e o intercambio recíproco cos medios lusófonos.
- É preciso redefinir o papel da Radio Galega Musical, na actualidade un contedor de música en español e inglés que outorga á música galega un papel residual. Cómpre que se axuste aos obxectivos marcados pola Lei de Creación da CRTVG e, por tanto, debe ter como propósito básico divulgar as distintas músicas que, en lingua galega, se producen no noso país. Debe deixar de funcionar como un fío musical e converterse nunha auténtica radio fórmula en galego, que tamén incluíse programas especializados. Ao mesmo tempo, promoverase a creación dunha nova canle de Radio –unha Radio Galega Noticias– de carácter

integralmente informativo que conceda especial protagonismo á información local e comarcal, o que viría a cubrir unha carencia histórica da radio pública galega.

Nesta primeira lexislatura do nacionalismo no Goberno, o BNG ten promovido as reformas legais precisas para que a dirección e a administración da CRTVG –tal e como nos comprometemos no programa electoral de 2005– se encomendase a un órgano independente que fose nomeado, por maioría cualificada, polo Parlamento Galego. A responsabilidade de que a reforma legal chegase só no último tramo da lexislatura compete exclusivamente á forza política que no goberno ten xestionado a Secretaría Xeral de Comunicación. O BNG vaise preocupar porque, xa na próxima lexislatura, este mandato legal se materialice na práctica, garantindo o funcionamento plenamente independente da CRTVG como compañía pública.

X.2. TVE e RNE en Galiza

Malia non seren medios de titularidade autonómica, a TVE e a RNE en Galiza, en tanto medios de titularidade pública, deben reflectir acadamente a realidade do país e cumprir co seu papel de servizo público.

O Goberno do BNG establecerá un diálogo permanente co Goberno do Estado para garantir que os medios públicos estatais en Galiza cumpran cos necesarios requisitos de calidade, pluralidade informativa e respecto pola lingua e cultura do País.

Nos últimos catro anos, infelizmente a situación da TVE e a RNE en Galiza tense visto claramente degradada, tanto desde o punto de vista da súa programación –cada vez cun horario máis restritivo– como desde o punto de vista da súa consideración no organigrama estatal, de feito a única comunidade autónoma que recibe unha consideración especial da Corporación da RTVE é Catalunya.

Un Goberno do BNG exixirá para a RTVE en Galiza o mesmo status de que dispón este ente en Catalunya. No diálogo co Goberno do Estado darase prioridade aos seguintes obxectivos:

- Restitución dos informativos de fin de semana da TVE en Galiza. A súa ausencia debilita a conformación do espazo galego de comunicación.
- Aumento das horas de emisión quer da TVE quer da RNE en lingua galega e fomento da produción propia.
- Restabelecemento de Radio 4 ou, en calquera caso, dunha frecuencia radiofónica que emita enteiramente en lingua galega e que se centre na realidade do país.

X.3. Concesións de radio e televisión

O Goberno galego, durante os últimos catro anos, resolveu a adxudicación das licenzas de televisión dixital de ámbito local. A decisión foi adoptada sen o apoio do Bloque Nacionalista Galego. O desacordo tivo como orixe a evidencia de que o PSdG-PSOE non mostrou vontade política suficiente para garantir o cumprimento por parte dos concesionarios dos compromisos necesarios para asegurar a condición de servizo público das canles dixitais.

O Goberno do BNG vai ligar calquera futuro concurso de licenzas de TV ou Radio ao cumprimento de compromisos que garantan o servizo público, nomeadamente no que atinxe ao uso da lingua galega –que claramente debe ser superior ao 50 por cento– e no que ten a ver coa promoción da produción propia.

O Goberno do BNG fiscalizará ao mesmo tempo o cumprimento das condicións contractuais das licenzas que se teñen concedido no pasado, na mesma dirección sinalada no parágrafo anterior.

X.4. Axudas e subvencións aos medios privados

A conformación dun espazo galego de comunicación non compete só ao sector público. É fundamental a participación do privado. Por iso é plenamente congruente cos obxectivos do BNG nesta materia o establecemento de axudas e subvencións aos medios de comunicación privados.

En todo caso, é evidente que o diñeiro público debe ser xestionado con absoluta transparencia e obxectividade e sempre na procura do cumprimento de fins de carácter social, e nomeadamente aqueles que teñen como propósito a plena restauración de usos da lingua galega.

Por isto o Goberno do BNG ligará a concesión de axudas a uns mínimos no uso da lingua galega por parte dos medios privados, que se situará nun mínimo do 20 por cento nos impresos –que ademais terá que ser horizontal e non poderá ficar constrinxido a unha única sección da publicación– e dun 50 por cento nos audiovisuais. Ao mesmo tempo, o Goberno do BNG estudará a hipótese de conceder liñas de subvención a proxectos xornalísticos que visen a edición dun xornal diario integramente en galego. Nesta liña contemplárase tamén a edición de versións en galego de xornais xa existentes no mercado.

XI. Galiza na esfera internacional

XI.1. Galiza e a Unión Europea

O goberno do BNG defenderá a presenza directa de Galiza na Unión Europea para que os intereses galegos poidan estar debidamente representados e defendidos institucionalmente, tanto na elaboración das normas e das políticas comunitarias, como tamén nos procedementos de toma de decisións concretas que poidan afectar ás competencias do noso país, tanto na fase previa como na aplicación destes. As institucións galegas deben ser as únicas competentes para desenvolver o dereito comunitario e a súa transposición no caso das directivas europeas que afecten a asuntos de competencia exclusiva.

En particular, o goberno do BNG traballará para que, ben por medio de reformas do ordenamento español ou ben a través das modificacións precisas no dereito europeo, os poderes públicos galegos estean lexitimados perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, e para reformar a lei electoral que permita que Galiza sexa circunscrición electoral única nas eleccións para o Parlamento Europeo. Sen prexuízo das medidas concretas que se relacionan noutras epígrafes deste programa, nas que o dereito comunitario e a súa aplicación ten consecuencias internas na vida da cidadanía galega, o goberno do BNG adoptará as seguintes medidas e liñas de traballo:

- Estabelecemento de canles efectivas para a participación de Galiza nos asuntos comunitarios co obxectivo de salvagardar as súas competencias e promover os seus intereses perante a Unión Europea, en especial no Consello de Ministros da Unión Europea e na Comisión Europea, co fin de realizar unha política de preparación, análise e xestión eficaz na aplicación da normativa europea que poida afectar directa ou indirectamente a Galiza .
- Promoverase a reforma das institucións europeas para unha maior presenza das nacións e rexións dos

Estados membros, co fin de defender os intereses dos pobos de Europa, que como no caso de Galiza, teñen capacidade lexislativa propia no seo da Unión Europea. Nese sentido, continuarase a ter presenza, con voz e voto no Comité das Rexións, mais pulando pola súa reforma, por considerar que non defende por representatividade, obxectivos e carácter consultivo, unha verdadeira presenza de Galiza perante a Unión Europea.

- Galiza participará nas organizacións e entidades sectoriais europeas nas que estean representadas as nacións e rexións europeas, e promoverá intercambios entre diferentes nacións europeas nas que conflúan intereses estratéxicos para o noso país, apostando polo desenvolvemento de proxectos comúns en diferentes eidos.
- Crearase a Delegación Exterior de Galiza en Bruxelas, con rango de carácter xurídico público, que substituirá as organizacións de carácter privado existentes, nas que coparticipa a Xunta, como o caso da Fundación Galicia Europa.
- Remitiráselles directamente ás institucións da Unión Europea as disposicións e resolucións da Comunidade Autónoma en materias da súa competencia.
- Recoñeceráselle a Galiza a lexitimación activa privilexiada perante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas para a preservación das súas competencias exclusivas.
- O Parlamento de Galiza terá dereito a intervir, mediante os mecanismos previstos no dereito comunitario (Protocolo sobre a función dos parlamentos nacionais na Unión Europea e Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiaridade e proporcionalidade) nas materias que afecten aos intereses específicos da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galiza poderá participar nas sesións do Consello de Ministros cando trate materias da súa competencia e de especial transcendencia para a Comunidade Autónoma. En calquera caso, garantirase a participación de Galiza na formación da vontade estatal polos procedementos máis idóneos para tal efecto.
- Galiza aplicará directamente a xestión dos Fondos Estruturais sen ter que pasar pola coordinación executiva e de distribución do Estado.
- Promoverase unha área de goberno transversalizada en materia de Asuntos Europeos.
- Conforme ao principio de subsidiaridade, Galiza poderá asinar convenios ou acordos con outras entidades –estatais ou subestatais– en materias da súa competencia. Nomeadamente, terá a capacidade específica de formalizar acordos transfronteirizos no marco da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- O Goberno galego defenderá na Unión Europea a promoción dos valores de paz e respecto das liberdades e dereitos individuais e colectivos, no eido europeo e os seus diferentes niveis de gobernanza, a aposta por un modelo de Unión Europea que promova unha política europea social e de emprego, de loita contra a discriminación e impulso da igualdade na educación e no emprego, con maior equidade e xustiza social; o respecto á diversidade cultural, patrimonial e lingüística na UE; a sustentabilidade e respecto da normativa medio ambiental comunitaria e modelos enerxéticos renovábeis; o impulso e capacidade do desenvolvemento produtivo da agricultura, pesca e acuicultura e industria galega, apostando pola innovación e o desenvolvemento; o combate contra o racismo e a xenofobia, pulando pola integración da inmigración; a solidariedade internacional e o respecto dos dereitos humanos.

XI.2. Relacións exteriores

A política de acción exterior será unha prioridade para o goberno do BNG, en tanto que ámbito de expresión e defensa do nivel de autogoberno dispoñíbel, das competencias exercidas nos marcos institucionais europeo e estatal, mais tamén como manifestación da vontade política de actuación con personalidade propia no concerto internacional, onde a globalización fai precisa a defensa estratéxica das identidades.

Os intereses socioeconómicos e culturais da sociedade galega no exterior así como a proxección da súa identidade nacional precisan do liderado e impulso institucional do seu goberno. A presenza e protagonismo internacionais están, ademais, en plena sintonía coa realidade da diáspora galega e coa vocación universalista patente na tradición do nacionalismo galego.

Ao tempo, e fronte ás modificacións introducidas polo proceso mundializador en diversos patróns das relacións internacionais, Galiza debe estar presente con voz propia nos esforzos por artellar un modelo máis complexo e con novos actores, multipolar e respectuoso coa diversidade, capaz de construír sistemas de gobernanza globais ao servizo da paz, dos dereitos humanos e dos pobos, da legalidade e solidariedade internacionais.

De acordo a estas consideracións, a política galega no ámbito internacional:

- Basearase no máis amplo acordo dos diferentes sectores implicados.
 - Procurará a activación e coordinación nunha estratexia compartida dos diversos actores que protagonizan actuacións de dimensión internacional, desde as organizacións sociais aos representantes dos diversos sectores produtivos, os axentes culturais e as administracións locais, exercendo un activo labor de diplomacia institucional, económica, social, cultural, científica e política.
 - Buscará a proxección internacional do país e a promoción e protección dos intereses culturais e económicos da súa cidadanía.
 - Procurará especificamente a proxección da identidade cultural e lingüística nacionais.
 - Será un axente activo en materia de paz, preservación medioambiental, cooperación e solidariedade entre os pobos.
 - Terá como espazos de actuación prioritarios, canda a Unión Europea e o Estado español, a Portugal, Brasil e a comunidade de países de lingua portuguesa, e os estados con presenza significativa de comunidades galegas, estendéndose a todos os ámbitos xeográficos onde for precisa en función dos intereses galegos.
- A presenza galega no exterior responderá ao conxunto de competencias gobernamentais da Xunta de Galiza e instrumentalizarse, entre outras, coas seguintes actuacións:
- A planificación e a dirección coordinada desde o departamento gobernamental responsábel de todas as iniciativas institucionais en materia de acción exterior, englobando asuntos internacionais e emigración.
 - A participación e representación en organismos e foros internacionais onde se vexan afectados os seus intereses e competencias.
 - O establecemento de acordos con Estados ou entidades, organismos e organizacións multilaterais.
 - A institucionalización de mecanismos permanentes para a coordinación e información mutua co Ministerio de Asuntos Exteriores e a Administración estatal española no relativo ás actuacións estatais en organismos internacionais, tratados, acordos e convenios internacionais que afecten ás competencias exclusivas de Galiza.
 - O desenvolvemento dun plan específico de relación con Portugal que responda ao intercambio económico existente, así como á proximidade histórica, cultural e lingüística entre os dous países.
 - A busca de fórmulas e propostas de actuación conxunta con outras nacións sen estado para o seu recoñecemento como actores específicos nas institucións internacionais.
 - O impulso e dotación de políticas de cooperación orientadas cara ao desenvolvemento socioeconómico, a equidade e o respecto á soberanía nas relacións internacionais, a preservación medioambiental e a igualdade social e de xénero.
 - A creación dunha rede de delegacións galegas –con presenza coordinada das áreas de goberno prioritarias en cada caso– nos países definidos de interese estratéxico tanto por razóns de tipo político, económico ou cultural como pola presenza significativa de comunidades galegas.
 - O aproveitamento das redes de colectividade galegas no exterior, así como do asociacionismo galego, para a defensa, promoción e información dos intereses galegos.

XI.3. Cooperación exterior para o desenvolvemento

O BNG defende a necesidade dunha política exterior activa de Galiza, fundamentada na igualdade entre os pobos, a resolución pacífica dos conflitos e a defensa da democracia e dos dereitos humanos. O obxectivo dunha nova orde internacional respectuosa con estes principios debe ir parella da necesaria solidariedade, co apoio decidido ás accións de cooperación, ao desenvolvemento nos países inmersos en conflitos permanentes, ou ben países vítimas da indiferenza internacional, malia a súa precaria situación económica e social. Da man do goberno do BNG, Galiza estará presente eficazmente no mundo como Nación solidaria, mediante o exercicio dunha cooperación e colaboración plena cos máis desfavorecidos, o que constitúe para nós un compromiso ético-político ineludíbel. Polo tanto, impulsará as seguintes medidas:

- Cooperar cos pobos máis empobrecidos e subdesenvolvidos, contribuíndo a combater a pobreza e promover un desenvolvemento global e sostíbel.
- Incrementar o orzamento dedicado á cooperación exterior ao desenvolvemento co horizonte de acadar o 0,7% de investimento sobre o PIB.
- Dado o punto de partida –unha feble conciencia social sobre o problema, e pouca sensibilidade e compromiso institucional– cómpre desenvolver con decisión unha política que dea prioridade como obxectivos:
 - a. Á divulgación e axeitado coñecemento das desigualdades.
 - b. Á posta en marcha de mecanismos de sensibilización e educación para a cooperación e o desenvolvemento.
- Cómpre salientar como obxectivo concreto e complementar a implantación dunha política eficaz de “comercio xusto” e de “consumo responsábel”, ambos os dous con estreita relación coa política de sensibilización, información e educación prioritaria en materia de cooperación para o desenvolvemento.
- A política galega de cooperación para o desenvolvemento centrarase territorialmente e de forma prioritaria non só en países de tradicional emigración galega, senón tamén noutros vinculados á nosa lingua e cultura e, en xeral á “lusofonía”, así como en países con pobreza crónica, con conflitos nacionais permanentes en calquera lugar do mundo ou en procesos políticos de liberación de potencias opresoras.
- O BNG entende que resulta importante conducir os programas de cooperación a obxectivos acaídos de verdade ás necesidades non só de mera subsistencia, senón tamén de proxección futura –culturais, educativos, de creación de riqueza estábel– para abandonar o máis axiña posíbel e de forma progresiva e segura a situación de marxinación e subdesenvolvemento.
- O BNG dedicará especial atención ás experiencias de “codesenvolvemento”, para ver da súa efectividade na canalización de remesas dos emigrantes cara a un investimento produtivo nos seus países de orixe: formación dos fillos, vivenda, creación de empresas etc.
- O goberno do BNG impulsará a interlocución permanente e contará coa experiencia do tecido asociativo galego no desenvolvemento da súa política de cooperación.



www.bng-galiza.org